

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXVIII)

María Victoria Moreno
Homenaxe



Palabra fértil no Tempo

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXVIII)

María Victoria Moreno
Homenaxe

Palabra fértil no Tempo

Coordinadora
Blanca-Ana Roig Rechou

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Director:

Armando Requeixo

Consello asesor:

Luís Alonso Girgado
Xosé Luís Cochón Touriño
Xesús Ferro Ruibal
Anxo González Fernández
Ramón López Vázquez
Segundo Pérez López
Manuel Quintáns Suárez
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Valentín García Gómez

Coordinador científico:

Manuel González González

Directora Técnica de Literatura:

Blanca-Ana Roig Rechou

© Dos textos: os autores

© Da cuberta e ilustracións interiores: Javier Cabo Villaverde (pp. 39, 119, 245), Guillermo Calviño Santos (pp. 31, 165, 187), Olalla Cortizas Varela (pp. 137, 207, 281), Estela Leticia Freire Pérez (pp. 57, 213, 289), Carmen Franco Vázquez (pp. 7, 95, 109, 125, 171, 275), Candela Rajal Alonso (cuberta e pp. 151, 231), Cristina Trigo Martínez (pp. 79, 263) (LITER21.USC.Educación artística)

© Das fotografías: os autores e herdeiros de María Victoria Moreno Márquez

Maquetación e impresión:

Grafisant, S.L.

ISBN: 978-84-453-5294-6

Depósito legal: C 771-2018

Índice

BLANCA-ANA ROIG RECHOU: Unha lectura da obra infantil e xuvenil de María Victoria Moreno. A modo de Limiar	9
BIOGRAFÍA DE MARÍA VICTORIA MORENO	29
XESÚS ALONSO MONTERO: A singularidade de María Victoria Moreno: o seu compromiso cultural coa Galicia antifranquista (1965-1973).....	33
XAVIER SENÍN e ISABEL SOTO: María Victoria Moreno: a muller que escolleu ser galega	41
FINA CASALDERREY: As veigas de Lugo e Pontevedra	59
CONTRIBUCIÓN	77
EULALIA AGRELO: María Victoria Moreno: unha precursora na inclusión educativa e social.....	81
MARILAR ALEIXANDRE: A paixón por ensinar: mestras e metáforas do leite en María Victoria Moreno	97
LUÍS ALONSO GIRGADO: María Victoria Moreno Márquez, escritora e profesora.....	111
LUÍS COCHÓN: <i>Anagnórise</i> , nouvelle de amor e ruta.....	121
MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ: María Victoria Moreno: a novela como unha viaxe	127
MAR FERNÁNDEZ-VÁZQUEZ: Motivos e recursos literarios en <i>Anagnórise</i>	139
CARMEN FERREIRA: Navegando <i>Mar adiante</i>	153
MONCHA FUENTES: Vermello sobre azul	167
ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO: Á sombra da emoción da palabra literaria de María Victoria Moreno	173
ÁNXELA GRACIÁN: A biblioteca persoal de María Victoria: reflexións sobre os propios libros	189
EVA MEJUTO: A medida dos sentimentos.	209

ISABEL MOCIÑO GONZÁLEZ: A narrativa xuvenil de María Victoria Moreno: <i>Guedellas de seda e liño</i>	215
MARTA NEIRA: As personaxes femininas de <i>O amor e as palabras</i>	233
DAVID OTERO: María Victoria Moreno amor ao (de) país.....	247
VERÓNICA POUSADA PARDO: Achega fraseolóxica á obra de María Victoria Moreno: <i>Leonardo e os fontaneiros</i>	265
XESÚS RÁBADE PAREDES: María Victoria Moreno: <i>Elexías de luz</i>	277
MANUEL UHÍA: María Victoria Moreno.....	283
BIBLIOGRAFÍA	287
BELÉN BOUZAS GORGAL: Contribución a unha bibliografía de e sobre María Victoria Moreno.....	291



Unha lectura da obra infantil e xuvenil de María Victoria Moreno. A modo de Limiar

BLANCA-ANA ROIG RECHOU
(USC/ICE/CRPIH)

Dado que nestes *Cadernos Ramón Piñeiro (XXXVIII)* queremos homenaxear a María Victoria Moreno Márquez, impulsora de iniciativas fundamentais para o desenvolvemento da Literatura Infantil e Xuvenil Galega, unha defensora activista da lingua de noso, que ela tamén adoptou como propia, dende a docencia, a literatura e a actividade pública e mesmo privada, vou reproducir algúns dos traballos resultantes das miñas primeiras investigacións, nos que considerei a María Victoria unha pioneira. Estes traballos, entre outros moitos, correspóndense coa Tese de doutoramento *A Literatura Galega Infantil: Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade* (1994) e *A Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia/La Literatura Infantil y Juvenil en Galicia* (2000), hoxe ampliados noutros traballos máis recentes, con innovacións realizadas a partir da miña posterior dedicación á Literatura Infantil e Xuvenil.

Á reprodución dos traballos anteditos que incorporo neste número dos *Cadernos Ramón Piñeiro* a modo de “Limiar”, séguenlles outros, debidos a estudosos varios que actualizan a biografía de María Victoria, asentan a data de nacemento, dan a coñecer aspectos relevantes da súa traxectoria vital e literaria, recollen as súas declaracións e relecturas dalgunhas das obras da homenaxeada, para rematar cunha bibliografía de e sobre a autora. Son todos eles de excelente feitura. Ofrecense en varios apartados.

No primeiro, “Biografía de María Victoria Moreno”, os traballos débense a tres persoas moi próximas, intelectual e vitalmente, a María Victoria, que a motivaron para tomar decisións ao chegar a Galicia e en anos posteriores, animárona e axudárona, impactados pola súa implicación coa sociedade en xeral, coa formación filolóxica que posuía e bo facer como escritora. Admiraron a súa obra e por iso consideraron que debían dála a coñecer e axudar ao seu recoñecemento. Débense a Xesús Alonso Montero, a Xavier Senín, axudado este último por unha investigadora de alto nivel formativo como é Isabel Soto, e a Fina Casalderrey, amiga dende a incorporación de María Victoria Moreno ao sistema cultural galego. Entre todos fixan a traxectoria persoal, literaria e pública dunha muller excepcional como persoa, docente e escritora que é homenaxeada pola Real Academia Galega co Día das Letras Galegas 2018.

No apartado “Contribucións” as achegas débense a investigadores, alumnado, amigos e compañeiros de traballo da homenaxeada. Por rigorosa orde alfabética estes son debidos a: Eulalia Agreló, Marilar Aleixandre, Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, María Jesús Fernández, Mar Fernández-Vázquez, Carmen Ferreira, Moncha Fuentes, Antonio García Teijeiro, Ánxela Gracián, Eva Mejuto, Isabel Mociño González, Marta Neira, David Otero, Verónica Pousada, Xesús Rábade Paredes e Manuel Uhía. Entre todos ofrecen un amplísimo panorama das actividades docentes, literarias, públicas, sociais e análises da súa obra.

Péchase o volume cunha ampla “Contribución a unha bibliografía de e sobre María Victoria Moreno” da man de Belén Bouzas Gorgal, bolseira do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Algúns dos invitados a participar nesta homenaxe non puideron facelo por causas varias, entre eles quero salientar a falta da achega de Darío Xohán Cabana debida a problemas de saúde.

A todos os participantes moitas grazas por responder á nosa chamada e por ofrecer aos mediadores entre o libro e a lectura, sobre todo a docentes e investigadores, ferramentas de grande utilidade para o uso e recomendación lectora da obra de María Victoria e para seguir liñas de investigación que se abren en cada un dos traballos, un material que fará que a obra da homenaxeada sobrepase esta efeméride e siga a ser coñecida e recoñecida polos lectores, mediadores e investigadores no futuro.

Paso agora a transcribir algunhas das palabras que lle dediquei a María Victoria Moreno na miña Tese de doutoramento, que, despois dun percorrido polos inicios da Literatura Infantil e Xuvenil noutros ámbitos lingüísticos, dei a coñecer a produción galega para os máis novos, sen moitas complexidades, de forma ordenada, unha vez que descubrira, a partir da docencia na Escola de Maxisterio (hoxe Facultade de Ciencias da Educación), que era totalmente descoñecida, agás algunha excepción, polos mestres que se tiñan que encargar da lectura orientada e recreativa dun alumnado cada vez máis abundante debido á renovación pedagóxica que xurdiu cos cambios lexislativos e os cambios sociais ao se ir incorporando, máis e máis, a muller ao mundo laboral e a lingua galega aos centros educativos.

No primeiro dos traballos *A Literatura Galega Infantil: Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade* (1994), despois de reflexionar sobre os contextos que anteceden o estudo da obra de cada período, cando situaba a primeira obra do produtor (autor) comentaba toda a escrita realizada ata o momento, aínda que logo a volvía a citar para situala nos apartados contextuais e temáticos, forma na que se construíu a Tese de doutoramento, a primeira defendida na USC que se achegaba ao sistema literario infantil e xuvenil, esquecido daquela nos estudos universitarios e aínda hoxe pouco atendido nos plans de estudos dos futuros mediadores.

Da obra de María Victoria, cunha breve nota biográfica a pé de páxina, afirmaba¹

Outra autora que se pode considerar xa como un dos clásicos da nosa Literatura infantil é María Victoria Moreno Márquez (Valencia de Alcántara-Cáceres, 1 marzo 1939)². Iníciase na narrativa cun conto infantil titulado *Crarisca e o luceiro*, merecedor do segundo premio do Concurso “Contos Infantís” da Agrupación Cultural “O Facho”, 1972. O relato foi incluído no primeiro libro que se publicou desta autora e que pertence ó realismo crítico coa dose fantástica precisa para achegarse ao lectorado agardado. A obra titúlase *Mar adiante*³. Na primeira edición aparece subtitulada como *Historias de nenos pra nenos*, feito significativo, xa que está

¹ Reprodúzo o texto tal como se publicou no momento, é dicir seguindo a normativa ao uso, así coma o tipo de citacións.

² Viviu en Badajoz, Segovia, Barcelona (onde estudou o bacharelato), Madrid (onde se licenciou en Filosofía e Letras-Sección Románicas-Subsección Español), Lugo e Pontevedra (onde exerceu e exerce como profesora de Ensino Medio). Impartiu cursos, seminarios e conferencias en Galicia e fóra dela. Ó chegar a Galicia, comprometeuse coa fala e cultura do seu país de destino. En anos difíciles (1971-1975), impartiu clases de Lingua Galega na sociedade “Amigos da cultura” de Pontevedra e Vilagarcía. Cultivou a poesía, a narrativa, a crítica literaria e a tradución en galego e castelán. Precisamente, dúas das súas obras en castelán merecen ser finalistas de concursos importantes de creación: os Jogos Florais Minho-Galaicos de Guimarães polo relato “La casa de las Marías” e o “Café Gijón” pola novela *Alcores de Donalvar*. Dende o ano 1972 dedícase fundamentalmente á creación para a xente máis nova, tamén realizou traducións de obras estranxeiras á lingua galega (Ver o traballo de Belén Bouzas, nestes *Cadernos*).

³ Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Narrativa pra nenos, 1973, ilustrado pola propia autora, cunhas palabras introductorias realizadas por Xesús Alonso Montero. No ano 1986 publicouse unha segunda edición, con ilustracións de Araceli Liste.

artellada a partir dunha estrutura clásica: historia principal sobre a cal se engarzan outras historias independentes. Na historia principal intervén, dende o primeiro momento, a narradora, autodiexética (protagonista da mesma), ás veces, homodiexética (testemuña), outras, para informar de que é unha profesora dun fermoso colexio dunha gran cidade e que pasou uns días dando clase nun barco. Como os seus compañeiros non a cren, pois insisten en que se trata dun soño, decidiu contarlla por medio do relato que se está a ler:

Entón calei a boca e decidín escribi-la historia para vosoutros, rapaces. Se queredes saber como era o “Arroás” ou se queredes coñece-la súa tripulación, pasade a páxina e, a poquiño, diredes se é verdade ou mentira que eu pasei unha tempada na escola do mar⁴.

Trátase da historia dun vello mariñeiro, Miguel de Portosouril, fabricante de barcos, que, vendo que os rapaces son ameazados polos seus mestres por non estudar e aprende-lo suficiente, decide fabrica-lo barco “Arroás” para que sirva de escola e os nenos de Portosouril poidan coñecer ben o mar e saber que “as gaivotas non comen nenos”, como lles dicía o seu mestre.

Unha vez rematado o barco, procura unha tripulación para que leve os nenos e as nenas. Esta tripulación está composta por un capitán, Xosé Luís, “home serio e sabio, bo coñecedor do mar”; tres mariñeiros (Suso, o poeta, Xaime, o debuxante e Tino, o amigo das estrelas); unha cocíñeira (Lola); sete nenas e catro nenos de Portosouril.

E eu, rapaces, eu que teño navegado no Arroás dígovos que os nenos de Portosouril eran tan espilidos, tan traballadores, tan mariñeiros, que se amañarían moi ben sos no mar.

[...]

E agora, lector galisteiro, hasme preguntar

–¿E logo ti que facías no “Arroás”?

E eu –soamente por dicir algo– diríache que a miña laboura no barco era moi importante porque o “Arroás” era unha escola e mais porque os nenos de Portosouril non sabían a táboa do sete.

⁴ P. 13 da segunda edición do 1986. Tódalas citas que se fagan a continuación desta obra corresponden a esta edición.

Pero imos falar doutras cousas. Eu son unha mestra coma tódalas mestras e as clases que eu poñía no barco eran coma tódalas clases. Coido que todos vós sabedes moito disto... O “Arroás” foi certamente unha escola diferente porque os rapaces aprenderon moitas cousas nos días que botaron nela. Pero aprendéronas falando co capitán, xogando cos mariñeiros, ollando para as estrelas ou mesmo facendo trasnadas cando os maiores non os viamos (p. 18).

Esta expedición prolongouse dende o comezo do curso ó Nadal. Na viaxe, cóntanse historias independentes uns ós outros ou ben os maiores á xente máis nova, todas elas con algunha ensinanza á maneira das fábulas clásicas. Estas historias refírense:

- Á casa do señor Xosé de Outeiro, que non brilla por non axudar ós mariñeiros de Portosouril e deixar que morresen nun naufraxio.
- Á da traballadora Mariquiña, que atopou co temido lobo e fíxose a súa amiga.
- Á dos paxaros que se viron na obriga de fuxir da Carballeira do Suso por culpa dos homes.
- Á historia dunha vagalume que se namora das estrelas pensando que era o vagalumeiro do ceo.

Para rematar coa morte de Lola, a vella cocíneira do “Arroás”, que espertaba ós escolares con cantarelas e contos, e que camiñaba polo mar e volvía coas mans cheas de argazos e careixóns, e finalmente, a volta á terra.

É unha obra chea de simbolismo, mitos, referencias literarias, etc. Así, observamos como Lola é unha figura mítica, semellante á de Cristo e, como El, camiña sobre o mar (p. 50); trasmite, como ben sinalou Agustín Fernández Paz⁵, a necesaria aprendizaxe en contacto coa natureza e a vida real, a defensa ecolóxica, o amor polos animais. Na linguaxe xoga co ludismo fonosimbólico dos nomes dos vagalumes: “Don Lumazo o rico”, “Don Lueiro o Listo” “Don Lumioso o traballador” “Dona Lumieira a fermosa” “Dona Luzada a silandeira”. As cualidades atribuídas a cada sexo insisten nos prototipos femininos tradicionais, polo que non hai

⁵ Agustín Fernández Paz (1990): *28 libros da literatura infantil e xuvenil galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, p. 25.

modernidade nos roles atribuídos a cada un dos personaxes pero si unha aposta polas mulleres.

Trátase da primeira obra en abordar literariamente a renovación pedagóxica intentando contrastar o modelo de ensino oficial vixente aínda coas novas propostas educativas, partindo do imaxinario proporcionado por contos xa clásicos pero reescritos, por iso nestes contos aparecen as claves da obra futura de M^a Victoria Moreno, que unidas ás xa señaladas por Carme Blanco⁶, son as seguintes:

- Os seus personaxes serán sempre nenos, nenas e animais con dotes humanos, a lúa, o mar, os barcos, as estrelas, simples e cariñosos. Un grupo de seres e obxectos moi relacionados co mundo infantil.
- Lirismo, tenrura e crítica social dende a fantasía.
- Marcado moralismo, que a leva a insistir nunhas recorrentes mensaxes en contra da escola tradicional, contra a vaidade, contra a ruindade e a favor do trato digno dos animais. Mensaxes artelladas dentro dunha ética cristiá progresista baseada no principio do amor universal. Pero a moralidade que respiran os personaxes e peripecias é, case sempre, unha moralidade que está, como di Xesús Alonso Montero⁷, “nos ósos, no miolo dos relatos, e non pegada, como follas de entroido, ó eixe das narracións”.
- A escola, o mar, o amor, a viaxe, a marxinación, temáticas recorrentes.
- Recursos narrativos tradicionais, agás en *Leonardo e os fontaneiros*, con emprego de abundantes recursos para chama-la atención do lector, con apelacións á súa persoa e con pronomes de solidariedade, que fan que haxa unha cohesión bastante íntima entre o narrador e o lector, recurso moi repetido noutras obras.
- Emprego de multitude de xogos lingüísticos característicos da literatura infantil.
- Moito dato biográfico e sociocultural, recoñecementos ás súas amizades, alumnado e lectorado ao que se adapta de forma maxistral.

⁶ (1991): *Literatura galega da muller*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 214-217.

⁷ Na fermosa “Presentación á primeira edición” (p. 6, véxase a bibliografía de Belén Bouzas nestes cadernos).

Poden comprobarse todas estas notas nas obras que a partir deste momento forneceu esta autora á literatura infantil, como imos ver. *O cataventos*⁸, que mereceu o primeiro premio do VIII Concurso de Contos Infantís O Facho 1975. Un pequeno conto estruturado en dúas partes. A primeira é unha introducción na que o narrador heterodiexético, en primeira persoa e empregando constantes chamadas de atención ó lector (representado polos pronomes de solidariedade: “Porque as nubes sonche como as rapazas pequenas, que, cando están durmidiñas, mexan por elas (...) Neste mundo que che digo o mais importante era vivir en liberdade (...) Érase un mozo garrido o tal Pío”), describe o marco onde se realiza a acción (un galiñeiro situado nun país especial onde as árbores son moi pequeniñas e as nubes dormen ata que sae o Sol, por exemplo) e o protagonista. Nese marco agradable e pequeno o máis importante era a liberdade. Caracterízase esta parte por unha linguaxe cargada de metáforas.

Na segunda parte nállase a historia de D. Pío, un galo presumido, orgulloso e egoísta, que se perde pola envexa que sente ó observar que unha galiña nova voa un pouco máis ca el. A ambición por conseguí-las ás desa galiña léva a converterse en cataventos para estar por riba dos demais. No galiñeiro ninguén o bota de menos. O seu posto foi ocupado inmediatamente por outro galo. Só sente lástima del o único personaxe humano da narración: o cura.

Cando fala o galo, faino en versos rimados e ó seu canto respóndenlle as galiñas cun eco. Cando se quere expresar amodiño empréganse os puntos suspensivos. Todo o conto está cargado de lirismo e tenrura e, a pesar de seren animais na súa maioría os seus personaxes, atopámonos cunha obriña que reflicte o realismo crítico, típico do momento, unha defensa da solidariedade, da sinceridade e da autenticidade.

*Leonardo e os fontaneiros*⁹, outra obra da autora que nos ocupa, mereceu o terceiro premio do Concurso “Barco de Vapor” 1985. Publicouse ó ano seguinte cunhas fermosas ilustracións de M^a do Carme Salgado. Con esta noveliña de estrutura aberta, un

⁸ Agrupación cultural O Facho (1979): *Contos pra nenos*. Vigo: Galaxia, pp. 35-45. Reeditado en Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, col. Libros do Sol e da Lúa, 11, 1989, con ilustracións de Carme Peris.

⁹ Vigo: Galaxia/SM, col. O Barco de Vapor, 1986. No ano 1990, foi obxecto dunha segunda edición, agora en Vigo: Galaxia, col. Árbore.

crebacabezas, ó estilo das coleccións de libro-xogos, a autora segue a liña establecida noutras literaturas e coleccións como “Elige tu propia aventura”, da Ed. Timun Mas, como se encarga ela mesma de dicir nun limiar que encabeza o volume e no que informa que hai varios xeitos de ler esta noveliña: ou ben de forma lineal, como un libro normal, ou seguindo as instrucións que se dan ó rematar cada capítulo e que nos invita, se queremos, a avanzar ou retroceder na narración e polo tanto a elixi-la aventura.

Consta a novela de vinte e sete capítulos divididos cada un en nove partes, constituídas, á súa vez, por tres unidades. As primeiras unidades comezan con Leonardo, un can da rúa, e o seu amigo Toño, un neno que estudia oitavo. Entre eles hai unha amizade moi forte, que dura ata despois da morte de Leonardo, feito que, cando ocorre, deixa moi triste a Toño. É esta unha parte lírica e idealista. Toño cóntalle ó seu can tódalas traxedias que se lle ocorren ós nenos e nenas da súa clase e os problemas que a súa realización lles trae cos adultos na escola e nas casas, as reaccións deles, etc. En definitiva, nesta parte móstrase o mundo interior do protagonista. Nas seguintes relátanse, con técnicas realistas, as aventuras, inxerencias e problemas producidos no final dunha etapa da vida duns nenos de oitavo de EXB (de Antón e dos seus compañeiros, os chamados “fontaneiros”). Refléctese o paso difícil da nenez á adolescencia, os seus problemas, adaptacións, incompreensións, as deficiencias do sistema educativo etc. Todo un cúmulo de elementos que caracterizarán a obra de M^a Victoria Moreno.

Agustín Fernández Paz fala de tres facetas en *Leonardo e os fontaneiros*, das que dúas son externas e unha interna:

As externas son: en primeiro lugar, a vida do protagonista no colexio e na súa casa, coa descrición das pequenas aventuras que se van sucedendo ó longo dos días; en segundo lugar, a amizade que Antón fai con Leonardo, un can da rúa, co que se ve tódolos días ata a morte do animal. A interna -sen dúbida a máis importante- está constituída pola evolución vital do protagonista, evolución que imos coñecendo a través das súas reflexións e pensamentos, e que nos permite comprobar como vai madurando e facéndose maior, neses difíciles anos da adolescencia¹⁰.

¹⁰ Agustín Fernández Paz (1990: 77).

É, en definitiva, un monólogo de Toño realizado ó longo do curso, unha aventura interior, aínda que realmente o receptor é o can. Outra das obras desta autora publicouse no 1986, *A festa no faiado*¹¹, é un conto fantástico no que, non obstante, se empregan técnicas realistas. Vai apoiado con moitas ilustracións de Lola Blázquez. A historia xira ó redor dos personaxes dun faiado dunha casa que está situada na beiramar e na que vive unha familia de medios económicos altos.

Uxía, a moneca que xa non serve para xogar e que foi abandonada, marxinada no faiado, é a narradora da historia. Non se trata dunhas memorias, senón do relato dunha moneca humanizada a partir de que o gato a esperta do seu soño. Convértese así na protagonista dunha serie de actividades: festas co gato, ratos e pardais, tódolos domingos, mentres os donos da casa van á misa. Diríxese ó lector constantemente con apelacións e explicacións para que non perda o fio da narración.

Trátase dunha obra típica da autora pois repítense motivos e temas das súas obras anteriores: espacio no que se desenvolve a historia, amor polos animais, repetición de personaxes, como por exemplo o cataventos, etc. Todo envolto de lirismo, de fantasía, de amargura.

A última entrega desta autora foi *Anagnórise*¹², coa que comeza a súa andaina a colección Árbore, de Galaxia, unha obra que apareceu no ano 1990 na Lista de Honor do IBBY. Como xa se di no subtítulo, estamos diante dunha novela de amor moi lírica. O protagonista é Nicolau, un rapaz con problemas sentimentais que un día decide abandona-lo Instituto de Vilalonga e marchar a Madrid co propósito de se encontrar cuns amigos que se dedican a negocios relacionados coa droga. Fai autostop e a meirande parte do relato transcorre no coche dunha muller que o recolle na rúa. Durante toda a viaxe dialogan de forma rápida, breve, agradable. Neste diálogo descóbrease a personalidade de Nicolau, os seus problemas, a razón da viaxe, etc., e un pouco a da conductora, que intenta intervir na evolución do rapaz dicíndolle que na vida non se consegue nada con fuxir. Ó se despedir segue o misterio sobre a conductora, da que non sabemos nin o seu nome. Si

¹¹ Vigo: Galaxia, col. A Chalupa.

¹² Vigo: Galaxia, col. Árbore, 1988.

sabémo-la dirección desta muller en Madrid, xa que lla dá a Nicolau por se ten algún problema. Cando este problema xorde, despois de comprender Nicolau que a vida en Madrid cos seus amigos da droga non é para el, o noso protagonista busca á súa amiga de viaxe e sabe da súa morte. Empregando a *anagnórise*, tipicamente romántica, o protagonista descobre que Xulia é a nai de Natalia, a amiga de quen estaba namorado e pola que se decidira a abandona-la súa terra. Remata a obra uníndose a Natalia.

Conséguese describi-la evolución psicolóxica do personaxe. Ao separarse da súa terra, o protagonista achégase á realidade e vai variando o seu xeito de pensar. Mestúrase a narración en primeira persoa co monólogo interior. En canto á lingua, hai un claro contraste entre o rexistro vulgar, da rúa, empregado por Nicolau e o coidado, culto, de Xulia Andrade, a conductora. Este mesmo contraste establécese entre a inocencia e inxenuidade do protagonista e a experiencia e sabedoría da conductora.

Anagnórise, segundo redactores do Seminario de Papeles de literatura infantil¹³, lévanos con tenrura e lirismo a vivir unha fuxida dos problemas e das contradicións cotiás que se sofren na adolescencia, mentres non se atopa a propia identidade. M^a Victoria Moreno inventa un adulto intelixente, unha muller comprensiva e moderna que lle ofrece ó adolescente a seguridade precisa para encontra-lo que escuramente busca.

Ademais, no apartado no que situaba a María Victoria titulado “A literatura galega de 1950 a 1978”, despois do texto reproducido e mesmo no apartado “De 1978 á actualidade”, salientaba a súa implicación coas editoriais que xa estaban instaladas no país, ou que se iniciaban, ben publicando nelas, ben formando parte dos comités das coleccións, como foi o caso da colección Árbore de Galaxia, ben traducindo textos que consideraba se debían ler en galego, e participando nos premios que se convocaban. Nalgúns deles, como se comentou ao tratar as obras, recibiu galardóns. E como a Tese ía distribuída por grupos temáticos, neles destacaba o labor realizado por María Victoria, como fixen nos rotulados “Novelas de aventuras protagonizadas por grupos ou cuadrillas” onde comentaba:

¹³ “Libros que falan, libros que calan”, *Revista Galega de Educación*, 9, 1989, pp. 75-76.

Foi esta unha das tendencias máis transitadas polos autores de literatura infantil. Trátase dun tipo de relatos ou novelas que están moi unidas ás novelas e relatos de aventuras clásicos, aínda que máis relacionadas con grupos de rapaces e/ou rapazas que se reunen para realizar algunha travesura ou para investigar ó redor do seu medio. Estes protagonistas caracterízanse por meterse a resolver problemas ou manifestalos. Tamén aquí, á parte das obras xa citadas ó estudar autores anteriores, como é o caso de María Victoria Moreno (*Leonardo e os fontaneiros*, 1986), por exemplo, son xa varios os autores que camparon con afouteza nesta tendencia.

Ou no rotulado “Novelas e relatos da vida cotiá” citaba unha obra de María Victoria xa descrita máis arriba manifestando,

Nestas obras refléctese a vida de cada día cos seus conflitos, lembranzas ou frustracións do pasado, desexos, etc., e empréganse as máis modernas técnicas narrativas. Por iso a temática destas obras é moi dispar: a liberdade, a amizade, a crítica das actuacións individuais e/ou colectivas dos seres humanos, dos que dirixen as institucións, do sistema de ensino, o amor, a droga, a delincuencia, os divorcios, separacións, a guerra etc. Entre as publicacións deste tipo, deixando a un lado as xa estudias con anterioridade, cando tratamos dos seus autores... (está *Anagnórise* (1988), de M^a Victoria Moreno Márquez).

E no denominado “Contos infantís” dos que dicía:

Neles relátanse historias que se desenvolven dentro das coordenadas do racional e coherente segundo as leis científicas que rexen o universo e os seres que o poboan no seu estado de evolución xeolóxica, ou tamén historias que se desenvolven en espazos incompatibles coa nosa experiencia e/ou coa dos personaxes que participan na anécdota¹⁴, como xa especificamos na primeira parte deste traballo.

Son contos, en definitiva, nos que se unen fantasía e realidade, descrições marabillosas xunto ó encanto do mundo real e da vida cotiá moi adaptados á fase fantástico-realista que se corresponde coa etapa animista, característica da segunda infancia e na que

¹⁴ Harry Belevan, *Teoría de lo fantástico*, Barcelona: Anagrama, 1979.

os matices máis sutís, as descrições longas non emocionan ó público lector que quere feitos, peripecias e movemento. En definitiva, neles desenvólvense anécdotas, aventuras cun certo grao de suspense provocado pola creación dunha situación inusitada dentro do contexto cotiá.

Nestes contos pódese tratar calquera temática, pero teñen que se caracterizar pola simplificación, a esquematización e a estilización (de personaxes, accións, sentimentos), como se observa nos contos clásicos. Así *Carapuchiña vermella*, por exemplo, non é máis cá anécdota dunha nena que vai de visita á casa da súa avoa. A acción esquemática, coma no debuxo lineal, consiste no diálogo da nai e a filla, a filla atópase co lobo no bosque e, precipitadamente, a escena na casa da avoa, co lobo (de cofia) que a comeu e trata de enganala. A estilización consiste en que a nena representa a bondade inxenua e o lobo a mala astucia: ambos son arquetipos no seu xénero, o lobo e a nena, e o que pode ocorrer en tal encontro, facilmente previsible. Noutro conto como *A cinsenta* o que se di é que a fermosa nena e boa filla dun viúvo non é mirada con bos ollos pola súa madrastra, que ten unhas fillas feas e malas. Hai un baile no palacio para que o príncipe do lugar elixa muller entre as mozas. Cinsenta, protexida e adornada pola fada madriña namora ó príncipe; perde o zapato ás doce da noite (hora de encantamentos) e na busca do pé que calza o zapato prodúcese o final feliz porque a estilización dos personaxes consiste en que o príncipe non casará senón coa máis boa e fermosa, Cinsenta, a quen os malos ocultaban. Así, como estudiou Fryda Schultz de Mantovani¹⁵, poderían analizarse tódolos contos clásicos (rescatándoos de interpretacións conceptuais de máis, de mitos solares, etc., que se perden nos tempos) seguindo unha liña constante e eterna da alma primitiva e infantil.

Neste tipo de contos reescritos de formas varias dicía: “xa foron practicados con anterioridade por autores relevantes dentro do xénero, como é o caso de Xosé Neira Vilas, Xohana Torres, Carlos Casares, Bernardino Graña, M^a Victoria Moreno”, entre outros contemporáneos, á parte de Amador Montenegro Saavedra, Evaristo Correa Calderón, X.F. Filgueira Valverde e Camilo Díaz, que son verdadeiros iniciadores do xénero na Literatura galega.

¹⁵ Fryda Schultz de Mantovani (1964): “Fundamentos de la literatura infantil”, *Bordón. Revista de pedagogía*, 126-127, outubro-novembro, pp. 281-282.

Estes contos infantís reflecten a vida real e os conflitos que presenta, e mesmo critican os sistemas educativos e sociais, en xeral, que se desenvolven xunto a elementos propios dos contos de transmisión oral. Aproveitan estes contos as técnicas e estrutura dos contos clásicos, aínda que en moitos casos se adoptan técnicas modernas dentro da contística infantil, como vimos e veremos. En canto ós espazos nos que se desenvolven as accións, aínda hai unha insistencia grande nos espazos escolares e rurais, sobre todo nos primeiros anos do período, demostrando que aínda a Literatura infantil galega non é quen de se apartar das características das literaturas en estado de descolonización, de aí que o didactismo se faga moi evidente nun bo número de textos deste tipo e a crítica social polo xeral sempre se albisque, xa sexa implícita ou explicitamente.

É de salientar, non embargante, unha preocupación grande pola non diferenciación entre os roles masculinos e femininos, actuando positivamente en favor das nenas, aínda que, como xa comentamos, a porcentaxe de protagonistas masculinos é moi superior cá de femininos. Hai que rexistrar tamén que medra o protagonismo do pai, que comeza a ocupar roles que ata o de agora só lle correspondían á nai. Isto leva a que en moitas obras se produza unha especie de travestismo que non nos parece unha solución para a nova consideración dos sexos.

O período tampouco comezou con forza respecto deste xénero ou tendencia, agás raras excepcións, e así nos primeiros anos foron moi poucos os títulos que se publicaron. Esta escaseza está acorde cos poucos títulos, en xeral, que se produciron na Literatura infantil galega nos primeiros anos do período. A partir do 1983, vai *in crescendo* a oferta e, pouco a pouco, este grupo convértese no máis concorrido polos nosos escritores e o que presenta maior variación temática e formal.

Comezou o período cunha publicación que encaixa perfectamente dentro da tendencia e que marcou maioritariamente a produción do período. O volume ó que nos referimos foi *Contos pra nenos*¹⁶, no que a Agrupación Cultural “O Facho” recolleu cinco dos contos premiados en diferentes edicións do “Concurso de Contos Infantís”. O libro foi moi ben considerado polas institucións que se preocupaban polo mundo da infancia e da adolescencia, como o

¹⁶ Vigo: Galaxia, 1979.

demostrou a súa inclusión, nese ano, na Lista de Honor do IBBY. Son cinco os autores que aparecen no volume. Seguindo os anos dos premios e a orde de aparición no mesmo, é Paco Martín o primeiro, con *Sabeliña e os ratos*; séguenlle Xoán Babarro, con *Zoca zoqueira*; *O cataventos*, de María Victoria Moreno Márquez; *O cabaliño que fuxira do curro*, de Eliseo Alonso, e, por fin, o derradeiro conto deste volume correspóndese coa aportación de Dora Vázquez á narrativa infantil: *Cascabel, o cabaliño do circo*, xa estudiado páxinas arriba.

Tamén destacaquei as pegadas que ao meu ver, e amparándome noutros estudosos, deixou María Victoria en obras posteriores ás dela, como dicía, por exemplo ao tratar a obra *O pirata da illa de prata* (2001), de Ana María Fernández:

Vése nesta obra a influencia de María Victoria Moreno *Mar adiante* (1973), na que, despois dunha viaxe por mar, non se quere tampouco contar nada. En *O pirata da illa de prata*, como ocorrera na de María Victoria Moreno, inclúense tamén cantigas, adiviñas, etc., fáciles de memorizar e moi enraizadas na tradición popular. Como viu tamén Carmen Blanco, esta obra atópase na liña literaria de *Viaxe á illa redonda*, de Helena Villar, pois “combina o realismo da panda de nenos e nenas de Vilasemprín coa ficción que rodea á Illa das Penas de Prata”¹⁷.

Comentaba tamén máis adiante:

No 1991, dúas novas publicacións veñen enriquece-lo panorama da Literatura infantil galega da man de Helena Villar. Unha delas, *A canción do rei*¹⁸, tamén aparece firmada ó final en San Miguel dos Agros 1989. Esta noveliña figura na relación dos White Ravens (Merlos Brancos) de 1994, como vimos, da Biblioteca xuvenil Internacional de Munich. É unha noveliña fantástico realista, ilustrada en branco e negro por Xan López Domínguez, e nela un narrador omnisciente, en terceira persoa, en oito capítulos e 89 páxinas, relata as aventuras e desventuras de Cosme, un neno moi imaxinativo e un pouco mintireiro, aínda que sen intención de selo. Cosme, o protagonista, que vive nunha vila mariñeira,

¹⁷ Carmen Blanco (1991: 222).

¹⁸ Vigo: Ed. Galaxia, col. Árbore, tamén aparece firmada ó final da obra en San Miguel dos Agros, primavera 1989.

motivado polo seu profesor (un profesor ideal que intenta motivar o seu alumnado e que emprega na clase a música acampañándose dun piano), comprométese e compromete á clase a inventar “a canción do rei”. Diante da dificultade da clase por non coñecer a un rei na realidade só pola historia e polos contos, Cosme pon en marcha unha das súas mentiras e di que el coñece a un rei. De aí arrinca toda a historia.

Son tres os escenarios fundamentais desta obra: a escola, unha escola innovadora, comprensiva, atraínte; a familia: unha familia preocupada, culta, amante da música, da lectura; a vila, unha vila moderna, culta, na que os cidadáns len, coñecen contos, recoñecen a importancia e valor da poesía, como se demostra polas aptitudes dos nenos, etc.

Esta obra comeza do mesmo xeito que *O día que choveu de noite*, aínda que neste caso o profesor é innovador, non aburrido. As dúas obras, xunto a outras xa comentadas enlaza cunha tendencia moi xeralizada na Literatura infantil galega: a temática escolar. Pero agora, como en *Mar adiante*, de M^a Victoria Moreno, un dos personaxes principais anda polas augas. Carmen Blanco xa fixo referencia a certos trazos comúns das narrativas destas dúas mulleres, aínda que considerou que fronte o lirismo de M^a Victoria Moreno, Helena Villar presenta un enfoque máis obxectivo e realista, que se combina con elementos propios dos xéneros fantástico, mítico e de aventuras¹⁹, se ben isto pode ser certo nalgún texto de Helena Villar, sobre todo nos primeiros, penso que en xeral a narrativa da nosa autora non só está cargada de elementos obxectivos e realistas senón tamén líricos.

Anos máis tarde, en 2000, publiquei “La literatura infantil y juvenil en Galicia”/“A literatura infantil e xuvenil en Galicia”²⁰, unha breve historia da LIX galega na que despois dun breve percorrido, como na obra anterior, sobre como se foi constituíndo a Literatura Infantil e Xuvenil Galega (Idade Media, Séculos Escuros, Século XIX), ao chegar ao século XX explicaba:

¹⁹ Carmen Blanco (1991: 212-213).

²⁰ Cap. 8, en Anxo Tarrío Varela (coord.) (2002): *La Literatura desde 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción/A literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e traducción*. A Coruña: Hércules Ediciones, pp. 382-501.

Houbo que esperar a que comezase este século e sobre todo o período que Anxo Tarrío (1988, 1994) quixo denominar Época Nós (1916-1936) para ver publicadas as primeiras mostras dun modo máis continuado. Situados xa no século XX, hai que dicir que a produción moi reducida durante a primeira metade, foi pouco e pouco aumentando a partir de 1960, non só en cantidade senón tamén en calidade. Falaremos de tres grandes períodos, en contra doutras periodizacións polas que eu mesma e outros estudiosos optamos noutros traballos (ver bibliografía), debido a que esta nova que achego me parece máis rendible pedagoxicamente, partindo da idea de que a periodización literaria non é máis ca un modelo conceptual de ordenamento da formación, ou dunha parte, dun sistema literario que os investigadores enchen de contidos sobre a base da súa mirada, unhas veces epistemoloxicamente aceptable outras non tanto:

- De 1900 a 1950: primeiras manifestacións
- De 1950 a 1980: transición e asentamento
- De 1980 ó 2000: consolidación

Ó describir este século deixo de citar obras doutras literaturas, pois agora contan esas literaturas cun *corpus* moito máis amplo, case inabrangüible en moitos casos, e polo tanto só falaremos de influencias concretas, nos autores galegos, en caso de ser moi evidentes ou funcionais. Para a organización de autores e produción dentro dos xéneros canónicos, hai que ter en conta a complexidade do proceso de formación e desenvolvemento da literatura infantil e xuvenil galega. Un proceso histórico de extensión cronolóxica reducidísima, pero no que incidiron unha serie de elementos nada doados de someter a esquema. A causa principal dese proceso foi sen dúbida a entrada desta literatura na modernidade e regularidade en só dúas décadas, de aí que, partindo do repaso das teorías de periodización de Ortega e Petersen, me inclinase máis polas propostas de René Wellek e Karl Mannheim, aplicadas xa por Arturo Casas en *La teoría estética, teatral y literaria de Rafael Dieste* (1997) para situa-la figura do intelectual rianxeiro. Penso como Casas que o método xeracional de Mannheim non é unha panacea para a periodización literaria pero si que permite maior flexibilidade epistemolóxica ó se basear máis nos procesos socio-culturais, é dicir en tódolos axentes que conforman o sistema, que en

cronoloxías e ideoloxías humanas. Así, partindo das metodoloxías citadas e tamén da minoría de idade da literatura que estamos a estudar, que comeza moi a finais do século XIX e que non se desenvolve con normalidade ata as dúas derradeiras décadas do século XX, establecerei “unidades xeracionais” en cada un dos períodos e dos xéneros que vaia sinalando. Unidades que actuaron asumindo uns obxectivos, non sempre explicitados polos seus membros, pero que aceptaron unha estratexia común no campo literario, non na esfera pública, aínda que non de forma incondicional, e nas que, polo tanto a idade e experiencia non son imprescindibles para constituír xeración. Entre estas unidades estableceranse “conexións xeracionais” entre os seus membros por participaren activamente e tomaren decisións en relación a unha experiencia histórica común, dimensións ás que non se lles esixe homoxeneidade nin capacidade de ningunha especie (ideolóxica, estética, estilística), como se poderá detectar ó tratar autores e obras, e participaren de “situacións xeracionais” que elaboraron persoas enmarcadas en grupos de idades próximas que compartiron espazos potenciais de experiencias e de preocupacións, fáciles de constatar debido a que os apartados correspondentes a cada etapa serán encabezados por un percorrido polos axentes que axudaron á constitución do sistema literario infantil e xuvenil galego. Rematarei cada etapa con referencias específicas á tradución, á crítica e investigación e dando unha conclusión, axudada pola crítica e a reflexión sobre os textos lidos. Daranse desaxustes ou axustes forzados, debido a que estamos a tratar unha produción literaria moi recente, repito, realizada ademais por autores de idades dispares e polo tanto de experiencias e formación moi diferente.

Despois fun organizando a produción por xéneros e por unidades xeracións. Así, ao tratar a narrativa do período 1950 a 1980 na unidade xeracional que rotulei “Tradición e modernidade: De Galaxia e as primeiras editoras Ó Facho)”, volví sobre María Victoria Moreno, engadindo ás obras xa comentadas actualizacións que non reproducirei, para recordar o que escribín das publicadas despois de 1993. Así dicía desas obras:

A Brétema (1999), agora coa axuda das ilustracións de Xaime Asensi, nárrese a vida diaria dunha vella que vivía na aldea de Vilaxeada, a súa soidade, os seus choros polo abandono a que era

sometida; choros que lle permitiron converterse nunha charca que o sol evaporou e formou unha nube que posou no cumio da montaña, dende alí a vellina-nube seguía a querer comunicar coa xente da súa aldea, conseguíuno gracias ó vento que a levou, en forma de brétema, á aldea e foi moi ben recibida; en *As guedellas de seda e liño* (1999) volveu a achegarnos reflexións sobre o amor e a presentar problemas dunha adolescente de clase alta que, por tradición, chega a se-la herdeira do pazo e que consegue romper con moldes familiares e vivir na realidade da súa época e relacionarse con outras clases sociais. Relátase a historia desta adolescente que vive no pazo de Redondela, comezando *in media res* para logo deixar ben atada a complexidade que comporta.

No apartado correspondente á poesía e dentro da mesma “Unidade Xeracional” comentaba que María Victoria Moreno:

tamén coñecida polas súas achegas narrativas, publicou en 1994 *¿Un cachíño de bica?* (SM), un conto escrito en verso e ilustrado por Manuel Uhía, no que se relata a historia dunhas letras que emerxeron dunha cunca de almorzo e permitiron crear ilusións e fantasía en Iván e a súa cadela Nica, nomes que elas mesmas crean; en 1997, *¿E haberá tirón de orellas?* (Galaxia), con ilustracións de Carme Peris, onde esta avezada autora canta ó “solpor” e á “noite” e ó que producen no seu percorrido e faino coas mellores artes poéticas para a infancia; en 1998, *¿Xa non teño medo!* (Institucional) onde, coas ilustracións de Manolo Uhía, se relata a visión bela e máxica que ten un neno dende a noite de todo o que contén a súa casa, barrio, personaxes, etc.

Como dixen no traballo *A poesía infantil* (2000), estes poemarios enmárcanse no rótulo “Poesía e conto”, pero tamén nos denominados “Poesía e xogo”, “Poesía e música”, “Poesía e maxia”, debido a que todos os seus poemarios acollen características das denominacións citadas.

Entre estes e outros moitos traballos que constan na Bibliografía que se achega nestes *Cadernos...* sempre destaquei o labor pioneiro e o bo facer da escritora para mesmo considerala clásica, fíxeno ben en solitario ben en traballos con outras compañeiras e compañeiros, edicións, coedicións etc. para rematar antes deste 2018 coa coordinación da *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* (2015), onde todas as participantes

(Eulalia Agrelo Costas, Pilar Bendoiro Mariño, Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez e Isabel Soto) bebemos dos traballos anteriores, doutros moitos que fixemos como grupo e dos publicados por outros investigadores sobre a autora, actualizando así a súa produción ata a súa morte e a posterior que se foi editando.

Coa transcripción dos traballos anteriores só quixen manifestar o interese que María Victoria sempre espertou en min, sobre todo como escritora para os máis novos, unha boa conxunción do seu traballo como docente, ao que se inclinaba, en caso de ter que elixir, como manifestou en varias entrevistas e traballos, pero por medio da súa obra manifesta a consciencia de que a literatura é imprescindible para que os máis novos, e todos os mediadores, cambien de actitudes e composturas docentes, se emocionen polo saber, respecto do outro, liberdade, se doten de competencias emocionais, que tan ben se transmiten dende a boa literatura, por iso a súa obra deu un importante pulo á Literatura Infantil e Xuvenil sobre todo apostando por temáticas precisas cun bo facer, xa que a súa cultura, as súas lecturas, a súa formación en xeral vibra detrás de cada liña, de cada verso que escribiu.

Non podo nin quero rematar este “Limiar”, no que destaquei o papel fundacional da obra de María Victoria Moreno na Literatura Infantil e Xuvenil Galega, sen mostrar un agradecemento especial a Pedro Ferriol (o seu home), a Begoña Llácer (a súa filla) e a Xavier Senín (o seu amigo) polas fotografías cedidas, aos membros de Educación Artística do Grupo Liter21, coordinado por Carmen Franco Vázquez polas ilustracións que enriquecen o volume e a Belén Bouzas Gorgal (bolseira do Proxecto “Recuperación de textos literarios e xornalísticos galegos” do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades) e Armando Requeixo (director destes *Cadernos* e Secretario do Centro), pola axuda na composición deste volume co que se quere homenaxear a María Victoria Moreno para que non quede no esquecemento.

Bibliografía

Ademais da chegada no traballo de Belén Bouzas Gorgal, son citadas neste:

Belevan, Harry (1979): *Teoría de lo fantástico*. Barcelona: Anagrama.

Casas, Arturo (1997): *La Teoría estética, teatral y literaria de Rafael Dieste*.
Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións e
Intercambio Científico.

Schultz de Mantovani, Fryda (1964): “Fundamentos de la literatura infantil”, *Bordón. Revista de pedagogía*, 126-127, outubro-novembro, pp. 281-282.

Biografía
de María Victoria Moreno

© Guillermo Calvino Santos



A singularidade de María Victoria Moreno: o seu compromiso cultural coa Galicia antifranquista (1965-1973)

XESÚS ALONSO MONTERO
(USC/RAG)

Palabras preliminares

En 1973, o nome de María Victoria Moreno, de 34 anos, comeza a ser un referente nas Letras Galegas. A comezos dese ano publicara o seu primeiro libro de narrativa galega, *Mar adiante*, libro que ela mesma ilustrou e eu prologuei. Poucos meses despois, publica *Os novísimos da poesía galega*, antoloxía de dez poetas que prologou con brillantez e que traduciu ao castelán con pericia de filóloga e de poeta. Nesta altura, xa fora premiada en varios certames de narrativa breve, e dende 1971 impartira cursos de Lingua Galega en Pontevedra e Vilagarcía de Arousa co aplauso e o asombro do alumnado.

Tamén co asombro. Porque cómpre ter moi en conta que a profesora destes cursos “tolerados” polos gobernadores civís naqueles anos de chumbo non era galega. Nacera nunha localidade estremeña (Valencia de Alcántara) e aprendera o castelán en terras da provincia de Segovia, unha das provincias da España central onde o castelán soa máis sonoro e rico. É o castelán co que ela deslumbraba, no Instituto de Pontevedra, nas súas clases de Lingua e Literatura españolas, disciplina da que era profesora agregada dende 1965. Centenares de alumnos hoxe lembran con gratitude o xeito no falar da profesora, a súa formación profesional e a súa paixón docente. Algunhas desas alumnas asistían, fóra do Instituto, ás clases de Lingua Galega que a brillante profesora extragalega impartía en tribunas sempre no punto de mira da Policía.

En 1973, María Victoria non só era unha extragalega que escribía no noso idioma senón unha extragalega que ensinaba o idioma galego ás xentes do noso país. Dende unha sólida formación filolóxica exercía o labor docente con rigor técnico pero nunca o exercía asepticamente: facíao con fervor, con acordes reivindicativos e coa música moral que posúen os mellores compromisos cívicos.

Pero este compromiso, cando e onde naceu? María Victoria chegara a Galicia, concretamente a Pontevedra, co seu home, José Luis Llácer, en 1963. Dende este ano a 1965 entrégase de cheo á preparación das oposicións

e á preparación das clases de Latín no Instituto, materia na que era experta pero non especialista. Os labores domésticos —sáibase que o seu marido era invidente— furtábanlle algunhas horas ao estudo. Aprobou con bo número as oposicións e puido escoller praza en Galicia, no Instituto Masculino de Lugo. Alí deslumbrou a non poucos alumnos durante dous cursos (1965-1967), entre eles a Xesús Rábade Paredes, que chegou á poesía da man da profesora, e da man do poeta Miguel Hernández, unha das devocións da entusiasta profesora.

María Victoria Moreno en Lugo (1965-1967): a descuberta

Incorporouse co máximo interese ás tarefas do Seminario de Lingua e Literatura españolas, que eu presidía dende 1960 pola miña condición de catedrático. Compuñan o seminario tres profesores auxiliares (Graciela Fernández Couso, María Rosa Puga, José López Villar) e unha profesora agregada (o rango académico de María Victoria), Emilia Pimentel Iglesias, a miña muller, que gañara a oposición en novembro de 1962. A nova profesora non tardou en relacionarse, no noso fogar lugués, cos nosos tres fillos, daquela pequenos: Emilio (Madrid, 1958), Xesús “Cuchús” (Palencia, 1959) e Sara (Lugo, 1960). María Victoria sempre vía nos fillos dos amigos os seus fillos, que non tiña despois de varios anos de casada. Devecía por eles e nunca os tivo ata que, tempo despois, adoptaron dous, Carlos e Begoña. A Sara, a máis pequena dos nosos fillos, era a quen María Victoria lle facía máis festas. Cando, en 1973, publicou *Mar adiante* dedicoulle un exemplar con estas palabras:

Prá miña amiga Sara, a rapaza galega a quen mellor quero, na que
pensaba cando escribín estes contiños.
Ti xa sabes por que non chos adico con letras de imprenta.
Pero son teus
Con todo o agarimo,
María Victoria
Lugo, 18-III-73

Sara, co seu nome, é un dos nenos que protagonizan algunhas páxinas do libro, volume no que moitos outros nomes —de nenos ou de adultos— son de persoas que ela quería: os meus fillos Emilio e “Cuchús”, Lola (Dolores Paredes, a nai de Xesús Rábade), José Luis (o guitarrista, que era o seu home)... Con Sara foi máis agasalleira: regaloulle o mecanoscrito dun dos contos do libro, “Crarisca”, con debuxos da propia María Victoria (algún dos cales non figurou no texto impreso) e con esta dedicatoria:

Para Sara, a Ratiña, por ser a primeira rapaza galega que chegou
ó meu corazón.
María V.

A Emilia, a miña muller, e a min dedicounos outro exemplar, nestes
termos:

Prá vós, Emilia e Xesús, máis pais deste libríño ca min. Amigos
a quen debo, entre outras cousas, a miña galeguidade e mais a
miña maioría de idade.
Co corazón todo,

María Victoria

Foi sempre a nosa relación entre as dúas familias: a de nolos cinco
con María Victoria e José Luis, antes e despois de que en 1973 a Policía
pontevedresa lle retirara o pasaporte¹, medida da que eu, en boa parte,
fun “o culpable”. Dende bastante antes, a Policía estaba desconcertada
e un pouco intrigada con aquela profesora foránea que dedicaba non
poucas horas do seu tempo a facer apostolado da causa da lingua galega.
Mentres exerceu esta misión en institucións culturais de signo estritamente
galeguista, como a Asociación Amigos da Cultura (Pontevedra), a Policía
limitouse a tomar nota, mais, cando impartiu un curso de varios días no
Ateneo de Ourense, os coidadores da Seguridade actuaron e suprimíronlle
un dos poucos dereitos que tiñamos os españois en 1973: o de viaxar ao
extranxeiro, a algúns países do extranxeiro (non a todos). A Policía supuña
que o Ateneo ourensán estaba dirixido, en boa parte, polos comunistas,
entre eles o doutor Manuel Peña Rey, membro moi activo da executiva
desa institución.

Teño a evidencia de que, nesas datas, a Policía relacionaba,
politicamente, o nome de María Victoria co meu. En efecto, eu tiña unha
presenza notoria nas actividades do Ateneo, e eu, en 1973, prologara o seu
primeiro libro e publicara, na colección Arealonga, que eu dirixía, a antoloxía
dos *Novísimos*. O certo é que, cando María Victoria foi interrogada pola
brigada político-social na comisaría de Pontevedra, un dos funcionarios,

¹ No artigo de Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre “A verdadeira data de nacemento
de María Victoria Moreno” (*Grial*, 2017), publícase o facsímile do escrito da Policía no
que se lle comunica a María Victoria que “NO PROCEDE acceder a lo solicitado” (a
concesión de pasaporte) (01/03/1974).

despois de amosar a súa estrañeza polo seu apostolado idiomático, espetoulle: “Además, usted es amiga de Alonso Montero”. María Victoria, que percibiu a insidia e sabía moito da polisemia das palabras, respondeu decontado: “En efecto, soy amiga del profesor Alonso Montero, de su esposa, la profesora Emilia Pimentel Iglesias, y de sus tres hijos, Emilio, Jesús y Sara”².

Tan probos funcionarios non ignoraban, como mínimo, a miña relación profesional con María Victoria no seu bienio lugués (1965-1967), e cónstame que algúns vinculaban a súa “galeguidade” —tan estraña para eles— a aqueles anos. Tempo despois, xa morto Franco, o gran Xendarme, a propia María Victoria explicou, en varios traballos, o que significou para ela o citado bienio lugués. Sexa ela mesma quen fale.

Nun relatorio de 1993 escribe³:

Pouco viaxei por Galicia entre 1963 e 1965 —traballaba na casa, preparaba as oposicións, descubría a felicidade na práctica do ensino— e pouco puiden ver. Con todo, o que vin foi de abondo para albiscar que a Galicia verdadeira estaba fóra daquel mundo castelánfalante, pequeno e entrañable da vila: intuíase nas leiteiras, co seu pano negro á cabeza e o seu carné de conducir (¡1963!); abraíaba no silencio resignado das obreiras que facían a estrada de acceso ó monte de Santa Trega; latexaba no cheiro a peixe fresco ou na lama dos zapatos que traían as alumnas do antigo Instituto Feminino [...]. E foi en Lugo onde Galicia se revelou ante os meus ollos, enteira, no seu ser, na súa cultura, no seu feitizo, na súa problemática e na súa lingua. Esta revelación foi posible gracias a Xesús Alonso Montero, que explicaba brillantemente a Literatura española e sabía achegarse ós alumnos, na lingua que eles entendían; foi tamén posible gracias ós meus alumnos, que escoitaban benevolmente as miñas explicacións de sintaxe española e dábanme a corrixir fermosos poemas nos que falaban na lingua deles das súas inquedanzas e das súas arelas.

² Ver o meu artigo “María Victoria Moreno, un alumno e a policía”, *La Voz de Galicia*, 18/02/2006.

³ María Victoria Moreno (1994): “Escritora alófona eu?” en Xesús Alonso Montero e Xosé Manuel Salgado (eds.), *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso* (1993). Vigo: Galaxia, pp. 109- 170.

Lugo é unha páxina indeleble da miña vida. Galicia aniñou no meu corazón naqueles dous cursos que traballei en Lugo. Xa de volta en Pontevedra, a pesar da miña sincera conversión á galeguidade, escribín unha novela e unha colección de relatos para adultos en castelán [...].

Unha noite soñei o *Mar adiante* enteiro, desde o comezo ata a fin, escribino nunhas vacacións de Nadal, con tódalas palabras que eu sabía daquela, e xa asinei para sempre o meu compromiso coa lingua e cos nenos de Galicia: só escribo en galego, só escribo para nenos [...].

Un ano despois, nun estudo seu sobre un discurso meu, tras abordar temas expostos no relatorio, engade⁴:

Procedían todos eles [os alumnos libres] do medio rural [lugués] e, preparados por mestres ou polos curas das aldeas, chegaban ó Instituto a examinarse co respecto, co asombro e co medo acochados baixo o que Alonso Montero denominou sempre “o traxe de comer ben”. Mais cómpre reparar en que os examinados do Instituto Masculino eran rapaces labregos [...].

Chegaba a hora do exame, cumpríase un ritual preciso e idéntico para tódalas asignaturas: o catedrático, acompañado por tódolos membros do seu seminario, subía uns chanzos da maxestosa escalinata, dicía dúas palabras de salutación e daba as instrucións precisas para que os examinandos ocupasen ordenadamente as aulas que lles foran asignadas. Isto era sempre así, tamén na Lengua y Literatura española, da cal era responsable Xesús Alonso Montero. A única diferenza —sutil e transcendente diferenza— era que el pronunciaba as palabras do ritual en galego. Ecoaba o seu verbo, sinxelo e, ó mesmo tempo, ateigado de seguranzas familiares, entre as paredes inhóspitas do vestíbulo, a multitude tensa respiraba fondo, distendíase, sorría levemente... daba conta dos seus coñecementos da Gramática ou da Literatura no mellor castelán ó seu alcance e aprobaba a asignatura en porcentaxes sensiblemente superiores ós das outras materias. É dicir, o que Xesús Alonso Montero facía non era regalarlles os aprobados ós nenos que lle traían á acordanza do

⁴ María Victoria Moreno (1994): “Discurso pronunciado por Jesús Alonso Montero no acto no que recibiu o Pedrón de Ouro” en Claudio Rodríguez Fer (ed.), *Comentarios de textos populares e de masas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 131- 132.

Suso da Ventosela: o que facía era poboar as inhóspitas aulas coa música das peculiares figueiriñas de cada examinando, e así creaba un clima de sosego espiritual, de seguridade, que permitía obter os mellores froitos das colleitas sementadas polos mestres ou polos curas das aldeas.

Hai outro artigo (“O mestre das palabras”) que María Victoria publicou, nun suplemento monográfico, co gallo da miña xubilación na Universidade. Nel reitera —en ocasións *ad litteram*— motivos tratados nos dous anteriores. Nesa altura, o ano 2000, María Victoria era unha intelectual galega chea de loureiros: como profesora, como escritora, como conferenciante e como concienciadora. Seguía sendo xenerosa, cada vez máis, tanto que foi capaz de finalizar aquel traballo seu, nunha homenaxe a min, con estas palabras⁵: “A actitude ante a lingua, a ética e o compromiso cos seus falantes herdeiras de quen foi o meu mestre, de quen me honro e recoñezo como mestre”.

⁵ María Victoria Moreno (2000): “Alonso Montero di adeus ás aulas”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, 22 febreiro, p. 3.



María Victoria Moreno: a muller que escolleu ser galega

XAVIER SENÍN e ISABEL SOTO

(Ensaístas/tradutores)

A presente colaboración repasa de maneira sumaria os principais acontecementos da biografía da homenaxeada co Día das Letras 2018, María Victoria Moreno Márquez, cuxa condición de galega de feito e de corazón por vontade propia, a dedicación vocacional e entusiasta á docencia e, sobre todo, o carácter pioneiro da súa obra literaria infantil e xuvenil fana sobradamente merecedora de tal recoñecemento¹. O seu compromiso inamovible con esta produción en lingua galega plásmase na súa declaración de principios: “só escribo en galego, só escribo para nenos” (Moreno, 1994: 110).

Da infancia en Estremadura e Segovia aos estudos en Barcelona e Madrid

María Victoria Moreno Márquez nace en Valencia de Alcántara (Cáceres) o 1 de maio de 1939², sendo a máis vella dos catro fillos do militar Vicente Moreno Moreno, natural de Lagartera (Toledo), e da mestra malagueña Sara Márquez Bueno. A parella casara en 1937, en plena guerra civil, durante un permiso de Vicente, mobilizado no conflito.

A falta de estabilidade da parella e a incerteza propia dos tempos de contenda explican o nacemento da súa primeira filla na vila estremeña, onde Sara se instalara temporalmente canda un seu irmán. De feito, a partir de 1939, a familia volverase trasladar por mor dos diferentes postos administrativos do pai, primeiro a Badaxoz, onde residiron ata 1943 e naceron os seus fillos Sara e Antonio, e posteriormente a Segovia, con motivo do nomeamento de Vicente Moreno como administrador da prisión provincial, onde nace un novo fillo, Rafael.

¹ Este artigo parte dun traballo máis amplo dedicado á escritora: *María Victoria Moreno: Sementadora de futuro* (Xerais, 2018).

² Recentemente descubriuse que cómpre atrasar dous anos a súa data de nacemento con respecto á que figura na práctica totalidade das fontes dispoñibles e que a autora nunca corrixiu. Casalderrey e Aleixandre (2017, 2018) documentan a data certa e ofrecen unha hipótese sobre as razóns que levaron a autora a se atribuír toda a súa vida dous anos menos dos que en realidade tiña.

Segundo lembra María Victoria, malia estas mudanzas, a súa infancia decorre bastante allea ás miserias da posguerra, mesmo con certa comodidade, nunha casa bonita, con “criadas, niñera y coche” (1992: 48-49), na que o ambiente represivo só se intuía no silencio dos adultos e en que apenas saían á rúa.

Aos oito anos, no que semella case un aceno do azar, a futura escritora ten o seu primeiro contacto coa que anos máis tarde elixiría como a súa terra, pois, acompañada da súa irmá Sara, pasa a primavera e o verán de 1947 en Valdoviño coa súa tía materna Conchita, que residía alí co seu home. Nesa estadia, as rapazas gozan do contacto cos animais e das atencións dos seus parentes.

Este ambiente de relativa placidez remata en 1949, cando a vida da familia cambia de vez. A nai reincorpórase ao corpo de mestres unha vez esgotada a excedencia de dez anos que pedira, e instálase cos cativos en Sepúlveda para se ocupar dunha escola de nenas. Entrementres, Vicente, que quedara en Segovia, enferma de tuberculose e morre o 30 de setembro dese mesmo ano, unha perda que María Victoria, moi apegada ao pai, sentirá de forma especial e influirá no seu carácter, melancólico e reflexivo de máis para unha nena da súa idade. Os irmáns lembran o pouco entusiasmo que a súa irmá maior poñía nos xogos e que poucas veces participaba deles; mentres os demais se entretiñan nun tobogán que construíran coas súas propias mans, María Victoria prefería ler. Dende ese intre, complicase ademais a situación económica da familia, cuxa subsistencia depende do salario da nai e da exigua pensión que esta recibía por cada fillo varón (90 pesetas).

Será por volta de 1951 cando dona Sara comece a pensar na maneira de que a súa prole acceda aos estudos e, con tal fin, aplícase en conseguir bolsas para as dúas maiores. Así, no curso 1951-1952, con doce anos, María Victoria marcha a Barcelona para cursar o bacharelato interna no Colexio Menor Virgen de la Inmaculada da Sección Feminina; e a súa irmá Sara é enviada a Sanlúcar de Barrameda. A partir de entón, a familia só se reuniría nos períodos de vacacións, pois en 1952 a nai traballa en Navares de las Cuevas, preto de Burgos, e os irmáns varóns marchan tamén a distintas localidades para estudaren.

María Victoria revélase como unha estudante brillante e, malia o seu gusto polas Matemáticas, a admiración por Rosa Juliá, “su profesora de

Latín, que la dejó fascinada por el mundo clásico y por la Filología” (Moreno, 1992: 49), lévaa a decantarse polas letras. Nese tempo en Barcelona aprende catalán e francés, linguas que chegou a dominar e que máis tarde lle serviron para dedicarse á tradución; e, sobre todo, apaixónase pola lectura grazas á descuberta do *Quixote*, un libro que rematou nun suspiro e que, lonxe de lle provocar risas, conmoveuna, ao se identificar coas desventuras daquel soñador cabaleiro andante. O engado da ficción esperta tamén con *Le Petit Prince*, do que sempre presumiu de saber de memoria moitas pasaxes. Dende ese momento, ben nova, comezou a ter claro que quería ser profesora para contaxiarlle ao seu alumnado a paixón polos libros.

A etapa universitaria principia en 1958, cando se matricula na facultade de Filosofía e Letras na Universidade Complutense de Madrid, un tempo no que se acrecenta a súa paixón pola literatura e a docencia, seducida por mestres como Rafael Lapesa e Dámaso Alonso, que deixan unha fonda pegada naquela alumna avantaxada. Coa intención de combater a sensación de ser unha privilexiada pola posibilidade de acceder aos estudos nunha España devastada e asoballada pola ditadura, decide impartir clases gratuítas de francés no popular barrio madrileño de Entrevías, unha experiencia que lle serviu para borrar de vez calquera asomo de altiveza e pedantería á hora de enfrontarse ao alumnado.

Na Facultade coñece o valenciano José Luis Llácer Zarzoso —invidente dende os tres anos e unha década maior ca ela—, co que casa en xullo de 1963, non ben remata a carreira. Grazas ao seu home, achégase ao mundo dos cegos e comeza a traducir libros para a ONCE, e con el trasládase a Galicia cando é destinado ao Colexio Santiago Apóstolo de Pontevedra.

A revelación de Galicia: as décadas dos sesenta e setenta

Xa instalada en Pontevedra, o labor docente de María Victoria Moreno principia no Instituto Feminino (hoxe en día Valle Inclán), onde en 1963 e 1964 dá clases de Latín e Francés. Un ano máis tarde, tras aprobar as oposicións de Profesora Agregada de Lingua e Literatura Española, trasládase a Lugo para exercer no Instituto Masculino, unha etapa substancial para a comprensión da súa nova realidade: “Foi en Lugo onde Galicia se revelou ante os meus ollos, enteira, no seu ser, na súa cultura, no seu feitizo, na súa problemática e na súa lingua” (Moreno, 1994: 109). Arrinca entón a súa

particular historia de amor con Galicia, que a leva a tomar conciencia da diglosia e dos prexuízos e a formalizar un compromiso ineludible co idioma que identifica coa clase traballadora e os oprimidos:

decateime de que aquí a palabra estaba reprimida, o galego era a palabra dos pobres, dos mariñeiros, dos labregos... Nas escolas, os nenos que falaban galego eran humillados constantemente e ata pagaban multas. Daquela comprometinme afectiva e socialmente a axudar a esta xente a defender a súa lingua (Varela, 2001).

Moito tivo que ver nesa revelación a súa amizade con Xesús Alonso Montero, daquela catedrático da mesma materia, e a admiración polo seu labor. A influencia do profesor e bo amigo foi decisiva para que María Victoria se sumase á loita pola dignidade da lingua, aínda que sen dúbida tamén contribuíu a especial sensibilidade social que sempre a caracterizou. A visión do alumnado do medio rural que chegaba asustado ao instituto ponlle un camiño diante dos ollos: “Al ver esto M.V. se dijo: ‘Esta es tu alternativa; o trabajas para Galicia, y eso se hace en gallego, o te vuelves a la meseta’” (Moreno, 1992: 50).

Unha das testemuñas desa entrega foi Xesús Rábade Paredes, alumno seu en Lugo, quen anos despois se convertería en poeta e vería encabezado o seu primeiro libro de poemas: *Xuntos cara ó mañán/Juntos hacia el mañana* (1969), cun limiar, aínda en castelán, da súa profesora.

Tras dous cursos en Lugo, en setembro de 1967, María Victoria Moreno torna ao Instituto de Pontevedra, onde imparte Literatura Española. Profesora por vocación, nunca deixou de reiterar o seu amor polo ensino e por alimentar os que consideraba os seus cachorros para que puidesen ser no futuro máis honestos, máis veraces, máis solidarios, máis cultos, máis libres, máis felices (Moreno, 2004: 17).

Tamén son moitas as ocasións nas que expresou os seus gustos literarios, unhas lecturas que, ademais dos seus libros de cabeceira, *O Quixote* e *O principión*, incluían a Galdós, Baroja, Miguel Ángel Asturias, García Márquez, Vargas Llosa, Carpentier, Neruda, Nicolás Guillén, “os escritores éticos e con compromiso (...), a lírica medieval, a prosa de Otero Pedrayo e de Carlos Casares, a poesía de Fernán Vello” (Neira Cruz, 1999: 16), os seus queridos e venerados Antonio Machado, Miguel Hernández e Federico

García Lorca; Rosalía, Castelao, Curros, Neira Vilas, Ferrín, Margarita Ledo, Xesús Rábade, Darío Xohán Cabana, Xavier Rodríguez Barrio, Fiz Vergara, Alfredo Conde... (L.R., 1973). Gustáballe tamén a literatura francesa, e mesmo era capaz de recitar poemas enteiros de François Villon e de cantar a “Ballade des dames du temps jadis” coa música de Georges Brassens, igual que gozaba cos cantautores que interpretaban os seus poetas preferidos: Paco Ibáñez, Carlos Cano, Leonard Cohen, Serrat ou Alberto Cortez.

Esta completa nómina de autores formou parte da súa vida e da súa biblioteca, uns 5.000 volumes doados á súa morte ao Instituto Torrente Ballester, no que se xubilou, entre eles a súa colección de *Quixotes* en varias linguas.

Os seus primeiros éxitos literarios sitúanse por volta dos trinta anos e, a pesar da súa galeguidade, son en castelán: en 1969 a súa novela *Alcores de Donalvar* é unha das catro finalistas do Premio Café Gijón. Así mesmo, en 1971 gaña o primeiro premio dos Jogos Florais Minho-Galaicos, convocados pola Associação Cultural e Recreativa O Convívio de Guimarães, na modalidade de relato con “La casa de las Marías”³, aínda que tamén enviara ao certame unha narración en galego, “A gaiola”, da que se sentía máis satisfeita a pesar de que non foi galardoado.

Nun ambiente no que comeza a instalarse a necesidade de contar cunha literatura infantil e no que diversos axentes sociais traballan para conseguilo, atopámola participando no agromar deste sistema, pois en 1972 preséntase ao Concurso de Contos Infantís da Agrupación Cultural O Facho, unha asociación fundamental nesta etapa iniciática da LIX, e acada o segundo premio co conto “Crarisca e o luceiro”. A autora integraríaos despois en *Mar adiante* (Edicións do Castro, 1973), o seu primeiro libro para os nenos e nenas galegos, xestado, como ela revelou, tras improvisar unha resposta na entrevista que lle fixo José Luis Adrio Poza con motivo do recoñecemento obtido en Guimarães.

O entrevistador non omitiu a pregunta obrigada nestes casos: «Que estás escribindo agora?», e a entrevistada [...] mentiuille: «Un libríño para nenos en galego». Coido que mentín porque era moi

³ Os traballos premiados nesta edición recolléronse no libro *Jogos Florais Minho-Galaicos*, Guimarães: Associação Cultural e Recreativa Convívio, 1970-1971.

nova e quería parecer unha escritora de verdade... O caso é que me quedou moi mala conciencia, que non deixei de darlle voltas a aquel erro e que me sentín no compromiso de escribir o libro anunciado. O remate desta embrolla vai resultar difícil de crer [...]: unha noite soñei o *Mar adiante* enteiro, desde o comezo ata a fin, escribino nunhas vacacións de Nadal (Moreno, 1994: 110).

Tamén en 1973 acepta a encarga de Alonso Montero de preparar a antoloxía *Os novísimos da poesía galega* para a colección Arealonga, que o profesor dirixía na editorial madrileña Akal. Moreno encárgase de seleccionar os dez poetas participantes —Farruco Sesto Novás, Lois Diéguez, Alfredo Conde, Xosé Vázquez Pintor, Luís Álvarez Pousa, Xesús Rábade Paredes, Margarita Ledo Andión, Darío Xohán Cabana, Félix Vergara Vilariño e Xavier Rodríguez Barrio—, do prólogo e da tradución ao castelán dos textos escolmados.

En 1975 a autora concorre de novo ao concurso do Facho e desta vez acada o primeiro premio co conto “O cataventos”, incluído primeiramente en *Contos pra nenos* (Galaxia, 1979), o primeiro volume en galego que formou parte da Lista de Honra do IBBY en 1982.

Estes primeiros pasos en galego da escritora aparecen consignados en diferentes entrevistas e notas na prensa da época, nas que queda claro como asume como propia a lingua de Galicia, considerándoa tan válida coma calquera outra para a creación, por máis que os xornalistas, en castelán, xaora, insistan no “exotismo” da súa escolla e na súa condición de extremeña: “¿Cómo fue que usted sin ser gallega escribiese en gallego?” (L.R., 1973); “Es una extremeña que habla y escribe en gallego” (Rivera, 1973). Con todo, ela non perde oportunidade de lanzar afervoados lemas que se recollen en titulares: “No dejéis que muera vuestra lengua” (Moreno, 1973, 1974); de explicar, en conferencias, encontros ou sempre que lle preguntaban ao respecto, o brillante pasado da lingua galega, de analizar a diglosia e os prexuízos, de afirmar que a perda da lingua nativa suporía a desaparición da idiosincrasia propia, e incluso de sinalar o papel fundamental da Igrexa, a escola, a Administración pública e os medios de comunicación na mentalización do pobo e de apuntar cara á responsabilidade das mulleres na transmisión da lingua.

Noutro eido, entre 1971 e 1975, como ocorrera nos seus tempos de universitaria en Entrevías, implicouse nun proxecto quixotesco: alfabetizar os galegos na súa propia lingua. Da man de diversas entidades, imparte cursos en Amigos da Cultura de Pontevedra, no Concello de Vilagarcía e no Ateneo de Ourense. En tempos de censura, tales cursos, tolerados pero non remunerados, causáronlle non poucas complicacións, como a apertura dunha ficha policial, a retirada do pasaporte e un rexistro domiciliario (López, 2001); ademais de calumnias e aldraxes (Moreno, 1994: 108). En xullo de 1973 denéganlle a renovación do pasaporte en represalia á súa colaboración co Ateneo de Ourense, entidade que a policía consideraba subversiva e implicada en actividades contra o réxime. Tamén causaba receos entre as autoridades a súa amizade con Alonso Montero, cuxa militancia no Partido Comunista era coñecida.

Outra faceta do seu activismo cultural atopámola na súa participación na creación da librería Xuntanza de Pontevedra, canda o seu home e outras nove persoas: Margariña Valderrama, Alfredo Conde, Blanca Varona, Ramón e Javier Yuste, Carmen María Echarre e o crego Paco Gulías. O negocio, fundado en 1973 no número 1 da rúa Andrés Muruais, pretendía mitigar o baleiro cultural da cidade, e axiña acadou sona polos libros prohibidos que acollía na traseira; os seus rechamantes escaparates, sobre todo o Día das Letras Galegas; a organización dun premio en galego e dun parladoiro frecuentado por xente de esquerdas; e mesmo pola distribución de lecturas entre os presos do cárcere da Parda. Xuntanza prestou especial atención aos libros infantís, sección na que María Victoria tivo moito que ver. De feito, as primeiras bibliotecas escolares nos colexios da provincia de Pontevedra naceron grazas a esta librería. No entanto, as perdas económicas fixeron que a librería pechase as súas portas a mediados de 1976. María Victoria e José Luis Llácer, únicos responsables naquel momento tras o abandono dos demais, asumiron as débedas, un duro golpe do que tardarían en recuperarse. Porén, consideraron aquel soño como algo que pagara moito a pena e que os enriqueceu interiormente.

No ámbito persoal, o principal acontecemento destes anos é que a autora cumpre o acariñado desexo de converterse en nai dos irmáns Begoña e Carlos a través da adopción, uns trámites, complicados naquela altura, que iniciou en 1973 e que se formalizaron en 1975.

A década dos oitenta: conciliación familiar e actividade pública

Nos anos oitenta, María Victoria Moreno compaxina a súa vida familiar, intensa neste tempo pois ademais de se ocupar dos fillos, dende 1983 ata 1996 coida da súa nai; o seu traballo docente en Pontevedra —interrompido durante os catro cursos (1986-1990) que impartiu no Instituto de Vilalonga de Sanxenxo—; e unha intensa actividade pública. Malia adoitar dicir nas súas charlas que un bo día a sacaran da cocíña para facer outras cousas, como levamos visto xa contaba cun labor ben considerable.



María Victoria Moreno co seu home José Luis Llácer e cos seus fillos Begoña e Carlos

Así por exemplo, nestes anos dá cursos de Literatura Galega en Pontevedra, Vilagarcía, Portonovo, Vigo e O Porriño, os primeiros que buscaban a especialización na materia dos docentes de EXB; participa en Santiago de Compostela nas Primeiras Xornadas da Lingua Galega no Ensino (marzo de 1984) auspiciadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística co relatorio “Comentarios de texto: descubrir a realidade”, no que defende a validez do comentario de textos nas clases de Literatura e comenta a “Cantiga do neno na tenda”, o terceiro dos *Seis poemas galegos* (1935) de Federico García Lorca, a quen dedicaría outras análises. Pronuncia tamén múltiples charlas —como “Literatura galega actual” (20 de xuño de 1986), no marco dos Primeiros Encontros para Mestres Especialistas en Lingua Galega, no

Mosteiro de Poio; ou “Galicia na nosa literatura” (maio de 1987), diante do alumnado de Educación Permanente de Adultos—; ou participa na fundación do Pen Clube en Galicia en 1988. En 1989 atopámola colaborando na constitución de GALIX; en Salamanca, na sede da Fundación Germán Sánchez Ruipérez, falando da súa obra; nun encontro en Madrid no marco do Festival de Jóvenes Autores do Colexio Americano; como pregoeira da XV Feira do libro de Vigo; ou nas II Xornadas de Literatura organizadas pola Asociación Amigos de Mondoñedo, canda Ramón Piñeiro, Carlos Casares, Darío Xohán Cabana, Xavier Rodríguez Barrio e Xosé A. López Dobao.

Estas actividades coinciden coa súa madurez creativa na literatura infantil e xuvenil, á que achega títulos fundamentais que se integran nas coleccións máis representativas desta etapa. En 1985 acada o terceiro premio no certame O Barco de Vapor con *Leonardo e os fontaneiros* (Galaxia/SM, 1986); *A festa no faiado* (Galaxia, 1986) publícase na colección “A chalupa”; *Anagnórise* (Galaxia, 1988) é un dos títulos inaugurais de Árbore —colección que a autora dirixe en colaboración con David Otero e Antonio García Teijeiro—, incluído na Lista de Honra do IBBY de 1990, seleccionado, na súa versión ao castelán, como unha das mellores obras do ano pola revista *CLIJ* en abril de 1991 e como un dos mellores títulos da década en 1998; *O cataventos* (Sotelo Blanco, 1989) édítase nun volume de seu na colección “Libros do sol e da lúa”; e o conto “Nico e Miños” inclúese no volume colectivo *8 contos* (Xunta de Galicia, 1989).

Así mesmo, cómpre mencionar o seu traballo como tradutora, eido ao que contribuíu trasladando do galego ao castelán obras de Carlos Casares, Helena Villar Janeiro e Xesús Pisón; e vertendo dende o catalán a Manuel de Pedrolo, Gabriel Janer Manila e Maria Àngels Gardella, e dende o castelán a María de la Luz Uribe e Andersen⁴.

⁴ Trátase, respectivamente, dos seguintes títulos: para La Galera: *El perro Rin y el lobo Crispín* (1983), *El día que llovió de noche* (1985) e *El pintor del viento* (1987); para a colección Árbore de Galaxia en 1989: *Mecanoscrito da segunda orixe, Isto que ves é o mar e Os ollos do dragón*; *O voo de Inés* (Argos Vergara, 1984) e *As mazás da prosperidade* (Galaxia, 1991). Ademais realizou versións ao castelán dende o portugués, o francés e o catalán: *Dos idiotas sentados cada uno en su barril* (Aliorna, 1987), de Ruth Rocha; *Mañana sale el sol* (Pirene, 1987), de Luce Fillol; e *Viaje en trineo* (Pirene, 1989), de Picanyol.

Tamén nos oitenta realizou dous libros de texto dedicados á literatura galega para as etapas de iniciación universitaria (Galaxia/SM, 1985) e 3º de BUP (Galaxia/SM, 1987), no primeiro caso con Xesús Rábade Paredes, e no segundo, ademais con Rábade e Luís Alonso Girgado. Tales manuais foron uns dos primeiros dispoñibles para impartir a materia nas aulas, dous completos intentos de sistematización, con abondosas explicacións, comentarios de texto e esquemas e gráficos para favorecer a aprendizaxe.

Unha figura consolidada: os noventa e os primeiros anos do século XXI

Ao longo da década dos noventa, María Victoria Moreno convértese nunha persoa ben coñecida en Pontevedra, polo seu labor como docente; a súa obra literaria e cultural; e os seus habituais paseos pola cidade cos seus cans, polos que sentía un cariño e unha debilidade especiais que a levaban mesmo a lles celebrar os aniversarios. É frecuente vela fotografada cos múltiples cans que pasaron pola súa vida —Pelusa, Nica, Alma, Nico...—, ademais de convertelos en protagonistas das súas historias, reivindicando o trato digno que merecen e gabando o seu amor fiel e desinteresado. A partir de 1990 imparte clases no Instituto Mixto número 5 de Pontevedra, que posteriormente levaría o nome de Gonzalo Torrente Ballester, centro no que se xubilaría anticipadamente a finais do curso 2001-2002, unha decisión difícil que tomou despois de que a vida lle asestase duros golpes. Os seus compañeiros do Instituto Torrente Ballester despedírona cunha entrañable homenaxe que se celebrou o 30 de xuño de 2002.

Un ano despois da morte do seu home, acontecida en xaneiro de 1996, diagnósticaselle un cancro de mama, nuns tempos nos que tal doenza se entendía como unha ameaza mortal. Principia entón unha dura loita contra a enfermidade: operacións, revisións exhaustivas, tratamentos... Con todo, négase a solicitar a baixa no instituto e teima en levar a vida de sempre. Asustada, enfadada, rebélase empregando as palabras como arma. En pouco tempo escribiu varios cadernos á man, parte dos cales rescataría para o *Diario da luz e a sombra* (Xerais, 2004).

A esta etapa con tantos altibaixos emocionais pertencen os poemarios *¿Un cachíño de bica?* (SM, 1994), *¿E habrá tirón de orellas?* (Galaxia, 1997) —considerada unha das mellores obras do ano por *CLIJ* (1999)— e *¿Xa non teño medo!* (Xunta de Galicia, 1998), cos que se suma

á tendencia dominante neses anos de impulsar o xénero poético para o lectorado infantil; o conto *A brétema* (Ir Indo, 1999) e a novela *Guedellas de seda e liño* (Galaxia, 1999), distinguida en 2000 cunha mención pola Fundación Premios da Crítica Galicia, na categoría de Creación Literaria, e incluída en 2002 na selección *The White Ravens*.

Así mesmo, responde con diferentes relatos infantís e xuvenís a distintas peticións de colaboración. En xuño de 1992 participa no singular proxecto “Os contos do Castromil”, que consistiu na edición dunha serie de obras literarias de curta extensión para agasallar os viaxeiros nas liñas da empresa de autobuses, co conto “Querida avoa” (Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, 1992), recollido anteriormente no volume colectivo *Lerías* (Xunta de Galicia, 1991). Nacen tamén contos como “S.O.S.” (en *Contos de hogano*, Editorial Compostela, 1992); “O libro das saudades e os degoiros”, en *V Tren Caixa Galicia-Ruta Rosalía*, Caixa Galicia/Renfe, 1993); “Pan con chocolate” (en *Relatos para un tempo novo*, Xunta de Galicia, 1993; e en *E dixo o corvo...*, Xunta de Galicia/Hospital Xeral de Galicia, 1997); “Amigos de mil cores” (en *Campaña de Lectura 2001*, Xunta de Galicia, 2001); e “O grumete” (en *Contos de charlatáns, grumetes, botas e fendas*, Xunta de Galicia, 2004).

Alén disto, en 1991 escribe os ensaios divulgativos *As linguas de España* e *Verso e prosa* (Xunta de Galicia, colección “Andel”); participa no congreso *Poetas alófonos en lingua galega* (Santiago de Compostela, abril de 1993), onde volve explicitar a súa galeguidade cuestionando a súa condición de alófona e declarándose practicante dunha “amorosa autofonía” (Moreno, 1994d: 108). Atopamos tamén colaboracións súas en *Comentarios de textos populares e de masas* (1994), volume coordinado por Claudio Rodríguez Fer, onde comenta un discurso de Alonso Montero e demostra o seu coñecemento da retórica clásica; ou en *Carlos Casares: a semente aquecida da palabra* (Consello da Cultura Galega, 2003), onde lle dedica un poema ao que foi para ela un grande amigo.

Xa comezado o século XXI, en 2003 converteuse na orgullosa pregoeira da Feira do libro de Pontevedra, que xa a homenaxeara en 2001. Non sería o derradeiro recoñecemento dos libeiros da provincia, xa que en 2004 foi a primeira galardoada co Premio Ramón Cabanillas convocado pola Asociación de Libeiros de Pontevedra, a Asociación Unha Grande Chea e o Concello de Cambados.

Nos seus anos finais, sen esperalo, o amor volve aparecer na súa vida cando retoma o contacto epistolar con Pedro Ferriol, ao que coñecera fugazmente anos atrás (Moreno, 2004: 54-55). Logo de moitas dúbidas, a escritora viaxa a Cuba en maio de 2003 para casar nunha cerimonia civil na Habana, e, unha vez que o seu home consegue o visado para saír do país, repiten a celebración na igrexa de Campolongo o 22 de febreiro de 2004. María Victoria Moreno traslada esta experiencia persoal ao seu mundo literario, pois atopamos os seus desexos e medos nos relatos para adultos “O encontro” (en *Un libro, a maior aventura. Campaña de Fomento da Lectura entre os Maiores*, Xunta de Galicia, 2003) e “Nocturno en tres tempos” (*La Voz de Galicia*, 2004). Co seu compañeiro formou a Sociedade Literaria Olmo e compartiu lampos de felicidade mentres loitaba contra a enfermidade.



Con Pedro Ferriol e o seu grande amigo Manuel Uhía

Unha despedida cargada de enteireza

O 13 de decembro de 2004, no Ateneo de Pontevedra, María Victoria presenta *Diario da luz e a sombra*, crónica dos días de desespero por mor do cancro, escrita para compartir a súa experiencia coa “pupa cabrona” (Moreno, 2004: 60) e axudar aos demais.

Gustárame que cada persoa que o lese atopase polo menos unha páxina na que se sentise falando comigo en paz (...). E, por outra banda, quereda axudar ás persoas a entender que o sufrimento forma parte da vida, e que a vida, aínda cos seus sufrimentos, é digna de ser vivida e é fermosísima. E que a morte é parte da propia vida e que hai que tomala con serenidade e asumila. E quereda mandar unha mensaxe de amor, que dean amor e que gocen do amor que lle dá a xente (Varela, 2005).

Horas antes recibira a noticia de que tiña metástase no fígado. Con todo, segundo o previsto, a autora falou en público sen dar mostras en ningún momento do abatemento que debía sentir. Non había ser este o seu derradeiro libro, pois nos seus últimos días recibiu ilusionada os exemplares do poemario *Eu conto, ti cantas...* (Xerais, 2005).

María Victoria Moreno finou na mañanciña do 22 de novembro de 2005 no Hospital de Pontevedra, sabedora de que en febreiro do ano seguinte, o Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra ía estar dedicado a ela, á súa obra e á natureza.

De maneira póstuma, editaríanse *Elexías de luz* (Xerais, 2006), que reúne composicións escritas en diversas etapas da súa vida, entre elas, “Carta de amor”, mención de honra no Iº Premio Avelina Valladares do Concello da Estrada en 1997; e *Onde o aire non era brisa* (Galaxia, 2009), a tradución ao galego da súa primeira novela de xuventude, *Alcores de Donalvar*, cuxa versión castelá contara cunha nova vida grazas aos azos de Pedro Ferriol, quen animou a María Victoria a presentala en 2003 a un concurso en Murcia, onde quedou finalista, e ao X Premio de Novela Curta Manuel Díaz Luis do Concello de Monleón, en Salamanca, onde acadou o galardón. En agosto de 2005, no que sería a súa última viaxe, a autora acudiu ao acto de entrega, onde aclarou a que momento da súa vida correspondía a novela e que non tiña intención de “poñerlle os cornos a Galicia”.

Entre os tributos que se lle renderon logo do seu falecemento, cóntanse a colocación, o 22 de marzo de 2006, por parte do Concello de Pontevedra dunha placa conmemorativa na ponte da avenida de Vigo cunha das súas frases emblemáticas, tomada de *Anagnórise*: “As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos”; lembranza que se completou un día despois cunha homenaxe dos seus amigos e amigas no Instituto Torrente Ballester. Ese mesmo ano, o 22 de novembro, a Asociación Cultural Máis Libros lembrou a escritora nun acto celebrado na Biblioteca Pública de Pontevedra. Así mesmo, en 2015, o colectivo feminista A Segra dedicoulle o II Día das Galegas nas Letras, ao que se suma agora este recoñecemento da sociedade galega co Día das Letras Galegas 2018 que divulgará o seu sobranceiro labor cultural, o seu compromiso coa lingua, toda unha lección de ética para aqueles que sendo galegos ignoran a súa lingua, e a súa voz pioneira na literatura infantil e xuvenil.

Bibliografía

- Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2017): “A verdadeira data de nacemento de María Victoria Moreno”, *Grial*, 215, xullo-agosto-setembro, pp. 12-13.
- (2018): *María Victoria Moreno: A muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Xerais.
- L.R. (1973): “María Victoria Moreno Márquez”, *El Progreso*, 6 de abril.
- López, Belén (2001): “¡Que bonita está hoxe Pontevedra!”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 23 xullo, p. 44.
- Moreno, María Victoria (1973/74): “No dejéis que muera vuestra lengua”, *Diario de Pontevedra*, setembro/Bos Aires, *Correo de Galicia*, 15 de abril, 177.
- (1992): “M.V.M., una profesora feliz de serlo”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 41, xullo-agosto, pp. 48-50.
- (1994): “¿Escritora alófono eu?”, en Xesús Alonso Montero e Xosé M. Salgado (eds.), *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*. Vigo: Galaxia, col. Agra aberta, 18, pp. 107-111.
- (2004): *Diario da luz e a sombra*, cuberta de Miguel Vigo. Vigo: Xerais, col. Crónica, 123 pp.
- Neira Cruz, Xosé Antonio (1999): “María Victoria Moreno: ‘Estou a escribir contrarreloxo’”, *Fadamorgana*, 3, decembro, pp. 12-16.

- Rivera (1973): “María Victoria Moreno presentó ayer su libro *Mar adiante*”, *El Ideal Gallego*, 8 abril.
- Varela, María (2001): “A alma de Galicia non ten outro camiño para florecer que o galego”, *Diario de Pontevedra*, “Revista-Entrevista”, 2 setembro, pp. 2-3.
- _____ (2005): “María Victoria Moreno, unha principia de sal e pementa”, *Diario de Pontevedra*, 16 xaneiro. Reproducido o 18 de xuño de 2017 [<http://diariodepontevedra.galiciae.com/noticia/718337/maria-victoria-moreno-unha-principina-de-sal-e-pementa>].



As veigas de Lugo e Pontevedra¹

FINA CASALDERREY

(RAG)

Foi en Lugo onde Galicia se revelou ante os meus ollos, enteira, no seu ser, na súa cultura, no seu feitizo, na súa problemática e na súa lingua.
“¿Escritora alófona eu?”, 1994

O outono é longo e doce en Pontevedra... Cando pasan as Peregrinas comezan a toldarse os ceos, a refrescar moito as tardes, a demorarse os amenceres...
Mais non digades que é triste o outono, non digades que é feo. O outono, polo menos en Galicia, é apraciblemente saudoso.
Diario da luz e a sombra, 2004

Aceptei gustosa o seu convite de tomar un café na súa casa e subín, por primeira vez, ao terceiro andar do edificio nº 15 da Avenida de Vigo en Pontevedra —última residencia de María Victoria Moreno—. Era tempo de Nadal. Alma, a Alma dos inicios —logo tivo outra que se chamou igual e na que volveu depositar unha parte importante dos seus afectos—, unha cadeliña téckel de pelo escuro, xoguetas e agarimosa, veume recibir onda a porta canda a súa dona. Eu entregueille á anfitriña unha rosa vermella que levaba para ela. O primeiro que me chamou a atención, nada máis traspasar o limiar da porta, foi ver chantada no chan, no mesmo distribuidor da entrada e sobre papeis de xornal abertos e ensamblados coma un *collage*, unha torada de carballo. “É o baño de emerxencia de Alma”, indicoume sen máis. Con todo, alí non ulía a ouriños, senón a café acabado de facer, a tabaco, a libros... Logo, moi amable, foime mostrando as diferentes estancias. Comezou pola cociña, onde sobre a mesa sobresaía da parede un aplique de luz potente: “Aquí escribo a miúdo as miñas cousas”, volveu revelarme.

Deseguido, noutro cuarto, abriu unha ventá orientada ao nordés e mostroume a xardineira que ocupaba todo o oco exterior. Lembro recoñecer nela, entre outras plantas, un ramallo de pirixel que se erguía vizoso: “Esta é a veiga de Lugo”, díxome sen máis explicacións. Daquela, eu limiteime a

¹ Algúns datos deste traballo foron extraídos da biografía Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre (2018): *María Victoria Moreno: A muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Xerais. Outros, dos álbums de prensa, cedidos por Pedro Ferriol Suárez, viúvo de M^a Victoria. As fotografías persoais foron facilitadas por Begoña Llácer Moreno, filla da nosa autora.

sorrir a súa ocorrencia, sen reparar no significado que para ela tiña aquela minúscula parcela de terra. Cambiamos de habitación, levoume ao balcón e mostroume outra xardineira semellante á anterior: “Esta é a veiga de Pontevedra”. Sentamos no salón —Alma, onda nós, afanábase en destripar un libro diante da pasividade da súa ama— “É malísimo!”, respondeu á miña mirada atónita.



María Victoria Moreno na cociña, onde escribía algunhas noites de durmir pouco

Todos os recunchos libres posibles dos andeis dos mobles daquel salón estaban ocupados por cartas, postais e felicitacións de Nadal, abertas, adrede, de tal xeito que calquera podería ler o que nelas había escrito. Mentres ela foi buscar o café e algunha cortesía gastronómica, a miña mirada, inevitablemente, pousou nalgún dos breves manuscritos: “Á mellor profesora que puiden soñar”, “Oxalá se cumpran todos os teus soños, como ti cumpriches moitos dos nosos”... Decateime de que o seu alumnado estaba dalgún xeito naqueles andeis.




María Victoria con Alma, a súa cadelíña preferida

Con todo, mellor comezamos polo dereito...

Malia que María Victoria Moreno chegou a Galicia hai moito tempo, xusto no mesmo ano en que a Real Academia Galega deu en celebrar o primeiro Día das Letras Galegas (1963), e a pesar de vivirmos ambas as dúas en Pontevedra, non coincidín con ela en distancias curtas ata moito máis tarde. Foi bastante despois da creación da 1ª Cátedra de Literatura Galega (1969), da promulgación da Lei de Educación (1970),

da creación do Instituto da Lingua (1971), da Constitución Española (1978), do Decreto de Bilingüismo (1979) ou da aprobación do Estatuto de Autonomía (1980). Cadramos por primeira vez a raíz da entrada en vigor da Lei de Normalización Lingüística (1983), que foi cando o galego entrou nas escolas non só como materia de estudo, senón que se impartían en galego varias disciplinas. Neses anos xorde a oportunidade para os mestres e mestras de formármonos con cursos de iniciación, perfeccionamento e especialidade. Ata entón, se non se escolarizaba en galego, mal podía agromar profesorado de galego, lectores ou escritores de Literatura Infantil e Xuvenil (“Eu leo, logo el escribe”, dicía Calvino). As incursións na LIX ata entón foran escasas. Nesas circunstancias, a moitas e moitos de nós soábanos unha tal María Victoria Moreno, profesora de lingua e literatura, que publicara algunhas cousas en galego para a xente miúda, fixera algún libro de texto en galego, dera algúns cursos... Mesmo a quen viviamos na periferia, pasáranos inadvertido algo tan revelador como que, na rúa Andrés Muruais, nº 1 de Pontevedra, xunto con outros socios, entre os anos 1973 e 1976, María Victoria rexentara a librería Xuntanza, na que se vendían libros prohibidos, se organizaban parladoiros e se atendían as demandas literarias dos galeguistas e dos presos políticos do cárcere da Parda —hoxe na Lama—. Nada sabiamos de que, precisamente por un deses cursos, aínda sen estaren prohibidos explicitamente, chegou a ser sospeitosa de facer propaganda contra a ditadura franquista; tal como aconteceu en 1973, cando lle foi retirado o pasaporte pouco despois de impartir unhas clases de galego no Ateneo de Ourense, unha entidade dirixida por Manuel Peña-Rey, de coñecida militancia comunista, e considerada subversiva.

Tampouco sabiamos moito da súa apaixonante biografía e, no comezo dos oitenta, dabamos por feito que era galega, unha escritora e profesora galega. E non só nós: “María Victoria Moreno és gallega. Ella estima tant la seva terra que aquest amor l’ha emprès a escriure la narració present”, escribe Cèsar Vázquez do Seminario de lectura Rosa Sensat. Refírese a *La boira* (*A néboa*) traducida en la Galera, colección “La Gaviota”, ao catalán (*Avui del jovent*, 19/01/1986). María Solé, no ABC, escribe: “Nos sorprendió gratamente esta escritora gallega con su primera obra *La niebla* (La Galera) —refírese, entendo, á tradución ao castelán— y ahora vuelve a demostrarnos su buen hacer” (*ABC*, 26/05/1988). Fai referencia, nesta ocasión, a *Leonardo e os fontaneiros* en castelán.



Documento que avala a retirada do pasaporte e no que podemos comprobar a súa data real de nacemento

Refírome en todo momento aos que nunca nos impartira aulas, nin cursos, nin tiveramos relación directa con ela por ningunha outra razón. As alumnas do Instituto Feminino de Pontevedra —eu xa non estaba— ás que, en 6º de bacharelato, lles dera clase de lingua e literatura castelá no curso 1967/68, si lembraban agradecidas o esforzo desta profesora excepcional por facer daquelas rapazas apaixonadas lectoras; por mostrarlles, convencida, a realidade lingüística do país, facéndolles sentir a responsabilidade individual e colectiva que tiñan con respecto ao porvir da lingua e da cultura de Galicia. Lembran o seu empeño en introducir o galego nas aulas, malia ser profesora de lingua castelá, e en aprender do propio alumnado a dicción correcta mesmo aínda que nos comezos a rapazada, desconcertada, dese en rir do esforzo daquela ensinante peculiar que pretendía pronunciar en galego certos fonemas de maneira correcta, sendo profesora de castelán. Así a lembra a académica Rosario Álvarez Blanco:

Eramos adolescentes, pero recollemos o recado. Ela ía metendo, cada semana, un anaquiño de literatura galega nas clases. Ela foinos animando a que cada semana (ou cando menos cada pouco), nós fomos presentando tamén pequenos textos escritos por nós en lingua galega. No meu recordo era aos venres. Faciamos como podíamos, con frecuencia como facía Rosalía. Moitas xa nunca o deixamos. A miña primeira gramática galega, comprada por min, ten data (daquela asinaba todos os libros) do ano 1968, xusto despois de acabar a tutela de María Victoria. Tiña 16 anos.

Nese curso, María Victoria regresara de Lugo, onde estivera destinada entre os anos 1965 e 1967, como profesora agregada de bacharelato na materia de lingua e literatura española, logo de aprobar a oposición. Naquel Instituto Masculino de Lugo ao que chegara en decembro, fixo amizade con Xesús Alonso Montero —o seu xefe de seminario— e coa súa familia. Este profesor influíu no seu inquebrantable compromiso con esta terra e esta fala, feito que ela recoñeceu sempre, en canto xurdía a ocasión. Cando Xesús Alonso Montero se xubilou como ensinante (“oficialmente”, pois por fortuna o seu maxisterio continúa no momento en que isto escribo), nun suplemento monográfico de *La Voz de Galicia* (Culturas, 116, 22/02/2000), María Victoria dedicalle un exhaustivo artigo no que non obvia esta débeda e lembra o impacto que nela produciron as palabras do catedrático de lingua e literatura castelá cando se dirixira aos rapaces das aldeas dos arredores que, “traxados coma homes pequenos”, ían examinarse por libre da devandita materia. Describe con mestría e sensibilidade exquisitas o momento no que, ategados de incertezas, medos e respecto infinito, aqueles rapaces eran recibidos no vestíbulo polo catedrático e xefe de seminario Xesús Alonso Montero. Naquela “porta de embarque” ás aulas nas que ían realizar os exames, o profesor dirixírase a eles en galego! “Ecoaba o seu verbo, sinxelo e ao mesmo tempo ategado de seguranzas familiares, entre as paredes inhóspitas do vestíbulo, a multitude tensa respiraba fondo, distendíase, sorría levemente...”. Recolle neste texto a capacidade de sedución do “Mestre das palabras” —así titula o artigo— ao aproveitar a propia “música” das cantigas que cada neno levaba gravadas na alma, para crear, de entrada, un clima de sosego. Recorda, tamén, o desterro posterior sufrido polo profesor en febreiro de 1975 a Montilla (Córdoba) onde permanece ata o

mesmo día en que “desconectan o respirador” a Franco como el mesmo conta en *Unha ducia de Galegos* (Víctor Freixanes, Galaxia, 1976) e, sobre a súa conversión en galega, escribe textualmente:

Eu non teño casa petrucial en Galicia e non podo falar da “hortiña que quero tanto” nin das “figueiriñas que prantei”, mais pouco importa isto se a miña voz chega aos colexios e aos institutos deste país e se os topónimos chegan á miña caixa de correo convertidos en terra palpitante grazas ás cartas que recibo dos meus lectores. Ten isto algo que ver coa influencia que exerceu sobre min Xesús Alonso Montero? Evidentemente si, cando menos en parte. O que poida haber de motivo da miña decisión de vivir en Galicia e escribir para Galicia Deus saberá a quen llo debo. O meu estilo é meu e coido que llo debo a meu pai e aos xenes que me transmitiu. A actitude ante a lingua, a ética e o meu compromiso cos seus falantes herdeiros de quen foi o meu mestre, de quen me honro e recoñezo como mestre.

Do mesmo xeito, en *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil* 41, 2002, p. 50) volve recordar cando o seu xefe de seminario en Lugo lles falaba en galego ao alumnado do rural cando ían examinarse por libre de Lingua Española, coa intención de relaxar a súa tensión: “Al ver esto, M.V. se dijo: Esta es tu alternativa: o trabajas para Galicia, y eso se hace en gallego, o te vuelves a la meseta. Y se quedó en Galicia, donde espera ser cristianamente enterrada cuando le llegue su día”.

En pouco tempo, María Victoria adquiriu un dominio da lingua e un sentido de compromiso coa causa do galego tal que, a partir do curso 1971/72, comezou a impartir, xunto con Enrique Fernández Barreiro, de maneira altruísta —en Pontevedra e en Vilagarcía—, cursos de idioma galego organizados pola Asociación Amigos da Cultura de Pontevedra, cuxo presidente era Ramón Barral Andrade. En Pontevedra tiñan lugar os martes a partir das 19:30h, no local da Asociación: Rúa da Oliva, nº 23, 3ª planta. Os exames celebrábanse no Instituto Feminino. O idioma impartíase, e así o anunciaban na prensa do momento, de acordo coas instrucións do Instituto da Lingua Galega da USC, acabado de nacer, coas normas da Real Academia Galega, a *Gramática* do profesor Carballo Calero e o *Diccionario* de X.L. Franco Grande.



Xantar de clausura que lle ofreceu o alumnado do curso de galego na Armenteira, ao remate (maio de 1972)

A data de 1973, coa publicación de *Mar adiante*, marca un fito na súa traxectoria como escritora, como escritora galega, ademais. Certo que xa en 1969, dos 94 participantes, quedara entre os catro finalistas do Premio Café Gijón coa narración, en castelán e para adultos, *Alcores de Donalvar*. Certo, tamén, que en decembro de 1971 gañara o primeiro premio nos Jogos Florais Minho-Galaicos de Guimarães co relato *La casa de las Marías*. Porén, a María Victoria gustáballe máis o relato que enviara en galego, *A gaiola*. E así o manifesta nunha entrevista: “Era mucho más humano y el que mayor satisfacción me dejó cuando guardé la pluma y lo leí entero” (*Diario de Pontevedra*, 1/12/1971). Xa daquela, na mesma entrevista, o xornalista —I.L.R.— recoñece: “Y es que las raíces de María Victoria Moreno van ya muy extensas y profundas en nuestra tierra”.

Este relato, *A Gaiola*, que se abre cunha cita de *Adios ríos, adios fontes*, permanece inédito no momento en que isto escribo e, aínda que tiveron o privilexio de lelo mecanografado, non é a min a quen corresponde dálo a coñecer.

Certo, outrosí, que en 1972 o seu conto *Crarisca e o Luceiro* (incluído en *Mar adiante*) acadara o segundo lugar no Premio O Facho; ou que xa en xaneiro de 1973, logo de escoitar unha conferencia sobre a galeguidade de Lorca que María Victoria impartiu no Casino de Pontevedra, na que fixo unha exhaustiva análise dos seis poemas galegos do poeta granadino, Manuel Trigo Díaz, Presidente do Padroado Rosalía Castro, escribira dela:

Eu coido que non me trabuco se aseguro que esta é a primeira vez que unha muller ocupa unha cadeira nun lugar coma este para unha tarefa tan fermosa coma a de hoxe. Teño para min que me atopo crebando feitura hoxe en día esquecidas. Nós, o noso Padroado, ten por senlleira unha muller. Bo será entón, que sexa tamén outra muller a que veña aquí, falando coa mesma fala daquela trobadora que “levou na fronte unha estrela e no bico un cantar” (*Faro de Vigo*, 23/01/1973).

E é, asemade, verdade que ao día seguinte, na sección “Pulso de la ciudad”, *El Correo Gallego*, segue a resaltar a perfecta dicción e o ton de voz “sumamente grato” da conferenciante, así como a súa “erudición”:


como puso en relieve su conocimiento de nuestro idioma, más que meritorio aún, si tenemos en cuenta que no es natural de nuestra región. Pero sí, sin duda alguna, una auténtica enamorada de ella (*El Correo Gallego*, 24/01/1973).

Porén, *Mar adiante* foi o seu primeiro libro publicado —e en galego— e dende entón, como ela mesma apuntaba, nunca lle puxo os cornos a Galicia, contribuíu a abrir espazos novos no mar de carencias e prexuízos que enchoupaba a literatura galega nas escolas dos anos setenta. Presentouse en abril de 1973 na librería Alonso de Lugo, esa cidade á que tiña especial querenza por ter comezado alí a ter contacto directo co galego.

A repercusión na prensa foi notable, en todas partes resaltaban o seu dominio do galego e a súa magnífica prosa.

En *El Progreso* de Lugo (5/04/1973), J.S. recolle o acontecemento coma unha “feliz e esperanzadora” achega a unha creación literaria enfocada “seriamente” á infancia.

Na nosa terra adeprendeun, co agarimo afervoadado que ela pon en todas as cousas, esto —refírese a *Mar adiante*— no noso idioma tan aqueloutrado. Discípula conmovida do país, en pouco tempo vai ser mestra de xentes do país, pro mestra da materia máis sutil que un país pode forxar: a fala (Alonso Montero, *La Voz de Galicia*, 5/04/1973).



Capa de *Mar adiante*

“¿Estamos ante un Boom? Puede ser que empezándolo.” Isto é o comezo dun artigo que recolle *La Región* (22/04/1973), na sección “Yo me enteré y se lo cuento a usted” dedicada nesa ocasión á literatura infantil, para destacar o éxito de *Mar adiante*.

No *Diario de Pontevedra* (31/05/1973), A. Gómez Ledo refírese a este libro como “unha pérola de esgrevia belideza cuia dona, que por certo non foi nada na terra nosa, atopouna e, envolveita nas páxinas dun libríño, expóna para nosa admiración”.

No nº 41 da revista *Grial*, Xavier Costa Clavell escribe sobre *Mar adiante* mostrando o seu escepticismo e posterior recoñecemento polo feito de que a súa autora leve tan só oito anos en Galicia (en realidade levaba dez):

Este feito, estas circunstancias, despertan en nós a curiosidade e tamén unha certa desconfianza á hora de mergullarnos na lectura de *Mar adiante*. Nembargantes, namentres a curiosidade vaise facendo máis forte a medida que se avanza na lectura, a desconfianza recúa, xa que María Victoria sorpréndenos cun galego moi axeitado —a escritora conta cun ricaz léxico e manexa con soltura os resortes expresivos—, que se artella funcionalmente ca dinámica narrativa das historias, deixando ceibes os rexistros poéticos que as enriquecen.

De certo, María Victoria coidaba moito a fala e a escrita, procuraba estar ao día na normativa e na recuperación do idioma. Exasperábaa toda persoa que, tendo oportunidade de aprender a facelo ben, utiliza a lingua á lixeira, poño por caso, quen introduce unha oración cun “E agora dicir que...”, o mesmo que rexeitaba o abuso dos xerundios sen necesidade. De feito, en *Elexías de luz* —ese libro de poemas póstumo—, dedica un soneto a cada un destes desacertos:

Desde París dicir...

Adoro o infinitivo concertado...
Quero dicir que adoro esa estrutura
na que o tempo e aspectos dan finura
ó sentir co pesar ben axustado.
Pero detesto o verbo desnortado,
Lamento esa orfandade pobre e dura
Do infinitivo enxebre, o cal abura
O espazo natural dun enunciado.
“Desde París **dicir** que o presidente...”
“Nesta ocasión **saudar** o xesto bravo...”
“para acabar **pedir** prazos abertos...”

Digo, saúdo e pido dignamente
desde París, nesta ocasión e acabo,
un canto inútil aos verbais concertos.
(*Elexías de luz*, p. 42)

Así comeza o que dedica aos xerundios:

Vou xerundiando con xerundios feos
en tanto que –indo e –endo andan rillando
no fígado da luz e, á vez, matando
as faíscas fugaces de mil ceos.
(*Elexías de luz*, p. 41)

Nunha ampla entrevista que Xosé A. Neira Cruz lle fai en *Fadamorgana*, á pregunta de se, como se dicía, escribía en castelán e logo traducía ao galego, responde contundente (p. 13):

Iso é mentira podre. Eu sei catalán, portugués, francés moi ben, italiano... Por iso cando cheguei a Pontevedra empecei a chamar a atención pola miña capacidade para o galego. Aquí toda a xente de fóra dicía “soubas”. Pero como é unha articulación prepalatal fricativa e xorda, souben recoñecela e pronunciála correctamente desde o comezo. E a xente dicía: “Ai, esta di xoubas!” E logo que querías que dixese? Logo lin a don Ramón Otero Pedrayo. E seguíu aprendendo moito léxico. E, sobre todo, é que me interesaba. Interesábame porque estaba comprometida coa xente que falaba en galego, que eran os traballadores, os obreiros, os labregos... Ademais, eu escribo en galego porque teño dereito a facelo, porque podo e porque o fago mellor ca moitos galegos sen ser galega de orixe (*Fadamorgana*, 3, decembro 1999).

Se de algo non pecou nunca, foi de falsa modestia.

E volvendo á repercusión que *Mar adiante* tivo no seu tempo, e diante da reiterada pregunta: “Por que en galego se non é galega?”, María Victoria tratou sempre de xustificalo coa anegada paciencia dun inocente acusado dun delito que non é tal. Aclaro que o feito de que determinadas respostas estean recollidas en castelán débense á política editorial dos xornais que adoitaban, e algúns aínda adoitan, traducir ao castelán o que nós dicimos en galego: “Yo fui mayor de edad en Lugo, en esta casa —na de don Xesús

Alonso Montero, onde lle fixeron a entrevista o día da presentación de *Mar adiante*—. Entonces me di cuenta de que Galicia no era aquello, sino una hermandad distinta de las otras” (L.R., 1973).

Nesta entrevista explica como foi mudando a súa concepción de Galicia dende a súa chegada a Lugo, e pasou a ser para ela moito máis ca paisaxe, gaitas e melancolía.

Á pregunta de se se sentía máis galega ou estremeña, ela responde rotunda que “galega” e a outra pregunta, aínda máis impertinente, na que lle din se á súa familia non lle ofende que esquecese tan pronto a súa terra e escriba en galego, M^a Victoria responde: “A miña familia o que quere é que sexa feliz”, e cando lle preguntan se atopou aquí moitas cousas interesantes, ela volve ser rotunda na resposta: “Todas” (*El Ideal Gallego*, 8/04/1973).

En cada presentación de *Mar adiante*, volvían xurdir os comentarios arredor da súa opción polo galego. Así, na que organizara o Padroado Rosalía Castro, no Casino de Vilagarcía, *La Voz de Galicia* recolle: “Lo primero que sorprende es su vivacidad, lo segundo el consumo de cigarrillos; lo tercero... que habla y escribe en gallego deliciosamente” (*La Voz de Galicia*, 11/04/1973).

José Luis García Mato, en *El Progreso* recolle en titulares, “María Victoria Moreno Márquez veu a Vilalba a falarnos de Galicia e do galego”. Como encabezamento da entrevista, resalta a “estraña” circunstancia de que, nacendo en Cáceres, criándose en Castela, estudando en Barcelona e Madrid, “fala i escribe en galego que dá xenio oílo e lelo”. E na resposta á tópica pregunta de “por que en galego?”, ela responde:

Aquí —refírese a Lugo— comecei a vivir en serio, a rir en serio, a chorar en serio... Eu son unha muller desde que cheguei a Galicia e por iso coido que é a miña terra. Podes comprender que, se Galicia non me é indiferente, a súa fala tampouco. Eu son unha profesora de lingua e quero ser unha muller que respira na vida. Por isto penso que a situación do galego non se pode ver con indiferenza. Si estou coa xente que amasa o meu pan e máis colle no mar os peixes da miña mesa, tamén quero falar con eles, falar a súa fala” (*El Progreso*, 15/04/1974).

O seu amor por Galicia, a nosa cultura e a nosa lingua, estaba xa ben demostrado cando chegou un momento no que, farta de ter que estar xustificando a súa galeguidade, un día respondeulles airosa: “Falo e escribo en galego porque me petal!”, botando man dos versos do poema *Deitado fronte ao mar* de Celso Emilio Ferreiro; porén, engadiu: “Escribo en galego por ética e por amor a Galicia [...]. Escribir en galego non limita posto que, se o que se escribe é de calidade, será sen dúbida traducido despois” (*El Correo Gallego*, 8/05/1974).

O mesmo ca ese Miguel, o mariñeiro de *Mar adiante* que non sabía facer barcos de guerra, pero si, barcos escola. Miguel chegara anos atrás a Portosouril para utilizar o seu enxeño e a súa vida en mellorar a vila, ata gañarse o sobrenome de Miguel o de Portosouril, ela foi María Victoria a de Galicia, por méritos semellantes.

María Victoria sempre soubo que cando chegas a un lugar para quedares a vivir nel, debes tratar de coñocelo, de enchouparte da súa cultura e de ser unha máis. “si vives aquí, o te integras o te marchas y al decidir quedarte tienes que arrimar el hombro y trabajar por el futuro de Galicia” (*Diario de Pontevedra*, 14/06/1988), a raíz da presentación de *Leonardo e os fontaneiros* no instituto Valle Inclán.

“Se tivese outra vez 20 anos, volvería traballar polo galego” (*La Voz de Galicia*, 25/09/2002).

O curioso do caso é que canto máis indagamos na súa biografía, máis convencidas estamos, Marilar e mais eu de que María Victoria Moreno Márquez é galega. Certo que naceu en Valencia de Alcántara o 1 de maio de 1939, mais foi algo circunstancial; nin seu pai nin súa nai eran extremeños. Seu pai, Vicente Moreno Moreno, era toledano, fora mobilizado na Facultade de Dereito, en 1937, para ir á fronte. Alí permaneceu Sara e alí naceu María Victoria, no único domicilio familiar dispoñible naqueles días difíciles. Cando naceu súa irmá Sara Moreno, 16 meses despois, xa levaban un tempo vivindo en Badaxoz. En 1942 nace o seu irmán Antonio. E, antes de cumprir ela os catro anos, a comezos de 1943, trasládanse a Segovia, onde seu pai fora destinado como administrador da Prisión Provincial.

A mediados de agosto de 1949, dona Sara, que pedira o reingreso no corpo, posto que se cumpriran os 10 anos de excedencia permitidos,

foise coa súa prole a Sepúlveda, tamén en Segovia, onde a primeiros de setembro debía de reincorporarse ás clases como mestra. O 30 de setembro do mesmo ano morre seu pai de tuberculose, as circunstancias familiares mudan e María Victoria, malia ter cumpridos os dez anos esixidos para comezar o bacharelato, non pode facelo ata os doce. É no curso 1951-1952 cando marcha estudar a Barcelona.



Co uniforme do centro Virgen de la Inmaculada, cando estudaba en Barcelona

Finalizado o bacharelato, en 1958, comeza a estudar Filoloxía Románica na Universidade Complutense de Madrid. Remata en 1963, en xullo casa co valenciano José Luis Llacer, e veñen vivir a Galicia, por ser el destinado como director ao Colexio Santiago Apóstolo da ONCE, en Pontevedra. Talvez tantas mudanzas influísen en que, unha vez aquí, decidise botar raíces: quedar de por vida e facer que Galicia quedase nela. “Á fin, debemos darlle a razón cando afirmaba ser galega: é a terra onde viviu máis tempo e coa que se identificou” (Casalderrey e Aleixandre, 2018). Por non mudar, nin mudou de rúa. Viviu dende o principio en

Pontevedra, na Avenida de Vigo, primeiro nun ático do nº 45, logo nun 5º do nº 13 e, por último no 3º andar do nº 15; aínda que na súa etapa en Vilalonga fixese noite pola semana, de cando en vez, nunha vivenda de aluguer que miraba ao mar, en Sanxenxo; o mesmo que nos dous intensos anos de Lugo, quedase pola semana na cidade. Talvez por iso, na súa casa tiña dúas “leiras”, unha orientada ao sur, que era a “Veiga de Pontevedra”, e outra ao nordés, a “Veiga de Lugo”, espazos que tanto significaron para ela.

Persoalmente, cadrei por fin coa galega María Victoria Moreno a mediados dos anos oitenta. Foi en 1984, un ano despois de se poñer a andar *Nova escola galega* (1983), asociación interesada en preservar e difundir o Galego que aí segue respirando compromiso, e un ano antes de se estrear a RTV galega. Foi nuns cursos de especialidade para formar mestres na materia de lingua e literatura. Xavier Senín dábanos lingua e María Victoria Moreno literatura. Non podo dicir que me ensinasen a falar galego porque o mamei na casa, pero si que con el pulín a lingua e con ela fun destapando máis quilos de mala pintura que ocultaban a nosa literatura. Falaba mirándonos aos ollos, o seu entusiasmo era contaxioso ata tal punto que eu, que escribira algunhas cousas sen maiores pretensións, rematei por dicir: “Hei facer coma Cabanillas, vou comezar a publicar arredor dos corenta”. E cumprino. Despois xa non deixei de cadrar con ela en distancias curtas nas que seguí bebendo do seu maxisterio e mesmo tiven ocasión de ver, anos despois, como a rosa que un día lle levara, seguía alí, entre as páxinas dun bo libro. Xa sen auga, mais bonita coma unha amizade ben selada.


María Victoria, galega polos seus feitos e os seus afectos, coma a Minia Senín de Vilaxeada (*A brétema*, 1999) —aínda que non pola falta de visitas, que tivo moitas, senón consumida pola “pupa cabrona”—, mora arestora noutra dimensión, fundida para sempre coa terra que tanto amou, Galicia, convertida xa en semente que prende nas novas xeracións.

Grazas amiga.

Bibliografía

- Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2017): “A verdadeira data de nacemento de María Victoria Moreno”, *Grial*, 215, xullo/agosto/setembro, pp. 12-13.
- (2018): *María Victoria Moreno: A muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Xerais.

Contribuciones



María Victoria Moreno: unha precursora na inclusión educativa e social

EULALIA AGRELO
(UVigo/ICE/USC)

Unhas palabras introdutorias

A decisión do Pleno da Real Academia Galega de dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2018 a María Victoria Moreno Márquez (Valencia de Alcántara–Cáceres, 1939–Pontevedra, 2005) vai desencadear a aparición de pescudas, estudos e traballos divulgativos sobre a súa experiencia vital, labor profesional e achegas ao campo da lingua e literatura galegas. Os seus resultados iluminarán con máis intensidade aspectos xa coñecidos e mesmo desvelarán outros ocultos sobre esta muller que non pertencía a Galicia por vía sanguínea, pero que, dende o intre no que pisou a súa terra, fixo correr polo seu interior os fluídos lingüísticos e culturais que lle outorgan unha identidade diferenciada e que a converteron nunha galega de seu.

De todas as angueiras que ocuparon os seus días, unha das máis plenas e frutuosas desempeñouna no eido educativo. Ao remate dos estudos de Filoloxía Románica na Universidade de Madrid, a principios dos anos sesenta desprazouse a Galicia para exercer o labor de profesora de lingua e literatura española en centros de ensino secundario de Lugo, Vilalonga e Pontevedra. Nesta cidade, ao pé do seu primeiro marido José Luis Llácer e outros intelectuais como Alfredo Conde, ampliaba o reducido ambiente cultural do Lérez coa apertura da librería Xuntanza, salvagarda de títulos prohibidos, ao mesmo tempo que asumía un arriscado activismo cultural sobre o que planaba o control das forzas opresoras da Ditadura.

Esta docente de orixe cacereña alistouse no bando dos militantes que loitaban nas trincheiras da resistencia cultural, porque, dende a súa chegada a Galicia, entrara en contacto con persoas tan combativas como Xesús Alonso Montero, co que coincidiu no claustro de profesorado do Instituto Masculino de Lugo. As aulas da moza profesora eran un espazo de liberdade e nelas dáballes cabida ás voces silenciadas de autores como Miguel Hernández, dende as que o alumno Xesús Rábade descubriu que era poeta e escribiu *Xuntos cara ó mañán* (1969), que foi prologado con entusiasmo por Moreno Márquez, tal e como recorda Alonso Montero na súa disertación

“Cómo cantaron y contaron a Miguel Hernández los poetas gallegos en los años del franquismo”¹. Baixo o seu maxisterio, as voces apagadas dese e outros autores hispanos convivían en plena fraternidade coas galegas de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez ou Ramón Cabanillas, ás que tamén aludía nos cursos de galego que impartiu cos trazos fonéticos máis xenuínos en Vilagarcía de Arousa, Ourense ou Pontevedra e que foron o punto de encontro con outras persoas fundamentais para a conformación do sistema literario infantil e xuvenil galego, caso de Fina Casalderrey.

María Victoria Moreno estaba firmemente convencida de que era preciso recuperar o pasado, a tradición literaria, a lingua... que lle foron dando corporeidade á identidade galega co paso dos séculos e fíxoo dende o sistema educativo. Sabía que nel palpitan as tensións que se dan entre as opcións da ideoloxía oficial e aquelas outras alternativas (Even-Zohar, 1990: 16) e confiaba nas súas posibilidades para promover correntes contrarias ao poder establecido. A súa práctica docente afastábase das ríxidas bases educativas do franquismo non só por incorporar contidos desautorizados, senón por rachar coas metodoloxías máis autoritarias e introducir os afectos na aula. Así, dende o amor, a xenerosidade e a sedución, atraeu ríolas de alumnado cara á literatura e a causa galeguista nun espazo educativo alternativo promovido polas correntes pedagóxicas máis anovadoras. Todo un modelo rompedor que ela mesma impulsou na súa escrita dende *Mar adiante*, na que, cun marcado lirismo, critica os métodos represivos da escola tradicional e propón unha aprendizaxe empírica en contacto coa natureza, á vez que defende unha forma de vida baseada na amizade, a solidariedade, a conciencia ecolóxica e a convivencia harmónica (Soto, 1999 e 2000; Roig *et al.*, 2007: 71-75; Ferreira Boo, 2010).

A súa vontade por mudar a escola e a firme crenza do seu poder para rexenerar a sociedade enchérona de valentía para superar os bordos do seu terreo como ensinante e entrar, por medio do seu marido invidente e tamén docente, no recinto escolar illado dos discapacitados visuais. María Victoria Moreno quería derrubar os muros que dividían os diferentes centros académicos e contribuír á inclusión educativa e social por medio da participación conxunta

¹ Que se pode consultar en portal.uned.es/pls/portal/url/ITEM/81393AE98DC03C02E040660A33703A9D.

en propostas culturais de persoas caracterizadas pola diversidade. Trátase a inclusión dun modelo que veu substituír a integración nos anos noventa e está a ter unha gran repercusión na actualidade, como se testemuñou na 48ª Conferencia Internacional sobre esta temática amparada pola UNESCO en 2008². A súa conceptualización é controvertida e abrangue unha serie de procesos orientados a aumentar a participación do estudantado na cultura, os currículos e as comunidades das escolas (Booth e Ainscow, 2000), aínda que, como explica Esther Martínez-Figueira (2013: 179), non ten unha única definición e atinxe formulacións que recollen ou se centran en determinados aspectos da inclusión. A pesar de que María Victoria Moreno non fose consciente, estaba a axudar a poñer as bases dun modelo pedagóxico inclusivo que se correspondía co seu modo de entender a vida e concibir o mundo.

Nas seguintes liñas daremos a coñecer como, dende a lingua e a literatura coa que se comprometeu María Victoria Moreno —quen dixo “só escribo en galego, só escribo para nenos” (Alonso Montero e Salgado: 1994)—, se está a pular pola inclusión cun repertorio de obras literarias, entre as que se atopan algunhas da súa autoría, grazas á mediación fundamental da ONCE. Posteriormente, centrarémonos en detallar como dende esta institución alentou un concurso de contos, no que a lingua galega foi o elemento aglutinador para que todos os escolares, sen reparar na súa condición nin capacidades, se reuniran para imprimirlles máis azos a unha lingua e a unha cultura que ela sempre sentiu como propias. O proceder da profesora Moreno Márquez sitúana do lado daqueles que asentan a inclusión na interacción humana, debido a que a concibía como unha maneira de abordar a diversidade e as diferenzas, facendo fincapé na valoración de todo o mundo como integrantes dunha comunidade (Parrilla e Moriña, 2004).

A literatura infantil e xuvenil galega cara á inclusión

Unha revisión das páxinas do capítulo quinto da *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, que se publicou no ano 2015 baixo a coordinación de Blanca-Ana Roig, deixan de manifesto que nos primeiros anos do presente século se acadou o asentamento definitivo desta literatura, debido sobre todo ás demandas da institución educativa, que segue a

² Véxase <http://www.ibe.unesco.org/es/cie/48areunion-2008.html>

condicionar as intervencións de todos os axentes deste sistema literario. As súas propostas discursivas e formais son variadas e de calidade e están a ser recoñecidas por factores tan relevantes como o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil que recibiu *O único que queda é o amor* (2007), de Agustín Fernández Paz, *Escarlatina, a cocíneira defunta* (2014), de Leticia Costas e *Poemar o mar* (2016), de Antonio García Teijeiro. Estas e outras forzas sitúan a literatura para os máis novos nun dos vectores máis puxantes do sector editorial galego inmerso nunha notoria crise, pois, como sinala Manuel Bragado (2017: 74-75), no ano 2016 representa o 76,60% da facturación, xunto coa edición do libro de texto, e un de cada catro libros vendidos recibe a etiqueta de “infantil” ou “xuvenil”.

A madureza da literatura infantil e xuvenil galega tamén se plasmou nunha maior presenza internacional coa tradución, sempre carente dunha planificación ben deseñada, e a posta en marcha de innovadores proxectos editoriais empurrados pola creatividade de persoas repletas de compromiso. A pesar da puxanza interna e a aplaudida externalización desta literatura, seguen a rexistrarse comentarios negativos con respecto á súa consideración e a loita que mantén coa literatura institucionalizada é desigual pola falta de apoios. Así, nos corenta anos de vida dos Premios da Crítica Galicia, só en dúas ocasións se recoñeceron na modalidade de creación literaria obras para os primeiros lectores: *A expedición do Pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre e *Fantasmas de luz* (2011), de Fernández Paz. No ano 2000 a novela de María Victoria Moreno, *Guedellas de seda e liño* (1999), recibiu unha mención especial, un feito que non fora do seu agrado ao entender que o tratamento dado á súa obra e á literatura para os máis novos era inxusto.

A estes avatares, á competencia furibunda do sector audiovisual e á ferinte perda de falantes, ten que lles facer fronte unha literatura que comeza a tender pontes cara a sectores de lectores pouco atendidos. Neste sentido estase a postular a prol da educación inclusiva que implica un abano de transformacións da educación regular e das institucións educativas co propósito de darlle unha resposta equitativa e de calidade á diversidade (Parra, 2011: 150). Trátase de implementar un sistema escolar que achegue un currículo axeitado ás particularidades e necesidades dun estudantado con ou sen discapacidades, ademais de ofrecer os soportes e os materiais precisos para poder conquistar os obxectivos dunha educación democrática, xusta e

igualitaria. E para isto convértese en imprescindible a concentración de forzas e recursos políticos, educativos, culturais e sociais, porque como explican Juan M. Escudero e Begoña Martínez (2011: 94):

La inclusión no es una dádiva bajo ninguna forma de despotismo ilustrado, sino un proyecto y un proceso que, precisamente por valores democráticos y principios de participación e implicación activa de los sujetos afectados, requiere redes sociales, tejidos de apoyo y las sinergias de muchos agentes para hacerlo efectivo.

Entre os tecidos de apoio, cómpre destacar o que configura a literatura infantil e xuvenil que ofrece un produto estético que se dirixe de modo preferencial, pero non exclusivo, ao lectorado máis novo e que está repleto de potencialidades formativas e integradoras. Así favorece o coñecemento multidisciplinar mediante o goce, á vez que visualiza a diversidade do mundo actual e convida a superar prexuízos existentes e a tender redes conducentes á inclusión. Neste sentido Beatriz Hoster e Ana Belén Castilla (2003: 188) acreditan que

la literatura infantil puede ser una vía privilegiada para la intervención social en el proceso de adaptación de individuos con minusvalías, ya que existen obras, sobre todo narrativas, que focalizan su historia en torno a un personaje que representa algún tipo de discapacidad —física, psíquica o sensorial— o alguna dificultad en el lenguaje.

Malia os atributos positivos que se lle confiren a esta literatura, o cómputo de obras que abordan o tema da discapacidade é moi reducido, se callar, porque as institucións gobernamentais e a sociedade aínda non están o suficientemente sensibilizadas con esta cuestión. De aí que sexan as entidades vinculadas cos individuos definidos por algunha discapacidade as que teñan que promover e visualizar este tipo de producións literarias para que sexan coñecidas polos mediadores. Unha mostra disto plásmase no volume *La discapacidad en la literatura infantil y juvenil* (2007), no que o Centro Internacional del Libro Infantil y Juvenil da Fundación Germán Sánchez Ruipérez, a Fundación CNSE para a supresión das barreiras da comunicación e o Servicio de Asuntos Sociales da Universidad de Salamanca agruparon os seus esforzos para elaborar un repertorio bibliográfico centrado na discapacidade. No primeiro apartado, “Discapacidad de papel”, inclúense

as referencias de ficcións para os máis novos sobre esta temática; mentres que no segundo, “La discapacidad, los niños y los libros”, cítanse artigos e monografías que analizan a cuestión dende múltiples enfoques.

Se caracterizamos de escasas as obras literarias que se aproximan ao tema da discapacidade, directa ou indirectamente, por medio da súa historia ou dos seus personaxes, aínda son menos en número aquelas que sitúan os individuos discapacitados como destinatarios principais. Fraquezas todas elas que son máis sobresaíntes no ámbito literario galego tal e como deixou de manifesto Isabel Mociño na intervención “Traballando a discapacidade a través da literatura”³, na que remarcou a falta de recursos e de apoio institucional. Tras o apartado denominado “A literatura como estimulación”, na que introduciu obras formativo-interactivas que favorecen o coñecemento do mundo interior e exterior, situou “A literatura como normalización” con aquelas obras que se aproximan ao tema de xeito simbólico, que teñen algún personaxe secundario con discapacidade ou que asumen a cuestión abertamente. Trátase de obras como *Ás de mosca para Anxo* (1998), de Fina Casalderrey, *Down* (2001), de An Alfaya e *Miña irmá ten síndrome de down* (2001), de Paco Sagarzazu para o lectorado infantil ou *Proxecto Pomba Dourada* (1997), de Miguel Vázquez Freire e *Onde o sol non adormece* (2003), de Antón Cortizas. A estes títulos habería que engadir o álbum ilustrado *Elisa no mundo das maravillas* (2017), que publicou Galaxia xunto a APAMP (Asociación de familias de persoas con parálise cerebral) e que foi realizado por persoas afectadas por este trastorno nun obradoiro artístico.

Por último, en “A literatura adaptada á necesidade das persoas: integración”, Mociño recolleu as obras asentadas na lectura fácil, o sistema braille, os sistemas pictográficos ou a linguaxe de signos e os audiolibros que se dirixen a un público case sempre privado dunha ampla e variada selección de produtos literarios. Neste apartado a presenza de obras en galego redúcese á “Biblioteca Básica dos Bolechas”, que introduce os pictogramas para atender a nenez con dificultades de comprensión e acceso á lectura, e ás propostas da Editorial Galaxia: os contos populares e clásicos da colección “Audiocontos” e os títulos de “Sonárbore” —*María Fumaça* (2012), *María*

³ Que presentou na I Xornada de Formación en Discapacidade organizada o 24 de novembro de 2017 na Facultade de Ciencias da Educación de Ourense (Universidade de Vigo).

Fumaça. Aire (2014) e *Xiqui xoque, fiú fiú!* (2016)— que se inclúen dentro dun proxecto impulsado pola cantante Uxía Senlle, quen ten un sobriño con parálise cerebral e quixo demostrar que a discapacidade é unha vivencia asumible con plena normalidade. En cada un destes libro-disco-DVD conta coa colaboración de múltiples artistas e neles combínanse diferentes códigos: a linguaxe de signos, a linguaxe verbo-musical e a linguaxe da diversidade.

É este un número de propostas ben insignificante se temos en conta que o censo de persoas con algún tipo de discapacidade en Galicia no mes de marzo de 2010 era de 208.873, das que 108.776 tiñan menos de 65 anos, segundo se recolle na Consellería de Política Social (Xunta de Galicia). Máis preocupante é aínda que a maior parte das mostras literarias en lingua galega adaptadas a persoas con discapacidade visual, auditiva, expresiva, de mobilidade... sexan froito da sensibilidade daquelas persoas que viven estas experiencias de preto ou senten a necesidade de colaborar en proxectos integradores. A pegada das institucións autonómicas e das súas políticas sociais é practicamente inexistente, polo que para atopar produtos literarios orientados a ese público tan diverso que se desexa incluír na sociedade hai que dirixirse a entidades específicas, caso da ONCE, coa que María Victoria Moreno mantivo unha relación moi especial.

A ONCE e a literatura galega

A ONCE creouse en 1938 co obxectivo de fornecerlles prestación social a aquelas persoas con cegueira ou discapacidade visual severa. Anos despois, en 1988, ampliou as súas atencións co proxecto Fundación ONCE para a cooperación e inclusión social das persoas discapacitadas. Tanto a ONCE como a súa Fundación están compostas por un conxunto de entidades cuxo propósito fundamental é acadar a plena autonomía e integración social das persoas con cegueira e deficiencia visual, ademais de estaren comprometidas con outros tipos de discapacidade mediante a formación, o emprego e as accións de accesibilidade. Unha desas entidades represéntanas os Centros de Recursos Educativos que, nun inicio, eran centros escolares para cegos e, na década dos anos oitenta, pasaron a ser Centros de Recursos Educativos, o que permite que o coñecemento, experiencia didáctica dos seus profesionais e os recursos didácticos e materiais adquiridos sexan o soporte técnico necesario para dar resposta ás necesidades educativas do alumnado

escolarizado nos centros ordinarios, das súas familias, dos mesmos centros escolares e dos profesionais que os atenden.

Co Centro de Recursos Educativos Santiago Apóstolo de Pontevedra, María Victoria Moreno mantivo unha relación bastante estreita por medio de José Luis Llácer, que padecía unha cegueira conxénita. Despois de iniciar a súa relación durante a etapa universitaria en Madrid, a parella desenvolveu o seu labor profesional no ámbito educativo sobre todo na cidade de Pontevedra: María Victoria Moreno no IES Valle-Inclán e no IES Gonzalo Torrente Ballester, ao que lle legaría a súa biblioteca persoal, mentres que José Luis Llácer desenvolveu a súa formación como pedagogo no centro que acollía en réxime de internado o alumnado con discapacidade visual. Era un home nacido ás beiras do Mediterráneo de ampla formación, vasta cultura e profundo espírito renovador, do que tentou dar proba manifesta durante os anos 1981 e 1983, nos que se responsabilizou da dirección do Colexio Santiago Apóstolo. Foi unha etapa ben difícil para o matrimonio, pois as ansias modernizadoras de José Luis Llácer, compartidas coa súa dona, chocaron coa estrutura xerárquica da ONCE daqueles tempos. Estes desencontros motivaron que Llácer dimitira do seu cargo e que María Victoria Moreno se fora afastando desta institución.

Non obstante a autora de nacemento estremeño nunca abandonou ese recinto escolar nin deixou de estar entre as escollas de lectura dos discapacitados visuais, pois a ONCE incluíu boa parte das súas obras de creación e estudo literario entre as trescentas oito referencias en lingua galega transcritas no sistema de puntos en relevo ideado por Luis Braille en 1829, que lle permitiu acceder á lectura e á escritura ás persoas invidentes. Esas obras son *Mar adiante* (1973), *A festa no faiado* (1986), *Leonardo e os fontaneiros* (1986) e *Anagnórise* (1989), ademais do manual *Literatura do século XX: iniciación universitaria* (1985), que asinara xunto a Xesús Rábade. Un total de cinco títulos que conviven xunto ás diferentes edicións de Hans Christian Andersen e as traducións de Antoine de Saint-Exupéry, Roald Dahl, Manuel de Pedrolo e Ricardo Alcántara, así como as de autores galegos como Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo, Fina Casalderrey e An Alfaya, entre outros. Cómpre destacar a predominancia da literatura infantil e xuvenil en lingua galega, debido a que case todas as lecturas están vinculadas coa práctica académica, na que tamén teñen cabida textos de autores clásicos

como Rosalía de Castro, Castelao, Ramón Otero Pedrayo e Manuel Antonio ou de autores actuais como Xosé Luís Méndez Ferrín e Manuel Rivas.

As esixencias académicas e tamén as peticións de calquera afiliado aos servizos de petición da ONCE orixinan as edicións das obras literarias en lingua galega no sistema Braille. Estas obras adoitan presentarse nun volume de forma cadrada e tapa semirríxida, sobre a que se reproduce a cuberta da edición que se comercializa polas canles tradicionais. No seu interior recóllese a transcripción do texto e incluso a descrición das imaxes nunhas follas brancas que se manteñen unidas a través dun arame en espiral. Este tipo de formato está a ser substituído polos audios que favorecen a accesibilidade e maior difusión das obras. Nesta altura, xa están dixitalizados douscentos seis títulos vinculados coa literatura galega e entre eles atópanse todas as obras amentadas de María Victoria Moreno, agás *Leonardo e os fontaneiros*.

As atencións que dende a ONCE recibe a produción literaria infantil e xuvenil en lingua galega é encomiable, aínda que, como acontece na que se xera polas vías ordinarias, sospeitamos que son debidas en boa parte ás pautas provenientes do sistema educativo. Na procura desa pretendida igualdade entre os que están ou non definidos por unha discapacidade tamén sería recomendable que ampliase o seu catálogo con autores, títulos e propostas literarias máis actuais e anovadoras, ás que si teñen acceso o resto da nenez e a mocidade alfabetizada en lingua galega. Mesmo é curiosa a ausencia neste repositorio de *Guedellas de liño e seda* (1999), unha novela na que María Victoria Moreno configurou con suma maestría o mundo adolescente coas súas luces e sombras. Talvez, porque naquela altura xa perdera o contacto coa institución.

A inclusión social por medio da lingua literaria

Máis alá do exposto, cómpre acentuar que a inclusión non pode limitarse a un simple asunto curricular, metodolóxico, organizativo ou de materiais, pois, como indica Climent Giné i Giné⁴, ha de ser vista como unha maneira distinta de entender a educación e mesmo a vida e a sociedade

⁴ Na ponencia “Inclusión y sistema educativo” presentada en 2001 no III Congreso “La atención a la diversidad en el sistema educativo” organizado pola Universidad de Salamanca e Instituto Universitario de Integración en la Comunidad (INICO).

por tratarse dunha filosofía e duns valores. Nisto mesmo insiste Rosa Blanco (2006), quen remarca que a educación supón un medio inexcusable para diminuír a exclusión social, aínda que tamén é ben sabido que por si soa non pode compensar as desigualdades nin eliminar as múltiples formas de discriminación latentes na sociedade. De aí que sexa preciso desenvolver políticas, programas e propostas que procuren arremuiñar dende a diversidade e contribúan á inclusión social dende o ámbito educativo.

Con ese propósito de franquear o valo que separaba o microcosmos do alumnado con discapacidade visual do Colexio Santiago Apóstolo do resto de espazos escolares sementados por calquera punto xeográfico de Galicia, María Victoria Moreno propúxolle a José Luis Llácer organizar dende a institución que dirixía o Concurso de Contos en Lingua Galega para conmemorar o Día das Letras Galegas. Era o mecanismo perfecto para poñer en contacto realidades escolares ben dispares, por medio dun dos elementos identificativos de maior capacidade de cohesión —a lingua galega—, que tamén a anoara a ela a unha cultura e a unha sociedade diferentes das de nacemento, o que a acabou por transformar “non nunha escritora alófona senón nunha practicante dunha amorosa autofonía” (Soto, 1999: 17).

Nin a retirada do pasaporte a instancias da policía no ano 1973 por impartir un curso de galego no Ateneo de Ourense nin as reticencias que espertaba unha mestra comprometida pola dignificación dunha lingua minorizada, a desalentaron. María Victoria Moreno seguiu a descubrir o capital cultural de noso nas súas aulas, á vez que fomentaba o gusto pola escrita e o pracer pola lectura entre o seu alumnado. Toda unha serie de aspiracións que trasladou ao espazo educativo da ONCE en Pontevedra mediante a intervención de José Luis Llácer que, no ano 1982, impulsaba a primeira convocatoria do Concurso de Contos en Lingua Galega, “co fin de espertar nos rapaces da EXB, o interés polo noso idioma, fomentando ó mesmo tempo as aficións literarias” (Colexio Santiago Apóstolo, 1985).

Esta iniciativa non repercutiría no volume do negocio editorial nin na canonización ou lexitimación dun autor, xénero, título ou tendencia, aspectos que Anxo Tarrío (2013) lle confire aos premios de alto valor económico ou recoñecemento. Así a todo, coadxuvou a abrir camiños de aproximación, valorización e visualización cara a unha lingua e unha literatura que, naquela altura, só tiveran unha presenza litúrxica en moitos centros educativos de

Galicia. A extraordinaria acollida por parte da comunidade educativa galega determinou que, cada tres anos, se publicara un volume coas producións gañadoras co título de *Contos dos nenos* ata o ano 2001. Tras estes sete volumes, de 2002 a 2006, os textos premiados en cada convocatoria foron recollidos nun novo formato co título de *Contos en galego* e coa colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística. Todos os textos están acompañados de traballos ilustrativos realizados polos gañadores e incluso por outros nenos e nenas, entre os que están os do colexio convocante.

A revisión destes volumes, que eran distribuídos por centros educativos e bibliotecas de toda a comunidade, poñen de manifesto que o Concurso de Contos en Lingua Galega se organizou, de xeito ininterrompido, dende 1985 ao ano 2006. Na primeira edición participaron os discentes do Colexio Santiago Apóstolo e doutros centros educativos da cidade do Lérez, aínda que os seus ecos logo se propagaron polo resto da provincia de Pontevedra e de toda Galicia. Así, o alumnado de centros públicos, concertados e privados de Santiago de Compostela, Carballo, Pobra de Trives, Cee, Barco de Valdeorras, Chantada, Pedrafita do Cebreiro... e, dende o ano 2002, os galego-falantes no estranxeiro concorrián ás diferentes categorías que foron modificándose ao longo do tempo, pero sempre atendendo aos distintos cursos e etapas da educación primaria. Normalmente, outorgábanse tres premios por categoría e, en ocasións, incluso se recoñecían finalistas entre os que presentaran contos orixinais, de tema libre e de extensión entre un e tres folios.

O número de participantes foi en aumento e, en 2002, case acadou os dous mil, o que verifica o éxito acadado por esta iniciativa impulsada por María Victoria Moreno, quen formou parte dos xurados das primeiras edicións. A pesar do seu carácter escolar, este premio tamén actuou como plataforma experimental para algunhas mulleres salientables na cultura galega actual e que, naqueles anos, estaban a completar a súa formación académica obrigatoria. Entre elas, atopamos a enxeñeira e escritora María Canosa que, en 1991, obtiña o primeiro premio polo relato “Na escola”; e a Comba Campoy, que desenvolve o seu labor profesional no ámbito audiovisual e colabora en revistas como *Tempos Novos* e que, en 1993, tamén conseguiu o primeiro premio por “A escola do outeiro”. A elas súmase a musicóloga, docente e escritora Eva Moreda que, en 1995, mereceu o primeiro premio por “Un conto”.

Polo dito, pode aseverarse que o Concurso de Contos en Lingua Galega da ONCE logrou cumprir un dos seus propósitos anunciados no editorial da sexta entrega do volume *Contos dos nenos*, que era o de procurar unha nova xeración literaria. Xa, no ano 2001, esta iniciativa impulsada por María Victoria Moreno foi afagada coa concesión do galardón dos II Premios ONCE-Galicia á Solidariedade, que valoran as accións a favor da integración das persoas cegas ou con algunha discapacidade. Un recoñecemento na modalidade de literatura que, como se recolle no volume sétimo de *Contos dos nenos*, supuxo unha homenaxe “a tódolos traballadores que ó longo destes vinte anos fixeron posible a súa celebración, así como a tódolos nenos e nenas, herdeiras de Rosalía, que mediante a súa ilusión e imaxinación garanten o seu éxito e continuidade”.

Tras unha andaina de vinte e cinco anos, cando chegaba á súa vixésimo quinta edición en 2006, clausurábase o proxecto Contos en Galego. No prólogo do seu volume correspondente, *Contos en galego 2006*, efectúase toda unha serie de agradecementos e faise un balance do que supuxo este premio “que contribuíu a empurrar entre os nenos e nenas da vixente Educación Primaria o desenvolvemento do idioma galego”, mediante a participación de “máis de trinta mil concursantes” e o recoñecemento de “douscentos trinta e cinco traballos, moitísimos dunha altísima calidade literaria e lingüística”. Nestas palabras limiares tamén se expón que nesta edición se quixo homenaxear a recentemente falecida María Victoria Moreno, de quen se remarca o seu vínculo con José Luis Llácer, que chegaría a estar trinta e seis anos como mestre afiliado á ONCE, e de quen se destaca o seu papel activo nos primeiros pasos do citado concurso escolar, por saber “impregnar o proxecto con ilusión e coa súa ampla experiencia como filóloga e escritora”.

Os caprichos do destino quixeron que tanto o Concurso de Contos en Galego do Centro de Recursos Educativos de Galicia Santiago Apóstolo como a súa mentora esmoreceran a un mesmo tempo. Non obstante, a semente cara á inclusión xa estaba botada, porque mediante este concurso convivían escolares provenientes de esferas diferenciadas pola presenza ou non de discapacidades. O alumnado de centros ordinarios reparaba na existencia e particularidades daquel que se formaba en centros especializados para cegos, ao mesmo tempo que este se involucrava no deseño dos textos participantes

e se aproximaba á súa realidade. Sen dúbida, a docente e escritora María Victoria Moreno Márquez foi unha precursora no ámbito da inclusión social, a través do sistema educativo, porque arrexuntou discentes marcados pola diversidade para que uniran os seus talentos co propósito de enriquecerse mutuamente. E fíxoo mediante o elemento aglutinador da lingua galega que, nunha etapa de perda brutal de falantes, ha de contar cos medios institucionais necesarios para poder chegar a todos aqueles e aquelas que non o poden facer polos vieiros máis comúns e axudar así tamén a resolver as fraquezas que se evidencian na Literatura Infantil e Xuvenil galega xa apuntadas ao inicio deste traballo.

Bibliografía

- Alonso Montero, Xesús e Xosé Manuel Salgado (eds.) (1994): *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do congreso*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Blanco G., Rosa (2006): “La equidad y la inclusión social: uno de los desafíos de la educación y la escuela hoy”, *REICE. Revista Iberoamericana sobre Calidad, Eficacia y Cambio en Educación*, 4. Disponible en: <http://nnn.redalyc.org/articulo.oa?id=55140302>.
- Booth, Tony e Mel Ainscow (2000): *Index for inclusion: developing learning and participation in schools*. Londres: Centre for Studies on Inclusive Education.
- Bragado, Manuel (2017): “Hai futuro para a literatura infantil e xuvenil galega”, *Tempos Novos*, 247, decembro, pp. 74-75.
- Colexio Santiago Apóstolo (1985-2001): *Contos dos nenos 1-71*(2001-2004). *Contos en galego 2002-2006*. Pontevedra: Centro de Recursos Educativos de Galicia Santiago Apóstolo.
- Escudero, Juan M. e Begoña Martínez (2011): “Educación inclusiva y cambio escolar”, *Revista Iberoamericana de Educación*, 55, pp. 85-105.
- Even-Zohar, Itamar (1990): “Polysystem Theory”, *Poetics Today*, 11, 1, pp. 9-94.
- Ferreira Boo, María del Carmen (2010): “O regreso do barco-escola Arroás”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, 20 (II Série), “Referências”, novembro, pp. 38-41.
- Guisande Couñago, Adelina (2002): “Personajes con problemas psicológicos en la literatura infantil y juvenil gallega” en M^a Eulalia Agrelo Costas, Adelina Guisande Couñago, Isabel Mociño González,

- Amparo Raviña Rosende e Isabel Soto López (coords.), *Narrativa e promoción da lectura no mundo das novas tecnoloxías*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 333-339.
- Hoster Cabo, Beatriz e Ana Belén Castilla (2003): “La literatura infantil, medio para la integración de personas con dificultades”, *Escuela Abierta*, 6, pp. 183-227.
- Martínez-Figueira, Esther (2013): “Una mirada hacia la inclusión: barreras en el camino a la participación” en *Perspectiva Educativa, Formación de Profesores*, 52. Disponible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=333328170009>.
- Parra Dussan, Carlos (2011): “Educación Inclusiva: un modelo de diversidad humana”, *Revista de educación y desarrollo social*, vol. 5, 1, xaneiro-xuño, pp. 139-150.
- Parrilla, Ángeles e Anabel Moriña (2004): “Lo que todos nos preguntamos sobre la educación inclusiva”, *Padres y Maestros*, 284, pp. 10-14.
- Roig Rechou, Blanca-Ana et al. (2007): “Producción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega (1960-1985)” en José António Gomes e Blanca-Ana Roig Rechou (coord.), *Grandes autores para pequenos leitores. Literatura para a infancia e a juventude: Elementos para a construção de um cânone*. Porto: Deriva Editores, pp. 53-94.
- Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.) (2015): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Xerais.
- Soto López, M^a Isabel (1999): “Á beleza polo lirismo e a tenrura. Achegamento á obra de María Victoria Moreno”, *Fadamorgana*, 3, pp. 17-20.
- (2000): “Dos extremeños en la literatura gallega: M^a Victoria Moreno y Xosé Antonio Perozo” en Eloy Martos Núñez, José M^a Corrales Vázquez, Arturo González e Sara Moreno Valcárcel (eds.), *Actas del II Congreso de Literatura Infantil y Juvenil. Historia crítica de Literatura Infantil e Ilustración Ibéricas*. Mérida: Editora Regional de Extremadura, col. Documentos/Actas, pp. 257-261.
- Tarrío Varela, Anxo (2013): “Os premios literarios” en Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.), *Premios literarios e de ilustración na Literatura Infantil e Xuvenil*. Vigo/Santiago de Compostela: Xerais/LIJMI, pp. 15-34.



A paixón por ensinar: mestras e metáforas do leite en María Victoria Moreno

MARILAR ALEIXANDRE
(USC/RAG)

María Victoria Moreno foi profesora e escritora, ademais de levar a cabo múltiples actividades relacionadas cos libros e a literatura: libreira, tradutora ou coordinadora de edicións. Situarmos nesa orde profesora e escritora é intencionado: alude reiteradamente en artigos e entrevistas á súa paixón pola docencia e ao lugar que ocupaba na súa vida. En 1992 titula un texto autobiográfico na revista *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil* (CLIJ) “M.V.M. Una profesora feliz de serlo” (Moreno, 1992). Uns anos despois, xa lidando co cancro, diagnosticado en 1997 e que había arrebatarlle a vida, afirma na entrevista que lle fixo Xosé Antonio Neira Cruz para *Fadamorgana*: “Para min, ser profesora é unha paixón. Se tivese que elixir entre ser escritora ou profesora, quedaría sen dubidalo co segundo” (Moreno, 1999).

E no *Diario da luz e a sombra* (Moreno, 2004), a crónica da súa relación coa doenza, asegura: “o meu corazón florece nas aulas”. Talvez por iso, a pesar da enfermidade, do tratamento, da quimioterapia, continuou dando clase durante cinco anos máis, até se xubilar, minggadas as forzas, en 2002. O seu papel como mestra, tanto de alumnado mozo como de profesorado, a prol da lingua e da cultura galega nuns anos en que ensinar galego ou en galego era unha actividade subversiva —custoulle a retirada do pasaporte en 1974—, foi moi relevante. Noutro traballo (Casalderrey e Aleixandre, 2018) suxerimos que talvez a súa contribución á lingua e á cultura do país fose aínda máis grande como profesora que como escritora.

O propósito deste artigo é analizar de que modo se reflicte esta relación afectiva, este aprecio pola profesión de ensinar, nos personaxes das mestras, tanto nos seus libros de literatura infantil, especialmente *Mar adiante* (Moreno, 1973), como na súa única novela para público adulto, *Onde o aire non era brisa* (Moreno, 2009), publicada despois do seu falecemento.

Sara Márquez: a inspiración das mestras de ficción

Non é aventurado supoñermos o cariño de María Victoria polas mestras ter raíces biográficas. A súa nai, Sara Márquez, malagueña, estudou maxisterio en Córdoba nos anos da República. Ensinou en San Martín de Valdeiglesias, unha vila do que entón era a provincia de Madrid, situada na periferia, no límite con Ávila e Toledo. Porén, logo de casar con Vicente Moreno en 1937, e do nacemento de María Victoria, a súa primeira filla, en 1939, solicitou a excedencia para dedicarse a coidar os fillos. Si, María Victoria naceu o 1 de maio de 1939, non en 1941, data que ela forneceu nos seus textos autobiográficos, por exemplo o de *CLIJ* mencionado arriba, e que foi recollida nas lapelas dos seus libros e en biografías anteriores. Nun artigo publicado en *Grial* (Casalderrey e Aleixandre, 2017) atribuímos esta confusión intencionada ao retraso de dous anos en comezar os seus estudos de secundaria —o nome nese tempo era bacharelato elemental, cursado a partir dos dez anos—, debido á precaria situación económica da familia. A excedencia, entón como agora, tiña unha duración máxima de dez anos. Daquela, para non perder o traballo definitivamente, Sara Márquez solicitou o reingreso como mestra en 1949, sendo destinada a Sepúlveda, na provincia de Segovia. O seu home era administrador na prisión provincial da cidade. Porén, Vicente Moreno morreu ese mesmo ano de tuberculose dependendo, a partir dese momento, a nai e os catro fillos do escaso salario de mestra. Despois de Sepúlveda, Sara Márquez puxo escola noutras aldeas segovianas, Navares de las Cuevas e Valverde del Majano, até, unha vez conseguidas bolsas para os fillos estudaren o bacharelato —neses anos só había Institutos nas capitais—, trasladarse a Málaga onde vivían as súas irmás.



Sara Márquez, nai de María Victoria, a comezos dos anos 40

Elena e a metáfora do leite: *Onde o aire non era brisa*

É probable que Elena Manzanares, a protagonista de *Onde o aire non era brisa*, estea inspirada en Sara Márquez. A mestra nova chega no coche de liña a Alcores de Donalvar (título inicial da novela), unha afastada vila de Valladolid, onde nos anos 60 todo semellaba triste e fechado. Aínda que tamén a vida da nai parece reflectirse no personaxe de Margarita, a mestra de Alcores, viúva que cría catro fillos lidando coa penuria. Margarita acolle a Elena con agarimo, mais xa o primeiro día advirte: “Chegar aquí é coma caer nun pozo”.

A novela non está escrita dende a distancia dos anos; a súa primeira versión é dos 60, cando María Victoria aínda escribía en castelán. Enviada ao premio Café Gijón en 1969, quedou entre as catro finalistas. Máis de trinta anos despois Pedro Ferriol, o segundo marido da escritora, pasou o texto a ordenador e enviouno ao premio Manuel Díaz Luis do Concello de Monleón, acadándoo. María Victoria foino recoller en agosto de 2005, cando xa se lle ía apagando a candeia da vida. Estando instalada no galego e, segundo os seus desexos, a novela foi traducida por Xavier Senín e publicada en 2009 co título por ela suxerido.

Fame, miseria, receos é o que vai encontrar Elena na vila, sometida a unhas “forzas vivas” que gobernan ou pretenden gobernar todo, mesmo o leite en po da axuda americana: Dona Paquita, a presidenta de Acción Católica; o señor Lorenzo, o alcalde; don Benjamín, director do Grupo escolar; dona Milagros, mestra de párvulos, e o párroco don Antonio. No seu primeiro encontro con eles Elena oponse ás trampulladas que viñan facéndose cada ano co leite en po das escolas. Dona Milagros dá conta do espolio en toda a súa crueza:

—Daquela —dicía [*o alcalde*— co quiñón de leite das escolas facemos o mesmo có ano pasado.

—De que fala?

—Do leite americano —dixo dona Milagros—. O quiñón que dan para as escolas queda no Concello. Del sácase o que fai falta para o comedor escolar e uns quilos para os aguinaldos dos pobres. O resto repártese.

—Entre quen?

—Entre todos nós —aclarou con inocente naturalidade—. Mesturado con cacao está moi bo.

—Pero iso non está ben.

(*Onde o aire non era brisa*, pp. 29–30)

Este episodio, nas páxinas iniciais, contén os eixes arredor dos cales se arma a novela, as metáforas que a guían. A que pode considerarse o seu pau de palheiro é a metáfora do leite. Por unha banda a mestra como fornecedora de leite físico, para acalmar a fame, e de leite intelectual, ensinando a ler. Pola outra, a rapina perpetrada polos que gobernan a vila, acaparando os alimentos, apropiándose do leite en po destinado aos nenos, simboliza as pillaxes levadas a cabo polos franquistas que gobernan España. Un dos fíos da trama é o compromiso social, a denuncia das inxustizas, un posicionamento ideolóxico que se corresponde co activismo da autora. Elena, a heroína creada por María Victoria, é unha mestra filla de republicanos, dos “roxos” vencidos na guerra; un rexoubre transmitido por dona Paquita á señora Eugenia, muller do alcalde e nai de Fernando, o médico, coa intención de empecer os seus amores con Elena.



Cupóns de racionamento de 1946 (Fotografía tirada da páxina da Real Asociación Española de Cronistas Oficiales)

A usurpación do leite en po é símbolo do acaparamento de alimentos no contexto da posguerra, nuns anos de fame. O Goberno franquista deu o significativo nome de “Regiones devastadas” ao organismo creado para a reconstrución de vilas, cidades, leiras arruinadas.

A reforma agraria da República, que lograra aumentar a produción, fora anulada e a meirande parte das terras cultivadas ficaran abandonadas. A produtividade non se recuperou até moito despois, debido entre outras causas á ausencia de mozos, mortos na guerra ou presos, e á falta de fertilizantes. A escaseza levou a implantar a Cartilla de Racionamento, en vigor até 1952, cupóns que limitaban as cantidades de alimentos básicos, como fariña, azucre ou carne, que cada persoa podía comprar legalmente. A mala calidade dos alimentos e o acaparamento por persoas sen escrúpulos levaron á corrupción e a un mercado negro coñecido como “estraperlo”. Así un quilo de azucre custaba 1,90 pesetas cos cupóns de racionamento e no mercado negro 20; un litro de aceite 3,75 fronte a 30 no mercado negro.

Na novela Elena enfróntase á rapina. A súa escola, a do Outeiro, unha unitaria onde estudan os nenos e nenas máis pobres, ten unha asistencia irregular e carece de comedor escolar. Os vasos levados polos propios nenos para beber o leite fican inútiles, collendo po nun andel da biblioteca. Ela, afouta, atrévese a reclamarlle ao señor Lorenzo o leite que lle corresponde. Logo de Fernando, fillo do rexedor, darlle a razón, o alcalde decreta que se entregue ás escolas cadanseu quiñón de leite. Elena gañou esa primeira batalla.

María Victoria Moreno fai explícita a metáfora da mestra-nai fornecedora de leite:

Soñou que ía á escola dar de mamar aos seus alumnos. Dos recantos do soño ían saíndo cariñas curtidas e redondas, cariñas todas ollos e fame, que tenramente ela achegaba ao seu peito para sacialas de leite e sorriso. Tamén Santiago tivo a súa parte no doce banquete. Como era algo maior cós outros, Elena deixouno mamar un pouquiño máis mentres oprimía contra si a súa cabeza e acariciaba os seus enguedellados cabelos (Ibíd. p. 39).

Realmente Elena fora á escola do Outeiro dar de mamar a aqueles rapaces que, con máis fame por dentro ca por fóra —e era moita a de fóra— observaban atónitos o rito branco do batido e a quenta do leite en po.

Así, emanando amor e leite, converteuse no ideal de nai para os nenos farrapentos (Ibíd. pp. 46–47).

Fame de pan e leite. Sede de coñecemento. O analfabetismo en España era en 1940 do 33,85% —máis elevado en mulleres, 37,72 ca en varóns, 29,66—, e en 1960 do 25,5%, 28,04 mulleres e 21,87 varóns (De Gabriel, 1997). Moitos rapaces e rapazas deixaban a escola aos seis ou sete anos para axudar á familia nos labores do campo, ou para traballar no servizo doméstico. Algúns nunca chegaban a asistir, como Santiago, o alumno preferido de Elena, que non comezou a estudar até os doce anos. Teimara unha e outra vez cos seus pais para que o deixasen ir á escola. Quería aprender a ler, descifrar o enigma dos signos trazados na correspondencia dos Coroneis que traía e levaba ao coche de liña. A relación entre Elena e Santiago é ambigua, hai nela tenrura de nai e sensualidade, máis explícita na despedida, aquela tarde na que son “iguais de altos” e el séntese feliz “pola ausencia de rivais”:

El, home ou neno, soñábase dentro dela, cercado por alburas descoñecidas. O seu pensar estaba trazado por liñas incertas cuxa estrutura era un segredo. Ela, muller e nai, desexábalo dentro de si, apartado de asperezas e rodeado de palpitacións tenras (Ibíd. p. 127).

A situación das escolas non é un recurso literario da autora, nin se corresponde unicamente con afastados lugares de Castela. Como eran as escolas rurais en Galicia nos 60? En 1962 nin a meirande parte das escolas unitarias semellantes á do Outeiro, nin as casas das mestras coas que compartían edificio tiñan auga corrente e, en moitos casos, como a de Brates (Boimorto), carecían tamén de retrete. A mestra de Brates facía as súas “nesidades” (cruzamento entre necesidades e necidades) no penico e, á mañá, enterrábaas nunha leira axudándose dun sachiño. Isto sen contar cos mozos que apedraban as fiestras da casa-escola, ameazando entrar e facerlle “cochinadas”. Apedramento e acoso verbal que tamén ocorrían en Mourigás (Rodeiro), en 1954, o que fai pensar nunha pauta máis que en eventos illados. Na unitaria de Morancelle, A Pereiriña (Cee), a mestra poñía escola a 60 nenos e nenas. Non había asentos para todos e as nais das criaturas máis pequenas traían bancos ou tallos para sentaren. En Mallas (Fisterra) as rapazas máis vellas tiñan a mesma adoración pola mestra que o alumnado de Elena, subían auga en caldeiros, e axudaban unha vez por semana a varrer e limpar a escola. O rural non era, en modo ningún, idílico. Estas mestras novas, que ensinaban e vivían nesas condicións, eran auténticas heroínas.

Talvez por ese contraste, a novela de María Victoria Moreno establece unha oposición, ás veces extrema, entre personaxes bos, Elena, Margarita, Santiago, e malos, entre os que tamén hai mestres, como don Benjamín e dona Milagros. A ruindade está personificada en Dona Paquita, que cobiza o leite das escolas e envéxalle a Elena o noivado con Fernando, a quen quere para a súa filla Puri. A autora reserva crueis alcumes para nai e filla, Gueta para a primeira; para Puri —sen que na novela pareza facer nada por merecelo—, Guetiña, “cagallón, puta”. Fernando é talvez o único personaxe dotado de certa ambigüidade, apoia a Elena na demanda do leite para as escolas; discute con Puri sobre a igualdade e a xustiza social, chegando mesmo a insultala, mais por outra banda non se atreve a levar adiante os seus amores con Elena.

En resumo, a novela retrata con fidelidade as escolas rurais nos anos 60, e constitúe un canto ao papel das mestras en difíciles circunstancias.

O Arroás, unha escola a toda vela

Mar adiante foi publicado por vez primeira en 1973 por Edicións do Castro, con ilustracións da autora, como a reproducida aquí, e un texto de Xesús Alonso Montero nas lapelas. En 1986 a mesma editorial publicou unha segunda edición con novas ilustracións de Araceli Liste e cambios nos paratextos que para Isabel Soto e Xavier Senín (2018) resultan significativos. En 2009 Xerais recuperou *Mar adiante*, ilustrado por Manuel Uhía, para a colección Merlín. Foi o seu primeiro libro publicado, e a súa aparición tivo grande impacto na prensa, converténdose nun dos textos pioneiros da literatura infantil galega.

O libro constitúe un manifesto a favor dunha escola diferente, dunha relación distinta co alumnado, que María Victoria defendía tanto nas súas novelas, como na súa vida. Unha escola na que ningún mestre ameazase aos rapaces de Portosouril deste modo:

“—Se mañá non sabedes a táboa do sete, ides todos ao mar cos libros amarrados ao pescozo. Comeranvos as gaivotas e os peixes”
(*Mar adiante*, p. 12).



A mestra do Arróas, debuxo de María Victoria para a primeira edición de *Mar adiante* (Edicións do Castro, 1973)

Para a autora a relación entre mestra (ou profesora de instituto, que para o caso é o mesmo) e alumnado, ao que ela se refería como “os meus cachorros” debe estar baseada no cariño, o respecto mutuo, a colaboración no empeño de aprender. Garda moitas semellanzas coa de Elena e as criaturas farrapentas en *Onde o aire non era brisa*. No *Diario da luz e a sombra* María Victoria, falando en nome propio, establece unha oposición entre dúas formas de ensinar en termos de amor e desamor:

eu tiven a sorte de tratar con infinidade de compañeiros que estaban namorados da aula, dos cachorros e dos saberes que compartían con eles.

E os cachorros, ou sexa os alumnos, saben moi ben con quen están en cada momento e responden, polo xeral, con bastante perspicacia. Aman os profesores que ven felices porque intúen amor nesa felicidade, e detestan os que ven tristes porque intúen desamor nesa tristeza. Así a aula pode ser para todos un paraíso ou un inferno (*Diario da luz e a sombra*, p. 23).

Ela considerábaa un paraíso, paraíso recreado no Arroás, o barco que se converte en escola. A novela está narrada en primeira persoa pola mestra que embarca nel “na derradeira bocanoite do mes dos Santos”, xunto con Miguel, o mariñeiro de Portosouril que fabricara o barco, o capitán Xosé Luís, Lola a cocíneira, que aprendeu a camiñar sobre a auga, e mais once rapazas e rapaces. Nunca se di o nome da mestra, o que, xunto co uso da primeira persoa, pode considerarse un mecanismo máis de identificación entre o personaxe e a autora. Aquí revela que tipo de escola é o Arroás:

O *Arroás* foi certamente unha escola diferente porque os rapaces aprenderon moitas cousas nos días que botaron nela. Mais adeprendéronas falando co capitán, xogando cos mariñeiros, ollando para as estrelas ou mesmo facendo trasnadas cando os maiores non os víamos.

A táboa do sete pareceunos a todos moi cativa cando, lonxe de Portosouril, nos decatamos de que non servía para ter conta das gaivotas. A Xeografía, no medio do mar, pareceunos un libriño morto. A Gramática non dicía nada verbo da lingua das estrelas... (*Mar adiante*, p. 20).

Entretécidas na novela hai diversas historias como a de Clarisca e Luceiro ou a de Mariquiña e o lobo. Aínda non dedicando moito espazo ás

aulas a bordo do barco, hai parágrafos nos que se apuntan trazos do ensino pretendido, do papel dos ensinantes:

Eu estaba no meu camarote, como cada noite, moi aterefada en atopar a solución dun problema. Porque os mestres non sabemos todas as cousas que cómpre ensinar e, ás veces, vémonos na obriga de aprendelas na noite para explicalas na mañá (*Mar adiante*, p. 75).


Como indican Soto e Senín (2018) *Mar adiante* opón realidade e soño, burocracia e escola libre, en contacto coa natureza. Estes autores relacionan a escola soñada, a escola libre, cos movementos de renovación pedagóxica, como a Asociación Socio-Pedagóxica Galega ou Nova Escola Galega, xurdidos nos primeiros anos 80. Escola real, cruamente real, en *Onde o aire non era brisa*, escola soñada en *Mar adiante*, e nunha e noutra novela o cariño polas mestras que comparten con María Victoria Moreno a paixón por ensinar.

Agradecementos: Ao proxecto “Ecoficcións”, financiado polo MINECO-FEDER, código FEM2015-66937-P. A Sara e Rafael Moreno Márquez, que forneceron valiosa información biográfica sobre Sara Márquez e sobre a infancia de María Victoria Moreno e a foto de Sara Márquez. A Fina Casalderrey, polo coñecemento compartido e as valiosas suxestións á primeira versión. A Alcázar e Paz López Facal por compartir comigo as súas experiencias nas escolas galegas nos anos 60. A Nélida Cosme, que forneceu a ilustración de *Mar adiante*, do exemplar na biblioteca da Real Academia Galega.

Bibliografía

- Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2017): “A data de nacemento de María Victoria Moreno no documento de denegación do pasaporte”, *Grial: Revista Galega de Cultura*, 215, pp. 12–13.
- ____ (2018): *María Victoria Moreno: A muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Xerais.
- De Gabriel, Narciso (1997): “Alfabetización, semialfabetización y analfabetismo en España”, *Revista Complutense de Educación*, 8 (1), pp. 199–230.

- Moreno Márquez, María Victoria (1973/2009): *Mar adiante*. Sada: Edicións do Castro. Reeditado en 2009 por Xerais.
- _____ (1992): “M.V.M. Una profesora feliz de serlo”, *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 41, pp. 48–50.
- _____ (1999): “Estou a escribir contrarreloxo. Entrevista de Xosé Antonio Neira Cruz”, *Fadamorgana*, 3, pp. 12–16.
- _____ (2004). *Diario da luz e a sombra*. Vigo: Xerais.
- _____ (2009): *Onde o aire non era brisa*. Vigo: Galaxia.
- Soto, Isabel e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno, sementadora de futuro*. Vigo: Xerais.



María Victoria Moreno Márquez, escritora e profesora

LUÍS ALONSO GIRGADO
(CRPIH)

A designación da estremeña de Cáceres (Valencia de Alcántara) María Victoria Moreno Márquez para a conmemoración do Día das Letras do presente 2018 non deixou de sorprenden a moitos dos integrantes da nosa comunidade lingüística e cultural. O motivo fundamental desa sorpresa —léase discrepancia e desacordo— foi a indiscutible escaseza de obra da autora no ámbito concreto das letras, cinxida esta obra, ademais, ao territorio da narrativa infantil, contos e novelas. Certamente, como escritora de ficción, María Victoria Moreno Márquez foi a autora da novela *Anagnórise* e outros títulos, de menor divulgación, no ámbito da contística.

Non se trata aquí, nestas sinxelas liñas de homenaxe a María Victoria Moreno Márquez, senón de ofrecer unha opinión crítica sobre o feito da elección da nosa RAG. Feito que para nada ten que ver coa persoa de María Victoria, muller tenra e afectiva, de sólida vocación docente e de relación viva e directa cos alumnos, para moitos deles foi unha profesora á que querían e admiraban. A súa entrega ao galeguismo e a súa adopción do galego como lingua literaria —particularmente no ámbito da literatura infantil, no que a súa positiva contribución é incuestionable— amosou unha fonda xenerosidade e un compromiso consciente e adoptado coa lingua e a cultura galegas.

Agora ben: estes plausibles méritos deben quedar fóra da valoración obxectiva da súa obra no noso contexto lingüístico e literario. É dende esta óptica dende a que a decisión da RAG semella pouco meditada, pois factores como a súa praxe lingüística en galego e o seu compromiso co país, ademais da súa condición de muller, tiveron que incidir na súa designación para o Día das Letras. Cando se toman decisións de alcance xeral é de rigor non mesturar a peripecia existencial da persoa coa valoración obxectiva do legado da súa obra, pois daquela o xuízo corre o risco de ser distorsionado e desenfocado. Levamos, nestes últimos anos, varios casos que, lamentablemente, exemplifican o que dicimos, coa conseguinte deterioración do prestixio inherente ao galardón que representa a todo un país coa súa lingua e a súa literatura; coa súa historia e a súa sociedade. En suma, isto ten que cambiar. Precisamos aire novo, transparencia e ecuanimidade para chegar a decisións máis xustas e atinadas.

Anagnórise apareceu orixinariamente escrita en galego, na editorial Galaxia¹, en 1988. Co paso dos anos reapareceu nas coleccións Costa Oeste, Árbore e Biblioteca Galega 120. Posteriormente publicáronse traducións ao catalán e vasco. Da colección Árbore foi directora a mesma escritora e nela temos oito edicións da novela. La Galera foi unha editorial fundada en Barcelona, en 1963, por Andreu Dória i Dexeus para fomentar a literatura infantil e xuvenil en edicións de calidade. O seu catálogo resulta, aínda hoxe, tan amplo como importante.

A nosa escritora publicou nesta editorial, traducida ao castelán a novela *Anagnórisis (novela de amor)* (1997), xunto con outros libros de contos da que foi tradutora.

Persoalmente a escritora manifestou as súas preferencias pola novela *Leonardo e os fontaneiros* (editorial SM², 1986). Sen tentar diminuír o éxito indiscutible desta historia de amor xuvenil que é *Anagnórise*, será de xustiza precisar que a súa amplísima difusión lectora deuse sobre todo entre rapaces de Ensino Medio e contou co xeneroso apoio do profesorado de Literatura galega.

A que sería salientable profesora e escritora voluntariamente adscrita ao ámbito do galeguismo, chega a Galicia en 1963 e no curso 1963-1964 vézola como profesora interina no instituto Valle-Inclán da cidade de Pontevedra. Pouco despois, figura entre o profesorado do Instituto de Lugo³, —daquela restrinxidamente masculino— onde exerceu a docencia durante os cursos 1965-66 e 1966-67, na cátedra que dirixía Xesús Alonso Montero, moi popular entre o alumnado e moi vixiado polas “forzas vivas” da pequena capital luguesa. El foi, sen dúbida, o mentor e guieiro que introduciu a aquela moza estremeña no ámbito dun galeguismo do que ela non tiña noticia, pois a partir de 1958 estudara Filoloxía Románica na Universidade de Madrid, e con anterioridade,

¹ Publicou a nosa escritora libros de contos noutras editoriais de fóra de Galicia como Argos-Vergara, Aliorna e Pirene (as tres de Barcelona) e SM (Madrid).

² Centrada na actividade didáctica, cultural, literaria e educativa, e moi presente no ámbito de Hispanoamérica, SM desenvolveu dúas coleccións de literatura infantil e xuvenil de gran éxito. A máis divulgada foi El Barco de Vapor e, xunto con ela, Gran Angular, esta última xa desaparecida. As dúas outorgaron senllos premios de narrativa. SM posúe tamén coleccións propias en lingua galega, catalá e vasca.

³ Chamado así, pois non houbo outro ata a creación do Virxe dos Ollos Grandes, feminino en principio.

comezara en 1951 o seu Bacharelato no Colexio Menor Virgen de la Inmaculada (Sección Feminina) de Barcelona. Consecuencia desa inmersión no galeguismo foi, ademais do seu cultivo da narrativa, a súa actividade como tradutora de textos infantís, a publicación do estudo e escolma *Os novísimos da poesía galega*⁴ (Akal, 1973), libro claramente orientado polo aludido Xesús Alonso Montero, e finalmente, a súa meritoria colaboración en dous libros de texto: *Literatura, 3º de BUP* (Galaxia/SM, 1986) e *Literatura s. XX, COU* (Galaxia, 1987).



⁴ Foi publicado, en versión bilingüe castelán-galego, pola madrileña editorial Akal en 1973. Esta editorial publicou distintos libros do profesor Alonso Montero, quen encargou o proxecto á súa colaboradora e integrante do seminario de Lingua e Literatura españolas do Instituto de Lugo, María Victoria Moreno Márquez.

A coordinación destes dous libros correu a cargo do tamén profesor Xavier Senín e neles colaborou o poeta, profesor e narrador Xesús Rábade Paredes; no primeiro colaborou tamén quen escribe estas liñas. Respecto de Xesús Rábade, coincidín con el, alá polos anos oitenta, no Suplemento “El Correo Cultural” de *El Correo Gallego*: el foi quen me animou a escribir en galego e aínda me acompañou a visitar a Ramón Piñeiro na súa ben coñecida “mesa camilla”.

O proceso de inmersión no galeguismo da profesora Moreno Márquez comeza, pois, en Lugo, onde contacta cos poetas novos que, en boa medida, serán protagonistas da súa escolma dos “novísimos”, por certo, réplica galega aos *Nueve novísimos poetas españoles* do crítico catalán Josep María Castellet e publicada en 1970. En 1987, no citado libro de literatura galega de 3º de BUP (1986: 258), falabamos da escolma de Moreno Márquez nos seguintes termos:

A aparición en 1976 de *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín, implica certo corte dunha liña socialrealista, por veces de notable pobreza expresiva. Este libro marca novos rumbos no léxico poético, nos temas, no traballo expresivo, así como na variedade de tons e actitudes líricas. Outra obra aparecida no mesmo ano, *Mesteres*, de Arcadio López-Casanova, posúe un paralelo significado renovador.

En 1973, e con claros ecos dunha obra do antólogo Castellet, aparece *Os novísimos da poesía galega*, de María Victoria Moreno. Presentábase alí a un grupo de poetas novos, considerados por un sector da crítica como continuadores da poesía de acento crítico e actitude belixerante. Estes novísimos teñen para a antóloga a súa raíz poética “nunha realidade tan flagrante que non pode deixar de ser observada e denunciada polos seus testemuños”. O grupo —no que figuran Darío X. Cabana, Xesús Rábade Paredes, Margarita Ledo Andión, Luís Álvarez Pousa, Farruco Sexto Novás, Alfredo Conde, X. Vázquez Pintor, Lois Diéguez, Xavier Rodríguez Barrio e Fiz Vergara Vilaríño— preséntase como “froito tardío dunha tendencia” e como “resposta solidaria a un presente”, puntualizando que habería que rebater ou cando menos limita-la hipotética influencia de Celso Emilio Ferreiro nos novísimos.

O certo é que, salvo os casos de X. Rábade, D. X. Cabana, F. Sexto Novás e algún outro, o resto abandona o labor poético por outras actividades na prensa, no cultivo da narrativa, etc.

A presenza e a obra dalgúns poetas xa consagrados semella ter un claro eco nos máis novos. Así, ademais do citado Ferrín, cabe cita-lo influxo de López-Casanova, Graña, Avilés ou Bodaño. Abundan, non obstante, na promoción da última os acentos foráneos doutras poesías (italiana, inglesa, norteamericana ou portuguesa) e actitudes xa experimentais desde hai anos polos poetas veciños de Castela ou Cataluña. Por veces a autenticidade poética reséntese.



En todo caso, esta escolma poética pode ser valorada como unha ferramenta práctica para dar a coñecer algunhas voces mozas da nosa lírica; primeiro, entre o alumnado de letras do ensino medio/universitario; segundo, entre o público interesado no devir da lírica galega naquela crucial década dos setenta. Porén, non hai dúbida de que foi o seu importante traballo nos libros de Bacharelato e COU xa citados o feito máis significativo no terreo

da docencia, terreo ao que non só se achegou nas súas clases, senón tamén coa súa participación en numerosos cursos de lingua galega promovidos pola Consellería de Educación da Xunta e altamente valorados a efectos administrativos diversos e, particularmente, para diferentes concursos e oposicións xa nos primeiros anos do posfranquismo. Para continuar e rematar a referencia da súa carreira docente no ámbito do ensino medio galego, digamos que en 1968 retornaba ao instituto Valle-Inclán de Pontevedra, onde exerce ata 1986, ano no que se traslada ao instituto de Vilalonga, en Sanxenxo, no que continúa ata 1990.

En efecto, para precisar a significación destes dous libros de texto de finais dos anos oitenta, temos que lembrar que xa daquela a Xunta de Galicia tiña competencias en materia de ensino, circunstancia que parte do Estatuto de Autonomía de 1981 e se desenvolve xa dende 1983 coa Lei de Normalización Lingüística. Consecuencia disto foi a lóxica obriga de introducir o galego como vehículo idiomático dos manuais de Lingua e Literatura Galegas dos diferentes niveis de Ensino primario e secundario. Así, as diferentes editoriais (Anaya, Santillana, Edelvives salientaban entre outras) tiñan que someter os seus libros de texto á consideración crítica e á normativa emanada da Consellería de Educación e da Dirección Xeral de Política Lingüística e da RAG.

Nos anos oitenta, na panorámica dos libros de texto había unha competencia extraordinaria, o que non tiña nada de estraño polos miles de millóns de pesetas que movía o sector. No negocio estaba implicado o profesorado —catedráticos e agregados e mestres con oposición— que aínda recibían un certo beneficio crematístico por “fichar” por tal ou cal casa editora. Ben cedo nesta dinámica entraron dúas firmas galegas: Galaxia, como editora galega e Xerais (Edicións Xerais de Galicia) que dependía de Anaya⁵. Co paso do tempo, ao libro de texto sucederon

⁵ Edicións Xerais de Galicia fundouse en Vigo en 1979. Foron mentores desta iniciativa editorial o galego Xulián Maure Rivas e mais Germán Sánchez Ruipérez, como representante, este último, do grupo Anaya. Fixo Xerais unha aposta galeguista no ámbito da docencia (libros de texto, dicionarios, apoio á literatura infantil e xuvenil, edicións prologadas e anotadas), de superior entidade á de Galaxia. En 2012 tirara xa 1300 títulos. En 2004 pasou a pertencer ao grupo editorial Legardère, de orixe francesa. Manuel Bragado foi o seu director entre 1994 e abril de 2018, posto no que sucedou a Víctor F. Freixanes e que agora ostenta Fran Alonso.

outros materiais complementarios: libros de lectura obrigatoria nalgunhas materias de COU e lecturas propostas nas aulas polos profesores. Non faltaban tampouco os cadernos ou guías de lectura, as edicións de clásicos anotadas e prologadas e aínda unha alta variedade de dicionarios que foron importante contribución ao mellor coñecemento do vocabulario da nosa lingua, pois Galaxia, Xerais, Ir Indo ou a RAG fixéronse presentes neste eido lexicográfico.

Posiblemente por razóns económicas, os dous libros de texto onde colabora M^a Victoria Moreno Márquez son froito, editorialmente, da coedición entre Galaxia e SM (Fundación Santa María, da orde española dos marianistas, fundada en 1977). Profesora de fonda vocación, preocupada sempre polos seus alumnos e interesada en levalos ao terreo da literatura, e concretamente á praxe da escrita en galego, cando colabora nestes dous manuais ten experiencia dabondo dentro e fóra das aulas de ensino medio de Galicia. Esta circunstancia, que comparten os demais autores dos dous libros, queda reflectida nalgunhas claves metodolóxicas:

- a) Conceder aos textos amplo espazo para que sirvan de exemplos directos e posibiliten a práctica do comentario de textos, quedando así mesmo como útiles complementos de estudos teóricos —épocas, estilos, retórica, temas— que posúen privilegiado espazo.
- b) Chegar, no avance cronolóxico de épocas e autores, ata os tempos máis recentes, rexistrando así, en breves notas, a nómina dos que están, no presente, desenvolvendo a súa obra.
- c) Inserir cadros sinópticos con referencias a outras áreas culturais e contextualizar, con alusións a outros autores e outras literaturas o percorrido pola galega.

O enfoque didáctico está en relación directa coa reivindicación da lectura dos textos como medio imprescindible para o coñecemento da literatura. En fin, quixemos deixar constancia neste breve traballo da imaxe dupla que mantivo ao longo da súa vida profesional M^a Victoria Moreno Márquez: como profesora, estudou e aprendeu a literatura e a lingua galegas aos seus alumnos; como escritora alternou a creación literaria —narrativa de ficción— coa reflexión, crítica e estudo da literatura.



Anagnórise, nouvelle de amor e ruta

LUÍS COCHÓN
(CRPIH)

I. No caso de *Anagnórise* o narrador (subxectivo ou implicado) aparece adherido no seu propio relato como homodiexético: narra en primeira persoa, fala dende unha focalización intradiexética que responde á tipoloxía propia do que adopta o punto de vista do eu protagonista, que nos dá, xa que logo, unha visión do que ocorre, case que sempre, *pro domo sua*. Amais cando o narrador é, ao mesmo tempo, personaxe protagonista que monologa por dentro (desdobrado), de modo tal que o eu se converte, teimosamente, en ti autorreflexivo ou, por mellor dicir, en narratorio de si propio. E neste intre é preciso sinalar que —este é o caso— narratorio e lector explícito veñen ser un, no punto e hora na que a obra se está a escribir precisamente para ese lector polivalente. De aí que a narratividade espalle o discurso a teor da competencia e a elaboración do propio código da narración (ou relato). E, para seguir no punto de vista, en *Anagnórise* estase a dar incidente múltiple do eu protagonista, o eu testemuña, ou mesmo —ao ser relato preferentemente dialogado— o modo dramático. Diálogo pois, como sistema de elocución. Diálogo como modalidade, como teatralidade (con acoutacións e didascalías)¹.

Na obra, a anagnórise prodúcese como un modo de azar ao albur (sempre que saibamos que neste relato o azar distribúeo a autora como unha ciencia exacta e planificada para conxugar o *deus ex machina*). A agnición, o recoñecemento, conduce fatalmente a un dos desenlaces: a morte accidental da protagonista condutora, peza fundamental nesta historia, a que manda pero non ordena. A muller forte, innominada ata o final. Ben o sabía o outro protagonista, el, o rapaz *in genere*, o compañeiro de ruta e viaxe, o que lería con ela, coa premonición de que cando soubera o nome, suporía a desaparición física da muller experimentada. A innominación forma parte do artificio da anagnórise cando Aristóteles a trataba con minucia na súa *Poética*: non é tanto que os personaxes non teñan nome —que poden telo— senón

¹ O diálogo no texto dramático vai determinado polo contexto, pola situación e polos códigos comunicativos inherentes aos personaxes: pesa máis o que se di (ou o que non se di), senón como, onde e para que.

que se ispan dos nomes, falsos, cos que son coñecidos, e que pasen a ser recoñecidos polos seus nomes verdadeiros: Periandro e Auristela —no caso da novela póstuma de Cervantes— convértense en Persiles e Sixismunda, ou no caso máis próximo, por exemplo, de *La española inglesa*, do mesmo autor.

II. Cando se vén de rematar esta *nouvelle*, o lector ten que reunir en si suxestións ben dispares: unha novela exemplar (cervantina) que quere confrontarte como moralidade; quérese dicir da índole doutrinal e edificante e benéfica. Fábula e *exemplum* que xungue a función didáctica, docente, benemérita, aleccionadora e alegórica. Pero tamén novela de viaxe, case que de ida por volta (hai que volver á casa). Viaxe como terapia e, consecuentemente, novela de aprendizaxe. Historia de tempo reducido, o que vai de Arousa-Sur (poida que Arealonga, tamén dita Vilagarcía) ata a inminencia de Madrid, en coche pola que era daquela a nacional VI, en parte. Hai tempo aínda para desvíos ou excursos (exentos) que só a medias poden ser ganduxados na trama argumental. *Anagnórise* é un relato dialogado de principio a fin, onde o propio diálogo produce as peripecias sucesivas, a lería discorre de ti para min. Pero, asemade, é un relato bizantino tomado *in medias res* (xa se verán comezo e desenlace que quedan fóra, *in extremas res*, se é lícito dicilo así).

É de ver a habelencia da autora no que fai as técnicas de suspensión para demorar a agnición, o recoñecemento que se producirá no capítulo XIII cando os protagonistas se quiten a máscara (cousa moi teatral) e se convertan —trala anagnórise— en persoas (non teño tempo de dilucidar o proceso polo que a palabra ‘persoa’ procede de máscara, quérese dicir o disfrace da personaxe). Si o teño para explicar a cerimonia da nominación adecuada e verdadeira. Ela vén ser a escritora Xulia Andrade e el, o rapaz autoestopista Nicolau Arís, mozote preuniversitario con visos de escritor cachorro e atordado, meu pobre.

III. O índice, paxinado, inclúe os capítulos I-XIV que van dende a páxina 13, do primeiro, ata a 124 cando conclúe tratándose, como se trata, dunha viaxe “de amor e ruta” (confróntese a contracapa), tales capítulos máis semellan as catorce estacións da viacruis dos protagonistas, e dos que andan arredor deles. Antes desa primeira estación, pp. 11-12, *hors d'oeuvre*, aséntase un a modo de introito ou prólogo (tamén epílogo) ou dialéctica íncipt/éxplicit. Quérese dicir que tal inicio tivo que ser escrito *ex post*, ao final, pero a autora optou —despois de darlle varias voltas— por colocado ao


comezo. O ton, por certo, é ben distinto do corpo da narración, aínda que se trataría de embridar a coherencia textual, se falta fixese: facela acordante. Catro raias de diálogo, dela, a outra protagonista “a voz dela”, para que el rememore “paso a paso” así, en catro partillas: encontro, enfrontamento, amizade e despedida:

[Ela] —Non tiveches nunca a impresión de que había dentro de ti algo que quería voar?

[El] —Tívena e téñoa, agora mentres vai a máis a luz, van a máis as gaivotas que pousan nos teitos e vai a máis este vento que xeme mundo adiante.

IV. Anagnórise (agnición): recoñecemento. Máis ben, neste caso, autorrecoñecemento, cando o propio personaxe se descobre a si propio. A anagnórise desencadea o desenlace do conflito que, ou se esfarela en si mesmo ou conduce á traxedia inexorable e fatal. A anagnórise debe ir ligada á peripecia: o azar cae a cachón para transformarse en necesidade (*le hasard et la nécessité*): ao pasar pola feira de Castro de Luces (como sempre a toponimia é transfigurada), ela (Xulia puxera en relación á súa filla, Natalia, protagonista *in absentia*) co aquel medio noivo que se botara este ano no Instituto: ese tal que Xulia recollera, en tal día (hoxe) nada máis comezar a viaxe. Viaxe, esa, que o é todo no relato que vimos de ler.

V. Non hai máis literatura ca que se le. A hora do lector é fundamental (tamén é verdade que un escritor con talento pode facer boa literatura, que non é o caso de *Anagnórise*). Habería que ter coidado extremo coas edicións escolares, non sempre propias ou apropiadas, moitas fóra do pracer de ler, que deberíamos buscar nos alumnos para se quedaren de vez no gusto da lectura que tería que acompañalos *per semper*. Ler, por outra parte, é un proceso complicado. Nunca se aprende a ler completamente. Un comentario de texto vén ser o resultante dunha lectura, atenta e demorada, e cariñosa e sedutora. A partir de aí será canto o rapaz mozote tente, dun día para outro, poñerse el propio a escribir de seu. A chamada da vocación, de creación de mundos outros: o don taumaturxico. Ese é o labor que merece a pena, ou merecía.



María Victoria Moreno: a novela como unha viaxe

MARÍA JESÚS FERNÁNDEZ

(Crítica/Ensaísta)

Cando recibín a proposta de escribir un artigo sobre María Victoria Moreno, a escritora á que este ano está dedicado o Día das Letras Galegas, sentínme moi honrada por poder achegar a miña pequena colaboración para un mellor coñecemento desta escritora tan singular coa que tamén me unía unha relación afectuosa. Desexei en primeiro lugar ordenar os meus recordos, sobre todo aqueles que fan referencia á persoa, á imaxe que dela gardo na miña memoria. Entón viñéronme á cabeza as lembranzas do día no que a coñecín e tamén un texto publicado na revista *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*) no mes de marzo de 1990. Nesta revista, na sección titulada *Tinta fresca*, publicábanse textos inéditos de autores e autoras de literatura infantil, e sempre estaban precedidos por breves notas autobiográficas. Nesta ocasión, a autora invitada era María Victoria Moreno e, curiosamente, comeza dicindo que ela non sabe falar de si mesma polo que pide aos seus alumnos adolescentes que sexan eles os que a definan. A continuación aparecen varios parágrafos con frases destes rapaces tentando transmitir o que para eles era a súa profesora. Agora penso que a ela lle gustaría “rescatar” algunhas das cousas que dicían aqueles mozos e mozas que tan ben a coñecían. Estou segura de que moitas persoas que tiveron o privilexio de tratar a María Victoria Moreno a recoñecerán nestas frases:

Unha persoa traballadora... Moi culta e moi inocente... Sentimental e idealista... Inocente (insiste outro)... Moi esixente como “profe”... Ten os seus remedios caseiros, como utilizar o pitillo como xarope para a gripe ou para tensar as cordas vocais despois dunha intensa charla... É unha muller “feminista”, sempre nos fala de que a muller ten que ocupar un bo lugar na sociedade... É unha persoa agradable, amante da natureza, unha boa compañeira e profesora.

Eu coñecín persoalmente a María Victoria Moreno algún tempo despois, no inverno do ano 1992. Por aquela, a xente que formabamos o equipo do seminario *Papeles de Literatura Infantil*, estábamos preparando a celebración do sexto Salón do Libro Infantil e Xuvenil da Coruña que aquel

ano, baixo o lema ULTREIA!, e cun fermoso cartel de Miguelanxo Prado, estaba dedicado ao tema do *Camiño de Santiago* e queriamos que ela, que xa era unha escritora recoñecida, participase nos encontros cos lectores e no ciclo de conferencias que estabamos programando. Tiñamos moito interese en que nos falara da relación entre literatura e camiño, dado que era autora dunha das primeiras novelas xuvenís galegas, *Anagnórise* (1988), na que a parte central da historia se desenvolve no transcurso dunha viaxe.

Aquel ano, o Salón do Libro da Coruña estaba instalado moi preto do Parque de Santa Margarida, no edificio inaugurado en 1989 como Pazo de Congresos e convertido na actualidade en Pazo da Ópera, e alí foi o noso primeiro encontro. Aínda que María Victoria era unha muller aparentemente tímida, en realidade non pasaba desapercibida: alta, morena, vestida moi clasicamente e calzada con tacos altos, chamaba a atención co seu peiteado de moño alto e os seus grandes ollos maquillados cun trazo negro. Creo que non me equivoco se digo que tiña un certo aire con María Callas, ou esa foi a impresión que entón me produciu a min. Falaba suave e pausadamente, cunha voz moi característica e con gran precisión no uso da linguaxe, a súa gran paixón.

Naquela primeira tarde que pasamos xuntas iniciouse entre nós unha duradeira amizade que mantivemos fundamentalmente mediante longas conversas telefónicas. Cando recordo aquel primeiro encontro, lembro tamén a outra gran escritora, invitada así mesmo ao Salón daquel ano, coa que compartimos cafés e conversa, refírome a Concha López Narváez que veu falarnos do seu libro *Endrina y el secreto del peregrino*. Moi pronto creouse unha relación de empatía entre as dúas escritoras porque, ademais de seren excelentes conversadoras, ambas compartían unha paixón común: un grande amor polos animais. Entre risos e cigarros, María Victoria era unha empedernida fumadora de Ducados, transcorreron aquelas horas nas que, entre outras cousas, María Victoria falounos con moito cariño do seu can, a quen fixo protagonista de varios contos, e Concha contounos que convivía cunha galiña na súa casa da cidade, e que o animal, que alguén agasallara aos seu fillos cando era un pitiño, estaba comodamente instalado debaixo da mesa da cociña. Tamén recordo que María Victoria era unha gran bebedora de té. E, algo que entón me chamou moito a atención e que puideron confirmar en sucesivos encontros e posteriores conversas: Ela cría, sen ningún xénero de dúbida e con toda seriedade, na

transmigración das almas e na necesaria identificación do ser humano co devir do cosmos. Era realmente unha persoa singular.

Nas sesións que María Victoria compartiu con nós no sexto Salón do Libro, recibiu a lectores da súa obra e achegounos a súa visión como creadora literaria á temática do camiño dando unha conferencia dentro do ciclo “Polos Camiños da Literatura”. Posteriormente envioume un resumo daquela conferencia, xunto cunha nota manuscrita que conservo con moito cariño e que empeza dicindo, textualmente: “Reciclo ó meu xeito o cacho de folio que sobra porque o papel se paga en árbores”. Como moi ben subliñaron os seus alumnos, era unha decidida defensora da natureza.

Púxolle ao seu resumo o título “Desde o meu belvís” e así foi publicado no número 17 da revista *Papeles de Literatura Infantil* correspondente ao mes de abril do ano 1993. Trátase dun interesante e erudito artigo no que a autora comeza reflexionando sobre a ampliación que experimenta o contido semántico das palabras polos vieiros da metáfora. Así, explícase no texto, certos verbos que nunha primeira acepción implican un desprazamento espacial, acadan un segundo significado relativo ao paso do tempo: “Pasa o tren, pasa a estrada, pasa o río, pasa a vida, pasa o tempo... E isto é tan vello, tan univocamente consensuado na nosa civilización, tan sabido, que a metáfora chega a lexicalizarse, a espirse dos seus poderes de suxerencia”.

O mesmo fenómeno, sinala a autora, dáse cos substantivos, de maneira que camiños, estradas, sendas, vieiros..., teñen a vida como referente metafórico: “Este mundo es el camino/para el otro, que es morada sin pesar”, cita a Jorge Manrique. E repara en expresións populares como *levar bo camiño*, para amosar que tanto poden facer referencia a “dirixirse con acerto a un lugar concreto, como ter a vida orientada cara ao ben persoal”.

E, se vivir é camiñar e a vida camiño, o ser humano é o camiñante. Aquí María Victoria pon como exemplo uns versos de Ramón Cabanillas: “Camiño, camiño longo/camiño da miña vida/escuro e triste de noite/triste e escuro de día”. E outros, tamén ben coñecidos, de Antonio Machado: “Yo voy soñando caminos/de la tarde las colinas/doradas, los verdes pinos/las polvorientas encinas/¿Adónde el camino irá?”

Xa rematando o artigo, a autora menciona a relación estreita do xénero narrativo da novela co concepto da viaxe e sinala varias razóns:

- Porque hai unha viaxe interior protagonizada polo lector no tempo de lectura.
- Porque os personaxes das novelas protagonizan tamén viaxes interiores.
- Porque a viaxe real é tema de moitas novelas.
- Porque a viaxe crea a estrutura narrativa.

Dado que, como xa dixeran, o tema do Salón era o Camiño de Santiago, despois de reflexionar sobre a viaxe real e a viaxe interior, a autora fala de que nas viaxes hai sempre unha procura de algo e tamén unha meta implícita, de modo que a viaxe interior precede ao itinerario físico e mesmo é o seu determinante, e remata con esta pregunta: “Que foi antes, Compostela ou a arela de luz e de purificación interior dos peregrinos que crearon o Camiño?”.

Ao reparar na obra literaria de María Victoria Moreno, vemos que, efectivamente, a idea de viaxe, de desprazamento, está nela ben representada. O primeiro libro infantil co que a escritora se deu a coñecer foi *Mar adiante*, publicado no ano 1973 por Edicións do Castro, a editorial creada por Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo como parte dos seus proxectos culturais para Galicia. Un ano antes, en 1972, un dos contos que figuran neste libro, o titulado *Crarisca*, fermosa historia de amor “a distancia” entre un vagalume e un luceiro, foi premiado pola sociedade cultural O Facho (igual que en distintos anos o foron obras doutros pioneiros da LIXGA como Carlos Casares (1968), Bernardino Graña (1969), Paco Martín (1973), Xoán Babarro (1974)...). Este libro, *Mar adiante*, supuxo unha auténtica renovación do xénero e a primeira achega dunha muller escritora á moderna literatura galega para a infancia. Trátase dun conxunto de contos moi anovadores como pode apreciarse na súa temática que, aínda conservando como principal recurso a fantasía, se afasta dos clásicos contos marabillosos e introduce temas novos que non foran tratados con anterioridade na literatura para a infancia: o drama dos mariñeiros afogados sen recibir axuda, a historia do lobo bo que protexe á nena perdida no bosque, a da illa que quedou sen paxariños pola cobiza dos seus habitantes, a xa mencionada historia de amor entre Crarisca e o luceiro da alba. E tamén supón innovación na linguaxe empregada, moi coidada, sen caer no infantilismo e dun alto contido poético. Ademais, é esta a primeira vez que nun libro para público infantil se fala abertamente, con naturalidade e sen dramatismo, da morte dun dos personaxes protagonistas: Lola, a cociñeira velliña que queda durmida para

sempre despois de colleitar amorodos entre os sargazos. A este conxunto de contos a autora dálles unidade construíndo un marco común e facéndoos ser parte dunha historia máis ampla, e é aquí onde aparece o tema da viaxe xa que todas as historias son contadas no transcurso da viaxe que os nenos e nenas da vila de Portosouril fan nun barquiño que lles serve de escola e que se chama o *Arroás*. Curiosamente, esta mesma idea, a dun grupo de escolares a bordo dunha escola flotante, retomouna anos máis tarde, no 2005, Agustín Fernández Paz no seu libro editado por Edebé, *A escola dos piratas*.

Pero onde a viaxe ten unha presenza autenticamente protagonista permitíndonos comprobar a relación estreita entre literatura e camiño expresada pola autora no artigo anteriormente mencionado, é na novela titulada *Anagnórise*. Aparecida no ano 1988, esta novela fai o número 3 da por entón recentemente creada colección Árbore da Editorial Galaxia da que María Victoria tamén era directora xunto con Antonio García Teijeiro e David Otero, e na que, no número 7, se publicou a súa tradución da obra de Manuel de Pedrolo *Mecanoscrito da segunda orixe*, traballo do que a autora estaba moi satisfeita.

De *Anagnórise* pódese dicir que é unha novela inaugural da moderna literatura xuvenil galega, construída cuns trazos que, pasado o tempo, resultan característicos do xénero. Certo que por aqueles anos apareceron outros títulos que sen dúbida tamén podemos considerar obras pioneiras da literatura xuvenil en lingua galega, como son *Arnoia*, *Arnoia* de Méndez Ferrín (1985); *O segredo da pedra figueira* de María Xosé Queizán (1985); *Todo ben* de Manuel Rivas (1985); *A chave das noces* (1987) de Xabier P. Docampo; *Irmán Rei Artur* (1987) de Carlos G. Reigosa; *Proxecto pomba dourada* (1987) de Miguel Vázquez Freire.

O singular e anovador de *Anagnórise* está na elección dos personaxes e das súas circunstancias. Fixémonos en que as novelas citadas no parágrafo anterior, se ben a maioría delas teñen protagonistas mozos ou adolescentes, todas elas, aínda tratando problemas universais, supoñen un certo distanciamento da realidade cotiá: sitúan a súa acción nun pasado mítico, retoman as aventuras das sagas artúricas, lévannos aos sumidoiros máis negros e marxinais da sociedade ou enmárcanse nun posible e distópico futuro. Fronte a isto, a novela de María Victoria Moreno ten como protagonista e narrador a un rapaz de dezasete anos, Nicolau Arís, que vive nunha vila costeira de Galicia

nos anos finais do século XX (época na que a novela foi publicada), estuda nun instituto, ten familia e amigos, e tamén ten problemas, trazos todos eles cos que podían sentirse identificados os mozos e mozas lectores. Precisamente, empurrado por eses problemas que non dá resolto, decide poñer terra de por medio e marchar a Madrid deixando atrás todo o que lle preocupa, se iso fose posible. É dicir, a historia que se conta amosa a vida real e os problemas cotiáns dunha parte importante da xuventude daquel tempo. Este tipo de historias que na actualidade son tan frecuentes e que mesmo constitúen un subxénero que se deu en chamar “novelas de instituto”, entón, no ano 1988, eran unha absoluta e total novidade na literatura galega para a mocidade.

A novela presenta unha estrutura narrativa *in medias res*, cun comezo e un final breves que nos sitúan no tempo presente do protagonista, e unha parte central máis extensa que son recordos recentes de Nicolau e que se desenvolve durante o breve tempo, unhas horas, dunha viaxe en coche dende a vila na que vive o rapaz ata Madrid.

O primeiro que chama a atención é o seu título, *Anagnórise* (a autora púxolle como subtítulo *Novela de amor*). É esta unha palabra pouco común que, ben seguro, non forma parte do vocabulario dos rapaces e rapazas adolescentes a quen vai dirixido o libro. Isto é unha chiscadela da autora que amosa en parte as súas cartas a quen ten a curiosidade de ir buscar no dicionario:

Anagnórise é un recurso narrativo consistente no descubrimento por parte dun personaxe de datos esenciais sobre a súa identidade, a dos seus seres queridos e do seu entorno. Esta revelación altera a conducta do personaxe e obrígao a facerse unha idea máis exacta de si mesmo e do que o rodea. Anagnórise é, pois, a transición da ignorancia á verdade.

Así pois, xa o título estalle dicindo aos lectores avisados que toda a novela é un camiño, unha “transición da ignorancia á verdade”.

Como constrúe María Victoria esta transición? (Volvemos á idea de *camino, paso, transición*). Pois faino ao longo dunha viaxe. Dunha dobre viaxe, podemos dicir: a que cobre un traxecto espacial dun punto A a un punto B, e a que supón a viaxe interior do protagonista, auténtica anagnórise reveladora.

Empurrado polos seus problemas, como xa se dixo, e incapaz de facerlles fronte, Nicolau foxe da casa e da vila na que vive e plántase na estrada disposto a subir no primeiro coche que pare e o seu condutor estea disposto a levalo lonxe. Pero, para desgusto e abraio do mozo, quen o recolle é unha muller que, coa súa actitude, o seu comportamento e as súas palabras, vai poñer en cuestión os moitos prexuízos que ten Nicolau sobre a condición feminina e, sobre todo, vaino axudar a enfrontar os seus problemas e proxectar sobre eles unha nova luz.

Nicolau ten problemas coa súa familia que require del máis responsabilidades das que está disposto a asumir, problemas no instituto onde están a piques de expulsalo acusado dun roubo do que el é inocente, problemas de amor polo que considera unha traizón da súa moza, problemas cos amigos que o levan por camiños que non está seguro de querer transitar e, por riba de todo, ten problemas de identidade.

Toda a novela desenvólvese utilizando con eficacia dous recursos narrativos nos que se pon de manifesto o exquisito uso que a autora fai da linguaxe e a súa pericia na utilización de distintos rexistros: o monólogo interior, no que se plasma o pensamento confuso do rapaz, e o diálogo no que se reflicte a longa conversa entre os dous protagonistas: Nicolau e a misteriosa muller sen nome que o leva no seu coche.

Mediante o monólogo interior, que ás veces toma a forma onírica dun pesadelo, accedemos aos pensamentos íntimos de Nicolau, aqueles que o mozo non pode nin quere verbalizar, sabemos cales son os sentimentos que lle inspira a muller que o acompaña e como estes van transformándose e mesmo sendo contraditorios co paso das horas, sabemos a difícil situación da súa familia (nai enferma, pai ausente), a tremenda confusión que lle produce o acontecido no instituto, a dor pola que el interpreta como desafecto da súa moza, a loita interior que non dá superado e que non lle permite aclarar a situación... E tamén sabemos, e isto é un dos puntos fortes da novela, de que maneira percibe a cambiante paisaxe e como esta percepción actúa sobre o seu espírito. Son moi notables e moi fermosas as descrições das paisaxes e dos ambientes polos que vai transcorrendo esta viaxe. Así mesmo, é moi salientable a maneira como se trata o discorrer do tempo, o paso das horas dende a mañá cedo cando Nicolau monta no coche da misteriosa muller, ata a caída da noite cando finalmente ambos chegan a Madrid. Isto séntese especialmente coa chegada do solpor:

Hai horas do día nas que todo se transfigura porque as cordas do sentimento se tensan de maneira moi especial. Son eses momentos de tránsito [...]. Supoño que será porque somos parte do universo e vivimos encadeados ó seu acontecer.

É nestas pasaxes da novela onde a linguaxe empregada adquire un ritmo máis lento e acada a súa forma máis elaborada e poética.

A través dos áxiles diálogos entre os dous protagonistas, construídos cunha linguaxe moi coloquial e mesmo utilizando modismos propios dos mozos da época, ímonos facendo a nosa propia idea da personalidade da muller sen nome e asistimos a unha especie de loita entre eles dous, ela por axudalo a saír do seu estado de confusión e el por protexerse dos avances dela nese sentido. Sutilmente, utilizando unha dialéctica que poderíamos dicir socrática, a muller vai tentando, e conseguindo, que Nicolau sexa quen de confiar, de abrirse e verbalizar boa parte do que lle roe no seu interior. Pero son outros tamén os temas da conversa entre eles dous: o amor, a vida, as vivencias que produce a música, o valor dos mitos para dar resposta ás grandes preguntas da humanidade... E, de maneira moi especial, tamén se fala sobre a creación literaria e de como a propia experiencia do autor serve para dar vida a personaxes, para atopar a veracidade dos sentimentos, para ser máis sensible na percepción das situacións: “Ti poderás inventar personaxes que vivan peripecias diferentes das túas, pero terán a veracidade propia dos sentimentos humanos e a historia que protagonicen será unha verdade”. Tamén se toca o tema da novela como unha viaxe:


Ti sabes que toda novela se axeita á idea que temos dunha viaxe? [...]. Os protagonistas das novelas, e isto non é cousa miña, que o dixo Michel Butor hai xa tempo, son viaxeiros que van achegándose a unha meta. E todos, repara ben nisto, conclúen a súa andaina atopando algo. Ás veces é un tesouro, ás veces un amor... Tamén pode ser un obxecto perdido, a clave para entender un acontecemento ou a propia identidade.

Esta última frase entresacada do texto, sérvenos para, enlazando co título e o seu significado, chegar a parte final da historia que supón un dobre descubrimento: por unha parte, o protagonista, e nós con el, descobre a identidade da misteriosa muller e con iso comprende o vínculo que os une, cales foron en todo momento as motivacións dela e que foi o que

tentou transmitirlle e, por outra parte, tamén a autora ten reservada unha sorpresa para os lectores, outro descubrimento que nos obriga a volver a pensar a historia dende o principio, pois en realidade todo o que levamos lido é unha novela escrita por Nicolau en lembranza daqueles días tan amargos e, sobre todo, da muller que descubriu nel a vocación literaria, lle regalou o título, *Anagnórise*, axudoulle a descubrir a realidade, a desenguedellar o nobelo da súa vida, a recuperar o amor e a poñerse en paz consigo mesmo. Este é o tesouro que a viaxe nos tiña reservado.

Bibliografía

- De Pedrolo, Manuel (1989): *Mecanoscrito da segunda orixe*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Paz, Agustín (2005): *A escola dos piratas*. A Coruña: Rodeira.
- López Narváez, Concha (1988): *Endrina y el secreto del peregrino*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1985): *Arnoia, Arnoia*. Vigo: Xerais.
- Moreno Márquez, María Victoria (1973): *Mar adiante (Historias de nenos pra nenos)*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1988): *Anagnórise*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1990): “Tinta Fresca”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 15, pp. 37-40.
- _____ (1993): “Desde o meu belvís”, *Papeles de Literatura Infantil*, 17, pp. 17-19.
- Puente Docampo, Francisco Xabier (1987): *A chave das noces*. A Coruña: Vía Láctea.
- Queizán, María Xosé (1985): *O segredo da pedra figueira*. Vigo: Xerais.
- Reigosa, Carlos (1987): *Irmán Rei Artur*. Vigo: Xerais.
- Rivas, Manuel (1985): *Todo ben*. Vigo: Xerais.
- Vázquez Freire, Miguel (1987): *Proxecto pomba dourada*. Vigo: Xerais.



and still
wonderful

Motivos e recursos literarios en *Anagnórise*

MAR FERNÁNDEZ-VÁZQUEZ
(ICE/USC)

Introito

Abondosas felicitacións por parte de mediadores da cultura galega, achegadas en vida de M^a Victoria Moreno, anticiparon a homenaxe no Día das Letras Galegas 2018. Entre elas salienta a cualificación como “seudónimo prosaico dunha fada chovida do ceo que de vez en cando ten o acordo de escribir pra regalo de nenos —e de grandes— do noso país [...] nun galego tan engaiolante como xusto” (Alonso Montero, en Moreno, 1973: lapela da contra), que representa na cultura galega “o paradigma de muller comprometida co seu mundo, coherente coas súas ideas, diverxente por natureza, transgresora auténtica e insubornable en tódolos aspectos da súa personalidade (non sempre ben comprendida e aceptada), mestra de xeracións que seguimos aprendendo do seu maxisterio a súa peculiar e sempre enriquecedora lectura do libro da vida” (Gallego, 2002: 401).

No que concirne á súa escrita, xurdida como “desafogo” e sempre “a salto de mata” (en Neira Cruz, 1999: 12 e 13, respectivamente), subscribo definila como “unha autoridade, porque á calidade da súa produción dirixida á infancia e á mocidade, súmaselle o seu compromiso que adquiriu coa lingua, coa cultura do país de adopción e mesmo coa literatura de adultos, a crítica e o ensaio” (Agra Pardiñas, Mociño González, Neira Rodríguez, Roig Rechou e Sixto, 2007: 75).

A súa traxectoria sintetízase na “perfecta asimilación do noso mundo, a súa delicada sensibilidade capaz de expresar os nosos máis íntimos sentimentos. Victoria atopa na nosa cultura e na nosa lingua o universo ideal onde desenvolverse” (Gómez, 2002: 402) e en que, na súa Literatura Infantil e Xuvenil (en adiante, LIX), “siempre ha defendido valores de comprensión, de humildad, de respecto por la humanidad y por el mundo animal, mensajes articulados, como señaló Carmen Blanco (1994), dentro de una ética cristiana progresista basada en el principio del amor universal” (Roig Rechou e Neira Rodríguez, 2010: 334).

Nas páxinas seguintes comento a iniciática novela xuvenil *Anagnórise* (1988) á luz dos motivos¹ e recursos literarios. A escolla débese ao éxito de crítica e público da obra que, no mes de xullo de 2017, alcanzou a terceira reimpresión da terceira edición na colección xuvenil Costa Oeste; e a que os “*arquetipos, topoi, ideas, temas y motivos* forman parte de la textura profunda de los estudios literarios y nunca, ni en los momentos de máximo fervor estilístico o estructuralista, han sido olvidados por los lectores exigentes y por los estudiosos que buscan el entendimiento del hecho literario más allá del texto particular” (Romero Tobar, 2006: 70).

Se ben é incuestionable “la imprecisión con que se entiende la noción de *tema* (y su recíproca de *motivo*) tanto en los trabajos específicos como en los repertorios bibliográficos retrospectivos y periódicos” (Romero Tobar, 2006: 78), cuxa diferenza máis remarcada “es que para unos (estudiosos germanos como Frenzel, que concide con Curtius) el *tema* precede al motivo porque tiene una mayor amplitud de espectro significativo, mientras que para otros (especialmente galos como Trousson, Dufour), el *motivo* es anterior al *tema*, ya que este último es simple determinación del primero o, dicho con palabras de Trousson (1965: 12-13): el *tema* no es más que ‘l’expression particulière d’un motif, son individualisation ou, si l’on veut, le résultat du passage du général ao particulier” (Romero Tobar, 2006: 72), M^a Victoria Moreno ratifica en *Anagnórise*, como precisarei máis adiante, que “la creación literaria sigue ahondando en los *temas* y en los *motivos* de la tradición, además de formular nuestras troquelaciones que deben ser percibidas por

¹ Como excede as estremas deste estudo, para establecer diferenzas entre *tema* e *motivo* remito a Elisabeth Frenzel (1976: VIII, en Romero Tobar, 2006: 72-73): “Por [*tema* debe entenderse] una como fábula tejida por los componentes de la acción y prefijada ya en forma de la experiencia, visión informe, acontecimiento o tradición a través del mito y de la religión, o como acontecimiento histórico, ofreciéndole un estímulo para su adaptación literaria. Sus contornos fijos diferencian el *tema* tanto del problema (o idea) más abstracto y en cierto modo vacío de argumento (‘la fidelidad, el amor, la amistad, la muerte’) como de la unidad argumental menor del *motivo* (‘el hombre entre dos mujeres’, ‘los hermanos enemigos’, ‘el doble’), que si bien tiene en común con el *tema* lo intuitivo de sus imágenes y lo situacional, no hace más que pulsar un acorde, allí donde el *tema* ofrece la melodía completa”. Confróntese co parecer de Raymond Trousson (1981: 25-26): “Le thème, cristallisation et particularisation d’un motif, est d’emblée objet littéraire, parce qu’il n’existe qu’à partir du moment où le motif s’est exprimé dans une oeuvre, devenue le point de départ d’une série plus o moins importante d’autres oeuvres, le point de départ d’une tradition littéraire”.

los lectores y estudiadas por los expertos” (Romero Tobar, 2006: 77) e que “le seul choix, par un auteur, d’un thème à l’exclusion des autres, est une première manifestation de son individualité, laquelle s’exprimera ensuite dans sa manière de le traiter, dans les modifications qu’il apportera à la forme comme ao fond” (Trousson, 1981: 95).

Anagnórise: motivos literarios e recurso estrutural

M^a Victoria Moreno pertence ao grupo de mediadores que contribuíron a fraguar a decidida aposta, a prol da LIX, encomendada pola Editorial Galaxia a finais dos anos sesenta. A autora cacereña asumiu, xunto con Antonio García Teijeiro, David Otero e Amparo Solla, o coidado da colección Árbore², creada en 1988 (Agreló Costas, 2015: 133, nota 73), e ese mesmo ano deu ao prelo, como número 3 da colección, a novela *Anagnórise* (1988), na serie “Rosa”, dirixida ao lectorado “a partir de 15 anos e para adultos” (Roig Rechou, Domínguez Pérez e Mociño González, 2008).

A liña editorial de Galaxia foise perfilando nos anos noventa co inicio de novas coleccións propias, outras en coedición e así mesmo coa reestruturación das coleccións anteriores, en base ás franxas etarias do lectorado a quen se dirixían en primeira instancia. Boa mostra é o comezo en 1997 da colección “Costa Oeste” para acoller obras de fronteira entre o lectorado xuvenil e o público adulto de autores recoñecidos en Galicia e fóra dela. A editorial viguesa elixiu como número inaugural a reedición de *Anagnórise*; estratexia ideada seguramente en base a que a novela fora inserida en 1990 na prestixiosa Lista de Honra do IBBY e contaba xa con nove reimpresións na colección Árbore, en gran medida debidas a que “apareceu nun momento oportuno e con destino a unha mocidade inserida de cheo nun proceso de cambios imparábeis. Ofertaba un camiño propio, un curso acelerado de iniciación á vida entre xogos de realidade e ficción. Un *On the Road* autóctono e xuvenil, desprendido e exento de calquera das moralinas que entorpecen e invalidan non pouca literatura de mocidade” (Acuña, 2002: 399-400).

² Que nos dous primeiros anos de andaina como colección publicou vinte títulos, o que permitiu á editorial viguesa constatar o incremento do número de autores en lingua galega e propiciou ampliar a súa colección a outras franxas etarias (Casares, 1990: 58-59).

Esta novela de formación, amorosa, de estrutura circular e con final aberto responde ao coñecemento da autora da “psicloxía da xente nova porque estou con eles. Eu fálolles, pero tamén, os escoito. Por outra banda, interésame penetrar na alma da paisaxe, na alma dos obxectos. Porque amo o silencio” (en Neira Cruz, 1999: 14) e a que “hai determinados valores que cómpre ensalzar a través da literatura. A defensa da verdade, do perdón, da bondade. Os bos non son iguais cós malos. Quen ten unha pluma na man, quen ten ó seu cargo unha aula chea de rapaces e rapazas, ten a obriga de espallar valores e potenciais. Un escritor debe ter unha ética” (en Neira Cruz, 1999: 14). Estas premisas explican que a dedícase “para os meus alumnos de Vilalonga” (Moreno, 1997: [7]) e que a condutora-guía do mozo protagonista sexa unha escritora que valora a “solidariedade” dos lectores diante dunha “historia inventada” (Moreno, 1997: [35]), convencida de que “un escritor ten máis necesidade dunha papeleira ca dun ordenador” (en Neira Cruz, 1999: 16), xa que “hai que ter presente o valor da palabra á hora de escribir. A palabra que ten significado, que ten beleza, que ten gracia... A palabra que fará que os novos lectores amen a palabra” (en Neira Cruz, 1999: 15).

Anagnórise xurdiu do gusto da autora polo “espacio do coche”, “conducir” e “o trato coa xente nova; nunca é mala, porque aínda que se porte mal é educable”, grazas á palabra (en Suárez, 2002: 403). Por iso, á marxe da posible “metáfora” do coche, a autora incide no “permanente diálogo do adolescente coa señora madura, que consegue levar ó adolescente ó rego, é dicir, á casa e ó amor” (en Suárez, 2002: 403) e en que “a vida dunha persoa madura vale menos que unha vida [en referencia á do mozo protagonista] que é unha promesa”. Esta xénese harmoniza co “marcado ton lírico, que oscila entre o recurso ao monólogo interior e a narración en primeira persoa” e cunha historia de amor, como reza no subtítulo, “baixo a que trasloce a evolución psicolóxica dun mozo e as consecuencias da súa entrada no mundo das drogas” (Mociño González, 2015: 164), ao tempo que se mostran “dous puntos de vista diferentes: a inocencia e a inxenuidade fronte á sabedoría e a experiencia que dá a vida, fíos que se unen e se complementan polas trusgadas do destino” (Soto López, 1999: 20) e constrúen unha inesperada amizade, froito do “diálogo intelixente, aberto, sincero e comprensivo entre Nicolau e a muller adulta”, que redunda para o mozo na victoria dos seus “receos” e na resolución das “súas dúbidas” (Soto López, 1999: 20).

As principais innovacións atinxen aos motivos e recursos literarios, empregados pola autora para achegar verosimilitude á trama e establecer un xogo intertextual coas súas lecturas de referencia (o *Quixote*, de Miguel de Cervantes e *O Principiño*, de Antoine de Saint-Exupéry), de aí a aposta por unha viaxe física e emocional na que a presenza e a orientación dun adulto [...] favorece o diálogo e a comprensión, facéndoo partícipe da súa propia experiencia e abríndolle novas perspectivas na busca da identidade”, no proceso “do mozo no seu paso á madurez” (Mociño González, 2015: 164). Como

le thème est un fil conducteur, éternel à travers la durée, qui se charge, ao long des siècles, de tout le butin artistique et philosophique amassé, sur sa route illimitée, par l’aventurier humain; c’est pourquoi il préserve et restitue à travers ses innombrables transmutations, quelques constantes, quelques préoccupations fondamentales, en un mot quelque chose de l’essentiel de la nature humaine (Trousson, 1981: 122),

decidín somerxerme nos *motivos e recursos literarios* manexados por Ma Victoria Moreno, coa finalidade de que

l’examen des modalités d’utilisation d’un thème permet de mettre mieux en évidence la part d’originalité créatrice de chaque auteur, précisément parce que le thème constitue un fil conducteur, un point de référence, un premier terme idéal de comparaison, permettant de mesurer la puissance d’intervention de l’auteur sur la tradition qui avait cours jusqu’à lui (Trousson, 1981: 55).

Ma Victoria Moreno reescribe varios argumentos da literatura universal e a súa concreción nos correspondentes motivos. O argumento de Timbreo e Fenicia (Frenzel, 1976: 459-460) recupérase na acusación vertida por Marcos sobre Natalia de serlle infiel con el a Nicolau; o falso testemuño de Marcos dá pé ao conflito da trama: Nicolau dubida de Natalia, sente un engano semellante ao inflixido por Isabel Freyre a Garcilaso de la Vega (Moreno, 1997: 23-25), participa activamente na posterior acusación de roubo no supermercado que lle imputan a Natalia e, desbordado polos celos, decide fuxir a Madrid para non enfrontar a Natalia e tentar así comezar unha vida nova, ao lado do seu ‘amigo’ e ‘rival’ Marcos. Unido ao primeiro argumento exposto aparece o de Tito e Gisipo (Frenzel, 1976: 460-461), que a autora estremeña reelabora no sentido

de que Natalia vai gañando protagonismo segundo avanza o desenvolvemento da trama, grazas á reflexión que a condutora do coche propicia en Nicolau sobre os seus recordos, máis recorrentes canto máis se afasta dos “lugares máis queridos: a praia da Breixa, a casa dos avós, o cine da Xunqueira, o polideportivo da Abra...” (Moreno, 1997: 15). O conflito transfórmase ao final da trama cando Nicolau descubre o nome da condutora e asimila as ensinanzas que esta lle achegara, durante a viaxe, mentres el se preguntaba unha e outra vez como podía adiviñar o seu pensamento e sentir³.

Para concretar os argumentos referidos, a autora cacereña fai uso de varios motivos da literatura universal, caso do descontento (Frenzel, 1980: 90-97), a proba de amizade (Frenzel, 1980: 260-271), o rebelde (Frenzel, 1980: 285-293) e a rivalidade (Frenzel, 1980: 306-312), dos cales tira só a esencia e readáptaos para desenvolver a trama conforme o recurso estrutural dunha viaxe, física e psicolóxica, que achega verosimilitude para artellar o recurso retórico da anagnórise, e serve tamén de elo de unión entre dúas das narracións máis recoñecidas desta mediadora: a infantil *Mar adiante* (*Historias de nenos pra nenos*) (1973) e a xuvenil *Anagnórise* xa que, en ambas as dúas, aparecen “a figura dunha adulta que exerce o papel de conselleira ou guía” e así mesmo “a viaxe polo mar é tamén unha viaxe polo coñecemento”, como apunta Isabel Mociño González (2017: 52), respecto a *Mar adiante*.

Nicolau, descontento ante o conflito inicial xerado ao redor de Natalia pasa a comportarse como un rebelde desnortado que claudica ante o seu rival e suposto amigo Marcos e emprende unha fuxida precipitada para evitar encarar a verdade e asumir as consecuencias dos actos realizados, escudándose en ser un adolescente enganado, un adulto aínda en formación e que madurece ao rematar a viaxe e entender o proceso de recoñecemento ou anagnórise [ἀναγνώρισις] experimentado a carón da descoñecida condutora.

³ Sirvan como exemplos: “Desde que me colleu, tratoume coma se eu fose da súa propiedade, transparente, familiar, coñecido, carente de todo interese. É ben certo que ás veces me deixaba abraiado porque falaba das miñas cousas coma se as soubese, coma se lle tivese eu contado o que xamais tiveren intención de contarlle, vaia, coma se eu lle tivese pedido consello antes de decidirme a face-lo que fixen” (Moreno, 1997: [49]) e, tamén, “señora que non precisaba explicacións, nin confesións nin nada para atinar sempre no miolo dos meus pensamentos” (Moreno, 1997: 67-68).

O aludido recurso do recoñecemento ou anagnórise ocasiona, como refire Aristóteles (1994, XI: 38), “el paso de la ignorancia al conocimiento” e pode producirse respecto a obxectos, accións e persoas (como acontece na novela estudada para Nicolau e a condutora-escritora) e ademais supón neste último caso (Aristóteles, 1994, XI: 38-39) un recoñecemento dun mesmo (como lle sucede a Nicolau nun primeiro momento), doutro (cando Nicolau descobre quen era a condutora) ou un recoñecemento mutuo que “comportan compasión y temor” e tamén “la felicidad y la desdicha” (que sente Nicolau ao saber da morte da condutora e descubrir a razón de que o recollera no seu coche e o levara ata Madrid para axudalo, durante a viaxe, a redescubrirse el mesmo e coñecer a verdade de Natalia e de Marcos).

M^a Victoria Moreno demostra ter un bo coñecemento da mitoloxía (Moreno, 1997: 85-89), de autores clásicos (Garcilaso de la Vega, Honoré de Balzac, Platón) e deste recurso estrutural xa que decide empregalo nesta obra súa, subtitulada “novela de amor”, respectando o percorrido histórico deste recurso, que na traxedia e na comedia grecolatina aparece sempre xunto ao tema do amor feliz (García Gual, 1972: 100-104; Ruiz Montero, 2006: 50; Thiele, 1944: 61-179) e tamén o feito de que os

procesos de *anagnórisis* presentan una composición dialogada, en la que la unificación del tema de cada discurso de los personajes intervinientes (uno que desea persuadir de su identidad y otro que requiere señales o se resiste) culmina usualmente con un desenlace positivo (Zecchin de Fasano, 2000: 288).

Así mesmo, a autora condensa en *Anagnórise* trazos definitorios de tres das seis clases de recoñecemento propostas por Aristóteles (1994, XVI-XVII: 48-50). Da terceira clase, “la que se produce por medio del recuerdo, cuando al ver algo una persona se da cuenta de cierta cosa” (Aristóteles, 1994, XI: 49), experimentaa Nicolau a través dos recordos das consecuencias derivadas do conflito inicial da trama, as cales motivan a súa fuxida (Moreno, 1997: 43-48 e 61-62). A cuarta clase, “mediante un razonamiento”, descóbrea o protagonista tras reflexionar sobre os argumentos expostos pola condutora durante a viaxe a Madrid (Moreno, 1997: [69], 85-89); e sobre todo aparece a sexta clase, “que resulta en forma verosímil de los hechos mismos, pues la sorpresa se produce en

forma verosímil” (Aristóteles, 1994, XVI: 50); notorio recoñecemento no final da novela cando Nicolau se autorrecoñece como o mozo que era antes dos sucesos que o moveron a fuxir no momento en que Natalia o chama e constata que logrou descubrir “as máis das súas incógnitas” cando rememora un dos argumentos da condutora Xulia Andrade: “O mellor de cada situación —ben me lembro disto como me lembro de todo o demais— é o que pode ter de sorpresa, a inocencia con que a aceptamos. A reflexión e a aprendizaxe veñen despois” (Moreno, 1994: 148). Mesmo o narrador omnisciente verbaliza esta reflexión de Nicolau respecto a Natalia: “sabía, ela si sabía, a miña parvada de fuxir por un problema que se resolvía confiando nela e plantándolle cara ó Marcos no seu momento” (Moreno, 1994: 148).

A mediadora (docente e escritora) M^a Victoria Moreno amosa un bo dominio de motivos e recursos literarios que lle posibilitaron que o lectorado de *Anagnórise* entenda que

a literatura ten unha dimensión moi fonda, ademais doutras máis evidentes, pois é capaz de chegar á cerna esencial que nos caracteriza como seres humanos. A complexidade das persoas, a fondura da vida, as grandes preguntas da humanidade, os sentimentos e as emocións... Todo iso está nos libros, por iso creo que teñen a capacidade de cambiarnos a vida, aínda que non sexamos quen de explicar como nin de que xeito (Fernández Paz, 2012: 177).

Anagnórise exemplifica que “les oeuvres peuvent différer en valeur littéraire, mais elles ne peuvent être jugées que par rapport à une série de facteurs variables selon les temps, les esthétiques et les axes de pensée, non par référence à un intangible archétype” (Trousson, 1981: 68) e que

la lectura es un *diálogo interactivo entre texto y lector*, este diálogo es dirigido por el receptor mediante la aportación de todos sus conocimientos lingüísticos, paralingüísticos, extralingüísticos, enciclopédicos y culturales que le permitan hacer efectiva la *comprensión* de los mensajes escritos (Mendoza Fillola, 2008).

O citado recurso literario posibilita o xogo intra e intertextual (do propio Nicolau coa escritora Xulia Andrade e do ‘lector común’ coa novela comentada) e a reescritura da mitoloxía, de obras clásicas e de temas

e motivos da literatura universal para formar lectores competentes, lectores “intérpretes” (Fernández Paz, 2017: 135)⁴. E así mesmo confirma que “la lectura puede contribuir [...] a la elaboración de una identidad que no se basa en el mero antagonismo entre ‘ellos’ y ‘nosotros’ [...]. A la elaboración de una identidad plural, más flexible, más lábil, abierta al juego y al cambio” (Petit, 2001: 57).

A xeito de conclusión

Os motivos e recursos literarios abordados reflicten a incuestionable calidade literaria da escrita de M^a Victoria Moreno. Dentro da ficción os personaxes convértense noutros históricos dos que aprehenden ensinanzas e descubren a verdade agochada tras falsos testemuños malintencionados: Nicolau Aris de San Cibrán, Natalia de Irene Freyre, Xulia Andrade como unha Penélope que fía e desenfía razoamentos para axudar a Nicolau a atopar o camiño da verdade.

En suma, *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno, reitera os recursos da persoa-guía e da viaxe iniciática, presentes na súa narración inaugural *Mar adiante* (*Historias de nenos pra nenos*) e sitúa o lectorado xuvenil (e tamén o adulto, xa que a LIX se dirixe ao lectorado de calquera idade) ante unha rica novela amorosa, de amizade e de formación, moi necesaria na sociedade do século XXI, xa que a lectura pode axudar o lectorado a saír do silencio autoimposto, do medo á contorna e ao Outro, de persoas que o empurran a caer en conflitos dos que non sabe saír por falta de experiencia e de madurez e sobre todo a aprender a fuxir da droga, a non prexulgar, a confiar, a escoitar, a reflexionar e argumentar con pensamentos sólidos, a evolucionar como persoa e a crer nel mesmo; todo grazas ao poder da palabra.


⁴ Como denomina os lectores que alcanzan “o cuarto banzo”, no momento en que o lector “se decata de que outros lectores atopan diferentes significados ao ler o mesmo texto. Cando comprende que a lectura é un pracer difícil, que esixe esforzo, mais que nunca deixa de compensar” (Fernández Paz, 2017: 135).

Bibliografía

- Acuña, X. Enrique (2002): “Sen moralinas entorpecedoras” en VV.AA., *Crítica e autores: artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*, vol. II. [A Coruña]: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, pp. 399-400.
- Agra Pardiñas, María Jesús, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez, Blanca-Ana Roig Rechou e Teresa Sixto (2007): “Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega (1960-1985)” en *Grandes Autores para Pequenos Leitores. Literatura para a infancia e a juventude: Elementos para a construción de um cânone* (coords. Blanca-Ana Roig Rechou e José António Gomes). Porto: Deriva Editores, setembro, pp. 53-94.
- Agrelo Costas, Eulalia (2015): “IV.1. Contexto e factores sistémicos” en *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega* (coord. Blanca-Ana Roig Rechou). Vigo: Xerais, maio, pp. 125-148.
- Aristóteles (1994): *Poética*, texto, noticia preliminar, traducción y notas de José Alsina Cota. Barcelona: Bosch, col. Icaria Litteria, segunda edición, setembro.
- Blanco, Carmen (1994): *Libros de mulleres para unha bibliografía de escritoras en lingua galega: 1863-1992*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Casares Mouríño, Carlos (1990): “Árbore. Literatura infantil de hoy” en *CLIJ*, 23, pp. 58-59.
- Curtius, Ernst Robert (1959): “Herman Hesse” en *Ensayos críticos acerca de la literatura europea*, I. Barcelona: Seix Barral, pp. 273-274.
- Dufour, Pierre (1977): “La relation peinture/littérature. Notes pour un comparatisme interdisciplinaire” en *Neohelicon*, vol. V, 1, pp. 141-190.
- Fernández Paz, Agustín (2012): *O rastro que deixamos*, ed. Isabel Soto. Vigo: Xerais, col. Memoria.
- _____ (2017): *Un mundo de palabras*, ed. Isabel Soto. Vigo: Xerais, col. Crónica.
- Frenzel, Elisabeth (1976): *Diccionario de argumentos de la literatura universal*. Madrid: Gredos. [Trad. esp. 1ª ed.: *Stoffe der Weltliteratur. Ein Lexikon Dichtungsgeschichtlicher Längsschnitte*, Stuttgart: Kröner].
- _____ (1980): *Diccionario de motivos de la literatura universal*. Madrid: Gredos. [Trad. española. 1ª ed: *Motive der Weltliteratur. Ein Lexikon Dichtungsgeschichtlicher Längsschnitte*, Stuttgart: Kröner].

- Gallego, Luz (2002): “Transgresora” en VV.AA., *Crítica e autores: artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*, vol. II. A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, pp. 400-401.
- García Gual, Carlos (1972): *Los orígenes de la novela*. Madrid: Istmo.
- Gómez, Rosa (2002) “Galega por adopción” en VV.AA., *Crítica e autores: artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*, vol. II, [A Coruña]: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, pp. 401-402.
- Mendoza Fillola, Antonio (2008): *La formación lectora en la etapa escolar*. Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. Disponible en: <http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcjt050>
- Mociño González, Isabel (2015): “IV.2. Producción literaria”, “Narrativa xuvenil” en *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega* (coord. Blanca-Ana Roig Rechou). Vigo: Xerais, maio, pp. 154-185.
- _____ (2017): “O traballo das mulleres na LIX: o rural e o mar en tres obras pioneiras” en *Boletín Galego de Literatura*, 50 (1º semestre 2017), monográfico “Corpos, territorios e resistencias. Os traballos das mulleres nas literaturas galega e irlandesa” coordinado por Ana Acuña Trabazo e María Xesús Nogueira Pereira, “Notas/Notes”, pp. 35-67. Disponible en: <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3901/4211>
- Moreno Márquez, María Victoria (1973): *Mar adiante (Historias de nenos pra nenos)*, ilust. cuberta Carmen Arias, ilust. interiores da autora, presentación de Xesús Alonso Montero. Sada-A Coruña: Edición do Castro.
- _____ (1992), “M.V.M., una profesora feliz de serlo” en *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 41, pp. 48-50. Disponible en: <http://prensahistorica.mcu.es/es/consulta/registro.cmd?id=1008578>
- _____ (1997): *Anagnórise (novela de amor)*. Vigo: Editorial Galaxia, 10ª edición, col. Costa Oeste, 1 [1ª edición: Vigo: Galaxia, col. Árbore, serie Rosa (a partir de 15 anos e para adultos), 3, 1988].
- Neira Cruz, X. A. (1999): “María Victoria Moreno: ‘Estou a escribir contrarreloxo’” en *Fadamorgana*, 3, pp. 12-16.
- Petit, Michèle (2001): *Lecturas: del espacio íntimo al espacio público*. Trad. Miguel e Malou Paleo, e Diana Luz Sánchez. México: Fondo de Cultura Económica, col. Espacios para la lectura.

- Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), Mónica Domínguez Pérez e Isabel Mociño González (2008): *Producción da Literatura Infantil e Xuvenil en galego*, LIJMI. Universidade de Santiago de Compostela, publicación en CD-ROM, ISBN: 978-84-611-5082- 3, Nº rexistro: 07/5675, en *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, 3 (2016), “Para saber máis”. Disponible en: <http://www.usc.es/revistas/index.php/elos/article/view/3602/3777>
- Roig Rechou, Blanca-Ana e Marta Neira Rodríguez (2010): “El papel de la mujer en la literatura infantil y juvenil gallega hasta el año 2006” en *Diálogos intertextuales 3: en busca de la voz femenina. Temas de género en la literatura infantil y juvenil de la Península Ibérica y Latinoamérica* (ed. Celia Vázquez). Frankfurt: Peter Lang GMBH, pp. 329-348.
- Romero Tobar, Leonardo (2006): “Sobre temas y motivos literarios” en *La literatura en su historia*. Madrid: Arco/Libros, col. Instrumenta Bibliologica, pp. 69-78 [Edición orixinal: “La información bibliográfica actualizada sobre temas y motivos literarios” en *Trabajos para la Asociación Española de Bibliografía II*, Madrid: Nuevo Siglo, 1998, pp. 123-134].
- Ruiz Montero, Consuelo (2006): *La novela griega*. Madrid: Síntesis.
- Soto López, M^a Isabel (1999): “Á beleza polo lirismo e a tenrura. Achegamento á obra de María Victoria Moreno” en *Fadamorgana*, 3, pp. 17-20.
- Suárez, Martiño (2002): “Entrevista a María Victoria Moreno. ‘Os personaxes veñen pola noite e acósanme no medio do sono’” en VV.AA., *Crítica e autores: artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*, vol. II, [A Coruña]: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, pp. 402-405.
- Thiele, Guillermo (1944): “Problemas de anagnórisis en la literatura griega” en *Anales del Instituto de Literaturas Clásicas (AILC)*, 2, Bos Aires: CONI, pp. 61-179.
- Trousseau, Raymond (1981): *Thèmes et mythes. Questions de méthode*. Bruxelles-Bélgique: Éditions de l’Université de Bruxelles, col. Arguments et Documents.
- Zecchin de Fasano, Graciela Cristina (2000): “Anagnórisis y Anagnorismós: procesos y resultado en los reconocimientos de Odisea. El caso de Odiseo y Penélope”, *Praesentia. Revista Venezolana de Estudios Clásicos*, 2-3, enero-diciembre, pp. 285-308. Disponible en: <http://erevistas.saber.ula.ve/index.php/praesentia/article/view/2858/2779>



Navegando *Mar adiante*

CARMEN FERREIRA
(ICE/USC)

M^a Victoria Moreno foi unha profesora que cultivou a poesía, a narrativa, a crítica literaria e a tradución en galego e castelán e que, malia ter nacido en Estremadura, dende o momento que chegou a Galicia aprendeu o idioma e comprometeuse coa fala e cultura galegas. A súa vinculación afectiva con Galicia foi tal que, como recolle Roig (2007: 75), declarouse galega de orixe: “asinei para sempre o meu compromiso coa lingua e cos nenos de Galicia: só escribo en galego, só escribo para nenos” (Alonso Montero e Salgado, 1994). Entre 1971 e 1975, anos difíciles e de censura, impartiu de maneira non remunerada cursos de galego en sociedades como Amigos da Cultura de Pontevedra e Vilagarcía, “feito que, xunto co de escribir en lingua galega, lle ocasionou a apertura dunha ficha na policía e a retirada do seu pasaporte” (Roig, 2007: 71).

Esta docente, incluída na unidade xeracional “Da Literatura institucionalizada á Infantil e Xuvenil” (Roig, 2015), contribuíu na década dos setenta á fundación e formación da Literatura Infantil e Xuvenil “malia que o proceso se desenvolveu dunha maneira lenta e progresiva por mor do contexto político español, adverso a todo o relacionado coas culturas periféricas, sometidas a prohibicións e represións e nun clima de total falta de liberdades respecto á creación e á publicación nas linguas de seu” (Roig, 2015: 67).

Neste contexto comezaran a actuar unha serie de axentes sociais e culturais que provocaron que se visibilizasen as culturas periféricas fronte á ideoloxía estatal e que se preocuparon por producir obras literarias para os máis novos, pois entendían que a Literatura, como parte da cultura, podía proporcionar, entre outros bens valiosos, riqueza e prestixio (Even-Zohar, 2007: 73), propiciando o denominado “terceiro rexurdimento” da cultura galega (Tarrío, 1994: 304).

Entre eles, son de salientar “as asociacións culturais e as mudanzas educativas que animaron a produción promovendo libros de lectura, materiais formativos e mais publicacións periódicas en lingua galega” (Roig, 2015: 70), apoiadas pola industria editorial que se sentiu atraída ante a posibilidade

do florecemento dun posible mercado que podía fortalecer o feble tecido empresarial existente.

As actividades das asociacións culturais de carácter progresista e galeguistas “funcionaron como mecanismos contestatarios fronte ao dominio represor da ditadura. Nelas participaron profesionais de distintos ámbitos, sobre todo docentes, pero tamén estudantes universitarios” (Roig, 2015: 70). Así a Asociación Cultural O Facho na Coruña, O Galo en Santiago ou Abrente en Ourense promoveron numerosas actividades para configurar e visibilizar o sistema literario infantil e xuvenil; entre elas, a creación de concursos literarios. Neste sentido a asociación que máis se implicou foi O Facho que convocou unha serie de concursos destinados a galardoar obras dos xéneros canónicos para a infancia e a mocidade, entre eles o Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho, iniciado no ano 1968, que chegaron a conformar un dos puntos neuráxicos desta literatura e a descubrir autores que se animaron a escribir para os máis pequenos (Agrelo Costas, 2000) e que co tempo se converteron en referentes imprescindibles, como foi o caso de María Victoria Moreno.

Entre as mudanzas educativas hai que sinalar que coa promulgación da Lei de Reforma Educativa de 1970 implantouse a Educación Xeral Básica (EXB) obrigatoria e gratuíta, rompendo as desigualdades campo/cidade e introducindo “unha didáctica algo máis aberta ao contido cultural, idiomático e territorial, coincidindo coa impregnación das perspectivas da renovación pedagóxica europea, recoñecendo a existencia das linguas nativas e a posibilidade ‘facultade potestativa’ do cultivo do galego na etapa preescolar e na EXB” (Roig, 2015: 76). Estes cambios educativos provocaron que no campo pedagóxico se vise a necesidade de dotar aos mestres dunha serie de materiais para a súa formación e o ensino en galego dos que carecían como, por exemplo, manuais, libros de lecturas, métodos de lectura e escritura.

Todo isto influíu grandemente na escasa produción infantil e xuvenil do momento que se caracterizou en liñas xerais pola “introdución de protagonistas en fase de formación da identidade propia, a linearidade narrativa e a escolla de localizacións en espazos reais, maioritariamente rurais por mor das características poboacionais galegas do momento” (Roig, 2015: 84), procurando que o lectorado se identificase cunha realidade cotiá semellante á súa, sen esquecer o humor e a ironía. A maioría de obras infantís publicadas optaron por recuperar e reescribir de modo instrumental ou

referencial as composicións da transmisión oral, ademais de reivindicar “a identidade galega, a defensa da diferenza e a crítica social dende fórmulas realistas con acenos cara ao marabilloso, á fantasía e con moito humor” (Roig, 2015: 85), tratando temas como a emigración, o ensino ou a diglosia. Todas estas características xurdiron desa “necesidade de transmitir coñecementos sobre o ser galego que paliasen o proceso de aculturación sufrido pola sociedade durante a ditadura e de inculcar na nenez valores como a liberdade educativa e persoal, a amizade, a solidariedade, a defensa da natureza e o respecto á diferenza” (Roig, 2015: 85).



Cuberta de *Mar adiante* (2009)

María Victoria reflicte na súa produción narrativa infantil e xuvenil as características xerais que se acaban de mencionar, pois escribiu contos e relatos de diferente tendencia cunha carga didáctica importante, xa que consideraba que era necesario transmitir coñecementos sobre a identidade galega, os valores, o seu pasado... A súa pegada na Literatura Infantil e Xuvenil foi tal que se considera “a primeira en abordar literariamente unha temática moi en voga nese momento: a renovación pedagóxica, coa intención de contrastar o modelo do ensino oficial vixente e as súas eivas con novas propostas educativas” (Roig, 2015: 96), ao tempo que con habelencia e mestría sabe engarzar coa tradición literaria e ofrecer unha reescritura humanizadora e ideolóxica dun dos contos máis coñecidos da Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Universal, “A Carrapuchiña Vermella”.

Na narrativa infantil e xuvenil iniciouse no ano 1972 co conto infantil “Crarisca e o luceiro”, que fora merecente ese mesmo ano do segundo galardón no Concurso de Contos Infantís da Agrupación Cultural O Facho. Este conto de temática amorosa vai ser inserido posteriormente na súa segunda obra *Mar adiante (Historias de nenos pra nenos)*, que se publicou por vez primeira no ano 1973 e que será reeditada e actualizada en varias ocasións. Está considerada “un dos clásicos da nosa Literatura Infantil” (Roig, 1996: 470); como demostra o feito de que os mestres Xoán Babarro e Ana María Fernández, xa no ano 1978 cando publican *O raposo pillabán*, un libro pensado para a primeira etapa de EXB cunha lectura principal formada por quince contos coas aventuras do raposo pillabán, inclúsen un fragmento de *Mar adiante*, ademais de poesías versionadas de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro; un fragmento d’*A galiña azul* (1968), de Carlos Casares; os poemas “O arco da vella”, “O arado” e “O arco” d’*Os soños na gaiola* (1968), de Manuel María; e unha adaptación escénica d’*O espantallo amigo* (1971), de Xosé Neira Vilas.

Neste relato, por medio da conxunción do marabilloso e da realidade, a autora mostra unha concepción renovadora do ensino ao criticar os métodos represivos da escola tradicional e propoñer unha aprendizaxe empírica en contacto coa natureza e unha ética cristiá progresista baseada no principio do amor universal (Blanco, 1991: 214-217).

É un relato que parte dunha estrutura clásica, conformada por unha historia principal, unha historia marco, ao redor da cal se engarzan

novas historias independentes. Unha mestra-narradora, que oscila entre protagonista e testemuña, conta as anécdotas que suceden durante os días que dá clase nun barco chamado Arroás, fabricado polo vello mariñeiro Miguel de Portosouril para que sirva de escola e que os nenos, falando co capitán, observando as estrelas ou xogando na borda, aprendan e coñezan o mar, xa que eran ameazados polos seus mestres por non estudar o suficiente.

Miguel de Portosouril procura unha tripulación formada por un capitán, Xosé Luís, tres mariñeiros (Suso, o poeta; Xaime, o debuxante e Tino, o amigo das estrelas); unha cocíneira (Lola), sete nenas e catro nenos de Portosouril. A expedición prolóngase dende o comezo de curso ata o Nadal e durante ela o tema marco do que parten as historias secundarias é o mundo do ensino e a escola. No barco escola cóntanse contos, cántanse cancións e apréndese a predicir o tempo climatolóxico. Con este relato propónse unha forma de vida baseada na amizade, a solidariedade e a aprendizaxe en contacto coa natureza (Soto, 2000: 258).

Durante a viaxe os protagonistas contan historias independentes con algunha ensinanza, á maneira dos contos tradicionais ou das fábulas, referidas á casa do señor Xosé de Outeiro, que está sombría e sen vida por un lóstrego que lle caeu como castigo por non axudar aos mariñeiros de Portosouril e deixalos morrer nun naufraxio durante unha treboada; á traballadora Mariquiña que atopou co lobo e se fixo a súa amiga; á dos paxaros que se viron obrigados a fuxir da Carballeira do Suso por culpa de que os habitantes as trataban moi mal e mesmo pretendían aniquilalas porque comían parte do que sementaban, sen decatárense de que tamén cumprían outras boas tarefas como acabar cos vermes das leiras; ou á historia dun vagalume namorado dun luceiro, co que aprenden como os mariñeiros usaban esa estrela para guiárense nas súas singraduras. Mais na véspera do Nadal, algúns nenos estaban tristes e os maiores deciden construír unha árbore feita con argazos. Lola, a cocíneira, pon tanto empeño na tarefa que esgota todas as súas forzas e non volve espertar máis. Así que o resto da tripulación decide que é hora de regresar a Portosouril.

M^a Victoria usa un recurso moi empregado na historia da literatura: a historia dentro da historia, aproveitando as súas posibilidades narrativas e estilísticas cunha intención reivindicativa e didáctica. Introduce historias

cheas de simbolismo, tenrura e fantasía, nas que de maneira amena se insiren diferentes valores como a solidariedade, o respecto aos animais e á natureza, a conciencia ecolóxica, a vida harmónica, o amor etc.



Cuberta de *Mar adiante* (1986)

Un dos relatos, a “historia de Mariquiña”, ademais é un bo exercicio de hipertextualidade cun dos contos máis populares da tradición literaria, a Carrapuchiña Vermella. Este conto é un dos máis reelaborados ao longo da

Historia da Literatura Infantil e Xuvenil, pois xa no século XVII Charles Perrault lle censurou aspectos como o canibalismo ou o escatolóxico e lle engadiu unha moralidade dedicada ás mozas da corte francesa, para cumprir coa función educativa de instrución social de control da sexualidade. A diferenza coa versión que ofreceron os irmáns Grimm radica principalmente no final, de xeito que desaparecen as referencias sexuais e engaden un final feliz cunha mensaxe educativa. Pouco a pouco o uso do conto foi evolucionando, segundo as tendencias literarias e as diferentes teorías que salientaron o seu valor educativo, pois introducía “nuevos valores o preocupaciones de la actualidad, tales como la reivindicación de la naturaleza y la crítica a la depredación humana” (Colomer, 1996: 17). Neste caso este relato lembra o conto orixinal na ambientación e no inicio, mais a súa finalidade é tratar de inculcar amor cara aos animais e respecto pola natureza, escapando de todos aqueles elementos negativos do conto e cambiando o tipo popular do lobo, presentado na literatura de transmisión oral sempre como símbolo da maldade e do medo ao descoñecido. María Victoria rompe co estereotipo e cambia o rol do personaxe do lobo como agresor, ofrecendo un lobo humanizado e positivizado cun rol de auxiliar, pois axuda a Mariquiña, invítaa a gorecerse na súa cova e deféndea do medo á escuridade.

Os trazos máis característicos de M^a Victoria Moreno que están presentes nesta obra e que serán a clave da súa produción posterior son: o ton lírico, a tenrura, a defensa de certos valores ou ideas, como o amor polos animais e pola natureza, e a preocupación polo mundo do ensino (Soto, 2000: 258) cunha concepción renovadora do ensino que critica os métodos represivos da escola tradicional e propón unha aprendizaxe empírica en contacto coa natureza.

Esta obra, como xa se indicou, foi reeditada e actualizada en varias ocasións, presentando cambios significativos nas diferentes edicións que teñen que ver cos peritextos, sobre todo coas ilustracións, co subtítulo, coa cuberta e co poema-dedicatoria inicial.


Na súa primeira edición do ano 1973, *Mar adiante* foi editada por Edicións do Castro. Na cuberta ademais dunha ilustración dun barco veleiro en branco con fondo vermello, realizada por Carmen Arias, indícase o nome da autora, o título e o subtítulo “Historias de nenos pra nenos” no que se fai un aceno cara ao lectorado potencial e ao contido da obra, ao mentar o tema

do relato. Nas contralapas a presentación, a cargo de Xesús Alonso Montero, recolle en poucas palabras un pequeno perfil biográfico da autora, no que louva a esta muller “vencellada á gramática do noso falar senón tamén á súa dramática”, o seu don na arte de contar e a esencia deste texto, definido como contos infantís nos que os seus personaxes e peripecias respiran moralidade que “está nos osos, no miolo dos relatos” e que teñen “o engado, a fermosura e a bondade que as xentes que viven na lama da historia atribúen ás fadas de outros tempos”. No verso da portada ou páxina de dereitos, faise mención explícita a que “O capítulo sete deste libro conseguiu o 2º premio de contos pra nenos do certame convocado por ‘O Facho’ da Coruña en 1972” e dáse conta de que a escritora foi tamén a autora das ilustracións do interior, sendo só a ilustración da cuberta da autoría de Carmen Arias. As ilustracións interiores que presenta a primeira edición son figurativas e esquemáticas, con trazos en liña grosa negra, con escaso colorido e predominio do vermello e o verde, que reflicten diferentes escenas do relato. Por último, o libro pechase cun “Vocabulario” que recolle o significado de varios termos.

Posteriormente, en 1986, Edicións do Castro publica unha segunda edición cun formato máis pequeno que amosa un cambio notable na ilustración da cuberta, na eliminación do subtítulo e na adición do nome da colección. Esta edición conta con ilustracións moi coidadas en tinta negra de Araceli Liste (Pontevedra, 1961), que amosan diferentes escenas do narrado ou motivos mariños. Tamén inclúe o poema-dedicatoria ao lector potencial e á súa filla M^a Begoña.

No ano 2009, Edicións Xerais de Galicia, reedita esta obra con adaptación lingüística á nova normativa galega na colección emblemática Merlín, na serie verde, dirixida a nenos de 9 anos en diante. Na cuberta ademais do logotipo da editorial e da colección conta co título, o nome da autora e do responsable das ilustracións, que nesta ocasión é o ilustrador Manolo Uhía (Vigo, 1944). Aínda que tamén aparece a imaxe dun barco, a diferenza en relación ás edicións anteriores é salientable no tocante ao trazo pero sobre todo á técnica e á cor, co predominio dos tons azuis e brancos. Na contracuberta conta cun breve resumo do relato e, nas contralapas, con bio-bibliografías da autora, do ilustrador e unha relación dos últimos títulos publicados nesta colección. No traballo artístico, Uhía ofrece unhas ilustracións elaboradas que amosan distintas escenas do relato, empregando

a técnica do pastel e o predominio das cores frías, a gama dos azuis e grises, en contraste coas cálidas, verdes e marróns. Chama a atención a presenza constante do motivo mariño da gaivota na parte externa da marxe superior das páxinas.



Cuberta da primeira edición de *Mar adiante* (1973)

A importancia e relevancia de *Mar adiante* na formación da Literatura Infantil e Xuvenil galega é incuestionable, sendo unha obra revolucionaria ao poñer en crise o modelo educativo imperante e propoñer a renovación pedagóxica. Por iso, para o coñecemento da historia literaria e para a formación dos mediadores é fundamental a relectura desta obra fundacional da Literatura Infantil e Xuvenil galega pois nela seguen a abordarse temas aínda de actualidade, como son a defensa ecolóxica ou a preocupación polo ensino, ao tempo que se recupera unha “autora considerada unha autoridade, porque á calidade da súa produción dirixida á infancia e á mocidade, súmaselle o seu compromiso que adquiriu coa lingua, coa cultura do país de adopción e mesmo coa literatura de adultos, a crítica e o ensaio” (Roig, 2007: 75), como avala o feito de ser escollida figura homenaxeada pola Real Academia Galega para o Día das Letras Galegas 2018.

Como declarara Xesús Alonso Montero na presentación á 1ª edición:

M^a Victoria Moreno é o pseudónimo prosaico dunha fada chovida do ceo que de vez en cando ten o acordo de escribir pra regalo de nenos —e de grandes— do noso país [...] fermosos e conmovedores relatos, escritos nun galego tan engaiolante como xusto.

Bibliografía

- Agrelo Costas, Eulalia (2000): “La labor de la Asociación Cultural O Facho dentro del panorama de la literatura infantil y juvenil gallega” en VV. AA., *Actas del II Congreso de Literatura infantil y juvenil: Historia Crítica de la Literatura Infantil e Ilustración Ibéricas*. Extremadura: Junta de Extremadura, pp. 353-355.
- Alonso Montero, Xesús e Xosé Manuel Salgado (eds.) (1994): *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do congreso*. Vigo: Galaxia.
- Blanco, Carmen (1991): *Literatura galega da muller*. Vigo: Xerais, col. Universitaria.
- Colomer, Teresa (1996): “Eterna Caperucita. La renovación del imaginario colectivo”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, 87, outubro, pp. 7-19.
- Even-Zohar, Itamar (2007): *Polisistemas de Cultura (Un libro electrónico provisional)*. Tel Aviv: The Porter Chair of Semiotics, Tel Aviv

- University. Disponible en: http://tau.ac.il/~itamarez/works/papers/trabajos/polisistemas_de_cultura2007.pdf.
- Ferreira, Carmen (2010): “O regreso do barco-escola Arroás”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, 20 (II Série), “Referências”, novembro, pp. 38-41.
- Moreno Márquez, María Victoria (1973): *Mar adiante (Historias de nenos pra nenos)*, ilust. da cuberta Carmen Arias, ilust. interiores da autora, presentación de Xesús Alonso Montero. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 61 pp. (ISBN: 84-300-5745-5).
- _____ (2ª ed., 1986): *Mar adiante*, ilust. Araceli Liste, presentación de Xesús Alonso Montero. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Narrativa pra nenos, 72 pp. (ISBN: 84-7492-288-7).
- _____ (2009): *Mar adiante*, ilust. Manolo Uhía. Vigo: Xerais, col. Merlín, de 9 anos en diante, 83 pp. (ISBN: 978-84-9914-007-0).
- Roig Rechou, Blanca-Ana (1996): *A Literatura Galega Infantil: Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Tese en microficha da Universidade de Santiago de Compostela, 578.
- _____ (2007): “Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega (1960-1985)” en José António Gomes e Blanca-Ana Roig Rechou (coords.), *Grandes Autores para Pequenos Leitores*. Porto: Deriva Editores, pp. 53-94.
- _____ (2015): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Xerais.
- Soto López, Mª Isabel (2000): “Dos extremeños en la literatura gallega: Mª Victoria Moreno y Xosé Antonio Perozo” en Eloy Martos Núñez, José Mª Corrales Vázquez, Arturo González e Sara Moreno Valcárcel (eds.), *Actas del II Congreso de Literatura Infantil y Juvenil. Historia crítica de Literatura Infantil e Ilustración Ibéricas*. Mérida: Editora Regional de Extremadura, col. Documentos/Actas, pp. 257-261.
- Tarrío Varela, Anxo (1994): *Literatura galega: Aportacións a unha Historia crítica*. Vigo: Xerais, col. Universitaria. Manuais.



Vermello sobre azul

MONCHA FUENTES
(Ensaísta/Profesora)

Debeu de ser pola mesma época cando as dúas chegamos ao Instituto Feminino de Pontevedra. Ela, unha xove profesora de Lingua e Literatura española e eu, unha estudante de quince anos que tódolos días collía o trole en Marín —unha mestura, a aquelas horas da mañá, de rapaces e raparigas, xente traballadora, peixeiras cantarinas que collían o trole no Cantodarea depositando as enormes patelas na plataforma traseira—, e que se desprazaba a Pontevedra para cursar o chamado Bacharelato superior. Daquela, aínda eu non sabía que M^a Victoria viña de estar dous cursos en Lugo nin que procedía da provincia de Cáceres (de ser hoxe, seguramente teríamos falado do galego do Val do Ellas), nin que era escritora, nin tampouco que aquel curso 67-68 habería de ser, sen dúbida, un dos máis importantes da miña vida.

Por aquel entón, o instituto feminino aínda non pasara ao Valle-Inclán, que seguían ocupando os rapaces, mentres nós permaneciamos nas aulas da que fora Escola Normal de Maxisterio. As clases de 6^o de bacharelato de letras e de ciencias estaban unha de fronte da outra, exactamente no soto, e só pasado bastante tempo, na medida en que o silencio de cen mil ferrollos do réxime se foi quebrando, habería eu de saber que aquelas mesmas profundidades e o resto do vello edificio foran habilitados como cárcere no malfadado verán do 36, e que alí estivera detido Alexandre Bóveda e outra boa xente, un tempo antes de seren ignominiosamente fusilados na Caeira.

Pero aquel ano do Instituto, o soto austero convertérase para min nun lugar comfortable e atraente, e poucas veces voltaría eu a experimentar a mesma alegría espontánea coa que baixaba, atrapallada, polas renxentes escaleiras de madeira cara a aquel minúsculo reino de sabedoría e liberdade. Porque alí estaban eles, un profesorado excepcional, que nada tiña que ver cos tópicos, milleiros de veces escritos e tantas veces repetidos, de que os profesores de ensino público eran unhas señoras e uns señores moi aburridos, que lían na clase o periódico e explicaban con desgana a lección. Nada máis lonxe, meu deus! Eran dilixentes, sabios, rigurosos, benévolos, e algúns e algunhas francamente brillantes. Entre estes últimos, estaba a

miña profesora de literatura, M^a Victoria Moreno. Por fortuna para min, aínda o ensino construtivo-significativo ía tardar moitos anos en aparecer facendo estragos en docentes e discentes, tentando converter ao profesorado en burócratas eficaces, e en pleno franquismo, puiden ser receptora dalgunhas clases maxistras —hoxe tan deostadas, preferentemente, por aqueles que son incapaces de impartilas e que, en troques de liberdade de cátedra, prefiren o triunfo da *aurea mediocritas*, camuflada baixo os cantos de serea das novas tecnoloxías—, dalgunhas clases maxistras, digo, que, actualmente, os defensores da postmodernidade, da posverdade, do todo vale e, por suposto, toda a dereita académica, considerarían tendenciosas ou politicamente incorrectas, e que me colocarían, para sempre, á beira exacta e precisa da boa literatura. Porque seleccionaba M^a Victoria, escudriñaba, escollía, e só as mellores voces literarias, os mellores textos, tiñan eco na súa pequena aula, e as palabras emerxían e corporeizábanse ata impresionar a cabeza e o corazón daquel grupo de adolescentes. E así tenme ocorrido que, cando a morte terrible dalgún amigo veu bater ás miñas portas, non me íría eu lembrar, precisamente, do poema, non, senón que, sen querelo, evocaría –e sigo a facelo– a lectura da desgarradora e conmovente *Elexía a Ramón Sijé* feita na clase de 6º de bacharelato de M^a Victoria Moreno.

Nunca foron asépticas as clases de M^a Victoria. Ela era unha profesora implicada, de maneira que cando a Lingua e a Literatura galegas estaban demonizadas e proscritas do ensino, na aula de M^a Victoria resoaban os nomes de Rosalía ou Curros ao tempo que falaba do 27 ou de Valle-Inclán. Tamén é certo que, nunca como naquel curso académico no Instituto Feminino de Pontevedra, teoría e praxe camiñaron tan xuntas, e mentres polas estreitas fiestras do soto e pola boca amable de Marcelino Jiménez, catedrático de Filosofía, ían penetrando, na aula, murmurios nocturnos de estudantes composteláns pechados nos corredores da Facultade de Filosofía e Letras, ou ecos de manifestacións rotundas e valentes, ou a melodía country –nacional do Venceremos Nós, asemade, as voces dos poetas ascendían desde o máis fondo do edificio da vella Normal para se espallar por Montero Ríos, pola alameda baleira, pola terraza do *Blanco y Negro*, polas gaiolas de paxaros exóticos das Palmeiras, polo río dos Gafos, ata se esvaer no medio e medio da ría cara a Tambo.

Moitos anos despois, non fronte a un pelotón de fusilamento pero si, fronte a un numeroso grupo de estudantes, no Instituto vigués do

que eu era unha xove profesora, e mentres as palabras voaban en espellos, mares, escamas, luces e espadas como labios do materialista e moi amado Vicente Aleixandre, sorprendinme a min mesma cun aceno de sorriso a pensar que lle estaba acaendo ben á árbore, xa vizosa, do espírito de Santa Irene, un pequeno enxerto de M^a Victoria Moreno.



Á sombra da emoción da palabra literaria de María Victoria Moreno

ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO
(Escritor/Mestre)

Non se pode explicar boa parte da Literatura Infantil e Xuvenil galega sen a figura (e a obra) de M^a Victoria Moreno. Imposible. A súa forte personalidade, a calidade dos seus libros, o seu espírito combativo a prol do galego, os enfoques intelixentes que daba a cada proxecto permitiron dar consistencia a unha literatura en fase de consolidación.

Coñecín a María Victoria mergullados nunha tarefa marabillosa. Unha desas experiencias que paga a pena vivir.

Carlos Casares convocou persoas excepcionais para iniciar a andaina dunha colección que marcaría un fito dentro da historia da LIX de Galicia para nenos e nenas e para a mocidade.

Si, persoas como David Otero, Manuel Janeiro, Pilar Sampil, María Victoria, Xosé Soutullo e mais eu (que non era tan excepcional) reunímonos arredor de Carlos para poñer en marcha un proxecto fermoso. Galaxia entraba con pé firme no mundo dos libros para a rapazada. Nacía a colección Árbore.

Foron sesións intensas que marcaron a miña vida en determinados aspectos. Sesións de postas en común. Sesións abertas ás opinións dos convocados. Alí decidíronse as liñas literarias que debiamos seguir. O título da colección, o formato dos libros, os banzos de idades coas súas cores, e os autores que debían estar na colección (galegos e estranxeiros), quen e como daríamos forma ao proxecto, a recepción dos orixinais, criterios a seguir e mil cousas máis.

As sesións foron dunha intensidade, como dixeran, enorme. Pero dunha riqueza indescribible. Discutiamos sobre as obras que recibiamos. Facíamolo cun espírito democrático exemplar.

Carlos Casares marcaba pautas. Os demais dabamos as nosas opinións nun clima de participación e aceptación exemplares. Todos e cada un de nós cumprimos un papel determinante. Despois, tras moito tempo de debate na histórica sede de Galaxia, na rúa Reconquista, xuntabámonos nunha cea

engaiolante, na que, ademais das viandas, escoitar a verba enfeitizadora de Casares nos levaba a un estado de ledicia conmovedora ao escoitar unha chea de historias que demostraban a capacidade de narrador oral do grande escritor ourensán.

Nestas ceas e nas xuntanzas arredor de Árbore eu fiquei sorprendido coas intervencións de M^a Victoria Moreno Márquez. Con ese galego que fixo seu dende a súa chegada a Galicia, un galego perfecto, coidado e empregado con firme delicadeza, María Victoria descubría puntos importantes para o desenvolvemento da empresa. Con agarimo, si, pero tamén cun insubornable criterio que enriquecía o que alí se dicía. Aprendín moito dela. Aprendín a discrepar con agarimo. A descubrir aspectos que eu ignoraba. A querer creando. A gozar das pequenas cousas, que, co tempo, se facían grandes aos ollos de alguén que a finais dos anos oitenta do século pasado estaba a dar os seus primeiros pasos no mundo tan complexo da escrita e da edición.



Falando sobre M^a Victoria nunha homenaxe no Morrazo en 2006

Coido que formamos un grupo de amigos. Un grupo indisoluble que non perdeu ese fío de agarimo co que tecemos esa colección tan necesaria para consolidar os pasos que a LIX galega estaba a dar cunha certa firmeza. Era un pracer escoitar o que alí se dicía. Levabamos informes dos orixinais recibidos. Cada un daba a súa opinión, defendía os seus puntos de vista e aceptaba o dos demais. Tiñamos puntos de vista diferentes. Distintas maneiras de ver a literatura, pero coincidíamos no esencial: debía existir a calidade literaria. Coido que Árbore cumpriu, no seu momento, os obxectivos que se marcou.

Nese espazo feliz dun proxecto marabilloso, coñecín, tratei e admirei a Ma Victoria Moreno, esa profesora de literatura que, en palabras de Xesús Alonso Montero, “fixo unha apaixonada elección deste oficio en Galiza, primeiro en Lugo, logo en Pontevedra, e fixo poetas no noso país e ela mesma tamén se fixo poeta. Impactoume dende o primeiro momento que a oín falar”.

Aquí na nosa terra aprendeu, con agarimo afervorado que pon en todas as cousas, este noso idioma tan aqueloutrado. Para engadir o profesor que “foi discípula conmovida do país e que ao pouco tempo vai ser mestra de xentes do país, pero mestra da materia máis sutil que un país pode forxar: a Fala”.

Palabras sabias de Alonso Montero (a quen ela admiraba xunto cos seus queridos Dámaso Alonso e Rafael Lapesa), que eu comprendín axiña cando dixo as súas primeiras verbas naquelas xuntanzas arredor de Árbore. E subscribo estas e as seguintes liñas que Alonso Montero escribiu nas lapelas do libro *Mar adiante* (1ª edición, 1973) que tan xentilmente a autora me agasallou e dedicou en 1988. Di o profesor, na lapela posterior deste libro de “nenos pra nenos”:

Si eu non coñecese a autora dende as súas primeiras inquedanzas galegas, diría que María Victoria Moreno é oseudónimo prosaico dunha fada chovida do ceo que de vez en cando ten o acordo de escribir pra regalo de nenos —e de grandes— do noso país. Nefeuto estes contos teñen o engado, a fermosura e a bondade que as xentes que viven na lama da historia atribúen ás fadas de outros tempos.

Estas palabras que Alonso Montero escribe sobre María Victoria e sobre ese *Mar adiante* son unha constante da maneira de ser e de escribir da nosa autora.

María Victoria, xaora, era para min unha fada. Unha fada que convertía en emoción todo o que tocaba. Os seus libros son emocionantes. Os seus personaxes viven envoltos na emoción da vida. A súa palabra non se concibe sen a emoción. Emotividade, agarimo polo ser humano (e polos cans que tanto amaba), emoción nas historias que tan ben sabía contar xa fose oralmente ou por escrito. Tocábase con emoción. Mirábase con emoción. Queríate con emoción.

Postos os alicerces da colección. Comezaron as lecturas dos orixinais. Moita calidade había nesas primeiras obras que recibiamos nos nosos domicilios. Un bo feixe de ilusións en papel chegaban ao noso poder para veren de ser publicados.

Tiñamos que facer informes de cada orixinal que recibiamos. Pros e contras literarios para tomar decisións importantes.

Eu chamaba por teléfono a miúdo a María Victoria para contrastar opinións antes de tomar as miñas propias anotacións cando tiña dúbidas. O seu agarimo e maila súa humanidade dábanme a seguridade que, ás veces, me faltaba. As conversas telefónicas eran dun acougo extraordinario.

Porque María Victoria era estrita e esixente. Procuraba a calidade literaria por riba de todo. Aí, nese aspecto era inflexible. Pero nunca se desprendía dunha xenerosidade innata nela. Esixente con agarimo. Estrita con argumentos. Enfrontouse (unha palabra esaxerada) máis dunha vez a Carlos Casares sobre a conveniencia ou non de publicar un orixinal nunha confrontación amigable pero coa súa visión da literatura como arma de discusión. Logo, cada un daba a súa opinión e votabamos a inclusión, ou non, do texto do que falabamos.

A María Victoria gustáballe escoitar. Facíao dun xeito ben intelixente. Atendía con respecto as opinións que David e mais eu poñíamos sobre a mesa. E apoiábanos cando os nosos argumentos literarios lle parecían acertados.

Debo dicir, para non faltar á verdade, que as decisións as tomabamos convencidos de que estabamos a abrir un terreo necesario naqueles momentos.

Así, tras un mundo de sesións moi vivas, apareceron en 1988 os tres primeiros volumes de Árbore. E fixérono coa aquiescencia dos tres directores

da colección (David, M^a Victoria e mais eu) e a aceptación entusiasta de Carlos Casares.

Tres títulos que eran a primeira pedra dunha colección diferente (os libros alongados chamaron moito a atención), dunha colección elegante no magnífico deseño de Manolo Janeiro (cantas voltas se lle deu ao formato!), con tres autores de primeira liña e para tres bandas de idade: *Un gato metido nun saco*, de Alberto Avendaño (serie verde), *Lembranza nova de vellos mesteres*, de Paco Martín (serie azul) e *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno (serie rosa).

Con estas tres series cubríanse tres banzos que abranguían un bo número de futuros lectores. Co tempo foron aparecendo algúns máis pensando nos primeiros lectores e nun xénero necesario: as biografías.

A serie verde ía dirixida a lectores a partir de nove anos. A serie azul tiña por destinatarios os lectores e lectoras a partir de doce anos e a serie rosa tiña o obxectivo de chegar ao lectorado, a partir de quince anos.

E un dato importante. Nunha das xuntanzas decidimos engadir nos tres banzos de idade a recomendación de “e para adultos”. Unha chiscadela importante, pensamos nese intre, para dignificar unha literatura que, malia ir dirixida a rapaces e mocidade, tiña a calidade abonda para ser lida por aquelas persoas que amasen a literatura sen adxectivos.

O número tres da colección Árbore, como xa queda dito, foi o libro de María Victoria Moreno, *Anagnórise*. Lembro que había que decidir sobre el. María Victoria, sempre tan ética, tan honesta, non quixo participar nas deliberacións. Ausentouse no momento da decisión. Non facía falta, pero ela levaba a súa ética ata os últimos detalles.

E non podemos esquecer que o libro era magnífico. A min conmoveume. A David, tamén. Unha fermosa novela de amor, que puña ao descuberto os problemas do seu protagonista principal, Nicolau Arís, que decide deixar os estudos no instituto e marcha a Madrid co propósito de encontrar uns amigos que se dedican aos negocios da droga. Fai a viaxe en autostop cunha muller intelixente que lle oculta o nome e coa que fala moi fondamente no coche as horas que pasan xuntos.

Un libro conmovedor, intelixente, que me chegou moi fondo. Con diálogos áxiles e ocorrentes, ateigados de naturalidade, consegue a autora

que se nos amose a personalidade de ambas persoas e que nos cheguen moi dentro.

Anagnórise foi un libro de éxito inmediato. Lido por moita xente, salientou o xeito de escribir dunha muller que facía da literatura unha necesidade. Unha muller que contaxiaba amor pola palabra escrita aos seus alumnos que a adoraban. Unha muller afouta no difícil mundo do ensino e da divulgación literaria. Unha muller que pousaba os seus sentimentos nas persoas que estabamos preto dela.

En *Anagnórise*, María Victoria escribiu como dedicatoria para min estas palabras: “Para o ‘colega’ Antonio García Teijeiro, con agarimo e coa ilusión compartida de Árbore”.

Si, a ilusión compartida de Árbore era o que primaba naqueles tempos. Porque foron saíndo novos títulos que agrandaban un proxecto ilusionante. Seguían os debates, chegaba un bo número de orixinais. Toda persoa que escribía quería publicar na nosa colección. Houbo que desbotar moitos por desgraza. Todo era xulgado dun xeito milimétrico. Discutiamos pero sempre chegabamos a acordos positivos. Árbore foi cubríndose de pólas con follas vivas, luminosas.

E nesta colección tanto David Otero coma min publicamos senllos libros. Non decidimos nós a saída dos nosos orixinais. David Otero deu ao prelo o número 5 de Árbore que levaba por título *A verdade na bufarda*; eu, o número 6, un conxunto de relatos que titulei *A chave dos sonhos*. E houbo que pasar pola peneira do debate. Desta volta, María Victoria e Carlos decidiron.

Lembro con emoción o día que Carlos Casares me comunicou que se publicaría en Árbore o meu libro de relatos, *A chave dos sonhos*.

Estaba dando clase e petaron na porta. Dixéronme que me chamaba Casares. Nervioso dirixinme á secretaría, puxen o auricular no oído e escoitei a boa nova. Os meus ollos cubríronse de bágoas. “Antonio, María Victoria e mais eu decidimos publicar *A chave dos sonhos*”. Fiquei mudo pero inmensamente feliz. Deille as grazas e baixeí da nube.

Ao chegar á casa chamei a M^a Victoria. Tan agarimosa coma sempre díxome que non tiña que estrañarme. “Son uns relatos preciosos”. Deille as grazas mil veces. Ela sorriu contenta e díxome: “Xa o celebraremos”.

Árbore foi unha referencia esencial no panorama literario galego. Comezáronse a publicar libros de importantes escritores galegos, estranxeiros e do territorio do estado. Sempre guiados pola calidade literaria lembro con interese máximo a publicación dun libro excepcional de Manuel de Pedrolo: *Mecanoscrito da segunda orixe*, que María Victoria deitou ao galego de xeito primoroso. Gabriel Janer Manila, Pepe Carballude, María Àngels Gardella, Neira Vilas, Ursula Wölfel, Peter Härtling, Achim Bröger, Joaquim Micó ou Lygia Bojunga Nunes, ademais de *O Principiño* e de *Peter Pan* (na auténtica versión do seu creador, J. M. Barrie) están entre os vinte primeiros volumes da colección. No número 22 apareceu un libro dunha escritora portuguesa que eu veneraba: Alice Vieira e o seu fermosísimo *A lúa non está á venda*.

Como se pode apreciar, estes autores e autoras xa explican por si mesmos o que procurabamos neste ambicioso proxecto.

A miña relación con María Victoria Moreno foi medrando día a día. Logo notei que sentía un enorme agarimo por min. Eu admirábaa. E quería. E convertérase nunha referencia indispensable para unha persoa, como era eu, que daba os meus primeiros pasos dentro do mundo da LIX, desta volta como autor.

Visiteina na súa casa de Pontevedra con Susi e os meus fillos. Veu cear ao noso domicilio de López de Neira. Antón e Noa adorábana. Sobre todo cando lles traía as linguas de gato de chocolate, algo que facía sempre. E queríamos a Nica, a súa cadela, pola que María Victoria perdía case a razón. E estivemos na súa casa de Sanxenxo nun día fermoso de verán.

Tiven a honra, cando publiquei *Versos de agua* en 1989, que María Victoria presentase o meu libro. Cría na miña poesía. Aquela tarde, na desaparecida Librería Bertrand, en Vigo, fixo un eloxio desmedido dese poemario tan especial para min que en galego é *Cacarabín, cacarabón*. Non podía crer o que estaba a escoitar. Esa muller que eu tanto admiraba dicía verdadeiras alfaias dun libro que eu escribira sen ser consciente do percorrido que ía ter. Fundinme nunha aperta interminable cando acabou a súa intervención. Bágoas que deixei nos seus ombros.



Falando sobre *Versos de agua*

Ela, como se nada especial ocorrese, abrazoume con forza e díxome máis ou menos: “Non dixeran nada que non merezas”.

Atónito pero feliz. A pegada dunha muller xenerosa por demais. Mais non esquecín eu que os seus eloxios nunca eran gratuítos. Se non lle gustaba o que lía, educadamente rexeitaba falar dun libro, dun artigo ou cousa semellante. De aí que a alegría que sentín fose moi profunda.



Con Antón e Noa unha das moitas veces que veu cear á nosa casa

Lembro, tamén, unha noite que María Victoria veu cear á nosa casa. Os nenos agardábana cunha enorme ilusión. Viña, como non!, coas súas linguas de gato de chocolate. Acariñounos coma sempre e mesmo fixemos unhas fotografías. Cando marcharon para a cama, tras a cea, María Victoria sacou do seu bolso un feixe de folios e leunos uns seus poemas. Sorprendeunos moito a Susi e a min este feito. Uns poemas emocionantes que non lembro, xaora.

Pero uns poemas que ben podían ser algún destes, hoxe felizmente recollidos no libro *Elexías de luz* (Xerais, 2006) nun magnífico traballo de clasificación e revisión ao cargo do seu amigo Xavier Senín:

Vinte partir no tren do meu desvelo
vinte sulcar desertos e restrollos
e a miña arela, presa entre ferrollos,
ficou exangüe na estación de xeo.
Vin que choraban en pranto paralelo
as vías e os andéns cando os abrollos
esgazaban, crueis, ante os meus ollos
a luz de neve do incerto pesadelo.
Era un tren de pesares, chumbo e frío,
un tremor de faíscas, ferro e fume.
Era un adeus de ferro e de soidade.
E eu son agora a sombra do arrepío,
a traza dun anxeio, eco de fume
esfaiñado en afán de eternidade.

Foi este un dos poemas que nos leu esa noite máxica? Pois non o sei, pero tanto nos ten. Era a vocación lírica dunha muller que precisaba da palabra literaria para deixar ao descuberto os seus sentimentos.

Non debemos esquecer que alá polo ano 1973 xa publicara María Victoria Moreno a antoloxía poética *Os novísimos da poesía galega*, porque sempre se sentiu fascinada pola forza dos versos.

Di Xavier Senín, bo coñecedor da súa persoa, no limiar do libro *O amor e as palabras* (Urco Editora, 2017) que María Victoria estaba presente en todas as iniciativas que fosen dirixidas a achegar a literatura ás persoas porque

o denominador común de todas estas iniciativas era fomentar a lectura ou favorecer o coñecemento da literatura galega entre as persoas ás que as obras se dirixía, propósitos que cadraban con dúas das súas máis firmes condicións. Sempre consideraba que a lectura era fundamental para a rapazada, e as persoas que a coñecemos sabemos que ao longo da súa vida, tanto na súa faceta persoal coma nas de docente e escritura, fixo todo o posible por que todos os que se cruzasen no seu camiño gozasen da literatura e aprendesen a amala.

Non se pode expresar mellor o espírito de María Victoria Moreno. Dotar cada acto seu de emoción para engaiolar nesta dirección era unha constante na súa vida.

Creaba historias para sobrevivir a todo aquilo que a angustiaba. Gozaba escribindo para a rapazada e transmitía amor en cada palabra, en cada frase, en cada parágrafo. Un amor que ía dirixido aos lectores e lectoras para que se mergullasen nos mundos divertidos, na necesidade de defender os animais, no valor do ser humano como tal e a reflexión para medrar internamente. Para que fosen fortes fronte a inxustiza, para que os afectos estivesen presentes nas vidas dos pequechos. E todo isto na lingua galega que tanto amou. Ten razón Xavier Senín cando afirma

o moito que lle gustaba ter un libro nas súas mans por primeira vez, acariñalo, miralo por todos os lados dándolle voltas e, finalmente, abrílo para gozar dun bo momento de lectura, igual que lle desexaría a calquera moza, a calquera mozo a quen o libro lle caese nas mans.

Iso comprobeino eu cando apareceu en Árbore a súa novela *Anagnórise*. Acariñouno, bicouno, pasoulle mil veces a man pola capa, abriuno, uliuno, folleouno...

Lembro a satisfacción que sentía. Era un dos tres primeiros libros que saíron na colección e vía nel o froito do seu labor como escritora e do esforzo feliz como codirectora dunha colección que apuntaba alto.

Pero deixando á marxe esta fermosa narración, que tivo un percorrido cheo de éxitos (incluíndo a elección na Lista de Honra do IBBY no ano 1990), María Victoria Moreno tiña unha especial predilección por *Leonardo e os fontaneiros*. Con el gañou o 3º Premio O Barco de Vapor en 1985 e foi publicado o ano seguinte en coedición pola Editorial Galaxia e Edicións SM.

Lembro como a miúdo nos falaba deste libro. Dúas historias paralelas artelladas entre a amizade entre un can da rúa, Leonardo, e un rapaz que daquela estudaba oitavo de EXB e as aventuras de Antón e os seus compañeiros de curso que eran *os fontaneiros*. Realismo e afectos mesturados co lirismo que nunca abandonou a obra da escritora.

María Victoria sempre tiña na súa boca (e no seu corazón) este libro. Sentía un afecto especial por el. A relación neno-can era para ela unha necesidade vital. A novela ten unha páxina, no principio que convén ler. Unha páxina que di así:

Ó LECTOR

Se es persoa de paciencia e non che importa dedicarlle un tempinho a esta novela, pódela ler como se len normalmente os libros, comezando na páxina 9 e rematando na última. Comprobarás que non queda ningún fío solto e terás noticia das cousas tal e como acontecen na vida mesma, que sempre cómpre agardar un pouco para ver cómo rematan.

Polo contrario, se es deses que antes de chegar á páxina 10 xa andan galistrando nas últimas porque non aturan sen saber qué vai pasar ó final, póñocho moi doado: comeza a lectura polo principio e sigue ó pé da letra as instrucións que che dou. Se te trabucas e che saen historias sen pés nin cabeza, vai pola túa conta. Finalmente, se che gustan os cans ou se tiveches algunha vez un amigo deses da rúa, que son tan agradecidos e ledos cando as circunstancias llelo permiten, podes coñecer primeiro a Leonardo e despois os fontaneiros. Para faceres isto, comezara-la lectura na páxina 9 e irás pasando de acordo coas instrucións. Despois comezarás na 11 e irás todo seguido.

Fai o que queiras, amigo, pero le o libro, que para iso o escribo. E que che preste.

As diferentes opcións que propón ao lectorado indican o desexo de que a historia sexa lida en función dos intereses do lector.

Pero se nos fixamos nas últimas liñas dese texto tan orixinal na época, veremos que lle dá liberdade a quen ten a novela nas mans, pero ánima —ou case o obriga— a lela porque para iso a escribe.

María Victoria quería que “o seu Leonardo” estivese publicado en Árbore. Cando mo agasallou, escribiume esta dedicatoria: “Tes que le-lo LEONARDO con agarimo para ver se pode ter sitio en Árbore”.

Era unha teima que tiña. Unha teima xusta, por outra parte. Despois de lelo e de gozalo chameina por teléfono. O meu entusiasmo polo libro fíxoa feliz. Emocionouse coas miñas palabras e mandoume bicos mil.

Non fai falta dicir que *Leonardo e os fontaneiros* saíu na serie azul de Árbore en 1990 con ilustracións de Fran Jaraba.

Vou rematar este artigo cun outro libro que María Victoria amaba fondamente: *Un cachiño de bica?* É este un libro en verso, ilustrado por Manuel Uhía e que Edicións SM publicou no ano 1994. E por que lle tiña tanto cariño? Pois porque estaba dedicado a Nica, a cadela de María Victoria que tanto quería. Nica foi a cadela que eu lle coñecín. Unha cadela xogueta que tanto acariñei.

Non hai máis que ver a dedicatoria impresa que leva o libro para entender o amor da escritora por un animal tan tenro: “Nica, velaquí o teu libro./É o meu corazón”.

Neste pequeno título, dirixido aos primeiros lectores, podemos atopar unha cunca de letras da que poden saír palabras, e das palabras nacen Nica e Iván: unha cadela e o seu amo e amigo. Un claro convite a xogar con eles.

Os primeiros versos, a xeito de limiar, dicían:


Cunha presa de letras
e un aloumiño
vouche contar un conto
coma un sorriso.
Un conto ledó
coma os ollos dun can
e a voz dun neno.

María Victoria Moreno escribiu outros libros. Podería seguir falando dela e deles. Porén, outros e outras xa o farán. Así que vou poñer punto final a este escrito.

María Victoria foi unha das persoas que máis me impresionaron das que coñecín na miña vida. E foino pola súa capacidade para vencer as dificultades, porque amaba escribindo e escribía amando, porque buscaba unha identificación plena cos seus lectores, porque era honesta en todo o que facía, porque a súa xenerosidade non tiña límites e porque soubo entender mellor ca ninguén a importancia da lectura e da literatura en galego dun xeito tan auténtico coma eficaz nunha época na que se precisaban pioneiras coma ela.

Fixo do galego a súa lingua e dotou a súa obra dun prestixio completamente imprescindible nunha lingua minorizada que loitaba (e aínda loita) por sobrevivir.

Un luxo, sen ningunha dúbida, para unha cultura, a nosa, que ten moito que desenvolver aínda.



A biblioteca persoal de María Victoria: reflexións sobre os propios libros

ÁNXELA GRACIÁN
(Escritora/Tradutora/ICE/USC)

Habent sua fata libelli
De litteris, Terenciano Mauro

As bibliotecas. Unha orde alternativa ao mundo

Se hai algo que María Vitoria Moreno considerase insalvable e valioso na súa vida era a súa biblioteca, compartindo esa máxima do escritor Walter Benjamin¹ de que unha biblioteca non é outra cousa que impoñer unha orde alternativa ao mundo. E aínda que non podemos aplicarlle na súa totalidade a concepción de que os libros son ese espazo propio dende o que avaliar a existencia humana do que falou a escritora francesa Marguerite Yourcenar por boca do emperador Hadrián: “o verdadeiro lugar de nacemento é aquel onde por primeira vez nos miramos cunha mirada intelixente” porque “as nosas primeiras patrias son os libros²”, si podemos aplicar a María Victoria Moreno (en diante, MVM) esa outra cita clarividente da mesma autora na que di que podemos coñecer unha persoa polos libros que le ou mesmo adaptar a cita de Yourcenar á propia personalidade de MVM afirmando entón que das súas dúas patrias (a española e a galega) dan boa testemuña os seus libros.

Xa que logo, a análise rápida dunha parte destes vaime permitir hoxe trazar un pequeno mapa desa MVM bibliófila que sabía da importancia e valor das diferentes edicións, dos datos que cada unha contiña, da elegancia e sofisticación das encadernacións, da súa calidade tanto polo coidado do deseño como pola autoridade filolóxica a quen esta foi encargada, do significado do papel (algúns, eses tan finos como de *Biblia* servíronlle de inspiración literaria, así imaxinaba, finísimas coma esas follas dalgúns libros, as “policas”, unha especie de bolboretas que pousaban nas pálpebras dos nenos e nenas) e, sobre todo, do valor do seu contido.

¹ Walter Benjamin (2005): *Libro de los pasajes* (trad. Luis Fernández Castañeda). Madrid: Editorial Akal, col. Vía Láctea, p. 50.

² Marguerite Yourcenar (1998): *Memorias de Hadrián* (trad. Ánxela Gracián). Santiago de Compostela: Edicións Positivas, p. 50.

A súa biblioteca persoal, hoxe, por decisión da autora, está depositada na “Biblioteca María Victoria Moreno” do IES Torrente Ballester de Pontevedra, onde impartiu clase durante a década dos 90 ata a súa prematura xubilación no curso 2001-2002, doándoa aos rapaces e rapazas que alí estuden, como unha mostra máis dese profundo afecto que sentiu esta docente vocacional polos seus “cachorros” confiándolles o seu precioso tesouro de libros, coa certeza de que ler é vivir moitas veces unha soa vida e co desexo de seguir facendo lectores insaciables coma ela, lectora insaciable nese pouco tempo libre que tiña cando os quefaceres domésticos e laborais llo permitían, para que eles, os “seus cachorros”, tamén descubran que hai un mundo, o dos libros, que está por diante ou por detrás da realidade, un mundo no que podemos atopar o abrigo, a enerxía e o consolo suficientes para emerxer, tras da lectura, máis armados, máis conscientes, máis lúcidos e menos sós.

Así o explicou nalgunha ocasión referíndose á importancia do “gran libro da vida que é a literatura” con cuxo ensino tratou de facer que os seus alumnos fosen “máis conscientes, máis honestos e máis felices” aos que doa a súa biblioteca que hoxe está dentro da propia biblioteca do centro, un espazo fermoso, soleado e luminoso, decorado por murais con imaxes que fan referencia á vida e obra de MVM, así como a outros autores e autoras, e tamén outros artistas. A parte propiamente dedicada a conter os libros está constituída por unha serie de estantes abertos de consulta e unha zona máis sobria, de madeira nobre e moble acristalado, composta por uns seis armarios anexos que funcionan de modo independente dos cales catro está dedicados a visibilizar parte do conxunto do “legado María Victoria Moreno”, que aparece precedido dun lema-verso de palabras da autora que din: “Falar o silencio con versos luminosos limpos e lersos” acompañadas dese retrato tan característico dela na que aparece co cabelo recollido e os amplos lentes negros de pasta.

Antes de pasar a describir e analizar o contido deste legado persoal, quixera dedicar unhas liñas a falar do significado que tiveron para ela os libros que foi mercando ao longo das distintas etapas da súa vida. Vexamos así as palabras que nos deixa respecto deste tema no seu penúltimo libro *Diario da luz e a sombra* (Xerais, 2004), remuíño de reflexións, a modo de longo monólogo interior, no que relata, sen sentimentalismos, pero coa xusta dimensión de dramatismo que encerran os feitos, a vivencia do cancro, botando man da palabra como exorcismo fronte á desolación que causa a

dor insoportable de sabernos perecedoiros nun intento de atopar tamén un sentido ao sufrimento. Nestas páxinas compartiu cos lectores un pesadelo clarividente, nel hai alguén (non nos di quen) que lle arrebatara os seus libros, facéndolle sentir case coma se lle estivesen arrebatando a vida, ou quizais, aínda que MVM non o di explicitamente, a memoria, precisamente porque os libros, ao contemplalos mudos nos seus estantes, desencadean esa ferverza de lembranzas que xorden en calquera coleccionista ao ollar as súas posesións: a emoción da súa adquisición, o período da vida ao que esta remite, os donos anteriores que tivo, as datas exactas nas que foi mercado, o lugar, a persoa que nolo regalou e dedicou, a persoa para quen o mercamos aínda que nunca chegásemos a desprendernos del e este quedara finalmente con nós, a ficha que del fixemos, os subliñados que un día quixemos salientar como palabras das que bebemos pois, ao lelas e subliñalas, habitaron e nós iluminándoos, o *ex libris* personalizado que dá conta de nós e que neles deixamos gravados para marcar a súa pertenza etc. Así o conta a autora:

Os libros son a alma da casa, pois gardan lembranzas da miña vida de estudante, do traballo que me deu o pan e a ledicia durante tantos anos e de moitas tardes apaciblemente entregadas á lectura e á reflexión.

No mesmo libro citado, a autora refire uns versos dun dos seus poetas máis amados, Federico García Lorca, que recita en silencio mentres ten a sensación de ter un pé aquí e outro aló debido á enfermidade brutal á que se enfrontaba. Di MVM recreando as palabras do granadino: “as cousas estante mirando a ti, pero ti xa non podes miralas”. Efectivamente, como dixemos, esa ferverza de lembranzas que os libros conteñen hai que contextualizala no momento da dicción mental destes versos nos que imaxinamos á escritora sentada no seu despacho de traballo diante do moble de andeis que contén moitos dos libros e recordos. É entón cando se ve invadida da sensación de que ambos, os libros e as cousas, establecen con ela un diálogo de momentos no que adquiriron sentido na súa vida, os estudos, as viaxes e as persoas que se cruzaron no seu camiño, as cores das pezas de Sargadelos con ese azul penetrante, que evoca a cor do mar galego, pero, sobre todo, os propios libros aos que dedicou moitas horas de estudo e erudición, sentindo que, efectivamente, con ese acto estaba a experimentar esa sensación tan difícil de definir que chamamos felicidade. Así o deducimos das súas palabras

posteriores nas que, a modo de recapitulación da existencia, pasa revista ao que foi a súa vida ao longo das últimas décadas nas que dedicou menos tempo do que tería desexado a vivir esoutras vidas que veñen nos libros, entregando boa parte dese prezado tempo a coidar dos seus, da nai, dos dous fillos, do home, fins de semana nos que desexaba o lecer porque a cociña, as lavadoras, o ferro e o supermercado lle ocupaban máis horas das que merecía, “renunciando a escribir máis e a ler máis”.

Tamén podemos deducir eses momentos de verdade e clarividencia que se crea coa lectura das palabras escritas por outros nas páxinas do seu conto máis metaliterario, ou “metalecturarios”, pois fala da experiencia enriquecedora de abrirse a outras vidas que toda lectura contén, alén de que o verdadeiro argumento deste relato é o diálogo silencioso entre escritor e lector que ofrecen os libros. Falo de “O libro das saudades e os degoiros” onde referencia que:

Abrir un libro e devoralo en dous días era unha das cousas bonitas que che pasaban, sucedía así porque non eras quen de pechalo a non ser por algo urgente.

Sen lugar a dúbida, esta reflexión sitúanos ante unha clara apelación ao lector como responsable da atribución de signos e da formulación de interpretacións, o que nos achega á corrente da Estética da recepción que outorga ao lector a última palabra. Seguindo a Gadamer³, MVM fálanos dunha perspectiva hermenéutica cando a comprensión do significado do texto se entende dende a historia persoal do suxeito que interpreta para, con ela, chegar a coñecer o mundo que a obra é capaz de amosar. Neste sentido a lectura é un proceso de pura interioridade, así o que resulta máis suxestivo desta proposta é que aproximación ao texto sempre se realiza dende as circunstancias propias da persoa que le, de maneira que a verdade do texto está formada pola sucesión e a tensión das súas lecturas. Para dicilo con outras palabras, pártese do autor para chegar ao texto e aos seus receptores, desprazando o sentido da interpretación dende o primeiro cara a algún lugar indeterminado entre o texto e o lector.

³ Hanas-Georg Gadamer (1977): *Verdad y método*, tradución do alemán *Wahrheit und Methode* por Ana Agud Aparicio e Rafael de Agapito. Salamanca: Ediciones Sígueme.

A importancia da lectura. As palabras clarividentes dos libros

Ao longo de toda a súa vida como docente e escritora, foron moitas as ocasións nas que MVM falou da importancia da lectura. Así o declara Xavier Senín⁴, amigo persoal e promotor cultural no momento de consolidación da escritora:

MVM participou con entusiasmo en calquera iniciativa do fomento da lectura, actividade que consideraba fundamental para a formación do público infantil e adolescente á que contribuíu tanto na súa faceta de escritora como de profesora, pois incentivou co seu maxisterio o amor á lectura.

Tamén así o describe ela mesma no conto que anteriormente referenciamos “O libro das saudades e os degoiros”, no cal fala da experiencia máxica da lectura en boca dun dos seus personaxes “máis lector”, o adolescente Duarte Nogueira que vai á biblioteca onde traballa Zaratustra e atopa no libro *O gran Meaulnes* de Alain Fournier as palabras que necesita para entender o que está a vivir. Así o explica:

Debrúzome nas páxinas dun libro que me engaiola e vivo dentro delas. Hai momentos en que vou da man dun personaxe, hai momentos en que deixo de ser eu para ser el.

Nesta ficción, efectivamente, o adolescente Duarte Nogueira atopa no libro que está a ler as palabras que precisa para describir, de modo revelador, a experiencia dese amor que entra polos ollos que está a vivir ao igual que o protagonista do libro namorado da evanescente Yvonne de Galois. Estas mesmas palabras do libro tamén serviron de axuda nun momento anterior no tempo ao bibliotecario Zaratustra pois tamén lle axudaron a entender o que estaba a sentir por Rosa, a profesora de latín, de aí que llas ofrezca ao rapaz para que, coma el, descubra a natureza dese amor romántico que entra polos ollos e anega o corazón a través da lectura do mesmo libro sabendo que estas lle falarán a Duarte Nogueira coa mesma clarividencia que lle falan a el cando as precisou. Así, as tribulacións de François Sorel, protagonista d’*O gran Meaulnes*, e a súa experiencia límite entre o desexo e a realidade do amor unilateral e platónico ou amor como soño e proxección

⁴ M.V. Moreno (2017): *O amor e as palabras* (ed. Xavier Senín). Santiago de Compostela: Urco Editora, p. 6.

dolorosos pero tamén máxicos, son un espello para ambos lectores, os cales, aínda que en tempos e espazos diferentes, non descansarán ata avanzar as páxinas e saber a François Sorel a salvo de tanta tristura e tanta inxustiza que lle provoca o amor non correspondido por Yvonne de Galois, e iso acontece porque ler é efectivamente iso:

Daquela, a lectura confúndese co meu vivir e cólleme a teima de que o libro fala de cousas que me pasaron, de cousas que xa eu pasei, de cousas que me van pasar de aquí a pouco.

Características da súa biblioteca. Dúas facetas lectoras

Logo de analizar os títulos que aparecen neses catro mobles dobres de portas corredeiras de cristal baixo dun letreiro co nome e foto da súa dona, (non así outros orixinais espallados polos outros andeis da biblioteca para os rapaces, debido precisamente á súa dificultade de localización nunha primeira achega) podemos concluír que os seus libros falan das súas dúas patrias e das súas facetas lectoras: a primeira, á da persoa cuxa lingua materna é o castelán (a esta etapa corresponden os libros en lingua castelá) ata que chega a Galicia como profesora de ensino medio de Lingua e Literatura española na década dos anos 60 do século pasado e descobre a realidade lingüística e cultural deste territorio, decidindo asumila, facéndoa súa, escribindo e traballando para ela (desta nova etapa corresponde a segunda faceta da autora con libros en lingua galega). En canto ás súas actitudes lectoras, podemos diferenciar dúas, como xa dixeran, a primeira, a da filóloga que aborda as lecturas, nun primeiro momento, dende unha orde imposta polos estudos que logo converte en vocación e a segunda, a da escritora que se formou a si mesma, escollendo as súas propias lecturas. Xa que logo, a súa biblioteca contén, por unha banda, os libros en castelán, pola outra, os libros galegos, e en menor medida, noutros idiomas convivindo as linguas e tamén os libros académicos que iluminaron os seus anos de formación filolóxica cos libros que foi mercando escollidos ao azar e ás modas e ofertas do mercado do momento, achegándose a boa parte dos autores e títulos que se ían publicando na Península, coa sensación de que o lector, en realidade, nunca busca os libros, senón que son os libros os que o atopan, ofrecéndolle lecturas que o forman para as experiencias da vida, facéndoo forte e fráxil á vez, imperfectamente capaz de loitar, de soñar, de confiar e de amar.

***El ingenioso hidalgo don Quijote de La Mancha.* Unha paixón bibliófila**

Di o francés André Maurois que un lector apaixonado debe ter unha biblioteca limitada e rere cada ano os mesmos libros. Esta frase, atinada ou non, é moi axeitada para explicar a actitude lectora de MVM fronte ao seu favorito clásico entre os clásicos da literatura en lingua castelá, falamos d' *El ingenioso hidalgo don Quijote de La Mancha* de Miguel de Cervantes, epicentro de todo ese universo de libros que a súa biblioteca é, cunha concesión á mitomanía que podería ser a envexa de bibliófilos de culto que valoran as edicións máis custosas ou delicadas, as antigas, as encadernadas inusualmente, as ilustradas, as iluminadas polas palabras sabias do seu editor, os estudos sobre a obra etc. nunha pescuda que durou catro décadas (dende os 60, ou tal vez uns dous ou tres anos antes, ata a década dos 90), catro décadas durante as cales MVM foi mercando probablemente as diferentes edicións sobre o propio clásico, así como estudos sobre el, o autor e o contexto histórico, alén de adaptacións a outros xéneros e traducións a outras linguas.

Logo de examinar os exemplares que están hoxe depositados na súa biblioteca e, sen ese afán dogmático nin exhaustividade imposible para a análise rigorosa de calquera biblioteca desprazada, pódese concluír que este coleccionismo durou, cando menos esas catro décadas citadas, comezando, probablemente na etapa universitaria, a finais dos anos 50, ata a aparición da enfermidade da escritora a final da década dos 90 do pasado século. Esta actitude de necesidade de lectura e relectura do libro, na procura das verdades que entraña e que se agochan ao lector despistado, axústase totalmente á definición de clásico que nos dá o italiano Italo Calvino⁵:

Os clásicos son eses libros especiais cuxa época non importa [...] un clásico é un libro que nunca termina de dicir o que ten que dicir pois ensina algo novo, conmove e fai nacer o desexo de atesouralo para sempre.

Ou a do arxentino Jorge Luis Borges, (para moitos xa un “clásico” do último século) que afirmou que o carácter de clásico dunha obra non lle vén dado polas súas calidades ou méritos intrínsecos, senón por acordos e decisións previas de xeracións de lectores que decidiron ler como se nas

⁵ Italo Calvino (1993): *Por qué leer a los clásicos*. Barcelona: Tusquets, p. 122.

súas páxinas todo fose deliberado, fatal, profundo coma o cosmos e capaz de interpretacións sen termo.

Non imos debater aquí o concepto de clásico, senón simplemente queremos deixar constancia de canto MVM amou esta obra, sempre actual, que contén a metáfora da vida dos soños nunha aposta pola idealización como verdade intensificándoa. Amouno, primeiro, cando, como estudante de Filoloxía Románica, o leu e estudou porque formaba parte do programa académico de lecturas obrigadas, descubrinto os grandes valores que a obra contén e converténdose en lectora devota e coleccionista incansable, facéndose con todas cantas edicións da obra se publicaban, tanto referido ás interpretacións sobre o propio libro, os seus significados como con estudos dela centrados na época na que fora escrito, nos avatares vitais do seu autor, nos valores e mundos referenciais que contén, etc. E iso sucedeu porque descubriu a grandeza eterna que latexa nel como clásico entre os clásicos que é, esa capacidade de falarlle a cada lector dun modo irrepetible e único. Así describe a maxia dos clásicos nese conto anteriormente referenciado “O libro das saudades e os degoiros”:

Libros eternos que gardan mensaxes que non caducan, porque
eses son os clásicos.

Dado que en todo coleccionismo goberna unha orde difusa e inasible, a sensación dun tránsito de libros de agora para logo, nesta biblioteca que se foi asentando ao longo de catro décadas dependendo dos gustos, intereses, necesidades, paixóns e crenzas do momento, analizarei tanto as edicións do libro como os estudos sobre este, ordenándoos por décadas de edición (o que non indican as datas precisas da suposta adquisición, xa que a autora non mantén o costume frecuente noutros lectores de poñer a data e o lugar de compra nas páxinas da obra) que van dende os anos universitarios (1958-1962) ata a aparición da doenza do cancro a finais da década dos 90 (1997). A partir destas datas e ata a súa morte en 2005, probablemente debido á mingua de forzas e aos procesos hospitalarios longos e dolorosos que viviu non queda constancia da adquisición de máis exemplares.

Hai moitos tipos de lectores, aqueles aos que a literatura lles serve para imaxinar, soñar, escapar, evadirse do real e aqueles aos que Esta serve para comprender, aprender e, sobre todo, reflexionar. Coido que MVM foi das segundas, por iso quero destacar neste traballo, alí onde as atopei, as palabras

que a escritora engade aos libros que le, palabras do seu propio puño e letra, que van dende reflexións, citas, datos importantes, cualificacións, guías de lectura, así como as que da propia obra aparecen subliñadas pola escritora, pois penso que ambas abren camiños de luz sobre as súas angueiras filosófico-literarias dando conta dos temas que lle interesan, de pensamentos que desencadean novos pensamentos na idea de que os libros conteñen portas invisibles, camiños e pasaxes que conducen a outros libros lidos e a outros libros que nos fan sentir a obriga de ler, así como a reflexións e dúbidas ou curiosidades que xorden á luz das ideas presentadas.

Tamén me gustaría indicar, antes de me mergullar na longa ringleira de títulos e obras que, como acabo de explicar, algúns exemplares presentan indicios de ter sido libros e cofados pola autora, sendo estes libros de moito uso e amarfalladura, libros de consulta de traballo, de relectura, con secretas confidencias importantes nese momento, papeis, notas, escritas a lapis e a bolígrafo, como indicarei no seu momento, mais tamén se me fai necesario dicir que outros aparentan estar aínda completamente intactos, pasando, xa que logo, a formar parte desas lecturas futuras de libros que agardan por nós, de libros mercados para seren lidos cando o vagar nolo permita, de libros que son carreiros inusitados aínda non percorridos, crisol de posibilidades, celebración da oportunidade, tesouro por descubrir de vidas que aínda non vivimos, pero que serán parte nosa nun futuro próximo de lectura que tal vez neste caso nunca sucedeu.

Da década dos 50, concretamente do ano 1951 (único libro desta década), son estas máis de cincocentas páxinas nas que, cunha mirada filosófica, reflexiona sobre os conceptos de invitación, incitación e suxestión lectora: *Sobre el Quijote y Don Quijote de La Mancha: Ejercicios literario-filosóficos* de Juan Davida Carcía Bacca, editado pola Editorial Ánthropos, en Pamplona, coa axuda do Gobierno de Navarra, concretamente, do Departamento de Educación, Cultura y Deporte.

Do comezo da década dos 60, concretamente de 1960, sendo ela estudante de cuarto curso de Filoloxía Románica na Universidade Complutense de Madrid é a sexta edición do libro xa clásico *Meditaciones del Quijote e ideas sobre la novela*, do filósofo Ortega y Gasset, publicada na *Revista de Occidente*. O libro trae manuscrita a data na que foi mercado: “1 de mayo de 1961”, e tamén a seguinte dedicatoria que dá conta dunha

secreta confidencia amorosa, pois foi regalado ao seu marido, e entón aínda mozo, o valenciano José Luis Llácer, co que casaría ao ano seguinte. Di así: “De tu niña, a Llácer”. Tamén vén indicado o enderezo onde foi mercado nunha carteliña pegada na primeira páxina, por tanto próxima ao campus da Complutense: “Librerías y Papelerías, calle Hermanas Sanz, Gaztambide, Princesa, Madrid”. Tamén do mesmo ano, 1960, é o libro *Cervantes y la libertad*, cun estudo do poeta Luis Rosales, editado por Sociedad de Estudios y Publicaciones. Do mesmo ano, 1960, son tamén os dous tomos (I e II) dedicados á interpretación do *Quixote* con prólogo de Menéndez Pidal. O tomo I leva unha información sobre a librería onde foi mercado, cunha carteliña pegada na primeira páxina que indica as súas andanzas polo Barrio de Salamanca da capital: “Librería Cultural, Difusión de la Cultura, calle Bravo Murillo, Madrid, 1960”. Leva a sinatura manuscrita da súa propietaria, pois naquela altura aínda non asinaba con *ex libris* que mandará facer despois coa foto dela do pasaporte, que aparece en libros adquiridos a partir de 1975 ou un pouco despois. Andando a década, dous anos máis adiante, concretamente do ano 1962, é a 1ª edición en español do libro *La profesión de Don Quijote* de Marck Van Doren, editado polo Fondo de Cultura Económica e traducido do inglés *Don Quijote's Profession*. Nel vai contándonos como o seu protagonista, Alonso Quijano, decide adoptar unha profesión antiga e honorable levado pola crenza de que os libros de cabalerías que lera eran verdade, tornándose no cabaleiro andante máis perfecto que podemos concibir. Tamén salienta a narración amena e divertida da obra. Outra das obras que atopamos na súa biblioteca persoal editadas nesa década é *Hacia Cervantes*, escrita por Américo Castro, editada pola editorial Taurus, nunha 3ª edición do ano 1967, sobre unha anterior de 1925. O libro é unha edición máis que antiga, vella, impresa en papel basto, fráxil e algo comido co clásico cor palla torrado polo sol, que acusa o paso do tempo e non presenta indicios de manipulación pola autora.

Da década seguinte, anos 70, xa co título de Filoloxía Románica baixo do brazo e profesora de Ensino Medio de Lingua e Literatura españolas, primeiro, en Lugo e, logo, en Pontevedra, así como coa aventura económica de montar unha librería propia, canda a outros socios (Librería Xuntanza, mediados dos 70) con vontade de poñer nas mans dos lectores boa literatura en castelán e tamén algúns autores e libros prohibidos en galego, temos *Teoría de la novela en Cervantes* de Edward C. Riley, editado por Taurus en

Madrid no ano 1971 e con carteliña da dita “Librería Xuntanza libeiros, A. Muruais, 1, Pontevedra”, así como o libro *Reflexiones sobre El Quijote* de Enrique Moreno Baez, editado pola Editorial Prensa Española, en Madrid no ano 1971. Probablemente da mesma época pero sen datos é o libro *Cervantes y su época*, de Francisco Olmos, editado por Difusora de la Cultura. Un ano despois, 1972, édítase un xeito de ensaio psicolóxico: *Guía del Lector del Quijote* do autor Salvador de Madariaga, Editorial Sudamericana Buenos Aires, impreso en Buenos Aires, obra que leva información de onde foi mercado nunha carteliña pegada na primeira páxina da dita Librería Xuntanza, o que nos indica que comezaba a facer a súa propia colección de Quixotes. Neste libro, como logo veremos noutros, aparecen notas, parágrafos subliñados ou fichas mecanoscritas con letra da autora, a lapis ou a bolígrafo azul ou vermello que dan conta das impresións que lle causaba o que lía e das notas que tomaba sobre o lido. Destaco unha ficha mecanoscrita na que con letra da autora destaca o concepto de “loco/no loco”, así como a seguinte cita, tamén mecanoscrita, de Salvador Elizondo: “Nadie se disfraza de algo peor que de sí mismo. El mundo disfrazado revela crueldad, ignorancia, injusticia, estupidez”. Noutro punto destaca a frase tamén mecanoscrita: “aventura de la desilusión y la pérdida”. Mercado nesa mesma década dos 70, pero editado moi anteriormente, 1925, é o libro *El pensamiento de Cervantes* tamén de Américo Castro, editado pola editorial Noguer, unha obra decisiva que ofrece reflexións para o gran público, abrindo lecturas a este libro “axfisiado” polas lecturas eruditas de Rodríguez Marín e outros. Nel o crítico explora o rico mundo cervantino do Século de Ouro. A edición, ampliada e con notas do autor e de Julio Rodríguez Puértolas, é do ano 1972 e non presenta indicios de ter sido manipulado pola autora. De Américo Castro é tamén a obra *Cervantes y los casticismos españoles*, editado por Alianza Editorial, en Madrid no 1974, con carteliña da librería Xuntanza. Do mesmo ano, 1974, é o estudo do de Lepanto e mais doutro autor moi querido pola escritora Francisco de Quevedo de quen terá tamén numerosos estudos e edicións das súas obras. A obra leva por título *Cervantes y Quevedo* de Francisco Ayala, editado pola editorial Seix Barral, en Barcelona e con carteliña da dita Librería Xuntanza. Da mesma década pero uns anos despois, concretamente en 1976, é a fermosa edición da que destaca o traballo gráfico de Gregorio Prieto levada a cabo por Desclée de Boruwer e editada por Asuri Ediciones. Comeza coa súa

adquisición a colección do clásico ilustrado que culminará na década dos 90 cando con motivos do XXV centenario se poñan no mercado luxosas edicións de gran valía gráfica ou obras de gran calidade interpretativa como a do Círculo de Lectores, que comentaremos despois. *Don Quijote de la Mancha*, ilustrado por Antonio Saura, cun texto fixado e comentado polo gran coñecedor do clásico cervantino o profesor Martín de Riquer, do ano 1987. O libro leva subliñadas a lapis o parágrafo seguinte que di: “así en la continencia de su bien seguido asunto para extirpar los vanos y mentirosos libros de caballerías, cuyo contagio había cundido más allá de lo que fuera justo” (p. 13). Subliña tamén a lapis fragmentos dedicados á vida de Cervantes. Xa dentro da obra en si subliña palabras como “carnemomia” ou frases como “esfuércese, esfuércese, que el decaimiento en los infortunios apoca la salud y acarrea la muerte”, “la mitad de la copa era propiedad del soldado, la otra de Roma”.

Nesta década dos 80 comezan a aparecer no mercado edicións en varios tomos, ben adaptadas ao ámbito escolar como a editada en catro tomos pola Biblioteca Escolar Literaria Santillana, edición escolar, coa que se fai a autora; ben edicións coidadas, con tapa dura de símil de pel, con estoxo de cartón que albergue os exemplares. Así, destas últimas, MVM faise cos catro tomos da obra nunha edición coidada e ilustrada que acusan o paso do tempo, cun prólogo e notas de Pedro Laín Entralgo, con ilustracións de Ciro Oduber, así como os da editorial Gredos, na súa colección Biblioteca Románica, Madrid 1987, dirixida polo seu querido e lembrado con agradecemento ex profesor de Lingüística Románica en quinto curso de Filoloxía Románica na Complutense de Madrid, Dámaso Alonso, que dedica un tomo a maiores para as notas e estudo da obra. Tamén adaptacións a outros xéneros, como o dramático, que a autora merca como é o caso da adaptación teatral do clásico a cargo Manuel García Martín, editada por Ediciones Universidad de Salamanca, no ano 1982, ou á novela como a de Kathy Acker titulada *Don Quijote que fue un sueño*, editada por Anagrama, no ano 1987, na que Don Quixote é unha muller e vive en cidades tan cosmopolitas como Londres e Nova York. Xa cara ao final desa década son tamén os libros sobre o propio autor (cuxa vida a obsesiona): *Cervantes* de Joan Caravaggio, da editorial Espasa Calpe, Madrid, 1987, mercada na librería Michelena, que non presenta indicios de ter sido lida e *Nueva Aproximación al Quijote* de Martín de Riquer, da editorial

Teide, comprado na librería Michelena, Pontevedra, 7º edición de 1989, ou *El Quijote de Cervantes y el Quijote de Pasamonte, unha imitación recíproca*, editado pola Biblioteca de Estudos Cervantinos, en Alcalá de Henares, así como *Introducción al Quijote* de E.C. Riley da Editorial Crítica, 1989, na colección dirixida por Francisco Rico. Da década seguinte, anos 90, concretamente, en 1990, é o libro *Cervantes clave española* do filósofo español Julián Marías, editado polo Círculo de Lectores. Do ano 1991 é a edición posta no mercado pola Editorial Akal, con estudo e notas de Juan Ignacio Ferreras, subliñado co bolígrafo azul e vermello pola autora, no que tamén aparecen palabras escritas nel referíndose ao prólogo que cualifica, con bolígrafo de tinta azul de: “impresentable e vergonzoso”. Tamén con bolígrafo azul a escritora destaca na primeira páxina varias frases significativas do libro e as páxinas onde estas están: “uno de los pecados que más ofende a Dios es la ingratitud” (p. 225); ou refráns como: “donde una puerta se cierra otra se abre” (p. 207). Na última páxina aparece un fragmento dun poema de Marcial en latín e moitas palabras e frases da obra, así como o tema de cada capítulo. No segundo tomo desta obra destaca unha cita de Marsilio Ficino (1433-1499) que di: “todo es posible. Nada debe ser desechado. Nada es increíble. Nada es imposible. Las posibilidades que sufrimos son las imposibilidades que desconocemos”. Tamén escribe nel unha cronoloxía dos reis Carlos I, Felipe II, Felipe IV e Carlos II. De Edwin Williamson é o libro *El Quijote y los Libros de Caballerías*, editado pola editorial Aurus, con presentación de Mario Vargas Llosa, do ano 1991, en Madrid, onde o escritor peruano xustifica porque Cervantes coroou o xénero cabaleiresco cunha magnífica novela de éxito póstumo. Como curiosidade este exemplar non presenta información sobre a súa lectura. Outra obra dese ano é *Diccionario del Quijote*, autor Marvel Lacarta da editorial Aldebarán, de Madrid con carteliña que indica que foi mercado na librería Michelena, de Pontevedra. O libro *Cervantes y la Invención del Quijote*, nunha edición antiga do ano 1954 e posto no mercado pola Compañía Impresora Argentina, presenta referencias da data na que foi mercado, 25 de xullo de 1992, leva *ex libris* da autora e en letra manuscrita nome do anterior propietario, un tal José Luis Zas, cuxo nome aparece riscado a bolígrafo e ao lado del o de “María Begoña”, o que indica que, posiblemente, foi mercado nunha librería de vello para ser regalado á súa filla. Outra edición do libro da súa biblioteca persoal é a luxosa, así como fermosa, da editorial

Anaya, a cargo de Ángel Basanta, responsable da edición, introdución e notas, do ano 1993, con ilustracións de Antonio Mingote, onde pon plumilla e cores (combinando ambas con ilustracións sinxelas en branco e negro ao longo dos capítulos e de cores a dobre páxina iniciando cada capítulo) ao clásico. *Las vidas de Miguel de Cervantes* de Andrés Trapiello, que se achega á verdade humana do autor da que el cualifica como a mellor novela do mundo, editada por Planeta, en Barcelona, no 1993. A autora subliña a lapis dentro do libro datos da biografía de Cervantes e unha carteliña pegada na primeira páxina indica que foi mercado na librería Michelen de Pontevedra. Do ano 1994 é o libro *Cervantes o la crítica de la lectura* do escritor mexicano Carlos Fuentes, que fala de Cervantes como fundador da imaxinación moderna, desa arte que non reflicte máis realidade, reproducíndoa, senón que crea outra realidade. O libro, editado pola Biblioteca de Estudios Cervantinos, presenta moitos parágrafos subliñados, desta vez a bolígrafo azul, por MVM dos que transcribo só aqueles que creo que abren luz sobre as propias buscas e a propia poética da autora: “ironía, conciencia, la tragedia es la libertad que se equivoca” [...] “Ni Aquiles ni el Cid duda de las ideas, creencias e instituciones de su mundo...” [...] “La escritura y la lectura épicas son previas, unívocas y denotadas” [...] “Cervantes, Joyce y la soledad de la literatura” [...] “Una palabra dicha —dicha de la palabra— libera una constelación de palabras” “La literatura dice cosas del mundo pero es *ella misma* una *nueva* cosa del mundo” [...] “elogio de la locura” [...] “También está loco porque cree, como caballero andante, que la justicia es su deber y que la Justicia es posible” [...] “Cervantes carece de ilusiones: lo que está haciendo lo está haciendo con palabras y sólo con palabras. Pero él sabe que las palabras, en su mundo, son el único sitio de encuentro de los mundos” [...] “La gestación del lenguaje se convierte en realidad central de la novela” [...] “sólo mediante los recuerdos del lenguaje puede librarse el tenso e intenso combate entre la renovación el tributo debido a la forma precedente”. No libro aparece tamén unha referencia subliñada a outro clásico español querido pola autora, *La Celestina* de Fernando de Rojas. Di así: “*La Celestina* es la primera obra moderna en la cual cobra cuerpo la reflexión interior sobre las acciones humanas, que más tarde, en diversas formas, culminará en las obras de Cervantes y Shakespeare”. A MVM interésanlle tamén os datos históricos nos que o clásico se xesta e aqueles sobre a vida do autor, isto é, a España do Quixote. Así destaca á

man sobre as súas páxinas con bolígrafo azul: “La Contrarreforma, Elogio de la locura de Erasmo de Rotterdam”. Tamén subliña e leva á ficha as palabras do ruso Fiódor Dostoievski sobre o libro: “el libro más triste de todos”. Do ano 1995 é o libro *La interpretación cervantina del Quijote* escrito por Daniel Eisenberg e editado pola Compañía Literaria, así como o libro *Miguel de Cervantes Flor de aforismos peregrinos*, nunha edición de Aldo Ruffinatto, editado por Edhasa. Un ano despois, 1996, Salvador García Jiménez escribe *El hombre que se volvió loco leyendo El Quijote*, editado por Ariel, en Barcelona e con carteliña indicativa de que foi mercado na Librería Michelena. De Javier García Gilbert é unha reflexión sobre a ironía, a piedade, o humor e a melancolía que destila este clásico universal titulada *Cervantes y la Melancolía: Ensayos sobre el tono y la actitud cervantinos*, editado por Novatores. Dese mesmo ano é o libro que tamén figura na súa biblioteca persoal *La sociedad ideal de Cervantes*, de Francisco Garrote Pérez, editado por Confederación Española de Gremios y Asociaciones. No libro *Otra manera de leer el Quijote*, publicado por la Editorial Castalia en Nueva Biblioteca de Erudición y Crítica encontramos anotado coa súa letra a bolígrafo azul na portadina: “Lepanto: 1571. Invencible: 1588”.

MVM tamén prestou atención ao libro traducido a outras linguas. Así fíxose coa edición ao italiano, *Don Chisciotte* en dous tomos da editorial Óscar Mondadori, de 1974 e coa tradución ao galego *Don Quixote* editada pola Xunta de Galicia no ano 2005, e acometida por Valentín Arias, Xela Arias, M^a Xesús Senín, X. Antón Palacios, M^a Josefa S. Fernández, que se deu ao prelo coa axuda da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Tamén ten unha edición ao galego da editorial Xuntanza Boreal da Coruña, traducida ao galego polos mesmos tradutores nunha coidada edición de lombos con tapas de coiro.

Efectivamente, como vemos, *O Quixote* é o libro. Lelo, relelo, abrillo por onde lle cadre, unha hora, unha tarde, un mes, un ano, toda a vida... Mercalo en librerías grandes, pequenas, de vello, de recente apertura, sempre axecendo nos estantes na busca do libro amado intentando abranguer espazos e autores que escribiron e nos legaron as súas reflexións sobre a obra iluminándonos. Case podemos afirmar que MVM pasou media vida lendo o Quixote, e canto máis o lía, máis tiña a sensación de volver querer lelo e sobre todo comprendelo na súa totalidade nun estado que imaxinamos

próximo á felicidade. No entanto, este non é o único libro que atesoura de Miguel de Cervantes. Na súa biblioteca contén tamén unha edición da Real Academia Española do ano 1981 das *Novelas ejemplares*, en coidada edición facsimilar da primeira edición de Juan de la Cuesta, do ano 1613, na que a Real Academia Española, fiel ao seu propósito de manter no mercado a edición facsimilar das primeiras edicións cervantinas, reproduce con fidelidade o orixinal da época, sen adaptacións da súa lingua e da súa grafía. Hai na súa biblioteca máis libros de Cervantes como *El licenciado Vidriera* editado na colección Biblioteca Castilla, cuxa edición, prólogo e notas corre por conta de Narciso Alonso Cortés, do ano 1916, editada co gallo do III centenario do autor de Alcalá. O libro é un exemplar antigo probablemente mercado nunha librería de vello nunha época que non podo concretar.

Curiosidades bibliófilas, enciclopedias, dicionarios, coleccións, obras completas, outros autores en castelán

Non é obxecto deste pequeno artigo facer un percorrido exhaustivo polos seus títulos, pero si me gustaría falar dun anel de curiosidade de bibliófilo dedicado a libros antigos de pequeno tamaño con papel fino e tapas decoradas que combinan o granate ou o verde inglés co dourado, que imitan nas cubertas un xeito de mármore vetado, editados pola editorial Montaner i Simon, en Barcelona, arredor dos anos 40 que puxo no mercado a autores como Lamartine, Manrique, Goethe, Rondenbach, Lope de Vega, etc e obras como *El Lazarillo de Tormes*, *Pablo y Virginia* etc. e que é un pracer bibliófilo ter nas mans.

No que hoxe é primeiro armario da súa biblioteca están, xa case a modo de reliquias do pasado, as que foron as consabidas enciclopedias que formaban parte de moitos dos fogares da clase media española ilustrada na década dos 70 e 80, con lombos airosos de pel ou imitacións varias. Todas elas obras magnas que nos reconcilian con esa época na que non había Internet con buscadores tan eficaces como *google* que nos solucionan, nun tempo ata hai moi pouco inimaxinable, calquera dúbida de calquera campo do saber e nos informan coa velocidade do lóstrego de calquera tema.

Outras obras de gran formato destes estantes son os moitos dicionarios que MVM posuía. Estes dan conta desa filóloga con verdadeira vocación, entregada a paixóns que nunca se abandonan, que atesouraba

no seu domicilio libros de consulta necesarios para todo filólogo e profesor de lingua e literatura que se prece. Estou a referirme a títulos como o *Diccionario de Construcciones y Regímenes de la Lengua Castellana* de M. Cuervo; o *Diccionario Corominas*, *Diccionario Crítico Etimológico Castellano-Hispánico* da editorial Gredos; o *Diccionario literario* da Editorial Montaner i Simon; o *Diccionario Fraseológico de la Lengua Castellana*; o *Diccionario de Autores* de Montaner i Simon; as *Lecciones de Literatura Universal*. Historias da literatura como *Historia de la Literatura Española* de Valbuena, *Historia de la Literatura Universal* de Gredos, *Historia de la literatura universal* de Planeta. Así, unha boa parte desa súa primeira biblioteca ten moito que ver coas aulas universitarias, primeiro, e coa vocación, despois, así pois canda os xa citados dicionarios conviven libros de lingüística, semiótica, comentario de textos, as linguas e os dialectos, fonética, fonoloxía, semántica, morfosintaxe, crítica literaria, métrica etc. Xa que logo, por poñer un exemplo, da famosa Biblioteca Románica Hispánica da Editorial Gredos terá uns setenta e cinco títulos, todos eles de autores tan coñecidos e consagrados á investigación filolóxica como Carlos Bousoño; por suposto do seu admirado Dámaso Alonso (*Teoría de la expresión poética* e *Poetas españoles contemporáneos*, cubertos con plástico adhesivo, do que tamén ten *Retrato de Dámaso Alonso* de M. Asunción Mateo); Ricardo Gullón; Menéndez Pidal; Lázaro Carreter; Greimas; Emilio Alarcos Llorach; Concha Zardoya; Gili Gaya; o seu querido Rafael Lapesa etc.


Dos autores e autoras que lía interesáballe, por suposto, a súa propia obra literaria da que ten varias edicións, pero tamén o contexto e a vida deles, xa que logo, fíxose con estudos sobre escritores clásicos como Lope de Vega, Bécquer, Quevedo, Galdós, Azorín, Unamuno, Antonio Machado, Juan Ramón Jiménez, Francisco Salinas, Rafael Alberti, Jorge Guillén, Vicente Aleixandre, Federico García Lorca, León Felipe, Camilo José Cela, e un longuísimos etcétera de autores hispanoamericanos, franceses, rusos, portugueses etc. Quixera destacar aquí un exemplar de *Tiempo de silencio* do escritor español Martín Santos, nunha sobreescrita, anotada e comentada dun dos libros que, sen dúbida, máis influíu na concepción do arrabalde xitano, con claras pegadas do realismo social dos anos 60, que é Santa María de Vélaros, novelado no seu libro híbrido *Guedellas de seda e liño*, publicado a finais da década dos 90.

A literatura galega

A parte da biblioteca dedicada á literatura galega é máis difícil de analizar nunha primeira incursión, pois non está colocada neses andeis iniciais senón espaxada polo conxunto da biblioteca escolar nun xeito fermoso de mímese con ela que á autora, sen dúbida, agradaría moito. No entanto, destacan xoias de bibliófilo como a primeira edición do *Divino sainete* de Curros Enríquez e a de *Sempre en Galiza* de Castelao, en castelán, editada por Ediciones Galicia do Centro Galego de Buenos Aires, do ano 1971. Tamén variadas obras de autores queridos por ela Xosé Luís Méndez Ferrín, Antón Avilés de Taramancos, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Eduardo Blanco Amor, Manuel Antonio, Luís Pimentel; estudos de investigación e xornalísticos de autores prestixiosos como Anxo Tarrío, Víctor Freixanes etc. Tamén libros sobre Galicia e moitos números da revista de pensamento *Grial*, *A Nosa Terra* e *Nós* etc.

Para finalizar esta primeira e pequena incursión na súa paixón bibliófila, gustaríame traer aquí as palabras de Jorge Luis Borges que presumía máis dos libros que lera que dos que escribira e que sempre imaxinou o paraíso como unha especie de biblioteca, pois penso que algo semellante lle debeu pasar a MVM xa que dedicou boa parte do seu tempo e diñeiro a mercar libros, entregándose á tarefa con paixón, así que, parafraseando ao escritor francés e distinguido bibliófilo, Anatole France, atrevome a dicir que ás veces facemos burla dos bibliófilos porque, despois de todo, quizais se presten á burla, xa que se comportan dese modo apaixonado e irracional de todos os namorados, isto é, con excesiva entrega e arroubo, mais, en vez de rirnos, deberíamos envexalos porque encheron a súa vida de longa e apracible voluptuosidade”⁶.

⁶ Anatole France (Sen ano de edición): *El jardín de Epicuro*. Buenos Aires: Biblioteca de las Grandes Obras, p. 57. A tradución adaptada é miña.



A medida dos sentimentos

EVA MEJUTO
(Escritora/Xornalista)

Non tiven a sorte de ser alumna de María Victoria Moreno. E non é unha reflexión que faga agora, que a autora ten o máximo recoñecemento nas Letras Galegas, foi o único que comentei na casa cando cheguei do primeiro día de clase no instituto. O alumnado de Sanxenxo tiñamos, a finais dos anos 80 do século pasado, dúas opcións para o ensino público secundario: o IESP de Vilalonga, un centro do rural onde convivía o BUP coa FP das especialidades de Mecánica e Administrativo ou a súa *glamourosa* competencia dos centros de Pontevedra (de menor a maior prestixio: a Xunqueira, o Sánchez Cantón ou o desexado polas máis requintadas familias da vila, o Valle Inclán).

Para optar aos centros capitalinos había que empadroarse na casa dun familiar, real ou inventado, que tivese residencia na cidade. “Vas mandar a túa filla a ese instituto de monte, coas boas notas que saca? Mira a ver con quen se vai relacionar...”, dicíalle unha veciña á miña nai diante da nosa decisión firme e orgullosa de matricularme no IESP, a integración de BUP e FP fora daquela toda una innovación, acompañada de moitas críticas e prexuízos de tal irreverente mestura. “Ademais —era outro argumento de peso— o profesorado da capital non ten nada que ver, ten moito máis nivel. A Vilalonga van os que acaban de obter a praza, xente sen prestixio ningún”. Esa ladaíña escoitámola ano tras ano na EXB, a modo de *mantra*.

No sétimo curso lin *Leonardo e os fontaneiros* e a miña sorpresa foi maiúscula cando o profesor de literatura anunciou que a autora da obra era profesora en Vilalonga e que ademais acababa de publicar outra obra de nome impronunciabile e inintelixible, *Anagnórise*. Unha escritora “de verdade” en Vilalonga? Para una lectora precoz e voraz coma min (unha *friki*, de existir o termo daquela, ou unha *chapona*, denominación popular do concepto naquel tempo) coñecer a unha escritora de carne e óso, que era moito máis do que un nome na cuberta e unha foto na lapela dun libro, era a máxima aspiración a acadar.

A presenza dunha ESCRITORA en Vilalonga pasou a ser un argumento irrefutable de argumentación contra a xente que criticaba ese

instituto de monte, no que se escoitaba, dende as aulas, o bruar das vacas que pacían nas fincas veciñas. “Si, si, o que vós digades, haberá moito “nivel” en Pontevedra (canto auto odio e canto clasismo atesouraba a palabra “nivel” nos seus beizos), pero en Vilalonga hai una escritora”, dicía eu moi oufana, querendo quedar coa última palabra. “Pois din que está medio tola, mira ti que cousa...”. Ese ruxe ruxe aguzou máis aínda o meu degoiro de coñecela. Como será unha escritora no día a día?

Nos últimos anos 80 da miña adolescencia, pouca era a literatura infantil e xuvenil galega que circulaba nas aulas e nas librerías e as nosas lecturas de aula eran Michael Ende, Peter Härtling, Christine Nöstlinger, René Goscinny... do Estado, Juan Farias e Fernando Alonso e en galego só lembro ter lido *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas e *O misterio das badaladas*, de Xabier Docampo. Unha muller que escribía e máis en galego e máis non sendo galega de nacemento, efectivamente, un pouco tola, no bo sentido, tiña que estar. Bendita loucura!

Como estaba previsto, eu fun a Vilalonga, entrei no curso de 1989 e o alumando de FP, a dicir verdade, non me pareceu tan diferente á suposta elite de BUP que se supoñía que eramos. A contorna do centro pareceume do máis bucólica e o profesorado era novo, dinámico; ás veces era difícil saber se algún era *profe* ou alumno do último curso, xente activa e colaborativa que nos facía sentir ben a gusto na aula, cunha chea de iniciativas de participación para o alumnado. E tamén, por suposto, ela.

Era ben doado recoñecela polos corredores, co seu cabelo negro, mesto, recollido nun moño e gafas grandes. O seu andar grave, ergueito, orgulloso, sempre fumando, sempre atenta á rapazada que lle preguntaba unha ou outra cousa, en grupo. Parecía ter un ar distante unha expresión seria que logo de falar cos mozos e mozas se transformaba nun aceno puramente afectivo e cariñoso. Sempre tiña xente atrás dela.

No reparto das aulas, dos compañeiros e compañeiras, dos profesores e das materias novas todo era un mundo por descubrir, un rito iniciático que, ou polo menos a min así mo parecía, marcaba a saída da infancia para entrarmos no que non sabía aínda moi ben o que era. A miña clase estaba no segundo andar do edificio do fondo. Efectivamente, dende a fiestra víase, trala pista de voleibol, un prado no que pacían dúas vacas (eu que teño

familia en Boimorto e aí si que había vacas en condicións, aquilo parecíame una ridiculez, tanta lea por dúas vacas que, nos anos que alá estiven, só as escoitamos bruar unha vez).

No primeiro día de clase, María Victoria entrou na nosa aula, pero non para presentarse como profesora, coma eu arelaba, senón como xefa de estudos que nos anunciaba que o noso titor se ía atrasar un anaco. Bisbabamos polo baixo: “É a escritora, é a escritora”, coma se fose unha *rock star* ou unha extraterrestre. Un rapaz repetidor preguntou: “Vasnos dar clase este ano?” E ela dixo: “Mira por onde, vas ter sorte, non”, cun sorriso pícaro. O resto non sei que pensaría pero eu levei unha decepción ben grande.

Nese curso lin *Anagnórise* e non foi difícil ver a Xulia Andrade, malia a ilustración da cuberta, con cabelo negro e moño, gafas grandes e sempre fumando. No camiño a aquel instituto de monte ás veces perdíamos o autobús e tiñamos que facer “dedo” para chegarmos a Vilalonga e moitos eran os profesores e profesoras que viñan dende Pontevedra e paraban o alumnado para levalo cara ao IESP. Non era difícil, tampouco, ver a Nicolau en moitos dos rapaces do centro. A irmá maior dunha amiga, que fora alumna súa, dicía que escribira a obra cun bolígrafo que o seu curso lle agasallara, o mesmo bolígrafo co que María Victoria se gababa de que nunca cometera unha soa falta de ortografía.

Cando Manolo, o profesor de lingua española nos propuxo formar parte da revista do instituto, non o dubidei un intre. Sen saber moi ben cara onde ía enfocar o meu camiño, tiña claro que as letras e a escrita estaban polo medio. Na revista había contido de todo tipo, entrevistas, poesía, rexoubas varias... Aproveitei a escusa da revista para coarme no grupo “dos maiores” que estaban arredor de María Victoria nalgún recreo, nas horas libres e algunha tarde. Falaba coa rapazada cun agarimo e unha proximidade moi especial, entre familiar, amiga e profesora. E o que máis me chamaba a atención, preguntaba e escoitaba. Teimaba con que para sabermos escribir, o primeiro era ler, ler e reler as grandes obras clásicas. Falaba de Lorca e *El Quijote* cunha paixón contaxiosa. Eu case nunca falaba nese grupo, non era alumna dela e era a única de primeiro que estaba alí. Sentíame fachendosa e intimidada a un tempo. De maior, tiña clarísimo, eu quería ser coma ela (sobra dicir, como a imaxe que eu tiña dela).

Un día atrevínme a preguntarlle unha cuestión técnica de métrica para facer un poema que quería publicar na revista. A pregunta era rebuscada e botara ben de tempo a calcular a forma exacta en que lla formulaba, que se notara ben a base teórica e o rigor científico que mal podía ter eu aos meus catorce anos. Debeulle de dar un pouco a risa (a min hoxe, daríama) do forzado rexistro co que me dirixín a ela, dando mil voltas, que se pasaba algo grave se non conseguía que todos os versos medisen igual. E díxome unha cousa que nunca esquecín, non sei se de autoría propia ou allea, pero a min pareceume daquela —e síguemo parecendo hoxe— unha xenialidade: “Non te preocupes tanto con medir os versos, ese non pode ser un obstáculo para escribir. Na poesía o que realmente importa é a medida dos sentimentos”. Iso foi case a final do curso, que resultou ser o seu último ano en Vilalonga.

Dende aquela, seguí sempre a súa vida dende unha próxima distancia, vía mercar libros na mítica librería Michelena, onde coincidimos varias veces nos meus anos de universidade, xa que era onde eu gastaba todos os cartos que a miña nai me daba, supostamente, para mercar roupa. Seguí pola prensa a súa traxectoria, os premios que lle deron e os que non, a súa presenza en certames, en feiras do libro, en actos literarios de todo tipo. A través de Tito e Nenuca, os libeiros de Seijas que tanto a coñeceron, acompañaron e a quixeron, a través da plataforma de crítica feminista A Segra que a escolleu e reivindicou como Señora das Letras e agora como escritora homenaxeada no Día das Letras Galegas. Tito compartiu comigo estes días, dende o máis fondo afecto, a relación de María Victoria con eles e coa librería, hoxe o máximo referente en LIX de Pontevedra, o amor polos libros e pola lingua galega, por Pontevedra, polos animais, pola rapazada e, en definitiva, pola vida, e viéronme á cabeza e ao corpo enteiro as emocións que sentín naquel 1989 por coñecer, en maiúsculas, á ESCRITORA. Obrigada, María Victoria, polo referente que fuches para min e moitas outras, na literatura, na vida e na métrica dos sentimentos.



A narrativa xuvenil de María Victoria Moreno: *Guedellas de seda e liño*

ISABEL MOCIÑO GONZÁLEZ
(UVigo/ICE/USC)

Dende que en 1963 se comezou a conmemorar o Día das Letras Galegas poucas foron as mulleres protagonistas desta data ata o de agora. Despois da homenaxe á autora fundacional da literatura galega, Rosalía de Castro, na primeira edición, este día conmemorou, non sen polémica e controversia, a Francisca Herrera Garrido en 1987 e a María Mariño en 2007. Unha década despois é María Victoria Moreno Márquez (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1939–Pontevedra, 2005) a que contará con esta homenaxe, unha creadora de orixe non galega e vocacionada principalmente cara á literatura infantil e xuvenil, na que foi unha pioneira.

Esta narradora, poeta, tradutora e ensaísta foi sobre todo unha docente comprometida coa lingua e cultura galegas¹, á que chegou dende a súa Estremadura natal e na que se instalou para dar ao prelo obras innovadoras tanto para o público infantil coma xuvenil. Iniciou esta produción co volume *Mar adiante. Historias de nenos pra nenos* (Edicións do Castro, 1973)², no que se recrea un modelo educativo acorde ao dos movementos de renovación pedagóxica, aqueles que apostaron por unha literatura libre de didactismo e acorde á que estaba en voga en sistemas máis normalizados. Para iso confronta a ensinanza tradicional coa innovadora, recorre a historias metanarrativas que enchen de maxia e fantasía o relato e critica os métodos represivos da escola tradicional, á vez que propón unha aprendizaxe empírica en contacto coa natureza, todo inscrito nunha ética cristiá progresista baseada no principio do amor universal (Blanco, 1991: 214-217).

¹ E co seu alumnado, co que mantivo unha relación baseada no respecto e na humildade, tal como a propia autora confesou nunha entrevista (Moreno, 1992: 48-50), na que afirma que rapaces e rapazas agardaban dela “calquera cousa menos o aire de superioridade”. Para coñecer máis sobre o labor doutras docentes comprometidas, coma María Victoria Moreno, coa Literatura Infantil e Xuvenil galega e que contribuíron á súa conformación ver Agrelo (2012: 15-38).

² Obra que no ano 1986 se reeditou en Edicións do Castro con ilustracións de Araceli Liste e unha presentación de Xesús Alonso Montero, ademais dun poema-dedicatoria ao lector potencial e á súa filla M^a Begoña. En 2009 Xerais reeditou a obra na colección Merlín, con ilustracións de Manolo Uhía.

Nesta súa primeira obra, amais dos xogos de hipertextualidade cos contos tradicionais e coas fábulas (Ferreira Boo, 2010: 40), están xa presentes algúns dos trazos que definirán toda a súa produción posterior, como é a recorrencia a binomios dicotómicos que acentúan as perspectivas contrapostas (como infancia/adultos, fantasía/realidade, mar/terra ou rural/urbano), o marcado ton lírico da súa prosa, a tenrura e a defensa da amizade e da solidariedade (Soto, 2000: 258). A isto hai que sumar a súa aposta clara pola coeducación, a liberdade, o ludismo e a imaxinación e, sobre todo, a visibilización das rapazas e mulleres, colocadas como protagonistas, o que favorece que as lectoras atopen nas obras de María Victoria Moreno referentes ficcionais do seu xénero nos que se recoñecer, na liña doutras creadoras pioneiras coma ela, tales como María Xosé Queizán, Xohana Torres ou Ursula Heinze, entre outras (Roig, 2015; Mociño, 2017).

A narrativa xuvenil de María Victoria Moreno

Tal como se recolle na *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega* (Roig, 2015: 154-185), María Victoria Moreno é unha das autoras que contribuíu á conformación e asentamento do subsistema xuvenil galego, o cal experimentou un importante pulo ao longo das décadas dos oitenta e noventa do século XX, tanto dende o punto de vista cuantitativo coma cualitativo. Coas súas novelas *Anagnórise* (Galaxia, 1988)³ e *Guedellas de seda e liño* (Galaxia, 1999)⁴ respondeu ás necesidades xurdidas da etapa democrática, na que o sistema editorial tivo que ofertar lecturas adecuadas aos niveis máis altos da escolarización obrigatoria. As súas obras salientan polo tratamento de novas temáticas e a incorporación de rexistros inéditos, o que lle deparou unha boa acollida tanto por parte da crítica (Roig, 1996-2017; 1996, 2005, 2008, 2015; Soto, 2007), coma do lectorado, de aí que non deixaran de se reeditar.

María Victoria Moreno recrea nestas dúas novelas iniciáticas narracións con protagonistas adolescentes nas que, ademais de reivindicar, ao igual ca na súa produción infantil, un trato digno para os animais, retoma o ton lírico da prosa e combínao cunha dura crítica social, nuns casos

³ Publicada na colección Árbore, foi reeditada en 1997 como número inaugural da colección Costa Oeste e en 2002 na colección Biblioteca Galega 120 de *La Voz de Galicia*. En 1990 pasou a formar parte da Lista de Honra do IBBY.

⁴ Coñeceu unha segunda edición na mesma editorial e colección en 2017.

centrada na escola tradicional, noutros na marxinalidade, na violencia machista, no racismo, nos problemas derivados da drogadicción etc. Unha perspectiva crítica na que xorden como elementos centrais os conflitos propios da mocidade, as inseguridades, os medos e as actitudes rebeldes e inconformistas desta etapa vital.

En ambas as novelas salienta a perspectiva intimista e de recreación do mundo interior das personaxes, en tránsito cara á vida adulta (Soto, 1999: 17-20; Roig e Neira, 2010: 334), así como a gran capacidade de introspección e de achegamento á evolución vital dos mozos protagonistas que se enfrontan á necesidade de se adaptaren á sociedade dos adultos, superaren as incompreensións, rexeitaren as imposicións sociais ou familiares e desvelaren deficiencias do sistema educativo, o seu carácter represivo e as dificultades que xorden na relación cos compañeiros, aspectos que se fan extensibles ao ámbito familiar e ás incongruencias sociais da súa contorna.

O relato ficcional ampárase (e á vez propicia) acaídas reflexións sobre o sentido da vida, a identidade propia, o imprevisible da existencia, da morte ou a descuberta do amor. Un difícil exercicio que, tal como sinala Silva (2012: 18), implica para o/a creador/a adulto un esforzo de desdobraemento crítico, aínda que este reverte en beneficio dunha reflexión sobre o sentido da existencia e o cuestionamento de conceptos socialmente construídos, entre eles a idea de tempo e idade e as propias convencións do sistema literario.



Guedellas de seda e liño ou a incerteza da existencia

Esta novela de María Victoria Moreno recibiu unha mención especial nos Premios da Crítica Galicia 2000 e pasou a formar parte da selección The White Ravens en 2002.

Estruturada en dezasete capítulos titulados, ofrece un rico retrato social dunha vila mariñeira, Santa Marta de Vélaros, que se centra fundamentalmente en dúas familias: unha adiñeirada e fidalga, a de María Xesús Micaela Calderón de Castro; outra moi humilde e desestruturada, a de Vanessa Leal Pérez. Dúas mozas que representan segmentos polarizados dunha sociedade complexa, diversa e cambiante. Un microcosmos transitado por fíos invisibles, tal que o labirinto das rúas da propia vila, que vinculan os diferentes personaxes e inciden no seu devir, mesmo cando entre eles aparentemente non exista relación. Persoas moi diferentes e con valores contrapostos, que buscan manter a súa posición ou lograr as súas metas, non sempre alcanzables nin sempre lexítimas.

Esta dicotomía aparece xa no propio título, metáfora do impredecible da vida, do inestable do seu curso e dos acontecementos que se suceden. Comparada cun nobelo, a vida evoluciona como consecuencia das decisións que tomamos acotío e tamén do azar, por veces favorable, por veces adverso. Esta perspectiva de contraposición recréase tamén no primeiro capítulo da novela, no que aparecen descritas caras opostas da sociedade, simbolicamente representadas polo propio espazo xeográfico: a barlovento o monte de Celas e a sotavento a touceira. O primeiro é un lugar no que prima a orde, o coidado e vizosidade do frondoso terreo do pazo, no que transcorre a vida regalada dos seus habitantes



Situado no monte de Celas, a coroa do cal marca a fronteira entre as terras frías no val de Vélaros e as ladeiras vizosas da beiramar, o pazo do mesmo nome estendía a súa herdade por toda a vertente occidental, que, en bancais de distinta cor e feitura, descendía suavemente ata o mar. Un soto de nogueiras e castiñeiros ocupaba as terras máis altas [...] Xusto onde a fraga deixaba paso

ás terras de labranza, entre froiteiras e xardíns, achábase a mansión. Roseiras e rododendros, unhas dando teito ás vereíñas e á pérgola e outros formando deluados macizos, enfeitaban os *parterres* por onde pasearan tantas xeracións dos señores de Celas (p. 13)⁵.

A segunda, a touceira, aparece marcada polo abandono, os refugалlos do vertedoiro, a miseria do poboado xitano, a anarquía das construcións, a miseria e a fealdade. Dous mundos totalmente separados e que se ignoran mutuamente asentados nos seus prexuízos. Só así se pode entender que os xitanos de Santa Marta de Vélaros

Vivían coma as ratas, sempre perseguidos, e sobrevivían tamén coma as ratas, aproveitando os refugалlos da vila e creando mecanismos de defensa contra os seus perseguidores. Aínda que ás veces había no arrabalde axustes de contas, aínda que ás veces relucían as follas das navallas e corría o sangue, na vila comportábanse con discreción e comedimento, mesmo os que se dedicaban ao *trapicheo* de droga. Humildes camelos, vítimas dos traficantes por unha banda e dos respectables cidadáns que os marxinaban por outra, sempre abusados por inadiabables necesidades, mantiñan a súa rede de distribución nunha área definida e pechada [...] Culpables sen dereito á presunción de inocencia, acusados xa pola cor da súa pel, os xitanos de Santa Marta de Vélaros ignoraron durante moitos anos o que había máis alá do cume de Celas, nas terras ricas dos solpores longos (pp. 16-17).

Este é o contexto polarizado no que as dúas protagonistas medran e van tecendo as súas relacións, á vez que descubren a súa identidade, marcadas polas vivencias e o ambiente familiar. A través delas o lectorado achégase a múltiples reflexións sobre o amor, os problemas adolescentes, os cambios sociais, a drogadicción, a marxinalidade, a violencia machista, a reivindicación da igualdade nos roles de xénero, a familia como soporte afectivo e estabilizador etc., filtrado todo a través de protagonistas activas, rebeldes e inconformistas que deciden sobre o seu destino, na liña que abriu uns anos antes María Xosé Queizán na novela de iniciación *O segredo da pedra figueira* (1985).

⁵ Cítase pola edición de 2017.

Rato Chus e Vanessa: barlovento e sotavento da adolescencia

As vivencias das dúas mozas protagonistas son reflexo das circunstancias familiares e dos dous estamentos sociais aos que representan. Os seus destinos aparecen ligados inexorablemente a esta condición, que se reflicte mesmo nos seus propios nomes: o de reminiscencias nobres e antigas de María Xesús Micaela, fronte ao importado e froito da asimilación cultural de Vanessa.

A primeira ten a capacidade de entrever, adiviñar e descubrir a través das visións dos entresónos que lle permiten mesmo comunicarse por telepatía cos animais. Tivo unha “nenez de mecos e luxo, de festas e viaxes, de soidade enfeitada coa fantasía” (p. 54). Chegada á adolescencia puido gozar da liberdade de rexeitar a tradición familiar de ir a un colexio interno de Madrid a recibir unha “educación de señoritas” (p. 60) para seguir os estudos na súa vila natal. Consciente de que é diferente, de que non a tratan igual ca ao resto, tenta ser unha máis e decide tomar as rendas da súa vida, aínda que esta non está exenta de decepcións, pois “descubriu un mundo vulgar, inxusto e duro que a decepcionou fondamente e que a deixou practicamente soa. Fóra de todos os grupos que se formaran na clase” (p. 62).

Un feito traumático marca o inicio desta descuberta: a morte dunha das cadelas da casa, Land, envelenada por Ireneo Leal, pai de Vanessa. Unha morte que sementou o desacougo entre todos os membros da familia, á vez que puxo ao descuberto a vinganza e a inseguridade na casa, reflectida no cambio de actitude da rapaza:

E Rato Chus perdera aquela ledicia escintilante que facía abrollar faíscas entre as nubes máis tupidas. As sombras, o silencio e a anguria apalpábanse nos apousentos do pazo, onde tamén a servidume, e tamén Froi, parecían desnortados nun lugar que lles resultaba alleo e entre persoas que actuaban coma se fosen outras ou coma se non se coñecesen (p. 93).

Este ambiente agrávase con outra perda moi importante para Rato Chus, como é a morte de Manuel Xesús Froilán, o tío que sempre actuou coma un pai. Iníciase así unha situación de vertixe e profundos cambios na vida da rapaza, acentuada pola ansiedade que crea nela a chegada á idade de catorce anos, momento no que terá que recibir unha carta depositada na notaría que contén importantes revelacións sobre a súa orixe e que, sen dúbida, condicionará o seu futuro.

Pola contra, Vanessa padece os vaivéns vitais derivados da violencia e abandono vividos no fogar familiar durante boa parte da súa infancia, o que desemboca nuns terribles pesadelos nocturnos. Aínda así, é unha estudante aplicada e moi calada, non fala da familia nin da casa; a súa roupa reflicte descoido e o material escolar está sempre gastado. O drama que padece ten a súa orixe nuns pais que

non lle falaban, nin a escoitaban, nin lle preguntaban como lle ía nas clases. Vanessa estaba triste, cada día máis triste, e sentíase tan allea a aquela casa e a aqueles dous seres escuros e irritados que en máis dunha ocasión asinou ela mesma o boletín das notas, na seguridade de que a ninguén lle importaba nin o seu traballo nin o seu éxito nos estudos (p. 67).

A adolescente sente a inxustiza da vida, o abandono e a desprotección, ansiando un fogar no que o agarimo e a comprensión dean un novo sentido á súa existencia. Pero a situación non mellora, senón que nos primeiros anos de instituto a degradación da relación entre seus pais desemboca nunha violencia extrema e nas agresións á nai diante da filla (“premeu co xeonllo na barriga dela e fíxoa caer ao chan, onde se retorcí de dor e choraba. Comezaron despois as patadas, que ela recibía encolléndose, e as aldraxes máis crueis e groseiras, desde putón e rameira ata pés fedentos e concha podre”, p. 71).

Vítimas, nai e filla, dun home irracional, foxen para a casa dos avós maternos e tentan comezar unha nova vida, aínda que os pesadelos e o terror nos seus ollos reflectían todo o padecemento e abandono sufridos. Vanessa e súa nai representan a crúa realidade de moitas mulleres que acaban refuxiándose cos seus fillos en casas de acollida, que atopan a forza e autoestima necesarias para retomar as súas vidas e loitar por un futuro mellor que finalmente chega:

Vanessa vivía tranquila e segura despois de que comprobou que aquel sol do que falaran a noite da última malleira lucía de verdade. Pipé animábase no traballo, que algúns días a deixaba esfolada, coa ilusión de ver a filla cada día máis alta, cada día máis bonita e cada día máis feliz nos estudos e na casa [...] Iso era vida e elas vivíana coa ledicia propia de quen estrea o que nunca tivo, sorprendéndose decote de que aquela paz non fose un soño, senón unha realidade que se podía gozar en cada momento (p. 89).

Toda esta paz e harmonía vivida durante uns anos coa nai muda no momento que se namora de Roi, un compañeiro que ten problemas coa heroína. Malia as advertencias de amigos como Santi, que lle fala dos problemas de adicción que padece o rapaz, Vanessa antepón o seu amor a todo e cambia de actitude, distánciase da nai e, finalmente, acaba nunha chabola do poboado xitano a noite que un incendio, provocado polo seu propio pai, o calcina todo. Cúmprese así o vaticinio da Avoa Negra, a xitana que lle leu a man e que lle anunciou que “A primeira boa estrela pasou por esta vida sen ser aproveitada” (p. 127) porque cando se é nova non se pode prever “Cantas cousas se poden derramar nun instante de insensatez” (p. 129).

Cunha experiencia de vida marcada pola orixe fidalga dunha e humilde da outra, entre Rato Chus e Vanessa existen fíos invisibles que as unen, un deles é a súa condición de seres diferentes que as fai permanecer alleas ao resto de compañeiras e compañeiros. Outro é un entresoño de Rato Chus no que viu a Vanessa mergullada en auga limpa e abalada pola brisa, o que lle fai preguntarse que tipo de vida é a desta rapaza, en que se parece á súa e en que se diferencia, ademais de espertar nela o desacougo por algo malo que semella transmitir esa visión: “Podía ter Rato Chus algún poder, algunha forza secreta que puxese nas súas mans a vida de Vanessa ou polo menos, algún acontecemento dela?” (p. 100).

Estas preguntas sobre o azar, sobre o que non comprendemos do devir da vida, plana ao longo de toda a novela, producíndose puntos de encontro ocasionais e confrontacións que semellan manter unha relación de forzas diferentes no microcosmos escolar, convertido en crisol de relacións interesadas e cambiantes⁶, nun momento das vidas dos seus protagonistas que eran “tempos de moito falar, tempos de segredos e revelacións, tempos en que a vida se vía como unha guedella de seda branca, suave e agarimosa á vez para o tacto, desexable e case imposible de desenguedellar” (p. 62).

⁶ A propia autora confesou nunha entrevista que no instituto “hai unha mostra da humanidade, co bon e co menos bon” (Carballa, 2004: 29), pero que a “mocidade é a que tira do mundo, a que o fai cambiar e iso non se pode parar, sexa para ben ou para mal. O que me disgosta é a actitude de envexa dos grandes aos pequenos, pensando que teñen o que ti non tes. Pero non é así, cada época ten os seus sacrificios, os seus esforzos e as súas opcións.” (*ibidem*).

Unha confusión propia desta etapa vital, na que mozas e mozos manteñen, xeralmente entre eles mesmos, significativas conversas sobre aspectos como a morte, a agonía, os feitos heroicos, o que pode levar a subestimar riscos para a súa integridade física e mesmo a certo idealismo, aínda que normalmente quede restrinxido a intentos experimentais e verbais para adquirir perspectiva sobre certos temas e non unha afirmación madura e definitiva (Cortina, De la Herrán e Nolla, 2009: 73). É significativo neste sentido a reflexión sobre a configuración da identidade na adolescencia e a influencia que exerce a imaxe que os iguais proxectan sobre o suxeito, determinando as relacións. Concretamente no caso de Vanessa:

Cada un é quen é e, se cadra, nin el mesmo o sabe. E tamén cada un é quen ven nel os demais, e así, en Vanessa Leal Pérez, había varias Vanessas, segundo quen a mirase. Para Lupe convertérase na amiga ideal, asisada e leda, da que xa non había que ter pena. Para a cuadrilla dos Estévez, Sara, Adrián, Daniel, Xurxo, Paulo e Guillermo, era a mellor das compañeiras, porque sempre estaba de boas, porque nunca copaba ás clases e porque copiar os deberes dela era, amais de seguro, divertido. Para Laura e Patricia deixara de ser un moble máis da aula e comezaba a converterse nun ser molesto. Para Roi era un soño imposible aquela nena tan guapa e tan intelixente, tan sensata e tan amiga da súa amiga Lupe. Para Rato Chus [...] Vanessa seguía a ser obxecto de preocupación (p. 100).

Múltiples perspectivas que son tamén a representación de vidas cheas de expectativas, moitas delas que nunca se cumprirán e outras que mudarán irremediabilmente. Porque “a vida toda dunha persoa pende dun fío delgado e invisible [...] ese fío, coma unha feble tea de araña, era levado polo vento da casualidade, prendía aquí e acolá e rompía cando a súa fragilidade xa non aguantaba máis” (p. 101). E este fío sufriu o primeiro golpe o día que Lolo, un rapaz de dez anos que traballa de camelo para o pai e leva a droga ao instituto, sementou a preocupación e o desconcerto no centro. Ese mesmo día Vanessa namorouse de Roi.

Vontade de estilo

Un dos aspectos máis destacables da novela é a vontade de estilo que demostra a autora e a súa habelencia na construción do discurso. Un aspecto moi a ter en conta nunha obra de fronteiras (Roig Rechou, 2008: 19/113)

ou *crossover fiction* (Beckett, 2009) coma esta, dado que amais das chiscadelas cara á cultura xuvenil e as imaxes que a representan, o lectorado agardado resulta fundamental na xénese e construción de sentido da narrativa. Non sen razón é imprescindible o coidado e calidade literaria nas obras que se len na infancia e xuventude, pois é nelas nas que asentan as referencias sobre as que descansa a construción do lector literario (Moreno Verdullas, 2006: 16).

Este obxectivo está conseguido na novela de María Victoria Moreno, na que desenvolve unha prosa requintada e preciosista que realza a beleza, a harmonía e a sensibilidade que predomina no ambiente palaciano, en especial no referido á relación entre os señores e tamén á sintonía coa natureza e o contorno. Reflicte así unha ollada garimosa e tenra cara ao que se describe:

Foron aqueles uns días entrañables e apracibles. O outono chegaba mainamente, o aire era dourado e tépedo, a terra amosábase agradecida en froitas e fragancias deliciosas, as últimas rosas deixaban paso ás primeiras camelias e as marusías de San Miguel levantaban nos farallóns fantásticas figuras de escuma branca (p. 24).

Pola contra, a verosimilitude provoca que este estilo mude nos capítulos nos que se recrea a historia e vivencias da familia de Vanessa, dando paso a unha linguaxe máis espida, retranqueira e fría. É así como o narrador onisciente marca unha maior distancia co narrado e incide nunha perspectiva emocional que acentúa o rexeitamento cara a personaxes como Irene Leal, o pai de Vanessa, ao que retrata como “un famoso pintor de brocha gorda a quen alcumaban o Bacoriño”, cuxo aspecto era dun home “baixote e curto de pernas, ancho de pescozo e eslombado, face rosada, papo graxento, voz amullerada, mirar torvo, acenos violentos e palabra torpe” (p. 35). Un mal traballador ao que

por culpa da súa peculiar habelencia o traballo non lle sobraba, sempre estaba en condicións de atender esas pequenas chapuzas que poden considerarse urxentes. Deste modo nunca na vida pintou unha casa enteira e tampouco non tivo nunca un aprendiz, pero era coñecido en todas as casas da vila e ata podía permitirse o luxo de escoller a súa clientela: entre pobres e ricos, ricos; entre explotados e explotadores, explotadores; entre laicos e cregos, cregos; entre civís e militares, militares... Desprezaba os xitanos, os negros e os homosexuais: os primeiros por porcos; os segundos,

por feos; e os terceiros, por maricóns. Non era home completo o tal Ireneo Leal, mais si arrogante, chulo e bocapodre (pp. 35-36).

Descarnado retrato, moi semellante ao que se ofrece da súa muller, Pilar Pérez, “Pipé”, “unha moza morena e repoluda, que tiña a cabeza pequena e os pés grandes, os peitos altos e o cu baixo, os ollos bonitos e os dentes podres” (p. 38). Esta visión aceda e dura dos proxenitores de Vanessa tingué todos os aspectos da súa existencia, mesmo o concepto que teñen do amor verdadeiro, que fica lonxe do sensual e romántico dos señores do pazo, pois segundo o Bacoriño, “o amor verdadeiro entra polo mexadeiro, e a rapaza ben o vale, que non está nas pallas e daría por min canto ten, que un día me confesou que o seu maior desexo era facerse tan pequena coma o meu mango para durmir na miña bragueta” (p. 38). Confesións que dan a medida do personaxe, “orgullosa de ser como era e de ter sempre a razón, polo que espallaba a todos os ventos historias que mellor estaban gardadas na intimidade” (p. 39), á vez que propicia unha actitude de rexeitamento no lectorado cara a este tipo de individuos.

Amais desta minuciosidade e detallismo no retrato dos personaxes salienta o recurso á contraposición amparada en parámetros como: o rexeitable fronte ao admirable. É un bo exemplo de contraposición co retrato de Ireneo Leal o de Xosé Miguel Froilán, pai de Rato Chus. Del salientase o seu espírito aventureiro, as arriscadas vivencias de axuda ao próximo por todo o mundo e a súa sensibilidade e exquisita formación cultural, na que non faltan as referencias a lecturas como as obras de Antonio Machado, Manuel Antonio, Petrarca, Paul Valéry, Otero Pedrayo ou Garcilaso e a sublimación de personaxes míticas femininas do imaxinario literario, como Inés de Castro, Guiomar, Isabel Freyre... Deste modo vanse acentuando os trazos dun aventureiro romántico e sensible, “posuidor da palabra e de todas as cousas que as palabras evocan, e de todos os lugares onde as palabras chegan e de todos os tempos nos que as palabras xorden” (p. 25).

Referencias simbólicas e literarias que axudan ao lectorado a coñecer ou lembrar outras voces da literatura universal e/ou que lle achegan coñecementos da cultura na que está inmerso (Roig et alii, 2007: 74). É de especial interese neste sentido o xogo que María Victoria Moreno fai coa escritora Fina Casalderrey, á que converte nunha personaxe máis da novela, amiga da familia do pazo e coa que comparte receitas de cociña, amais de

gabar o seu coñecido bo facer coas empanadas. Este xogo de referencialidade que desenvolve a autora, á que a unía unha fonda amizade⁷, contribúe a crear esquemas narrativos abertos e suxestivos que, ao se mesturaren con outros discursos, somerxen o lectorado en novos mundos de significado.

Conclusiones

María Victoria Moreno ofrece en *Guedellas de seda e liño*, ao igual que unha década antes fixera en *Anagnórise*, unha rica novela sobre a descuberta da identidade. “Palabras feitas arte” (López, 2000) para coñecer a Rato Chus e Vanessa, dúas rapazas que, ao modo de caras opostas dunha mesma moeda, buscan o seu lugar no mundo, comprender quen son e que futuro lles depara a vida. Visibilízanse así as mulleres, como en boa parte da produción desta autora, ao situalas no centro da trama.

Guedellas de seda e liño é unha novela na que abundan as reflexións sobre a vida filtradas por unha ollada madura que, a modo de guía, ofrece ricas perspectivas sobre a existencia dos diferentes membros de ambas as familias protagonistas e sobre a sociedade na que viven. Deste xeito, é a través da ficcionalización de conflitos que se lle outorga á literatura un papel fundamental na interpretación que os máis novos fan do que viven e experimentan (Hunt, 2005: 13). En palabras de Fina Casalderrey (2006), “as túas palabras son semente”. Talvez consciente disto, a autora desenvolve atinadas reflexións sobre a vida e a existencia, entre elas as que advirten da necesidade de ser pacientes e vivir cada momento segundo as circunstancias que nos rodean, ter afán de superación pero dende a consciencia de que o futuro que nos agarda é imprevisible, moito menos nunha etapa de especial confusión e complexidade interior como é a adolescencia:

Mais nada nesta vida sae de acordo co que agardamos e, cando o futuro chega a ser presente, é un tempo nunca imaxinado e sempre cheo de sorpresas. Por iso non é ben aflixirse hoxe proxectando medos cara ao mañá nin ilusionarse de máis con acontecementos que aínda están no aire. Pasa o tempo e descubrimos que non

⁷ Tal como queda de manifesto na carta que Casalderrey lle escribe para a homenaxe “As galegas nas letras” que o colectivo A Segá. Plataforma da crítica galega lle tributou á autora en 2006. E que se pode ler en <http://www.asega-critica.net/2015/08/homenaxe-maria-victoria-moreno-por-fina.html>

había razóns para temer nin tampouco as había para aledarse tanto. O que se teme, ás veces, realízase coma un regalo da vida e o que se arela pode despois descubrirse coma un treito costento no camiño. Son así as cousas e non lles hai que facer; foron así sempre e seguirán sendo así (p. 62).

Pasaxes que demostran o intelixente sentido crítico de María Victoria Moreno, a súa gran capacidade de introspección e o fondo coñecemento da convulsa adolescencia que observaba nos seus alumnos e alumnas. Mozas e mozos aos que se dirixe cunha axeitada dose de lirismo e coa rica análise da intimidade das personaxes, buscando a disolución de fronteiras para permitir a autora e lectorado (adulto e xuvenil) reavaliar a evolución da sociedade e o sentido da existencia que deveu dela. E faino con valentía, ao abordar temáticas pouco frecuentadas, como a violencia machista, a soidade, a discriminación, a inxustiza, enmarcados nunha novela na que os valores e as relacións humanas en xeral se transforman en temas transversais a un proceso iniciático de abandono da inocencia.

Bibliografía

- Agrelo Costas, Eulalia (2012): “El compromiso de maestros y maestras en la constitución del sistema literario infantil y juvenil gallego” en R. Ramos e A. Fernández Mosquera (coords.), *Literatura Infantil y Juvenil y Diversidad Cultural/Literatura para a Infância e Juventude e Diversidade Cultural*. Vigo/Braga: ANILIJ/ELOS/Centro de Investigação em Estudos da Criança (Instituto de Educação-Universidade do Minho), pp. 15-38.
- Beckett, Sandra (2009): *Crossover Fiction: Global and Historical Perspective*. New York and London: Routledge.
- Blanco, Carmen (1991): *Literatura galega de muller*. Vigo: Xerais.
- Carballa, Xan (2004/2005): “María Victoria Moreno. Estamos ben programados, gozamos da vida, pero ao final aceptamos a morte”, *A Nosa Terra*, 1.157, 30 decembro 2004-5 xaneiro 2005, p. 29.
- Casalderrey, Fina (2006): “Homenaxe a María Victoria Moreno”, *A Seg. Plataforma da crítica galega*, “As galegas nas letras”. Dispoñible en: <http://www.asega-critica.net/2015/08/homenaxe-maria-victoria-moreno-por-fina.html>

- Cortina, Mar, Agustín de la Herrán e Anna Nolla (2009): “Propuestas para anticiparse al duelo”, *Cuadernos de Pedagogía*, 388, pp. 68-77.
- Ferreira Boo, Carmen (2010): “O regreso do barco-escola Arroás”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, 20, pp. 38-41.
- Hunt, Peter (2005): “War in Children’s Literature-Why?” en V. Ruzicka Kenfel, C. Vázquez García e L. Lorenzo García (eds.), *Mundos en conflicto: Representación de ideologías, enfrentamientos sociales y guerras en la Literatura infantil y juvenil*. Vigo: Universidade de Vigo, pp. 13-27.
- López, Ana (2000): “Todo cabe na literatura coa condición de que estea ben tratado”, *Diario de Pontevedra*, 22 marzo, p. 11.
- Mociño, Isabel (2017): “O traballo das mulleres na LIX: o rural e o mar en tres obras pioneiras”, *Boletín Galego de Literatura*, 50, 1º semestre, pp. 35-67. Disponible en: <http://www.usc.es/revistas/index.php/bgl/article/view/3901>
- Moreno, María Victoria (1973): *Mar adiante (Historias de nenos pra nenos)*, ilustr. Araceli Liste. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- ____ (1988): *Anagnórise*. Vigo: Galaxia.
- ____ (1992): “M.V.M., una profesora feliz de serlo”, *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 41, pp. 48-50.
- ____ (1999): *Guedellas de seda e liño*. Vigo: Galaxia.
- Moreno Verdullas, Antonio (2006): “Personajes y temáticas en la Literatura Juvenil” en M. Moreno Castillo (coord.), *Personajes y temáticas en la Literatura Juvenil*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, pp. 9-28.
- Roig Rechou, Blanca-Ana (coord. e dir.) (1995-2016): *Informes de literatura*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia. Disponible en: <http://www.cirp.es/rec2/informes/>
- ____ (1996): *A literatura galega infantil: Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico/Universidade de Santiago de Compostela.
- ____ (2005): “Literatura infantil e xuvenil en Galicia: dos inicios á consolidación”, en G. Lluch e B.-A. Roig Rechou (coords.), *Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico*, *Boletín Galego de Literatura*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 32, pp. 141-167.

- ____ (2008): *La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*. Madrid/Santiago de Compostela: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/Xunta de Galicia.
- ____ (2015): *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*. Vigo: Xerais.
- ____, María Jesús Agra Pardiñas, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez e Teresa Sixto Rey (2007): “Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega (1960-1985)” en José António Gomes e Blanca-Ana Roig Rechou (coords.), *Grandes autores para pequenos lectores*. Porto: Deriva Editores, pp. 53-94.
- ____ e Marta Neira Rodríguez (2010): “El papel de la mujer en la literatura infantil y juvenil gallega hasta el año 2006” en Celia Vázquez (ed.), *Diálogos intertextuales 3: en busca de la voz femenina. Temas de género en la literatura infantil y juvenil de la Península Ibérica y Latinoamérica*. Frankfurt: Peter Lang, pp. 329-348.
- Silva, Maria Madalena Carlos Teixeira da (2012): “Uma escrita de transição. Contributos para uma reflexão sobre literatura juvenil” en Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.) *A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)*. Vigo: Xerais/LIJMI, pp. 13-36.
- Soto López, Isabel (1999): “Á beleza polo lirismo e a tenrura. Achegamento á obra de María Victoria Moreno”, *Fadamorgana*, 3, pp. 17-20.
- ____ (2000): “Dos extremeños en la literatura gallega: M^a Victoria Moreno y Xosé Antonio Perozo” en Eloy Martos Núñez, José María Corrales Vázquez, Arturo González e Sara Moreno Valcárcel (eds.) *Actas del II Congreso de Literatura Infantil y Juvenil. Historia crítica de Literatura Infantil e Ilustración Ibéricas*. Mérida: Editora Regional de Extremadura, pp. 257-261.
- Soto Meijomende, A. (2007): “María Victoria Moreno. A reivindicación da Literatura Infantil e Xuvenil” en *Álbum de Mulleres*. Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega. Disponible en: <http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=60>.



As personaxes femininas de *O amor e as palabras*

MARTA NEIRA
(UVigo/FCE/USC)

Introdución

A finais de 2017 saíu a lume, a cargo da editorial compostelá Urco Editora, *O amor e as palabras*, un volume que acolle un texto inédito de María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, 1939-Pontevedra, 2005) (Casalderrey e Aleixandre, 2017) e seis relatos publicados con anterioridade en libros colectivos por diferentes institucións.

Os mediadores e o lectorado do século XXI poden recuperar grazas a esta publicación, que se inicia cun limiar de Xavier Senín, amigo de María Victoria e bo coñecedor da súa produción, os textos de difícil acceso “Querida avoa”, “S.O.S”, “O libro das saudades e os degoiros”, “Pan con chocolate”, “O encontro” e “O grumete”, así como ler o relato inédito, que lle dá título ao volume, “O amor e as palabras”.

Neste traballo deterémonos nas personaxes que estes relatos presentan, pois María Victoria Moreno foi unha pioneira na introdución de protagonistas femininas na Literatura Infantil e Xuvenil galega e na súa caracterización con trazos anovadores.

As personaxes femininas de *O amor e as palabras*

O primeiro relato que acolle *O amor e as palabras* titúlase “Querida avoa” e publicouse por vez primeira no ano 1991 nun volume titulado *Lerías*, editado pola Xunta de Galicia, con ilustracións de Manuel Janeiro. Ao ano seguinte, en 1992, a autora recuperouno para responder á solicitude do proxecto “Os contos do Castromil”, unha iniciativa que axudou a visualizar a literatura en galego entre diferente tipo de público.

En “Querida avoa”, unha narradora en primeira persoa, Sabela, relata a viaxe a Vilariño á casa da súa avoa paterna, María do Casal, na busca de refuxio. Sabela é unha moza de catorce anos, menor de idade e que viaxa soa, feito que lle chama a atención ao condutor do autobús que a transporta, Adrián Senín¹, quen a advirte da presenza, neses comezos de xuño, da Garda Civil

¹ Este personaxe toma o nome dun dos fillos de Xavier Senín, autor do limiar da obra e, como xa se adiantou, bo amigo de María Victoria. É un dos nenos aos que, de seguro, tantas historias lle contou María Victoria.

nas estradas por mor da busca de dous delinquentes fuxidos e quen, en certo senso, lle ofrece tranquilidade á rapaza, pois coñece perfectamente aos seus.

Na viaxe, Sabela lembra diferentes momentos da súa infancia e identifícase no presente como unha moza perdida, case sen recursos económicos, medorenta e mesmo coma unha ladra, pois Sabela representa unha moza cleptómana. Este trastorno patolóxico vénlle derivado da necesidade de afecto que ten a raíz nas desavinzas dos pais e no seu posterior divorcio, da falta da figura paterna e da frialdade e incompreensión da nai.

O reencontro coa avoa, con quen Sabela pasaba as vacacións de verán, e coa casa patrucial de aldea na que dende o presente lembra as cousas que alí aprendeu, supón un fío de esperanza para a protagonista, sentimento apoiado, máis se cabe, coa noticia de que seu pai chegará en breve para reunirse con elas.

Pola súa parte, a avoa María represéntase como unha anciá viúva, da aldea, baixa e miúda, agarimosa, comprensiva, leda, traballadora e tranquila, en claro contraste coa descrición preconcebida da neta, a partir da imaxe que ten da nai (“a avoa era coma ela, só que máis vella, máis rosmona e máis cutre”, p. 28), e coa descrición realizada da nai da protagonista, da que se descoñece o nome, que renega da aldea, pois “na aldea todo era noxento” (p. 34) e “Non ten sentido veranear sen ambiente e sen comodidades, arredados da civilización” (p. 34), e que é a imaxe das mulleres divorciadas, que se maquillan e combinan as xoias coa roupa, e que se queixa de que “a vida era moi dura para ela porque casara cun home que non serve para nada e aínda por riba a filla, que é cuspidiña ao pai, saíulle ladroa” (p. 39).

“S.O.S” é o título do segundo relato recompilado en *O amor e as palabras*. Nel novamente unha voz narradora feminina en primeira persoa, Vanessa Bouzas, dá conta da necesidade de auxilio que precisa, xa explícita no propio título do relato.

A protagonista introduce o lectorado no mundo das drogas a partir da experiencia propia e da de Xiao. A estudante de COU, que se consome en preguntas porque “estou dentro e fóra ao mesmo tempo” (pp. 48-49) dese mundo, lembra o primeiro contacto coas anfetis e como este lle mudou a vida. Dá conta de como, desexosa dun bo resultado académico nun exame de Arte, comprou unha anfetis e a tomou sen dicirlle nada á nai, e como

axiña experimentou unha alegría desbordada que deu paso á inquietude, ao desconcerto, á fraqueza, á fragilidade, á teimosía e ao abandono.

Breves secuencias en letra cursiva sitúan a acción nun presente, “neste mal soño de pranto e medo” (p. 58) afastado daquel “vivir maino e ledó” (p. 58) do pasado, no que se lle presentan ao lectorado os escenarios do mercado das drogas e no que Xiao se identifica cun drogadicto enganchado ao cabalo que, igual que calquera outro e por causa desta substancia rouba, engana os amigos, “derrámase a saúde... Por carecer diso pérdese a razón, cométense crimes, remátase no cárcere...” (p. 48).

Nesta narración, incluída por vez primeira en 1992 no volume *Contos de hogano* e que no título tamén evoca a soidade á que leva a drogadicción dos protagonistas, destaca tamén a presenza da nai de Vanessa, da que se descoñece o nome, mais da que se sabe que considera unha sorte o feito de poder estudar (“A verdade é que tedes moita sorte os que podedes estudar”, p. 55) e que é unha muller traballadora, que se ergue cedo para traballar para dona Elisa e coidar os vellos do asilo e que loita por sacar adiante a familia monoparental que ela e a súa filla integran. Unha muller sen coche que a leve e a traia, o que, quizais, lle permitiría maior liberdade.

Outra personaxe feminina apenas mencionada pero destacable polo que representa é Laura, a moza traficante que lle vende a droga á protagonista.

O terceiro relato incluído nesta edición de Urco Editora é “O libro das saudades e os degoiros”, texto publicado en *V Tren Caixa Galicia-Ruta Rosalía* (1993) e que constitúe unha clara homenaxe á figura do bibliotecario.

Novamente unha voz en primeira persoa, neste caso masculina, é a encargada de relatar a historia, na que se poderían establecer tres partes. Na primeira delas é a voz do adolescente de catorce anos Roi Salgado quen dá conta dos seus sentimentos e vivencias na biblioteca á que acode mentres le *O gran Meaulnes*, de Alain Fournier, lectura recomendada polo bibliotecario de cincuenta anos que a rexenta. Na segunda, a voz en primeira persoa correspóndese coa do bibliotecario Duarte Nogueira, alcumado Zaratrustra, un home amante do seu traballo que lembra quen foi e, malia a distancia que o separa do adolescente, se ve reflectido nel. Finalmente, o diálogo entre os protagonistas, encamiñado por un narrador en terceira persoa, afonda na importancia do libro como medio de comunicación entre

un vello e un mozo, un adulto e un rapaz cos seus correspondentes tempos (pasado e presente) e mesmo con experiencias amorosas semellantes, aínda que vistas dende a morriña no caso de Duarte Nogueiras e do degoxo no caso de Roi.

Neste relato as personaxes femininas non son protagonistas, atopándose como secundaria a da profesora Rosa, a mestra de Latín que de mozo tivo o bibliotecario, aquela que explicaba “a cada un a orixe e o significado dos nosos nomes e sabíaos todos” e, cando non era así, coma no caso do protagonista, documentábase para informar o seu alumnado. Un exemplo de mestra afastada do modelo tradicional e na liña do defendido pola escritora galega de adopción na súa práctica profesional. Tamén, aínda que simplemente nomeada, Tamara de Senín, “nena lanzal, de cabelo longo e louro” (p. 76), que Roi Salgado identifica coa personaxe do libro que le, Yvonne de Galais, e que constitúe un novo aceno da autora á familia Senín, con quen mantivo unha grande amizade.

En 1993 saíu a lume nun volume ilustrado por Miguelanxo Prado, *Relatos para un tempo novo*, “Pan e chocolate”, a cuarta das narracións incluídas en *O amor e as palabras*. Neste relato, incluído catro anos despois en *E dixo o corvo...* (1997), a autora recorre á carta e, novamente, a unha voz narradora feminina en primeira persoa, para dar conta das preocupacións dunha rapaza de catorce anos, Eva, despois do temporal que asolou o arrabalde xitano no que vive o seu inseparable amigo Manuel, o xitano Adonay, un mozote cuxa cor de pel escura contrasta coa brancura da narradora, feito que lles valeu o alcume de Pan e chocolate.

Na narración Eva reproduce con sensibilidade e madurez o cariño que sente polo seu compañeiro xitano ao tempo que deixa ver no seu discurso o escaso lugar existente na sociedade para quen é diferente. A moza lembra as protestas xurdidas por parte dalgunhas nais, a custodia da Garda Civil e os agravios verbais cos que foron recibidos na escola uns anos antes os nenos e nenas xitanos, así como a súa posición ante ese feito, encamiñada por seu pai e ben diferente á doutras persoas.

Empregando algunhas palabras do caló, lingua xitana, Eva preséntase ante o lectorado como unha adolescente comprensiva, sincera, forte e con empatía cara a quen a rodea e non ten a mesma cultura, costumes e lingua.

A seguir, *O amor e as palabras* recupera dous relatos publicados xa no século XXI: “O encontro”, que saíu a lume en 2003 formando parte de *Un libro, a maior aventura. Campaña de Fomento da Lectura entre os Maiores*, e “O grumete”, ilustrado por Federico Fernández e incluído en *Contos de charlatáns, grumetes, botas e fendas* (2004). O primeiro deles ten como temática a arela do amor, neste caso da protagonista, Rosa Ríos, unha escritora xa madura, “solitaria e idealista, a muller *snoob* e sempre displicente ante a inferioridade masculina” (p. 99) que sucumbe aos engados do cubano Andrés Suárez.



O amor e as palabras, de María Victoria Moreno

O lectorado, por medio do diálogo das personaxes femininas (a protagonista e a súa filla) e por medio dun narrador en terceira persoa, descobre como, tras coñecer o sedutor e casar con el na Habana, a protagonista se ten que enfrontar, nese mes de outubro e despois dunha longa espera, a un amargo final, xa por ela temido e presentido.

Rosa Ríos, que se amosara “Cohibida, apoucada, insegura, perplexa” no primeiro encontro en Cuba cos familiares de Andrés, representa as mulleres maduras desprezadas ao ser rexeitada no aeroporto polo home que amaba e ao que agardaba.

A esta personaxe protagonista súmase a da filla, o “único amor durante tantos anos de soidade” (p. 103) de Rosa, unha rapaza que “Compartía a quietude da nai e asemade aquela ilusión por sentirse nos brazos do home que de hoxe en diante ía ser o seu pai” (pp. 103-104). Con todo, é unha moza valente que lle ofrece tranquilidade e sosego á nai cando esta o necesita e que mesmo é quen a arreda dese arrepiante home: “—Mamá -dixo a rapaza-, esa ollada é maligna. Imos para casa” (p. 108).

Amais destas personaxes aparecen na narración outras figuras secundarias, tales como unha notaría, unha “muller, aínda nova, de aspecto moi austero e modos moi amábeis” (p. 101) e a sogra de Rosa, “moi doce e moi xeitosa, falagueira e espelida” (p. 100).

Pola súa parte, “O grumete” introduce o lectorado nun mundo fantástico alleo, ata o momento, nos relatos xa comentados. Dende a perspectiva omnisciente do narrador clásico, con algún chamamento ao lectorado na busca da súa participación (“pódoche indicar o camiño máis curto e tamén o máis seguro”, p. 113), nárrase o que lle aconteceu a Pimpa das Gaivotas, nome co que é coñecido Olimpia Casal na súa contorna, cando tiña catorce ou quince anos. Así, o lectorado coñece como esta “rapaza labrega, feiticeira e habelenciosa, amante das flores, das bolboretas, da música do vento no arboredo e das fantásticas historias que contaban as nubes” (pp. 115-116) ve transformado o seu soño en realidade ao cobrar vida a foto do grumete, “pouco máis grande ca ela, de fermosos ollos claros e sorriso de neno” (p. 117), do que namorou, unha vítima do naufraxio que ela albiscou nas nubes.

No presente da protagonista Pimpa Casal vive co home e mais cun can novo e manso e é coñecida como Pimpa das Gaivotas, pois a insólita

experiencia vivida no pasado supuxo a desaparición dos pais, convertidos neste animal.

Finalmente, en “O amor e as palabras”, localizado temporalmente “O día 25 de febreiro do primeiro ano do noso século” (p. 125), un narrador en terceira persoa e a voz dos personaxes (unha Ama e os seus sobriños Iola, Lara, Adrián, Sara, Paulo, Rubén e Daniel) dan conta da importancia de escoller a palabra axeitada para expresarse.

Ama descríbese como “excéntrica e extravagante, ten ideas peregrinas e interpreta a vida dun xeito moi estraño” (p. 125). Así, érguese todos os días ás seis da mañá para escribir cartas coa intención de meter en cada epístola “unha raiola de esperanza que había sentarlle ben á persoa que a recibiría” (p. 125). O feito de observar a Eu e Ti, dous seres peludiños e con rabo que se poderían identificar con dous cans (animais, como é sabido, polo que tiña querenza a autora), e os seus xogos amorosos, así como os comentarios dos sobriños, levan a Ama a falar do coito e a aclararlle á rapazada as maneiras de chamar polas cousas. Así:

—Mirade, para estas cousas do sexo, para cada unha, adoita haber tres palabras... [...] Destas tres palabras unha é groseira e amosa sempre unha falta de respecto. Outra é a común e dá un ton familiar ás conversas. E logo está a cultura, que é a que atopamos nos libros (p. 131).

—As cousas cambian -dixo a Ama- segundo as palabras que empreguemos. Se dicimos «foder» pensamos sen respecto nun instinto. Se dicimos «fornicar» veñen á nosa mente ideas moralizantes. Se dicimos «copular» expresámonos como os libros cando falan da fecundación dos óvulos. Se dicimos «facer o amor»... (p. 134).

Ama amósaselle ao lectorado como unha muller observadora á que lle gusta explicar os feitos e as palabras aos máis novos, ao xeito dunha mestra vocacional como foi María Victoria Moreno. Pola súa parte, as rapazas represéntanse como mulleres con curiosidade e que lles gusta saber e entender. Así, Iola é unha nena que se fixa no que a rodea e que manifesta o seu parecer, así opina que a Eu lle doe moito o coito porque ela e Ti son tan pequenos que “non saben facelo ben”. Amósaselle ao lectorado como unha rapaza lectora, que se está formando:

A nena, aínda que era a que máis libros lera e a que máis sabía das palabras que gardan os libros, quedou moi cortada. Porque unha cousa era que se lle escapase un pensamento en voz alta e outra moi diferente ter que explicar para todos algo que era unha bolboreta branca nos seus miolos. Algo que se vía, que revoaba e que non se podía coller (pp. 133-134).

Sara é unha rapariga curiosa que atopa en “Ama algo así como unha fonte de auga limpa que saciaba a súa sede de saber” (p. 130), mentres que Lara repara na musicalidade das palabras e se cuestiona se as mellores palabras son as dos libros.

Conclusións

Segundo aclara Xavier Senín no limiar de *O amor e as palabras*, a iniciativa de Urco Editora de recompilar en dous volumes a obra espallada de María Victoria é anterior ao feito de que se falase de dedicarlle a esta escritora estremeña o Día das Letras Galegas 2018. Polo feito de recoller de maneira conxunta unha produción de difícil acceso no século XXI e por lembrar unha autora pioneira pouco atendida pola crítica antes do recoñecemento institucional, *O amor e as palabras* é unha idea atinada e merecente de consideración, se ben é certo que se presenta nunha edición pouco coidada, na que o título, por exemplo, pode resultar un paratexto enganoso; na que se atopan erros lingüísticos; na que son múltiples os exemplos de máis de tres liñas nas que a palabra final se divide por guión; na que se suprimen espazos necesarios etc. Todos estes erros sería pertinente eliminarlos en novas edicións desta obra e é de agardar que estean ausentes desa segunda entrega, anunciada por Senín no limiar, que recollería outros textos espallados da autora.

O amor e as palabras reúne, seguindo como criterio a orde cronolóxica da primeira edición dos textos recompilados, catro textos narrativos publicados nos anos noventa do século XX, dous textos publicados no século XXI e un texto póstumo da autora, que acollen como temáticas os conflitos familiares; a cleptomanía como trastorno patolóxico; a drogadicción; o amor, na súa vertente máis madura e na máis inocente; a discriminación racial; o mundo do ensino; a soidade; o sexo...

Nestes sete relatos a modalización predominante é a narración en primeira persoa, que lle permite ao lectorado internarse na maneira de ver

e entender as cousas por parte de quen narra e que está presente, como xa se dixo, en “Querida avoa”, “S.O.S”, “O libro das saudades e os degoiros” e “Pan e chocolate”. Destes catro relatos “Querida avoa”, “S.O.S” e “Pan e chocolate” presentan voces femininas como narradoras, feito que amosa a aposta de María Victoria por dar expresión a aquelas que durante moitos anos foron silenciadas.

A excepción do relato titulado “O libro das saudades e os degoiros”, todos os recollidos en *O amor e as palabras* presentan mulleres como protagonistas. Así Sabela Bustelo, Vanessa Bouzas, Eva e Pimpa Casal, personaxes respectivamente de “Querida avoa”, “S.O.S”, “Pan con chocolate” e “O grumete,” son adolescentes das que, como sinalaron Soto e Senín (2018),

se coñecen os seus problemas e inquiredanzas, a angustia vital que as acomete nunha etapa difícil na que se producen cambios físicos e emocionais, a descuberta do amor, as interrogantes sobre un mesmo e sobre o contorno, que a autora gusta de situar nos catorce anos.

Trátase de mozas (con nome e, xeralmente, apelido), na súa maioría alleas ao rural (Pimpa Casal e, en parte, Sabela Bustelo son as excepcións), carentes en moitas ocasións de afecto e de alguén próximo con quen falar, que tentan escapar da realidade que as rodea e que as enfastía. Mozas, xeralmente reflexivas, que procuran respostas.

Rosa Ríos, a protagonista de “O encontro”, representa as mulleres de idade adulta, con estudos e profesión liberal (Rosa Ríos é escritora); as mulleres maduras; as nais que buscan o amor e que ven fracasadas as súas esperanzas. Pola súa parte, Ama, de “O amor e as palabras”, identifícase coa mestra, tipoloxía presente en obras que abordan temáticas como a Guerra Civil española (Neira Rodríguez, 2016).

En canto ás personaxes secundarias cobra especial atención María do Casal, a avoa de Sabela Bustelo, de “Querida avoa”, personaxe que representa as mulleres do rural galego, anciás, viúvas a unha idade temperá, que coa súa afouteza seguen adiante e coa experiencia e comprensión ofrecen protección aos máis novos. Tamén son de salientar as nais, mulleres das que non se coñece o nome; mulleres de cidade, como a nai de Sabela Bustelo, que renega de todo o relacionado co rural e atende con coidado o seu aspecto físico; a

nai de Vanessa Bouzas, personaxe que representa as mulleres traballadoras, pero sen estudos, que loitan no día a día por levar adiante unha familia, ou a nai de Eva, que está pendente dos coidados da filla cando está enferma, asumindo un rol tradicional.

En canto ás adolescentes, unha personaxe secundaria a nomear por presentar unha tipoloxía de mulleres pouco presente na LIX galega ata o momento é Laura, a vendedora de anfetis de “S.O.S”, mentres que as raparigas de “O amor e as palabras”, Iola, Lara e Sara, constitúen exemplos das novas xeracións de mulleres que cuestionan o que as rodea e non dubidan en opinar.

Estes textos narrativos de María Victoria Moreno, como sinalaron Soto e Senín (2018), caracterízanse, nalgúns casos “polo gusto en alterar a orde cronolóxica dos acontecementos mediante o emprego de analepses e prolepses para abordar o pasado dos personaxes e adiantar acontecementos que se sitúan nun momento posterior no discurso”. Así, acontece, por exemplo, en “Querida avoa”, “S.O.S” ou no relato no que autora retoma a modalidade discursiva da carta “Pan con Chocolate”, por nomear os exemplos máis evidentes.

Finalmente, destacar que nos relatos recollidos en *O amor e as palabras*, como noutra produción da autora, chama a atención o coidado e atención que se pon na escolla léxica, importancia da que se fala, como se sinalou, no texto inédito ata este momento que lle dá título ao volume, e da que a autora, para quen “a literatura é a palabra feita arte” (B.N, 2000), falou, por exemplo, en Neira Cruz (1999: 15).

Bibliografía

- B.N. (2000): “Guedellas de seda e liño non é unha novela politicamente correcta”, *Diario de Pontevedra*, 28 de xaneiro.
- Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2017): “A verdadeira data de nacemento de María Victoria Moreno”, *Grial*, 215, xullo-agosto-setembro, pp. 12-13.
- Moreno Márquez, María Victoria (1991): “Querida avoa” en VV. AA., *Lerías*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (1992): *Querida avoa*. Vigo: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.

- _____ (1992): “S.O.S.” en *Contos de hogano*. Santiago de Compostela: Editorial Compostela. Edicións El Correo Gallego.
- _____ (1993): “O libro das saudades e os degoiros” en *V Tren Caixa Galicia-Ruta Rosalía*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia/Renfe.
- _____ (1993): “Pan e chocolate” en VV. AA., *Relatos para un tempo novo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- _____ (1997): “Pan e chocolate” en VV. AA., *E dixo o corvo...* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Hospital Xeral de Galicia.
- _____ (2003): “O encontro” en VV. AA., *Un libro, a maior aventura. Campaña de Fomento da Lectura entre os Maiores*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- _____ (2004): “O grumete” en VV. AA., *Contos de charlatáns, grumetes, botas e fendas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- _____ (2017). *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora.
- Neira Cruz, Xosé Antonio (1999): “María Victoria Moreno: Estou a escribir contrarreloxo”, *Fadamorgana*, 3, decembro, pp. 12-16.
- Neira Rodríguez, Marta (2016): *Narrativa infantil e xuvenil en galego. Mulleres e Guerra Civil (1936-1939)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Roig Rechou, Blanca-Ana (2015): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega*. Vigo: Xerais.
- _____ (1995-2016): *Informes de Literatura*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Soto, Isabel (1999): “Á beleza polo lirismo e a tenrura. Achegamento á obra de María Victoria Moreno”, *Fadamorgana*, 3, pp. 17-20.
- _____ (2000): “Dos extremeños en la literatura gallega: M^a Victoria Moreno y Xosé Antonio Perozo” en Eloy Martos Núñez, José M^a Corrales Vázquez, Arturo González e Sara Moreno Valcárcel (eds.), *Actas del II Congreso de Literatura Infantil y Juvenil. Historia crítica de Literatura Infantil e Ilustración Ibéricas*. Mérida: Editora Regional de Extremadura.
- Soto, Isabel e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*. Vigo: Xerais.



María Victoria Moreno amor ao (de) país

DAVID OTERO
(Escritor/Mestre)

1. A xeito de introdución

Os éxitos darannos forzas e os fracasos
estimularán as confianza nas nosas
posibilidades (alguén dixo isto).

Era unha muller de presenza. Estaba e sabía estar. Nada conformista e si de moi ser de argumentos. A súa conversa era chea de contido, consistente, pero asemade lixeira, fresca, áxil. Moi humanista. A formas de respecto. Trataba de comprender e compartir. Aqueles seus ollos saltóns, ao dicir noso, expresivos e sempre acompañados dunha xestualidade de dinámico equilibrio, pitos por medio sempre, falaban, transmitían e comunicaban. Como se diría, ela controlaba. E dela así dixo Alejandra Soto, a autora da bio-bibliografía de M^a Victoria no Álbum de Mulleres do CDG: “sentía moita comprensión polas persoas máis desfavorecidas da sociedade”. Foi unha muller brava da nosa historia, seguindo a Eli Ríos na súa biografía da colección de mulleres de Urco Editora. María Victoria deulle voz ás mulleres, persoas femininas, dende o agarimo, a solidariedade, a sororidade. Nela mesma, e sobre a muller total, a súa letra foi desfrutable e así os seus textos éranos para o ben común e destas profundos e lúdicos. Xoguetóns. Con abundosa descarga positiva. Ela afirmaba que as novas xeracións xa nacían revolucionadas e así gozaba ver como as mozas trataban de conquistar os seus propios espazos. Decía que eran toda esencia vitalista. Seres moi vivos. Fundamentalmente no tocante á muller en especial, pero a todo en xeral, María Victoria aseguraba que a sociedade non podía mirarse ao espello sen sentir vergoña de si mesma. Non bastaba con interpretar o que pasaba senón que había que cambialo e así botou a súa axuda e achegou os seus argumentos, a súa obra, a súa sensibilidade e a súa exemplaridade. Dende si como muller e dende a súa obra literaria, dende a súa vocación de ensinante, tratou sempre de abrir camiños de recoñecer o ser muller. Pola igualdade. Nunca tratou de estigmatizar as cousas, nin as persoas, pois entendía que iso reflectía un grao superlativo de imbecilidade. Non tiña secretas intencións. Foi transparente. Amiga e compañeira. O seu discurso engraxaba os pensamentos. Durmía

pouco e soñaba moito, así nolo conta Fina Casalderrey. Facíao para aproveitar a luz do día e vivir. Eu direi a maiores, e estouna vendo, que soñaba esperta. Abría os ollos e vía ben. Atinaba. E disfrutaba así da nosa cultura como ben común, fundamental, nada casual. Eramos nós.

María Victoria Moreno nace en Valencia de Alcántara, Cáceres, en 1939, ano chamado da vitoria polo réxime de Franco (non da paz, tristemente) e morre en Pontevedra, a súa boa vila, na que bebeu abondosamente sen pasar nunca de largo, en 2005. Hai biógrafos que lle poñen nacemento en 1941, pero eu fago caso do que di Xavier Senín, pois tivo unha intensísima relación con ela e ha sabelo ben. Fíome del totalmente. E así tívena (e téñoa) por ben anos de amiga. Boa parte deles indo con ela e levándoa de compañeira de viaxes de Pontevedra a Vigo, algunhas outras viaxes máis por Galicia adiante e por terras de Castela, especialmente alá por Salamanca. Por iso mesmo nesa amizade aberta un pode sentirse ben ao ver e participar nos recoñecementos merecidos a María Victoria e así polo mesmo entre eles o da Real Academia Galega que lle dará honra co Día das Letras Galegas do ano 2018 logo de que en 2017 o fixo con Carlos Casares, si, sendo este un bo conselleiro noso cando tiñamos relación máis directa e frecuente e codirixíamos a colección Árbore na Editorial Galaxia. Moitas foron as xornadas de traballo na rúa Reconquista de Vigo e tamén non poucos e saborosos os faladoiros posteriores ao gustar da cea, do café e daquela tamén todo acompañado dos moitos pitos (en Casares eran habanos) que substanciaban ás palabras formatadas en conversas. Conversas abofé moi proveitosas e así desa forma as palabras estaban cheas de contidos para proxectos deseñados e con traxectos debuxados. Tratabamos de intuír o mellor, de compartir os desexos e destas poder ver a árbore na semente. Había niso moita ilusión e, temos que dicilo, tamén non poucas responsabilidades. E que conste que non pretendemos facer uso de doada palabrería, da falsa fachenda, propia de fogos de artificio ou de lumes inventados dos que logo non quedan nin cinzas. Nada.

A Colección Árbore foi unha ilusionante obra común para facer literatura, lectoras e lectores e xa que logo mediar e promover lecturas. Un referente ilusionante. E nesa obra alí estábamos. Unha equipa onde se axuntaban a suma de moitas expectativas. Non houbo silencios, nin soidades. Ninguén se botou á bartola. Alí estábamos no proxecto facendo corpo e sustancia: María Victoria, Antonio Teijeiro, David Otero,

coordenados por Carlos Casares e como fío comunicativo e administrativo entre nós estaba tamén Pilar Sampil. Por veces asistía ás reunións o ilustrador e deseñador (maquetador) Manuel Janeiro. Home de moita xenerosidade e de moi boas ideas. Nas nosas discrepancias (as do equipo de Árbore) e nos nosos acordos sempre houbo moita limpeza. Ninguén pretendía cegar a ninguén e gustabamos dos pasos adiante. Das pequenas pero marabillosas concrecións. Organizabamos as direccións das nosas orientacións. A fraga florecía. Unha colección sorprendente de nomes, autoras e autores, que ían facendo (completando) un universo literario galego na animación á lectura dende o soporte do libro. Árbore emocionaba e divertía. E conquistaba.

2. María Victoria ensinante

O futuro da cultura e da lingua vai depender de vós,
diciálle ás mozas e aos mozos.
Seducía o alumnado coa palabra e co afecto.
Fina Casalderrey

E así na amiga e compañeira, na persoa de valer, en María Victoria, na súa totalidade que se integra no ela ser escritora, no seu talento florecido no papel, na súa obra, no seu crear dando forma aos seus pensamentos, contando sobre todo en prosa, amante da poesía e do ensaio e usando as palabras da nosa (dela) Lingua Galega, producindo textos para que as lectoras e os lectores se mesturasen neles con intensidades de valencia para se poderen orientar e así dar un algo máis de sentido ás súas existencia, ás súas experiencias, por iso mesmo, quero distinguir nas súas varias particularidades que coido son esenciais na conformación de María Victoria, en destacar de forma salientable e significativa o seu facer de ensinante. Direi mellor da súa vocación educadora. Foi profesora de literatura. A súa teima, dende a literatura, foi dende ela axudar intensamente a fomentar a lectura asemade interiorizar o coñecemento, mellor diremos o saber, da literatura galega. Saber Galicia para vivir na identidade. E así se manifestase de xeito salientable no ser galegas e no ser galegos. Sempre considerou, díno-lo Xavier Senín, amigo íntimo de María Victoria, que a lectura era fundamental para a formación da rapazada. E así fixo todo o posible para que de xeito vivo e activo, comprensivo, as mozas e os mozos gozasen da literatura. Que aprendesen a amala. Desta maneira integradora asumían o NÓS a maior comprensión. Nesa liña, a tempos de hoxe, así se expresa Goretti Sanmartín no semanario *Sermos Galiza*:

as potencialidades creadoras reforzan a autoestima colectiva dun país con lingua e cultura propias. Precisamos a cultura tódolos días, alimentándonos dela, como identidade, como memoria, como patrimonio, como innovación, como transformación social, como análise crítica da realidade, como descuberta creadora, como xeito de estar no mundo e nos proxectar tamén no exterior.

Xa que logo diremos unha vez máis, e seguindo a Xesús Alonso Montero, que

María Victoria foi profesora de literatura, oficio que para ela foi unha apaixonada elección. Na nosa terra, en Galicia, na súa incidencia tanto no ensino como na vida de relación de cada día, María Victoria fixo poetas e fixose poeta. Discípula conmovida do país, ao pouco tempo vai ser mestra de xentes do país, pero mestra da materia máis sutil que un país pode forzar: a Fala.

Desta maneira tamén foi que no curso 1971-1972 María Victoria impartiu cursos de Lingua Galega na Sociedade Amigos da Cultura de Pontevedra. Velaí, do seu labor total e entregado, como Xesús Alonso Montero define a María Victoria: “Os que coñecen, dentro e fóra de Pontevedra, o saber e as actitudes de María Victoria, decántanse doadamente de que esta muller —allea e nosa— non só está vencellada á gramática do noso falar senón tamén á súa dramática. María Victoria, para dicilo dun xeito breve, non xoga á filoloxía”.

A Ama, un personaxe do conto “O amor e as Palabras” de María Victoria, tamén sintetiza moi ben o que a nosa autora tiña por intención para a nosa Lingua: “Así —respondeu a Ama— queda demostrado que cada palabra pode cambiar o seu significado segundo quen a diga, cando a diga...”. Tamén direi, coa intención de completalo, que: falar é máis que dicir palabras. Ao ir e concordo coa palabras de Xavier Senín diremos que: “María Victoria exerceu de profesora de ensino medio durante toda a súa vida, sendo esta actividade pola que quería ser recoñecida”.

Pero no sustento e esencia de educadora, debemos situar a destaque que María Victoria sentiu a educación en si, globalmente, como medio fundamental de camiñar con dignidade á dignidade. Desta maneira tiña claro que a educación debía ser axuda, abrazo e luz, e orientar para que nos for posible pensar por nós mesmos e así sentía que o equilibrio de nós debería irse

facendo, construíndo, con conciencia e chegar a ser realidade de contento. E iso fundamentalmente transitando polo diálogo e non polo silencio. María Victoria gustaba do alumnado crítico e así lóxicamente ela érao tamén. Afirmaba que a educación era fundamental para o desenvolvemento integral do seu (noso) alumnado. Que a educación non só consistía na transmisión de coñecementos (eses aos que lle din “válidos para traballar”), senón que tamén terían que ser necesarios e útiles para unha vida en sociedade, pois sobre todo tiñamos que ser persoas (boas persoas), si, persoas cultas, sensíbles, creativas, solidarias e non soamente boa “man de obra” ou “bos traballadores”. Intuíu, e así quixo velo e por iso traballaba vocacionalmente, como pola educación a cidadanía debería desenvolver e empregar a fondo as capacidades de intervir na mellora da sociedade, na de ordenar as súas vidas, na de desfrutar das artes en xeral e diso, especialmente no seu intencional, o desfrute da lingua, da literatura e da lectura. Apostou plenamente convencida, con coherencia, polo ensino público e pola escola pública. Entendía que estas deberían ter as intencións firmes e explícitas: as de promover, dar, as mesmas posibilidades de desenvolvemento persoal e intelectual a todas e a todos (igualdade de oportunidades dise, non é?). Doíalle (e sospeitábao de antemán), intuíuno moi ben e logo palpouno *in situ*, como se ían pasando ás mans privadas moitas responsabilidades que correspondían ás institucións públicas por mandato constitucional. Xa notaba a división e a segregación social a partir dos recursos económicos das familias (como se estigmatizaban ás persoas, ao alumnado, aos centros) e así como se consolidaban e como aumentaban as desigualdades, dando (triste) realidade a unha sociedade dividida e segregada. Notaba como xa se favorecía, e así foi gradualmente ata o de hoxe, como se fomentaba, a educación como un ben individual e que o seu valor considerábase (érao) basicamente económico (suxeito ás leis do mercado). Toda a educación ao servizo da economía. Toda ela na intención de “adaptala” ás necesidades das empresas e xa que logo falando de mercado esta debería ser (tiña que ser) “rendible” (e sen dúbida claro está, xestionada privadamente con criterios empresariais).

E velaí que niso, xa téndoo en conta e notando xa os primeiros pasos do desmantelamento da educación como servizo público e asemade dende o primeiro notando tamén a privatización gradual de todos os demais servizos públicos, María Victoria, xa indo no seu facer educativo, de chegada a Lugo (1963), primeiro ano de celebración das Letras Galegas dedicadas a Rosalía

de Castro, e logo en Vilalonga e Pontevedra, digo xa en Galicia, integrándose no proxecto total da educación pública galega e tal como persoa para levar adiante os proxectos máis fermosos (como así ela mesma dixo en *Anagnórise*), no conxugar amor e responsabilidade para con Galicia, a Cultura e a Lingua, colleu e fíxose de aquí. Plenamente. Galega. Non houbo volta atrás no seu traxecto coherente.

A diglosia, o auto-odio, a consideración de pobreza, mesmo marxinalidade, mesmo desprezo, para co noso idioma, o seu tratamento de inferioridade e as actitudes negativas, mesmamente crueis e de nula consideración a quen somos, a ningunha valoración social, marcaron nela unha actitude e conduta persoal, educativa de identidade, xa que logo de absoluta proposta profesional a prol da nosa lingua e da nosa cultura. Así tal como ensinante galega con entrega e responsabilidade pola normalización deste pobo. Foi en Lugo onde comprendeu o significado de considerar lingua superior e lingua, dialecto, pequeno e de pouca monta. Na aldea identificaban o galego co pobre, non pola riqueza da lingua, senón por como estaba considerado socialmente, dinos Fina Casalderrey.

Notaba sen equívocos quen falaba español aceptaba que a súa lingua, o español, era parte da súa identidade, pero non vía con bos ollos que as galegas e os galegos o fixeran coa súa lingua galega. Negábanlle á nosa Lingua o poder de cohesión social que si vían na deles. Mal entendían ou non querían facelo, e a ela estrañáballe, pois amábaas, que todas as linguas son maravillosas. Polo visto para non poucos algunhas linguas, neste caso a nosa, non o son. Vaítes, vaítes. Para María Victoria, aprender e usar unha Lingua, e neste caso a Galega, consistía unha verdadeira riqueza. Unha tarefa ilusionante xunto con vivencias de marabilla. E destas e sen dúbidas, claramente, colleu opción e situouse a favor da causa normalizadora da nosa Lingua. Fíxoo como galega de amor, como educadora, como escritora. Tivo voz de seu. Foi querer e poder. E así de xeito meritorio María Victoria foi moito máis cá lingua que falou. Fina Casalderrey comenta que “María Victoria foi unha estremeña que quixo, por vontade propia e por unha historia de amor con Galicia, á cultura galega e ao galego, facerse de aquí. Foi chegar en 1963, e poñerse a favor xa da causa”.

A comprensión da nosa situación (e a vivencia) lingüística, a integración súa a traballar pola nosa normalización, foino dende a súa chegada a Lugo. Ela púxose á obra e dende aquela non parou. Así seguiu nela con firmeza e decidida,

tanto no instituto de Vilalonga como logo no instituto Valle-Inclán e no IES Gonzalo Torrente Ballester en Pontevedra. Non hai dúbida que María Victoria sentía na palabra e nos afectos a lingua galega. Celebraba ás escritoras e aos escritores. Facía aulas cheas de contidos educativos. Tamén notaba a pouca atención que se lle ofrecía ao ensino público. Dende este seu sentir explicábalos observando as nosas institucións educativas como procedían e lexislaban (e lexislan). En pensamentos acedos sentía o brado dos privatizadores. Brado que resoaba ao dicir “acabemos coa ensinanza pública” e así a consigna “avancemos a toda máquina”. Velaí o seu pensar e o seu sentir. O seu padecer.

Canto lle gustaría sentir ás “Máis boas cás patacas”, a Lúa, Valeria, Ruth, Ana, Sara, Carme, Cristina e Candela, Velas e escoitalas en acción. Estudantes de Secundaria do IES de Cacheiras de Teo, como así a moitas máis mozas e mozos. Mesmo os seus afectos aflorarían un algo máis (postos nunha bágoa?) cando escoitara a Carme: “Fixemos a canción sobre o machismo, sobre as súas violencias e sobre como queríamos vernos nós. Forte, libre, resistente, independente e muller”. Como así cantan.

3. Co feito ilusionante da nosa literatura infantil e xuvenil galega (contribución de María Victoria)

A muller é o sostén máis forte de calquera sociedade.
Necesito días de corenta e oito horas para dicir o que
sinto, escribir todo o que teño.
Stella Callón

Dende os primeiros anos dos oitenta do século pasado, antes e arredor da Lei de normalización lingüística (felizmente daquela sen o decreto de arestora), había unha considerable actividade editorial en Galicia. Unha eclosión significativa. Moitas editoriais do estado buscaban espazo na publicación en galego. Das propias, Edicións Xerais tiña xa definidas as súas coleccións e os seus Premios. A Editorial Galaxia estaba clarexando o seu espazo por así dicilo definitivo na literatura Infantil e Xuvenil en Galicia. Polo de agora alimentábase na maioría de traducións e coedicións. Unha destas e de importancia foi coa editorial SM e nestas así nace o Premio O Barco de Vapor (en galego, 1984) que a primeira convocatoria gañouna Paco Martín coa obra *Das cousas de Ramón Lamote*. O premio entregouse no Museo do Pobo Galego. Nesta colección do Barco de Vapor (de SM/Galaxia) foron publicando nela varias autoras e autores.

Cando en Galaxia decidimos deseñar unha colección infantil e xuvenil propia, optamos desde o principio polo traballo en equipo. O primeiro paso consistiu en seleccionar as persoas que se ían encargar da nova colección, as cales, ademais de seren expertas en literatura infantil e xuvenil, debían reunir as condicións que se requiren para un traballo en común (os nomes de María Victoria, Antonio G. Teijeiro e David Otero encaixaron). O paso seguinte foi xuntar ós encargados da futura colección co deseñador gráfico, nesta ocasión Manuel Janeiro, e con persoal dos distintos departamentos da editorial, incluído o comercial.

Así nolo conta Carlos Casares no boletín da editorial Galaxia. El matinaaba en crear unha colección galega na editorial Galaxia e entre outras características, pensaba en que banzos de idade se debería clasificar. Tiña claro que a etapa infantil xa tiña solidez editorial e reflexionaba noutras. Deste xeito convocounos a varias reunións para tratar este tema. Nunha delas, en Vigo, démoslle forza á necesidade de levar adiante e promover publicacións no banzo xuvenil. Tamén insistimos nas primeiras lectoras e nos primeiros lectores, aínda que xa había a colección Tartaruga. Argumentámolo que era moi necesario. Ata se pensou na posibilidade de crear un premio literario dende a editorial Galaxia. Isto último non foi adiante.

A primeiros de 1988 déuselle o si á colección da editorial Galaxia, xa soa, sen SM, e chamárase Árbore. Establecéronse de primeiro tres banzos. Un de primeiros lectores a partir dos oito ou nove anos, outro a partir dos doce anos e un terceiro a partir de quince anos. Nesa indicación facíase moi visible e de xeito intencional que tamén os libros o eran para adultos en xeral. Diferenciábanse por tres cores. A verde clara, a azul e a cor salmón (aínda que se lle diga rosa). Posteriormente engadiuse un banzo máis (color marrón) “para lerlles” e tamén un apartado na colección especificamente de cor azul escuro para biografías. Como xa se dixo os responsables ao coidado da colección eran: María Victoria Moreno, Antonio García Teijeiro e David Otero. O deseñador da maqueta e da cuberta foi Manuel Janeiro. As ilustracións fórono de distintas autorías. En case todos os casos a ilustración propoñíaa a autora ou o autor. A colección Árbore presentouse neste mesmo 1988, no día das Letras Galegas, no Teatro García Barbón en Vigo coas intervencións na mesa presidencial de Carlos Casares e Ramón Piñeiro. E así ao fío disto no Boletín de cada mes da Editorial Galaxia, se expresaba Antonio García Teijeiro:

Cando nos sentamos ó redor dunha mesa para botar a andar unha nova colección de literatura infantil-xuvenil, tiñamos moi claras algunhas cousas. Por exemplo, queríamos que a colección fose enteiramente galega; que o libro, como obxecto, resultase fermoso e atraínte, e, por suposto, que fose de calidade literaria elemento básico e imprescindible nos títulos a publicar.

Os tres primeiros títulos fórono: *O gato metido no saco* de Alberto Avendaño, *Lembranza nova de vellos mesteres* de Paco Martín e *Anagnórise* de María Victoria Moreno. Carlos Casares, no Boletín devandito, explicaba, referido aos responsables, entre eles María Victoria Moreno:

a filosofía que inspira o seu traballo ó fronte desta colección baséase fundamentalmente no rigor e na esixencia, conscientes de que unha literatura para nenos escrita en lingua galega non pode rebaixar por razóns históricas ou conxunturais os niveis estéticos que lle corresponden a calquera obra literaria.

E así foi indo a Colección Árbore ata 1997 cando se lle deu paso a unha nova coordinación e nolos tres, os da primeira época, deixamos de nos responsabilizar desta colección. Así nolo comunicaron Carlos Casares e Damián Villalaín. Dende aquela, por así dicilo, o banzo salmón de Árbore deu paso a unha nova colección que se chamou Costa Oeste e da cal o primeiro libro, o número un, foi *Anagnórise* de María Victoria Moreno. Seguíronlle co número dous e co tres: *Horario de clase* de Christine Nöstlinger e *Gárgola* de Carlos Vila Sexto. Árbore seguiu ata o presente e xa con outros formatos.

A colección Árbore, como dixemos, xunto coas outras coleccións existentes en Galicia por aqueles anos e hoxe mesmo, deu moitas alegrías, posibilitou moitas referencias e abriu moitas expectativas na hoxe consolidada, case normalizada, literatura infanto-xuvenil galega. Velaí para quen queira están as probas. Miren e aténdanlle aos recoñecementos. Non é discurso de oportunismo absurdo que non vén ao caso. Tamén direi que ao igual que noutras coleccións, moitos dos títulos de Árbore tiveron unha enorme atención das lectoras e dos lectores e xa que logo deles fixéronse non poucas edicións. Velaí como se ían dando pasos adiante. Todo o que se vai facendo grande (e a nosa literatura infantil e xuvenil éo) concrétese na suma de pequenas cousas, pero auténticas.

Neste caso que nos trae, a figura de María Victoria, permítaseme un tempo lector para que me centre máis explicitamente en cinco referencias. Catro relacionadas directamente con obras de María Victoria e outra, a quinta, de forma non tanto. Nestes aspectos destacarei pois cinco obras da súa autoría: *Leonardo e os fontaneiros*, *Anagnórise*, *La boira* e *Mar adiante* xunto co conto “O cataventos”. E o quinto aspecto refírese ao libro *Mecanoscrito da segunda orixe*, de Manuel de Pedrolo.

Do primeiro dicir que *Leonardo e os fontaneiros* foi para min de primeiras unha marabillosa descuberta como lector e de segundo penso que foi unha oportunidade extraordinaria levalo a publicación. Foi no ano 1986 na editorial SM na colección O Barco de Vapor e en 1988 editouse en español na colección El Barco de Vapor. Tamén no ano 1990 publicouse na colección Árbore e agora no 2017 de novo en Árbore. Teño que dicir, e seino de por min mesmo, que foi un libro que estivo moi directamente relacionado coa editorial SM, coa colección O Barco de Vapor. Logo uns anos despois María Victoria foi moi xenerosa coa colección Árbore e puxo moito interese en que o libro estivese publicado nesta colección.

Foi un libro moi demandado polas lectoras e polos lectores. Tamén polos adultos. Pois o que sempre pasa coas boas obras literarias de calidade coma esta é que non teñen idades de lectura. Agustín Fernández Paz díxoo en repetidas ocasións (e con el moitas escritoras e escritores) que “a Literatura Infantil e Xuvenil vén sendo aquela que tamén poden ler as nenas e os nenos”.

Tocante a esta última edición en Árbore, no semanario *Sermos Galiza*, o crítico literario Mario Regueira fálanos de *Leonardo e os fontaneiros*:

un dos libros clásicos da autora e un dos primeiros en procurarlle recoñecementos. Reeditado dentro da colección Árbore de Galaxia que ela mesma chegara a dirixir en vida, supón un dos mellores froitos para preparar as Letras de 2018[...]. *Leonardo e os fontaneiros* aguanta ben os máis de trinta anos que ten ás costas [...]. Un libro para reencontrarse coa obra de María Victoria Moreno.

O segundo libro é *Anagnórise* que abriu porta na colección Árbore co número tres na editorial Galaxia en 1988 e en 1997 na Colección Costa Oeste. Trátase dunha fermosa obra de amor, de expectativa e de busca. Esta

novela constitúe un dos referentes cualificados da nosa literatura Xuvenil. Pois a tarefa de comunicar coa mocidade non é moi doada e como dicía María Victoria, a esta non lle vale calquera cousa con follas. A mocidade ten o seu gusto lector e así len con sumo gusto. Esta novela foi merecente de entrar na Lista de Honra do IBBY internacional.

O terceiro libro ao que me refiro é *La Boira* de María Victoria traducido ao catalán en 1985 por Francesc Boada e con ilustracións de Carme Peris na editorial La Galera. O seu título orixinal en galego era *A brétema*. Foi un libro moi importante que tivo unha acollida extraordinaria en Cataluña. Velaí como a nosa literatura galega seguía intervindo, presenciando, nas demais linguas e culturas do estado. Outro paso máis na calidade literaria das nosas creadoras e dos nosos creadores.

A respecto do cuarto aspecto, en principio referireime ao libro *Mar adiante* ilustrado por Araceli Liste e editado pola Editorial O Castro en 1973. A autora dos fermosos e conmovedores relatos, seguindo a X. Alonso Montero, escribiunos nun galego tan engaiolante como xusto. Foi unha publicación, un libro, que achegou materia ao ir medrando da nosa literatura infantil galega. E xunto con este libro de *Mar adiante*, seguindo a María Victoria no seu facer literario, no ano 1975 ela acada o primeiro premio en Contos para nenos do VIII concurso de contos infantís O Facho. A narración gañadora titúlase “O Cataventos”. Este conto xunto con outros catro máis reuníronse nun libro editado en 1979 pola editorial Galaxia. É de honra manifestar con recoñecemento máximo a labor da A.C. O Facho na literatura galega para nenas e para nenos. Foi, e é, moi de estimar. Os do Facho exemplarmente moito traballaron e traballan con ánimos e ilusións para contribuír con obra e destas enriquecer a nosa literatura infantil. E fano con contribucións novas e de calidade.

Vou referirme ao quinto libro que quero destacar e considerar de maneira importante. O libro en si, *Mecanoscrito da segunda orixe*, e a María Victoria a súa tradutora do catalán á lingua galega. A respecto do libro en si direi que o celebramos moito na colección Árbore, pois da súa lectura sacamos en conclusión de que se trataba dun libro orixinal de marabillosa temática e escrito dende a intencionalidade limpa do seu autor Manuel de Pedrolo para facer lectoras e lectores. Para facer lectura. Non nos soaba a libro intencionalmente directo, pensado, para o ensino como único destino.

Diciamos que estábamos diante dun libro para ler dende a diversidade das lectoras e dos lectores. Para calquera. Para todas e para todos. Recordo que Agustín Fernández Paz, grande escritor, persoa e lector, cando lle comentamos o da publicación do libro en Árbore, díxonos e con alegría que atinaramos moi ben e que as edicións non habían ser poucas. Tivo toda a razón. No deste libro e a respecto de María Victoria, temos que salientar a súa ben traída tradución do catalán directamente á nosa lingua. A tradución tan rigorosa como de baseamento literario tiveron a súa importancia.

4. Máis sobre a nosa literatura infantil e xuvenil (María Victoria achegando)

Ata onde te atopes, pedireille ao vento,
que che diga ao oído, que nunca... nunca te olvidaremos.
Sara Curruchi

Neste andar polos anos oitenta a nosa literatura infantil e xuvenil xa tiña a súa vida activa e valor de seu. As editoriais non estaban quietas e poñían atención e interese tanto nas súas propias creacións, como así tamén nas traducións. Reflexionábase sobre este tipo de literatura e mesmo se contrastaban formas e maneiras de entendela. Tamén se fixo máis activamente e con maior frecuencia a comunicación e os contactos coas editoriais do estado e así comezábase a que as nosas autoras e os nosos autores fosen traducidos ás distintas linguas. Créanse espazos para agrupamentos, asociacións, sendo estas ben de traducións, ben de librarías, ou como de ilustración e edición. Tamén se busca un espazo de encontro, de integración, para as autoras e os autores de literatura infantil e xuvenil e niso ir buscando na participación ás distintas disciplinas ou seccións que conformasen un todo en conexión, en unitariedade, ao redor do libro en Galicia. Comézase a dar pasos para iso. De primeiras para crear unha Asociación do Libro Infantil e Xuvenil éntrase en contacto con distintas persoas relacionadas co libro. Para non querer falar de moitas cousas á vez, pois córrese o risco de non falar de ningunha, permítaseme que entre elas dea a destaque, pois no caso deste traballo as penso oportunas, a tres persoas moi vinculadas co libro. Direi pois a María Victoria, ao ilustrador, deseñador e maquetador Francisco Mantecón e a Agustín Fernández Paz. Repito e que conste que dou a destaque a estas tres persoas pois na xestión da creación, primeiros pasos, da Asociación do Libro Infantil e Xuvenil (que logo se chamou GALIX)

tiveron inicialmente moito que ver. As persoas promotoras formalmente, dende a primeira xuntanza como xestora e digo así Xesús Franco, Xosé Lastra Muruais, Miguel Vázquez Freire, Carmen Hermida, Pilar Sampil, Xesús Breñilla, María Jesús Fernández e logo outras moitas máis, ben sabemos que foron fundamentais, de moita importancia, pero para o que lles quero contar, permítanme que me refira ás anteditas. E así digo María Victoria, Francisco Mantecón e Agustín Fernández Paz.

Dándolle voltas ao asunto da proposta da Asociación, digo GALIX, tivemos un primeiro contacto informativo, aproveitando que estaban por Galicia, penso que promocionando a revista *CLIJ*, Victoria Fernández (a súa directora) e Fabricio Caivano. Con eles para xantar no Restaurante “A Poda” en Compostela estabamos María Victoria, Mantecón e mais eu. Falamos de moitas cousas e tamén da posible formación e convocatoria para crear (aínda non tiña o nome) GALIX. María Victoria estaba entusiasmada co proxecto e outro tanto Mantecón. Xa no remate do xantar foi María Victoria e de xeito natural, sen moita palabrería, decidida e así como era ela, pagou a conta. Expliqueille que a cousa debería ser alomenos entre nolos tres e convidar aos cataláns, pero ela de xeito moi determinante contestou que iso era a súa primeira achega á cimentación da Asociación (GALIX). Mantecón, na discreción e comedido como era, non dixo nada. Seguimos de sobremesa moi animados. Pero Mantecón non tardou en presentarnos o logotipo de GALIX o que así loce ata hoxe. Tamén foi a súa contribución inicial a GALIX. Velaí dous xestos de pura xenerosidade e asemade de afecto e sentimento ao proxecto que estaba nacente (GALIX fundouse en 1989), que se aceleraba para ben, e que como se ve arestora goza dunha saúde marabillosa aglutinando aos mundos disciplinares e profesionais da nosa Literatura Infantil e Xuvenil. Un mundo de mundos. Esa diversidade en conexión.

E como non hai dous sen tres, foi na primeira celebración de GALIX do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, o dous de abril, que se organizou unha conferencia sobre a importancia do libro e da lectura. Realizouse en Compostela no edificio Atlas, onde estaba a Sociedade do Mercantil e agora a Fundación Eugenio Granell. Impartiuna Agustín Fernández Paz. Foi a súa achega desinteresada, xenerosa, a GALIX. A primeira. Logo serían moitas máis.

Do antedito e sen desmerecer absolutamente a ningún dos dous entusiastas de GALIX, Mantecón e Agustín, quero salientar todos os tempos que xenerosamente empregou, dou, María Victoria. Dende os ánimos de continuo nas súas conversas telefónicas, os encontros e conversas tanto cando no proceso de xestación, no proxecto, como logo tamén xa no andar, de GALIX. Ela estivo sempre e fíxoo, repito, na discreción, pero eficazmente. Sempre estaba disposta. Con moita xenerosidade puxo á nosa disposición os seus contactos e referentes para que GALIX fose unha proposta viva e xeradora de conquistas. Conquistas que se van facendo e acadando. Ela debe figurar na importancia das mediadoras e dos mediadores de tal intención. Conquistando pois.

5. A xeito de conclusións

Ter unha personalidade exemplar.

Ser unha muller implicada.

Unha muller en loita constante polos valores que afirman a dignidade.

Todo iso na topografía do amor tamén o notabamos en María Victoria
(dixo, e dirao, alguén).

María Victoria non terá que agardar polo esquecemento. Iso non pasará. A súa explosión de vitalidade, a súa firmeza e coherencia, a súa obra, xerará constantemente ondaxes de afectos e de admiración que se consolidan na memoria permanente. Ela pasou boa parte da súa vida nadando contracorrente, pero non por sistema ou gusto. Non poñía á vista as súas feridas. Quería saír do círculo. A súa conciencia era coherente e consecuente e requiría para Galicia unha nova forma de ser, de estar, por medio da lingua e da cultura. O traballo niso marcaría os tempos que virían. Teríamos (e non estaba doado) que nos conquistar galegas e galegos. Habería que planificar intervindo, participando. Os espazos de concorrencia deberían (deben) ser abertos. María Victoria estimulou sempre a reflexión, o pensamento, como actitude resistencia, rebeldía, intensidade dos sentimentos. Tamén así as emocións. Asumiu (e para ben) o risco de “sermonear” e sen carecer da pretensión de caer nos didactismos. “E hai mozas e mozos que non te perden de vista”, dicía. Pola lectura dos seus libros promovía as viaxes. Sobre todo as viaxes mentais, pois para ela a lectura era, como así a definimos, un exercicio do pensamento. Na lectura da súa obra sempre se pensa no movemento, en ir a algún lugar. Os seus libros son soportes e os seus textos os vehículos. Cantas

vivencias para puntos de vista diferentes. Cantas conquistas e descubrimentos. Cantos estados de ánimo. Cantos contornos limpos. Cantas percepcións. Cantas formas de ver. As palabras teñen sentido. Non son ruídos de dicir, nin silencios de ler. Cantos relatos de conquistas.

Ti provocas soños dos que non queremos saír.
Nacen das palabras. E fannos coñecer o sabor a terra.
E sentimos as raíces. As túas mans fan trenzas con elas
(dixo, e dirao tamén, alguén).

A lembranza de María Victoria Moreno, como nos di o crítico literario Mario Regueira no semanario *Sermos Galiza*,

suporá unha brisa fresca a unha festa anquilosada demais en ritmos e persistencias masculinas. A súa figura, xa reivindicada durante estes anos por parte de asociacións feministas como A Segá, pode servir para conectar de novo con sectores sociais virados de costas aos ditados da Real Academia Galega. E porén, a cuarta muller en ser recoñecida en toda a historia do 17 de maio supón tamén unha novidade non menos importante que o seu xénero no día das Letras. Estamos ante a primeira figura que destaca por unha obra á que, sen negarlle a versatilidade e profundidade que sempre lle recoñecemos á literatura infantil e xuvenil, está maiormente orientada ao lectorado máis novo.

De todas as maneiras, e repetímolo, teñamos ollo coa consideración de literatura infantil e xuvenil. Esta de primeiras é literatura e punto. As lectoras e os lectores son quen teñen a palabra. No caso de María Victoria e tantos e tantas, a intencionalidade explícita non vai polos camiños das idades.

Estamos moi contentos, como xa dixemos, que agora neste 2018, por nomeala merecente do Día das Letras Galegas, se retome a obra de María Victoria. Escritora, tradutora e conferenciante, tamén libreira, foi unha das fundadoras, mediadoras e promotoras, da literatura infantil e xuvenil en lingua galega. María Victoria tñalle un aquel moi especial ao libro físico, obxecto e soporte. Xavier Senín e referido a ese gusto de María Victoria polos libros dinos:

gustáballe ter un libro nas mans por primeira vez, acariñalo, miralo por todos os lados dándolle voltas e, finalmente, abrílo para gozar dun bo momento de lectura, igual que lle desexaría a

calquera moza, a calquera mozo a quen o libro lle caese nas mans.
Ela daríase por ben pagada.

Nós dicímoslle que así, no amor polos libros e no recordo, nos deixe
ir con ela, Profe.

Pero o ceo está cargado de estrelas.
Que a veces chegan ao chan.
E se te achegas podes escoitar como a herba.
Fai cóxegas ás estrelas entre risas.
Ana Blandiana

E agora poñendo a vista nese cadro (retrato) que Fino Lorenzo (en Xerais) fixo de María Victoria a motivo das Letras Galegas deste ano de 2018, no difícil que é dicirlle adeus levándoa a sabor azucrado, si, a María Victoria, sen aceptar a fin por moi perfecta que sexa, sempre de cerca, poderemos dicir que a obra de María Victoria válenos para nos sentir membros da marabillosa banda activada e enerxética de lectoras e de lectores. Unha parte bonita dese universo galego de resistentes e de rebeldes. Triunfadoras e triunfadores. A súa obra axúdanos a poñer intensidade na luz que precisamos para termos sorrisos de ben, casa e abrigo nela, pois os pesadelos, nin as pasividades, non nola dan. Os nosos horizontes éñense abondosos de horizontes de azul e de fina terra de branca melodía. E neles o amor decide. Nin a Lúa, nin o Sol, están perdidos. E hai estrelas, estrelas e máis estrelas. Non perderemos a cabeza. Os días serán sempre avanzados. Abramos pois agora e sempre as nosas ventás e así tamén as nosas portas. Corramos as cortinas e poñamos flores de mel e menta. Subamos a música e dispoñámonos a desfrutar. Que corran as fantasías e aterren as ideas. Agardemos pola nosa amiga María Victoria. Cantas caras novas veñen á chamada. Cantas miradas. O noso mundo cárgase a tope. De repente. Vaia... pero se ela xa estaba dentro. Desfrutémola.

Dende a casa da Estrada, si,
aquí onde saborexamos tantos tempos horizontais cheos de palabras, ben
veces, nas visitas e nos afectos de María Victoria.
David Otero



Achega fraseolóxica á obra de María Victoria Moreno: *Leonardo e os fontaneiros*

VERÓNICA POUSADA PARDO
(UVigo/ICE/USC)

Dende a súa chegada a Galicia nos anos sesenta, María Victoria Moreno Márquez (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1939–Pontevedra, 2005) demostra un sólido compromiso con Galicia, a súa cultura e a súa lingua. Influenciada polo traballo como mestra e o contacto co alumnado, comeza a súa andaina no mundo da Literatura Infantil e Xuvenil con *Mar adiante* (Edicións do Castro, 1973), onde avoga pola renovación pedagóxica. Posteriormente publica diversas obras poéticas e narrativas para lectorado infantil e adolescente, nas que, entre outras temáticas, amosa os conflitos e medos da mocidade, reivindica un trato digno para os animais e critica a escola tradicional.

O presente artigo xira ao redor de *Leonardo e os fontaneiros* (Galaxia/SM, 1986), terceiro premio Barco de Vapor 1985, protagonizada por Antón e o can Leonardo. Como sinalan Fernández e Ferreira (2015: 198) esta obra introduce unha técnica innovadora “que emerxe nesta literatura aínda que xa coñecida dende a novela *Rayuela* (1963), de Julio Cortázar, e presente noutras literaturas e coleccións que comezaban a se traducir naquela altura”, unha estratexia narrativa na que o libro se concibe como un “crebacabezas”. *Leonardo e os fontaneiros* está elaborada e estruturada de xeito que o lector ten o poder de escoller diferentes itinerarios, podendo ler de xeito lineal ou con avances e retrocesos, seguindo as instrucións que aparecen na parte final de cada capítulo.

Como cada ano, a escolla do homenaxeado ou homenaxeada no Día das Letras Galegas supón unha aproximación á súa obra dende diversos ámbitos culturais, favorecendo contribucións lingüísticas, literarias, históricas etc. Dende o meu campo de estudo, a fraseoloxía no marco da Literatura Infantil e Xuvenil galega, considero esencial evidenciar a riqueza das unidades fraseolóxicas empregadas nas creacións literarias para os máis novos. Lamentablemente, en moitos casos, a literatura supón un dos primeiros acercamentos de nenas e nenos a expresións figuradas galegas, fundamentalmente nos núcleos familiares monolingües en castelán. Esta circunstancia fai que a riqueza cultural, histórica e lingüística que posúe a fraseoloxía dependa case exclusivamente dos mediadores e das obras literarias.

A continuación preséntanse algúns exemplos de unidades fraseolóxicas, un total de dezasete, atopadas na obra *Leonardo e os fontaneiros* dispostas por orde de aparición, atendendo a súa motivación e o seu significado. Ademais, inclúense breves fragmentos literarios para facilitar a comprensión da expresión no contexto de uso empregado pola autora¹.

Satisfeito coma un abade

Cando vexo un gato durmido, satisfeito coma un abade,
preguiceiro, mexo por el (p. 9).

Existen múltiples expresións que reflicten a idea da fartura das persoas con cargos relixiosos na fraseoloxía galega (*comer/beber coma un abade/crego, na casa do cura sempre hai fartura...*). Os abades eran as persoas con máis poder económico nas vilas e aldeas, polo que, mentres o pobo pasaba fame e sufría todo tipo de padecementos, eles vivían comodamente e nunca lles faltaba de nada, en moitas ocasións á conta dos veciños. Esta circunstancia fixo que na cultura popular galega se mantivese a imaxe de abades, curas e cregos como persoas aprobeitadas, que só pensaban en si mesmas, afeccionadas a comer e beber ata fartar.

Coma un raio

Nun dicir amén

Pero non puiden rematar porque espertou de súpeto e botóuseme
coma un raio, nun dicir amén (p. 10).

Estas dúas unidades úsanse para representar a idea de velocidade e rapidez. A primeira delas, refírese a un fenómeno atmosférico, concretamente a descarga eléctrica que se produce cando hai tormenta e que vai acompañada dun resplandor intenso e momentáneo. A segunda alude á palabra que se utiliza habitualmente para rematar as oracións relixiosas. Do mesmo xeito que *nun credo*, expresión que tamén representa a rapidez, *nun dicir amén* parte da base de que os rezos tenden a pronunciarse con rapidez e de cor.

¹ A edición usada para as citas é a de 2017, publicada por Galaxia na colección Árbore, con ilustracións de Manuel Uhía.

Estar no allo

Porque nós preferíamos menos confianza e menos luz en troques de poder estar no allo coma sempre, poñer talco no chan para ver patinar a Galiña, aproveitar as xiringas das gripes para mollarlle a calva a don Xeranio, espiar a rúa desde as fiestras e mesmo fuxir por elas cando xa non se aturase dentro (p. 21).

Esta expresión utilízase co significado de estar ao corrente de algo, de xeito que ‘allo’ pasa a ser un sinónimo de asunto. Existen dúas posibles motivacións para esta unidade. A primeira parte da premisa de que *estar no allo* se emprega, a miúdo, para falar dun tema turbio ou que achega perigo; así, estaría conectada co cheiro forte e o sabor amargo desta planta, especialmente cando está crúa. A segunda opción parte das características do allo, posto que o bulbo está dividido en varios dentes apegados. Deste modo, a expresión indicaría que a persoa pertence a esa estrutura e, polo tanto, forma parte do ‘asunto’.

Ler a cartilla

Tardaron pouco máis dunha semana en cacharnos: a Galiña chivouse, o director mandou unha carta aos pais, estes léronnos a cartilla, nós estivemos un mes castigados e aí rematou todo (p. 24).

A palabra ‘cartilla’ en galego fai referencia a tres realidades diferentes. Segundo o *Dicionario da Real Academia Galega* é o “libriño que contén as letras do alfabeto para aprender a ler” ou o “libriño ou caderno onde se fan anotacións persoais ou oficiais”. Pola súa banda, Eladio Rodríguez, no *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1958-1961)², presenta outra acepción: libriño onde está escrito o catecismo da doutrina cristiá. A expresión *ler a cartilla* emprégase para reprender ou advertir sobre un mal comportamento, que podería ter a súa base, segundo as definicións propostas, en tres ámbitos: escolar, militar³ ou relixioso. As tres opcións manteñen a

² Consultado a través do *Dicionario de Dicionarios da Lingua Galega* (2003), recompilación de dicionarios de lingua, nomenclaturas específicas, vocabularios etc.

³ Neste caso entenderíase a cartilla como un regulamento militar sobre o comportamento axeitado, obrigas e responsabilidades, como por exemplo levar correctamente o uniforme ou coidar o aseo persoal.

idea dun libro cunhas pautas determinadas que a persoa debe seguir, polo que non é sinxelo saber con certeza a orixe do seu significado.

Andar coa mosca na orella

Pero ao que iamos tamén quero moito a pequena, por máis que eu preferiría un irmán para que na casa houbese outra ledicia, xa que meu pai anda sempre coa mosca na orella (p. 34).

Esta unidade fraseolóxica úsase para denotar un sentimento de alarma ou sospeita imprecisa. A motivación desta expresión, pese ao que poida parecer nun primeiro momento, non ten a súa base nos insectos dípteros. Segundo Celdrán Gomariz (2009: 416) a mosca é “el trozo de mecha o llavecilla que los arcabuceros y escopeteros utilizaban para prender o dar fuego al arma y que, entre tiro y tiro, se colocaba detrás de la oreja”. Deste xeito, mentres o soldado realizaba esta operación, podía ser abatido polo inimigo, o que xustificaría o significado desta unidade, pois debía manterse alerta en todo momento.

Do mesmo xeito que acontece con outras realidades, a guerra tamén forma parte da vida, de xeito que, non resulta sorprendente que existan múltiples expresións que proceden deste campo especializado.

Mexar por un

Facernos isto aos teus compañeiros leais, permitir que esa croia mexe por nós desta maneira (p. 43).

Os residuos que o corpo humano expulsa, como a saliva e os ouriños, tómanse como base para a creación de unidades que representan o menosprezo. Cando estes líquidos se lanzan, metaforicamente, sobre unha persoa simboliza unha humillación e un sentimento de abafallo. Cómpre ter en conta a sentencia de Alfonso Rodríguez Castelao, “mexan por nós e hai que dicir que chove”, un dos ditos populares galegos máis internacionais hoxe en día.

Durmir coma unha bendita

O máis seguro é que a Fina durma todas as noites coma unha bendita, que xa de pequena non se inqueda ao ver que non chegaba a noite e que agora tampouco non se inqueda ao ver que non chega o día (p. 60).

Esta expresión resulta bastante transparente, ten a súa orixe na suposta facilidade das persoas boas, sen maldade nin remorsos, para prender no sono. Ademais, a persoa bendita é aquela que recibiu a bendición de Deus ou do ceo e que se caracteriza pola súa bondade.

Pegar a neura

Boa non era, xa o sabes, facíanos a puñeta sempre que podía, era inxusta e gustábanlle os pelotas, pero cando lle pegaba a neura podíasele perdoar todo, que daquela a clase parecía un circo (p. 83).

A palabra ‘neura’ é unha adaptación a nivel familiar da forma culta ‘neurasténico’, semanticamente apoiada polo costume de asociar algunhas desordes psicolóxicas con enfermidades dos nervios, como por exemplo a histeria (Porter 2003: 89). A neurastenia, segundo se indica no *Diccionario da Real Academia Galega*, é a “afección mental que se manifesta a través de fatiga, mal humor, falta de concentración, perda de memoria e outros síntomas”; así pois, a unidade *pegar a neura* relaciona un comportamento tolo ou irreflexivo cunha doenza nerviosa.

Deixar(se) a pel

Como ninguén quería a *Bécquer*, que correu ben, pero ao revés, nin a *Manganeso*, que non se moveu do sitio mirando o que facían as outras, pois todos saímos dispostos a deixar a pel na carreira para facernos con *Pondal* ou con *Subconxunto* (pp. 87-88).

Segundo Iñesta e Pamies (2002: 209) existe un grupo de imaxes relacionas co traballo e coa idea de esforzo que están baseadas nun movemento que se localiza no corpo humano, xeralmente dende dentro cara a fóra. Destacan que o corpo e as súas partes poden aparecer de xeito explícito (*suar sangue, botar os figados, deixarse a pel...*) para amosar o movemento propio desa actividade ou dese labor que require unha grande enerxía.

Ademais, tamén pode resultar de interese o feito de a palabra ‘pel’ se poida empregar para designar coloquialmente a vida dunha persoa. Deste xeito, tamén podería falarse da presenza da metonimia, onde unha parte do corpo (pel) substitúe a totalidade da persoa.

Man de santo

Man de santo, compañeiro, as palabras do Xabier (p. 88).

Ten relación coa crenza de que mediante o uso de reliquias relixiosas se podían acadar curas ou solucións milagreiras. Suazo (1999: 249) sinala que as mans dos santos eran unhas das reliquias máis empregadas como remedio para todo tipo de males e que esta expresión ten que ver co costume de cortar anacos do corpo da persoa considerada santa, que por veces supuña unha “carnicería cruel”.

Correr coma unha lebre

Non estivo mal, porque *Pondal* e *Subconxunto*, iso xa estaba cantado, tiñan que ser para Pedro e para Miguel, que son os máis altos de todos e corren coma lebres (p. 88).

Esta unidade implica un proceso de animalización, posto que toma como referencia unha característica propia dun animal, neste caso a rapidez, para atribuírla a unha persoa; xa que os animais conforman unha realidade próxima que axuda a definir o ser humano. A lebre goza dunha gran mobilidade e axilidade grazas ás súas grandes patas traseiras que actúan como propulsoras. Ademais, o seu corpo (sistema circulatorio, corazón...) está preparado para percorrer grandes distancias.

Montar un cirio

E fíxate ben nisto, con todo o que nós queríamos as nosas ratas, con toda a mágoa que nos deu ter que botalas á cornixa sendo aínda tan pequenas, xa lle perdoaremos o cirio que nos montara (p. 136).

Expresión de orixe e carácter relixioso que se posiblemente se basee no cirio Pascual, candeia grande e grosa moi ornamentada que tende a situarse nunha elegante columna ou candelabro adornado. Emprégase, principalmente, na Semana Santa, nos bautizos e nas exequias (Aldazábal 2002: 83-84). A orixe desta unidade resulta bastante escura, a única conexión pode estar no traballo ou complexidade que require a súa montaxe. Tomando como verdadeira esta hipótese, formaría parte dos casos nos que a relixión e a historia sagrada serven de punto de referencia de metáforas que representan ou simbolizan a idea de esforzo excesivo (Iñesta e Pamies 2002: 219).

Saber por onde van os tiros

Xa sabendo por onde ían os tiros, o Xabier púxose de pé e tentou dar a explicación que se pedía (p. 138).

A unidade fraseolóxica *saber por onde van os tiros* está conectada coa noción de comprender as intencións ou os propósitos, é dicir, entender o sentido dunha determinada situación. Esta expresión está relacionada coas armas, concretamente coa dirección dos disparos. Parte da imaxe de que a persoa coñece traxectoria das balas, propias ou inimigas.

Botar lume polos ollos

—Parecía unha bruxa —engadía a Chelo coas súas maxas avicidas— botaba lume polos ollos (p. 148).

Esta expresión, baseada na observación, parte do aumento de temperatura corporal da persoa que está enfadada. Iñesta e Pamies (2002: 131-132) recollen unha serie de unidades, entre as que tamén sitúan *botar lume polos ollos*, que conectan coas premisas “la ira es un calentamiento interior” e “la ira es una explosión o incendio”, dentro da metáfora do corpo como contedor.

O lume é un fenómeno que implica un grao de risco, debe manipularse con coidado e precaución; á súa vez, a persoa anoxada, que pode reaccionar dun modo irracional e ‘saltar’ en calquera momento, tamén require un tratamento semellante.

Facer unha montaña dun gran de millo

Eu, onda el, dáballe unha explicación á señora, deixábovos, agora si, sen festa e non permitía que se fixese unha montaña dun gran de millo (p. 156).

Son varias as expresións que se empregan en galego para amosar a idea de esaxeración ao darlle demasiada importancia a algo que en realidade non a ten, como *afogar nun vaso de auga* ou *facen unha montaña dun gran de millo*. Neste caso, o gran de millo representa un elemento pequeno e insignificante en comparación co tamaño da montaña.

Ter mala uva

Non sei ben por que, ao vela gardada alí dentro, me viña á cabeza a festa do ano pasado, cando veu á nosa clase aquel mangallón roxo e marxado a contarnos que a Galiña tiña tan mala uva porque Felipe II non parara mentes no seu namoro por el (pp. 185-186).

Sardelli (2007: 136) indica que *ter mala uva*, unidade que designa a persoa con mal xenio, ten a súa orixe na actitude violenta de quen bebe en exceso, xa que “el comportamiento del borracho serviría para ejemplificar la actitud de los que tienen mal carácter”. Ademais, sinala que se trata dunha metonimia, pois a palabra uva representaría o viño.

Conclusión

Despois de analizar este conxunto de unidades fraseolóxicas localizadas na obra *Leonardo e os fontaneiros*, de María Victoria Moreno, cómpre sinalar que o tipo de realidade que se fixan nestas expresións teñen unha vinculación co ser humano, con todo canto o rodea, coa súa historia e co seu modo de vivir. Por conseguinte, é posible clasificar a maior parte delas en diferentes vertentes: natureza (*coma un raio, facer unha montaña dun gran de millo*), comida e bebida (*estar no allo, ter mala uva*), animais (*correr coma unha lebre*), ámbito relixioso (*satisfeito coma un abade, durmir coma unha bendita, nun dicir amén, man de santo, montar un cirio*), ámbito bélico (*andar coa mosca detrás da orella, saber por onde van os tiros*) ou enfermidade (*pegar a neura*).

A fraseoloxía de cada lingua reflicte o modo de ser e pensar dun pobo, os seus costumes e tradicións, todo aquilo que o define e caracteriza. Como destacan Luque e Manjón (2000),

Las unidades fraseológicas de una lengua son el preservador natural de las creencias, tradiciones y símbolos de un pueblo y como tales su estudio resulta tan interesante para el antropólogo y el historiador como para el lingüista.

Porén, o interese pola fraseoloxía pode ir máis alá e atopar, tamén, un oco no ámbito escolar, no marco da lingua materna. Como xa se dixo con anterioridade, a Literatura Infantil e Xuvenil supón, para moitas nenas e nenos, unha primeira toma de contacto coas expresións figuradas galegas.

A fraseoloxía favorece a ampliación do vocabulario, axuda a desenvolver a comprensión metafórica e facilita o coñecemento de aspectos culturais, históricos e tradicionais.

Bibliografía

- Aldazábal, José (2002): *Vocabulario básico de liturgia*. Barcelona: Centre de Pastoral Litúrgica [3ª edición].
- Celdrán Gomariz, Pancraccio (2009): *Dichos, comparaciones y frases populares*. Cuenca: Editorial Aldebarán.
- Fernández Vázquez, Mar e Carmen Ferreira Boo (2015): “Narrativa infantil” en Blanca-Ana Roig Rechou (coord.), *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Xerais, pp. 185-228.
- Iñesta Mena, Eva María e Antonio Pamies Bertrán (2002): *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos*. Granada: Método.
- Luque Durán, Juan de Dios e Francisco José Manjón Pozas (2002): “Claves culturales del diseño de las lenguas: fundamentos de tipología fraseológica”, *Estudios de Lingüística del Español (ELiEs)*, 16. Disponible en: <http://elies.rediris.es/elies16/Claves.html>
- Moreno, María Victoria (1986): *Leonardo e os fontaneiros*. Vigo: Galaxia/SM.
- ____ (1992): “M.V.M., una profesora feliz de serlo”, *CLIJ: Cuadernos de literatura infantil y juvenil*, 41, pp. 48-50.
- Porter, Roy (2003): *Breve historia de la locura*. Madrid/México: Turner/Fondo de cultura económica.
- Real Academia Galega (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. Disponible en: <http://academia.gal/diccionario>
- Santamarina, Antón (ed.) (2003): *Diccionario de Dicionarios da Lingua Galega*, Disponible en: <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>
- Sardelli, Maria Antonella (2007): “El porqué de los dichos: la uva en las fraseologías española e italiana”, *Per Abbat. Boletín de actualización académica y didáctica*, 4, pp. 133-141.
- Suazo Pascual, Guillermo (1999): *Abecedario de dichos y frases hechas*. Madrid: Edaf.

María Victoria Moreno: *Elexías de luz*

XESÚS RÁBADE PAREDES

(Escritor/Profesor)

Mas recibí las flechas que me asignó Cupido y amé cuanto
ellas puedan tener de hospitalario.

Antonio Machado

Estes versos do autor de *Campos de Castilla*, a quen a nosa autora tivo en alta estima, resumirían ben a intención lírica desta profesora que chega a Galicia (Pontevedra, Lugo) a comezos da década de 1960 e que non tarda en abrazar as boas causas, empezando pola lingua, coa mediación dos seus mellores portavoces: os poetas. Sensibilidade, espírito aberto e xenerosidade son notas que definen a esta cacereña universal que prendeu entre nós para quedarse.

Elexías de luz (Xerais, 2006) é o fermoso título dun madurado libro de poemas que a nosa “peregrina nas gándaras da vida” deixa aberto sobre a mesa dos desvelos, en proceso, como a vida e como a escrita, certamente inconcluso. Neste volume caben outros libros que se soñaron e acaso se plasmaron, mais de momento fáltannos os textos. Un espírito atento saberá adiviñalos, pois hai silencios, páxinas en branco ou simplemente trazos alusivos que na súa latencia suxiren densos mundos. Unha actitude lírico-subxectiva de saudades marca e determina o conxunto da súa obra. Ao modo de Rosalía ou de Cunqueiro, toda a produción dela organízase como un sistema perfecto de interrelacións e de correspondencias, razón que nos conduce a poñer en portada a súa poesía, xénero que resulta o menos editado, o que non significa o menos preferido e cultivado, e que compendia as claves da produción global da escritora.

Contrariamente ao que puidese parecer, non hai ningunha colisión nin paradoxo entre os conceptos de elegía e luz, pois a memoria nostálgica do tempo, por máis que sexa ardida, garda sempre o remol que quenta e pulsa en dirección á luz, é dicir, ao amor pleno, arela permanente na poeta como faro de vida: “Esa cántiga viva da ferverza/que era arrollo na chaira/e éxtase de espello onde as estrelas/se confunden coas almas./Auga que gardas tesouros de sabencia,/¿onde cantas agora?”. Este é o ton do libro no seu núcleo acabado, ao que estorban algúns textos concibidos por ela claramente como de circunstancias. Un centro poderoso ou conxunto de poemas

unitarios, constituídos por espléndidos sonetos, redondillas e formas libres de paralelismo e acento popular, establece o sentido profundo da súa mensaxe lírica. Velaí unha viaxe secuenciada de amor e desamor.

Nun dos sonetos (paisaxe antiga) explicita a poeta: “Mais non quero eu pensar que o tempo ido/sexa cinza ou poeira... sexa fume”, porque aínda é pasado que se evoca con forza, que “levita en volutas luminosas” e, ao sentir da voz lírica, “ofrece espiñas doces, tristes rosas”. Trátase dun sentimento de perda con luz dentro, luz de ocaso, outoniza, tan propia dos seus textos, por outra parte a da sazón dos froitos. É como se na poeta, xa madura de oficio e de experiencias, se cumprisen os temores do deus Bran —un deus nostálgico— e pasase a ser cantora de paisaxes perdidas. Así, fronte a versos de plenitude erótica, que existen —pero menos—, triunfa a sede de amor e a saudade amorosa: “Chora en versos a pluma nos solpores”.

Unha nota común —fonda melancolía cantada en versos longos e serenos, de musicalidades libres apoiadas na cadencia clásica— unifica en actitude e ritmo boa parte do libro. As vellas sombras (queridas e odiadas no verso rosaliano) presiden novos cantos, respostas líricas puras que se intensifican e descansan no molde do soneto ou que descubren sorprendentes matices nas combinacións do paralelismo inmóbil, tan adecuado para o ton elexíaco, autoelexíaco e autobiográfico de “un novo corpo limpo que soñaba co vento”. Cabe salientar a sabia integración no discurso poético de formas e de ritmos da lírica galega, que coñece moi ben, ou do amplo curso literario castelán no que chega formada, que non coñece menos. Evócanos con frecuencia a Amado Carballo, a musa lírica de Celso Emilio Ferreiro e sobre todo a García Lorca, o dos *Seis poemas galegos* e mesmo o de *Poeta en Nueva York*, retomado baixo o prisma da musa surrealista nun poema senlleiro, “vagas do mar en sombra”, que nos amosa a desolación, a desazón ante a natureza torturada por unha civilización caótica e absurda, “onde habitan as xoias e os perfumes/lonxe están as pousadas de cascudas/xergas fedentas/cópulas sórdidas/das que sairán mirrados/sen enxoval/sen horizonte/espídos/os nenos de ollos fondos/e peitos afundidos.../éxtase de cilindros/o bemeúve lóstrego/na gándara do asfalto firme e rexo/semáforos rameiras/válvulas e meniños/todos sos e perdidos”.

É outra veta amorosa na defensa dos débiles. Porque un espírito sensible coma ela, bondadoso e altruísta, ten que ser receptivo a toda causa


nobre e alzar a voz censora contra os amos do mundo, seres deshumanos de mirada sombriza e adoradores dos deuses que escravizan: “Non ten nome, nin patria, nin amores,/non ten acougo, nin pracer, nin gloria/quen escribiu en odio a infanda historia/da morte, das soidades e das dores”.

Citamos a Amado, a Ferreiro e a Lorca, tres esteos no sentimento lírico da terra, que a nosa autora acolle e sabe interpretar. As súas “cántigas” e as súas seguidillas con bordón, como na voz galega do andaluz, son positivas respostas ante unha natureza viva e libre e unha xente que leva escritas dentro as leis da mesma. Estas palabras do pensador Ortega sobre Lorca resultan axustadas á autora de *Elexías*: “un sentido vexetal da existencia (que) vive con preferencia na súa pel. O ben e o mal teñen valor cutáneo antes de nada: o bo é o suave, o malo é o que roza asperamente”. Gozosamente inmersa na paisaxe, a poeta déixase ir no seu feitizo e renace galega na súa resposta lírica (nas vivencias, na lingua, nas resonancias estróficas e rítmicas...): “Esa lúa de prata/atopou o tesouro/que eu perdera na auga”.

O tratamento do amor aparece inxerido na propia natureza, como xa fora uso nos vellos Cancioneiros. Elemento iluminador da vida, o sentimento amoroso que percorre este libro presenta, como nos grandes líricos galegos, substanciais orixinalidades no seu enfoque: unha identificación coas forzas vivas do cosmos e unha prevención fronte á tendencia (tópica castelá) de signo ascético: “mais este doce laio/que habita nas distancias asequibles/resolto en vento maino”. Sentimento, polo tanto, espido de connotacións impostas e suxeito ao modelo natural da vida: ledicia plena, incertidume, arela insatisfeita, dor... O seu marco, por norma, é un cosmos vivo do que emana unha tendencia á unión e onde a poeta intúe, como os nosos primitivos, particulares símbolos: “nas bágoas mornas dos caudais máis fondos/cereixas/maceira en flor/único amor”. A saudade como sentimento xenuíno cruza e condiciona o tratamento deste canto amoroso nesa arela de infinitude que se inscribe no fondo do sentir colectivo e á que a literatura galega lle debe a mellor parte dos seus trazos: “Cando a soidade atopa/remanso e calma/escóitanse cantigas/dentro da alma”.

Debemos salientar, finalmente, tres sonetos, de rítmica galega e de factura clásica perfecta, que a poeta sitúa sobre o centro de *Elexías de luz*. Baixo o rubro “Mosteiro cisterciense de Ferreira, doce abeiro de flores”, a autora reflexiona a partir destes títulos: “hai un lugar á fin dese camiño...”,

“cantan a Deus” e “hai un reino de paz que por min chama”. Afastada do lixo da existencia —escéptica e serena—, cunha actitude lírica moi próxima á de Ramón Cabanillas de *Samos* (1958), M^a Victoria Moreno semella recrearse nun clima paradisíaco de fe —ela, a desenganada, xa descrida—, arredamento e paz, e canta ou imaxina a vida monacal, coa oración, os traballos e o deber das profesas, inmersa na paisaxe de excelsas vibracións. Hai un protagonismo lírico afervorado e unha voz que se confesa cansa da vida e escéptica do mundo: “No corpo e mais na alma, unha canseira/de séculos gravita”; “Échese o aire de fragancias puras”; “reza o merlo en queixumes lexendarias/e escoitan con sosego as pedras vellas”, e “Eu quixera morrer aló en Ferreira”, versos e tamén epitafio literario que a abraza máis se cabe ao humus desta Terra.



María Victoria Moreno

MANUEL UHÍA
(Ilustrador)

Ninguén ignora que M^a Victoria Moreno foi unha pioneira en escribir na nosa lingua, co mérito engadido de que aterrara en Galicia dende Valencia de Alcántara co lóxico descoñecemento do idioma galego. E todos sabemos da importancia da súa literatura, recoñecida aquí e na súa proxección internacional. Por iso nesta curta exposición só me remito ás experiencias que compartín coa escritora na miña condición de amigo e ilustrador.



Tiven o privilexio de coñecer a M^a Victoria Moreno no ano 1989 co gallo duns encontros en Santiago de Compostela sobre literatura infantil e xuvenil. Eu xa lle ilustrara o contiño “Nico e Miños” que, xunto con outros contos, publicara a Consellería de Cultura e Deportes. Dende o primeiro momento M^a Victoria xa me pareceu unha persoa singular, cunha fina e intelixente capacidade de análise. Debín de caerlle ben, porque a partir de entón, raro era o conto que escribía que non me chamase para ilustralo. Deste xeito, colaborei con ela ata que nos deixou. O primeiro foi *Leonardo e os fontaneiros*, conto divertidísimo no que a escritora sabe meterse na pel de Leonardo para facer todo tipo de falcatuadas dentro e fóra do colexio. Logo vén *¿Un cachiño de bica?* onde gocei coa tenra relación dun neno e un can narrada con todo o lirismo dunha consumada poeta.

Outros contos como “Eu conto, ti cantas”, e sobre todo *Mar adiante*, amosáronme a literatura con maiúsculas que xa gozara con *Anagnórise*.



O feito de que en bastantes contos da escritora aparecesen cans de protagonistas, era unha contribución polo respecto e amor aos animais. A súa cadeliña Alma era coma un membro máis da familia; lémbrome de que cando visitaba a M^a Victoria o animalíño sempre andaba polo medio e coido que mesmo participaba da conversa.

Pronto puiden constatar que, á parte das calidades que mencionei, M^a Victoria, sen alardear, mostraba unha cultura extraordinaria e, sobre todo, unha xenerosidade innata, ata o extremo de axudar a quen fose sen medir os riscos e sacrificios que iso lle podería carrexar. Sobre a súa narrativa, eu atreveríame a salientar unha gran sensibilidade e solidariedade, pero sen esquecer a crítica sobre os abusos e a intolerancia.

Boto de menos que M^a Victoria non escribise máis poesía. Coido que era unha mestra transmitindo sensacións e sentimentos e tamén na arte de conseguir o ritmo equilibrado.



María Victoria era unha muller valente. Dende que soubo da súa doenza tivo a coraxe de afrontar o difícil camiño cara a abaixo con estoicismo e ata con humor. Aínda me lembro de que na véspera de afrontar as sesións do tratamento, díciame que tiña que ir a ITV. Logo animouse a escribir un libro con ese título, onde narra o calvario dos tratamentos oncolóxicos, tanto dela coma doutras persoas coas que coincidía na terapia. Tan pronto o rematou, ela regaloume unha copia do orixinal, que logo publicou no 2004 en Xerais co título *Diario da luz e a sombra*.

Bibliografia



Contribución a unha bibliografía de e sobre María Victoria Moreno¹

BELÉN BOUZAS GORGAL
(CRPIH)

A presente contribución bibliográfica ofrécese organizada en dous grandes bloques. No primeiro deles reúnese a obra de María Victoria Moreno, por orde cronolóxica: Literatura Infantil e Xuvenil, Literatura Institucionalizada ou de adultos, tradutora, traducións da súa obra (ao galego, catalán, castelán, éuscaro, aranés, valenciano), estudos lingüísticos e literarios, e outros traballos (obras colectivas, antoloxías, ensaios, relatorios, artigos, prólogos etc). No segundo bloque reúnese a bibliografía dispoñible sobre a autora, seguindo unha disposición que atende á súa orixe: Libros e partes de libros, en publicacións periódicas, recensións, entrevistas e escritos varios que achegan información sobre diferentes aspectos da vida e obra de María Victoria Moreno Márquez.

¹ Esta bibliografía recolle traballos publicados ata maio de 2018. Para a súa elaboración foron de consulta imprescindible:

Biblioteca Virtual de Prensa Histórica. Dispoñible en: <http://prensahistorica.mcu.es/es/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion>

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela: Biblioteca Xeral, Hemeroteca (Colexio de Fonseca), Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética (Facultade de Filoloxía).

Base de datos de libros editados en España (Ministerio de Educación, Cultura y Deporte). Dispoñible en: http://www.mcu.es/webISBN/tituloSimpleFilter.do?cache=init&prev_la_yout=busquedaisbn&layout=busquedaisbn&language=es

Casares Mourino, Carlos (dir.) (2003): *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas. Unha primeira achega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Dispoñible en: http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/catalogo_traducidas.pdf

Galiciana. Biblioteca dixital de Galicia (Biblioteca de Galicia; Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia). Dispoñible en: <http://biblioteca.galiciana.gal/es/inicio/inicio.cmd>

Roig Rechou, Blanca-Ana (dir. e coord.) (1995-2016): *Informes de Literatura*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dispoñible en: <http://www.cirp.gal/rec2/informes/>

____ (1996): *A Literatura Galega Infantil: Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Tese en microficha da Universidade de Santiago de Compostela, 578.

____ (2015): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Xerais.

Soto, Isabel e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno, sementadora de futuro*. Vigo: Xerais. Pode actualizarse anualmente cos *Informes de literatura*, do Centro Ramón Piñeiro, xa citados.

Bibliografía de María Victoria Moreno

Literatura Infantil e Xuvenil

- 1973, *Mar adiante (Historias de nenos pra nenos)*, presentación Xesús Alonso Montero, il. cuberta Carmen Arias, il. interiores da autora. Sada-A Coruña: Do Castro.
- 1986, il. Araceli Liste. Sada-A Coruña: Do Castro, col. Narrativa pra nenos.
- 2009, il. Manolo Uhía. Vigo: Xerais, col. Merlín, 193.
- 1979, “O cataventos” en Agrupación Cultural O Facho, *Contos pra nenos*, il. Xosé Manuel Xiráldez. Vigo: Galaxia.
- 1989, il. Carme Peris. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Libros do sol e da lúa, 11.
- 2017, il. Lara Torres. Santiago de Compostela: Urco Editora.
- 1983, *A festa no faiado*, il. Lola Blázquez. Vigo/Barcelona: Galaxia/Elkar/La Galera, col. A chalupa, 24.
- 2007, il. Irene Fra. Vigo: Galaxia, col. Árbore.
- 2007, il. Irene Fra. Vigo/Madrid: Galaxia/El País, col. No país dos contos, 20.
- 1986, *Leonardo e os fontaneiros*, il. M^a do Carme Salgado. Vigo: Galaxia/SM, col. O barco de vapor, 8, serie vermella.
- 1990, il. Fran Jaraba. Vigo: Galaxia, col. Árbore, 23, serie azul.
- 1993, il. Manuel Uhía. Vigo: Galaxia, col. Árbore, 23, serie azul.
- 1999, il. Manuel Uhía. Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Sete Mares, 5.
- 2017, il. Manuel Uhía. Vigo: Galaxia, col. Árbore, 23, serie azul.
- 1988, *Anagnórise (novela de amor)*, cuberta de Manuel Janeiro. Vigo: Galaxia, col. Árbore, 3, serie rosa.
- 1997, cuberta Manuel Janeiro, fotografía de Tino Viz. Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, 1.
- 2002, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, 74.
- 2017, cuberta Hayat Husein, fotografía de Shutterstock/Nito. Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste.
- 1989, “Nico e Miños”, en VV. AA., 8 *contos*, il. Manolo Uhía. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 15-20.

- 1990, “Nico e Miños”/“Nico y Minos” en *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, 15, marzo, pp. 38-40.
- 1991, “Querida avoa” en VV. AA., *Lerías*, il. Manuel Janeiro. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 51-74.
- 1992, *Querida avoa*. Vigo: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, col. Contos do Castromil, 3. Edición non venal.
- 1992, “S.O.S.” en VV. AA., *Contos de hogano*. Santiago de Compostela: Editorial Compostela. Edicións El Correo Gallego, pp. 47-63.
- 1993, “O libro das saudades e os degoiros” en *V Tren Caixa Galicia-Ruta Rosalía*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia/Renfe, pp. 29-34.
- 1993, “Pan con chocolate” en VV. AA., *Relatos para un tempo novo*, il. Miguelanxo Prado. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Lagarto pintado, pp. 21-35.
- 1997, en VV. AA., *E dixo o corvo...* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Hospital Xeral de Galicia, pp. 173-181.
- 1994, “A fuxida” en VV. AA., *Contos de nunca acabar* 5, il. Lázaro Enríquez. Vigo: ABA, pp. 60-62.
- 1994, *¿Un cachiño de bica?*, il. Manuel Uhía. Vigo: SM, col. O barco de vapor, 12, serie branca.
- 1997, *¿E haberá tirón de orellas?*, il. Carme Peris. Vigo: Galaxia, col. Árbore. Para ler e escoitar, 95, serie amarela.
- 2017, il. Carme Peris. Vigo: Galaxia, col. Árbore. Para ler e escoitar, 95.
- 1998, *¿Xa non teño medo!*, il. Manolo Uhía. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A maxia das palabras.
- 1999, *A brétema*, il. Xaime R. Asensi. Vigo: Ir Indo, col. O elefante contacontos, 1, serie Infantil.
- 2017, il. María Montes Sueiro. Santiago de Compostela: Urco Editora.
- 1999, *Guedellas de seda e liño*, cuberta de Manuel Janeiro. Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, 26.
- 2017, cuberta de Shutterstock/kittirat roekburi. Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste.
- 2001, “Amigos de mil cores” en *Campaña de Lectura 2001*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- 2004, “O grumete” en VV. AA., *Contos de charlatáns, grumetes, botas e fendas*, il. Federico Fernández. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 45-61.
- 2005, *Eu conto, ti cantas...*, il. Manolo Uhía. Vigo: Xerais, col. Merlín, 155, serie azul.
- 2017, *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora [Reúne: “Querida avoa”, “S.O.S.”, “O libro das saudades e os degoiros”, “Pan con chocolate”, “O encontro”, “O grumete” e “O amor e as palabras”].
- 2018, *Un can chamado Morito*, il. Olalla Castrillo Sánchez, Nerea García González, Sara García Moreira. Pontevedra: IES Gonzalo Torrente Ballester/Concello de Pontevedra.

Literatura Institucionalizada ou de Adultos

- 1970-1971, “La casa de las Marías”, en VV. AA., *Jogos Florais Minho-Galaicos*, prólogo de Xesús Alonso Montero. Guimarães: Associação Cultural e Recreativa Convívio.
- 2003, “O encontro”, en VV. AA., *Un libro, a maior aventura. Campaña de Fomento da Lectura entre os Maiores*, cuberta de Manuel Uhía. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 37-59. Edición non venal.
- 2004, “Nocturno en tres tempos”, il. Kiko da Silva, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 25 de agosto, p. 7.
- 2004, *Diario da luz e a sombra*, cuberta de Miguel Vigo. Vigo: Xerais, col. Crónica.
- 2018, cuberta de Miguel Vigo. Vigo: Xerais, col. Crónica.
- 2006, *Elexías de luz*, cuberta de Miguel Vigo, limiar de Xavier Senín. Vigo: Xerais, col. Poesía, 12.
- 2006, *Donde el aire no era brisa*, cuberta de Jerónimo Prieto. Monleón (Salamanca): Concello de Monleón.
- 2018, *Nosoutras*, cuberta de María Montes Sueiro. Santiago de Compostela: Urco Editora [Reúne: “O aguinaldo”, “As follas feren xemendo”, “Contra a noite”, “A casa das Marías”, “A gaiola”, “Nocturno en tres tempos” e “Nosoutras”].

Tradutora

- Casares, Carlos (1983): *El perro Rin y el lobo Crispín (O can Rin e o lobo Crispín*, 1983), il. Pedro de Llano. Barcelona: La Galera, col. La chalupa.

- Uribe, María de la Luz (1984): *O voo de Inés (El vuelo de Inés, 1984)*, il. Fernando Krahn. Barcelona: Argos Vergara, col. O dragón bermello, 32.
- Villar Janeiro, Helena (1985): *El día que llovió de noite (O día que choveu de noite, 1985)*, il. María Fe Quesada. Barcelona: La Galera, col. La chalupa, 21.
- Rocha, Ruth (1987): *Dos idiotas sentados cada uno en su barril (Dois idiotas sentados cada qual no seu barril..., 1987)*. Barcelona: Aliorna, col. Aliorna baobab, 2.
- Fillol, Luce (1987): *Mañana sale el sol (Il fera bo demain, 1986)*. Barcelona: Pirene, col. Rocaforte.
- Pisón, Xesús (1987): *El pintor del viento (O pintor do vento, 1985)*. Barcelona: La Galera, col. La chalupa, 18.
- Pedrolo, Manuel de (1989): *Mecanoscrito da segunda orixe (Mecanoscrit del segon origen, 1974)*, il. Penélope Ares. Vigo: Galaxia, col. Árbore, 7, serie rosa.
- Picanyol (1989): *Viaje en trineo (Viatge en trineu, 1989)*. Barcelona: Pirene, col. El sombrero del brujo.
- Janer Manila, Gabriel (1989): *Isto que ves é o mar (Tot quant veus és el mar, 1987)*, il. Pepe Carreiro. Vigo: Galaxia, col. Árbore, 8, serie verde.
- Gardella, Maria Àngels (1989): *Os ollos do dragón (Els ulls del drac, 1988)*. Vigo: Galaxia, col. Árbore, 9, serie azul.
- Andersen, H. C. (1991): *As mazás da prosperidade*, il. María Fe Quesada. Vigo: Galaxia, col. Árbore. Para ler e escoitar, 41.

Traducións da súa obra

Ao galego

- 2009, *Onde o aire non era brisa*, trad. Xavier Senín, il. da capa Manuel Janeiro. Vigo: Galaxia, col. Literaria, 271.

Ao catalán

- 1985, *La boira*, trad. Francesc Boada i Moret, il. Carme Peris. Barcelona: La Galera, col. La gavina.
- 1986, *Festa a les golfes*, trad. Francesc Boada i Moret, il. Lola Blázquez. Barcelona: La Galera, col. La xalupa, 24.
- 1989, *El Penell*, il. Carme Peris. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Monserrat, col. Llibres del sol i de la lluna. Llibres de la Lluna, 47.

1989, *Natalia: Anagnórisis*, trad. da autora. Barcelona: Pirene, col. Garona, 5.

Ao castelán

1985, *La niebla*, il. Carme Peris, versión da autora. Barcelona: La Galera, col. La gaviota.

1986, *Fiesta en el desván*, versión da autora, il. Lola Blázquez. Barcelona: La Galera, col. La chalupa, 24.

1988, *Leonardo y los fontaneros*, trad. Begoña Llácer, il. María Luisa Torcida. Madrid: SM, col. El barco de vapor, 147.

1995, *¿Sopitas con canela?*, il. Manuel Uhía, trad. da autora. Madrid: SM, col. El barco de vapor, 62, serie blanca.

1997, *Anagnórisis (novela de amor)*, trad. Begoña Llácer. Barcelona: La Galera, col. Polizones, 4.

Ao éuscaro

1986, *Ganbaran festa*, trad. Joxantonio Ormazábal, il. Lola Blázquez. Barcelona: La Galera, col. Txalupa saila, 24.

1997, *Izen baten bila*, trad. Joxemari Azurmendi. Donosti: Elkarlanean, col. Branka, 61.

Ao aranés

1986, *Era hèsta en humaran*, trad. Frederic Verges e Jausèp Loïs Sans, il. Lola Blázquez. Barcelona: La Galera, col. Era Gabarra, 9.

Ao valenciano

1997, *Natalia: Anagnòrisi*, tradución de J. C. Ortega e Xulio Ricardo Trigo. Valencia: Tàndem, col. La Moto, 3.

Estudos lingüísticos e literarios. Manuais

1985, [con Xesús Rábade Paredes]: *Literatura. Século XX. Iniciación universitaria*. Vigo: Galaxia/SM.

1987, [con Luís Alonso Girgado e Xesús Rábade Paredes]: *Literatura, 3 BUP*. Vigo: Galaxia/SM.

1991, *As linguas de España*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Andel, 9.

1991, *Verso e prosa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Andel, 15.

Outros traballos (obras colectivas, antoloxías, ensaios, relatorios, artigos, prólogos etc.)

- 1969, “Prólogo” en Xesús Rábade Paredes, *Xuntos cara ó mañán/Juntos hacia el mañana*. Lugo: Celta, pp. 3-6.
- 1973, *Os novísimos da poesía galega/Los novísimos de la poesía gallega*. Madrid: Akal, col. Arealonga, 3.
- 1973/1974, “No dejéis que muera vuestra lengua” en Xesús Alonso Montero, *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas y otras áreas conflictivas: Cataluña, Puerto Rico*. Madrid: Akal, Colección Arealonga [Artigo primeiramente publicado en *Diario de Pontevedra*, 15 setembro 1973].
- 1984, “Comentarios de texto: descubrir a realidade” en *Actas das primeiras Xornadas da Lingua Galega no Ensino*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 211-235.
- 1992, “M.V.M., una profesora feliz de serlo”, *CLIJ: Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, ano V, 41, xullo/agosto, pp. 48-50.
- 1993, “Desde o meu belvís”, *Papeles de Literatura Infantil*, 17, pp. 17-19.
- 1994, “Discurso pronunciado por Xesús Alonso Montero no acto no que recibiu o Pedrón de Ouro” en Claudio Rodríguez Fer (ed.), *Comentarios de textos populares e de masas*. Vigo: Xerais, col. Universitaria, pp. 119-143.
- 1994, “¿Escritora alófona eu?” en Xesús Alonso Montero e Xosé M. Salgado (eds.), *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*. Vigo: Galaxia, col. Agra aberta, 18, pp. 107-111.
- 2000, “O mestre das palabras” en VV. AA., “Alonso Montero di adeus ás aulas (1953-2000)”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, 116, 22 febreiro, pp. 2-3.
- 2003, “Carta de amor” en *Carlos Casares: a semente aquecida da palabra*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, p. 59.
- 2007, “Pregón lido na feira do libro de Pontevedra de 2003” en Ana Acuña Trabazo, Carme Blanco Ramos, Eloi Gestido de la Torre e Xosé Abilleira Sanmartín (eds.), *Pontevedra literaria. Antoloxía de textos en homenaxe á Boa Vila*. Pontevedra: Concellaría de Cultura/Fundación Caixagalicia, pp. 137-138.
- 2015, “‘Danza da lúa en Santiago’, suxerencias para unha aproximación a Federico García Lorca, poeta galego (1985)/María Victoria Moreno; e unha nota introdutoria non innecesaria [por] Xesús

- Alonso Montero”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 18, pp. 163-173.
- 2018, *É a lúa que baila... María Victoria Moreno e a lírica dos seis poemas de Federico García Lorca. Estudo introdutorio de Xesús Alonso Montero*. Vigo/Santiago: Editorial Galaxia/Consortio de Santiago.
- 2018, “Nosoutras”, en Blanca-Ana Roig Rechou (ed.), *María Victoria Moreno. Nun lugar de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Bibliografía sobre María Victoria Moreno

Libros e partes de libros

- Agra Pardiñas, María Jesús, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez, Blanca-Ana Roig Rechou e Teresa Sixto (2007): “Producción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega (1960-1985)” en Blanca-Ana Roig Rechou e José António Gomes (coords.), *Grandes Autores para Pequenos Leitores. Literatura para a infância e a juventude: Elementos para a construção de um cânone*. Porto: Deriva Editores, pp. 53-94.
- Agrelo Costas, Eulalia (2012): “El compromiso de maestros y maestras en la constitución del sistema literario infantil y juvenil gallego” en Rui Ramos e Ana Fernández Mosquera (eds.), *Literatura Infantil y Juvenil y Diversidad Cultural/Literatura para a Infância e Juventude e Diversidade Cultural*. Vigo/Braga: ANILIJ/ELOS/Centro de Investigação em Estudos da Criança (Instituto de Educação, Universidade do Minho), pp. 15-38.
- (2000): “La labor de la Asociación Cultural O Facho dentro del panorama de la literatura infantil y juvenil gallega” en VV.AA., *Actas del II Congreso de Literatura infantil y juvenil: Historia Crítica de la Literatura Infantil e Ilustración Ibéricas*. Extremadura: Junta de Extremadura, pp. 353-355.
- Alonso Montero, Xesús (2008): “A miña relación con Xesús Rábade Paredes nos inicios da súa carreira literaria e outras notas memorialísticas” en VV.AA., *Labras do oficio. Xesús Rábade Paredes ante 33 miradas*. Lugo: Fundación Manuel María/Asociación Xermolos.

- _____ e Xosé M. Salgado (eds.), *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*. Vigo: Galaxia, col. Agra aberta.
- Blanco, Carmen (1991): *Literatura galega da muller*. Vigo: Xerais, col. Universitaria.
- _____ (1994): *Libros de mulleres (para unha bibliografía de escritoras en lingua galega: 1863-1992)*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Campos Villar, Xabier (2004): “A crítica social na narrativa infantil e xuvenil galega: unha aproximación á súa evolución histórica” en Eulalia Agrelo, Adelina Guisande, Isabel Mociño, Amparo Raviña e Isabel Soto (coords.), *Narrativa e promoción da lectura no mundo das novas tecnoloxías*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 293-301.
- Casalderrey, Fina e Ana Acuña (2018): *Camiñadas con María Victoria Moreno*, ilustración, deseño e maquetación Ana Seoane. Pontevedra: Concello de Pontevedra, SNL.
- Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2018): *María Victoria Moreno: A muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Xerais, col. Merlín, 267.
- Cobas Brenlla, Xulio (1991): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil*. Santiago de Compostela: ed. do autor.
- Colexio Santiago Apóstolo (1985-2001): *Contos dos nenos 1-7(2001-2004). Contos en galego 2002-2006*. Pontevedra: Centro de Recursos Educativos de Galicia Santiago Apóstolo.
- Eyré Val, Xosé Manuel (1997): *Antoloxía da narrativa actual*. Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, 47.
- Fernández Paz, Agustín (1989): *Os libros infantís galegos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- _____ (1999): *A literatura infantil e xuvenil en galego*. Vigo: Xerais.
- _____ (1990): *28 libros da literatura infantil e xuvenil galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- _____ (2012): *O rastro que deixamos*, ed. Isabel Soto. Vigo: Xerais, col. Memoria.
- _____ (2017): *Un mundo de palabras*, ed. Isabel Soto. Vigo: Xerais, col. Crónica.
- Ferreira Boo, María del Carmen (2015): “Regresan a porto as historias do buque-escola” en Blanca-Ana Roig Rechou e Isabel Mociño González (coords.), *Libros galegos de onte e hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015)*. Santiago de Compostela: Universidade de

- Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 181-182.
- ____ (2016): *Reescrituras do conto de transmisión oral na Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Tese dirixida por Blanca-Ana Roig Rechou e Sara Reis da Silva. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Gallego, Luz (2002): “Transgresora”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 25 setembro, p. 53 [Artigo recollido en VV.AA., *Crítica e autores: artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*, vol. II. A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, pp. 400-401].
- González-Millán, Xoán (1996): *A narrativa galega actual (1975-1984). Unha historia social*. Vigo: Xerais.
- Gracián, Ánxela (2018): *Doce cartas a María Victoria Moreno*. A Coruña: Hércules Ediciones.
- Lorenzo Montero, Joanna (2017): *Unha historia de amor*, il. Tania Solla. Galicia: Lela Edicións, col. Mulleres Galegas.
- Matalobos Cerceda, Manuel Celso (2005): *Autores do Instituto de Lugo IES Lucus Augusti*. Lugo: IES Lucus Augusti, p. 125.
- Méndez Lois, M^a José (coord.) (2009): *Mulleres na educación en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Neira Rodríguez, Marta (2016): *Narrativa infantil e xuvenil en galego. Mulleres e Guerra Civil (1936-1939)*. Tese dirixida por Blanca-Ana Roig Rechou. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.
- Pena Presas, Montse (2016): *Feminismo, xénero e coeducación na literatura infantil e xuvenil. Historia crítica e aplicación didáctica*. Tese dirixida por Dolores Vilavedra e Bieito Silva. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- ____ (2018): *A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida*. Vigo: Galaxia.
- Queixas Zas, Mercedes (2016): *De pergamiños, follas voandeiras e libros ao .gal*. Vigo: Xerais.
- Rábade Paredes, Xesús (2008): *Lugar do canto*. Pontevedra: Litoral das Rías, col. Hipocampo Amigo, 21.
- Rábade Villar, María do Cebreiro (2004): *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.

- Ríos, Eli (2016): *Mulleres bravas da nosa historia: Maria Victoria Moreno*, il. de Eva Agra. A Coruña: Urco Editora.
- Roig Rechou, Blanca-Ana (coord. e dir.) (1995-2016): *Informes de literatura*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia. Dispoñible en: <http://www.cirp.es/rec2/informes/>
- (1996): *A literatura galega infantil: Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico/Universidade de Santiago de Compostela, Microficha nº 578.
- (2002): *A Poesía infantil e xuvenil en Galicia*. Santiago de Compostela: Teófilo Piñeiro, col. Guías GALIX.
- (2002): “La literatura infantil y juvenil en Galicia/A literatura infantil e xuvenil en Galicia”, en Anxo Tarrío Varela (coord.), *La Literatura desde 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción/A literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e traducción*. A Coruña: Hércules Ediciones, pp. 382-501.
- (2005): “Literatura infantil e xuvenil en Galicia: dos inicios á consolidación” en Blanca Ana Roig Rechou e Gemma Lluch Crespo (coords.), *Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 32, pp. 141-167.
- , Isabel Soto López e Pedro Lucas Domínguez (coords.) (2006): *Multiculturalismo e identidades permeábeis na literatura infantil e xuvenil*. Vigo: Xerais.
- (coord.), Mónica Domínguez Pérez e Isabel Mociño González (2008): *Producción da Literatura Infantil e Xuvenil en galego*. LIJMI/Universidade de Santiago de Compostela, publicación en CD-ROM. Dispoñible en: <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/proxectos/lijmi/descargas/elinea1.pdf>.
- (2008): *La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*. Madrid/Santiago de Compostela: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/Xunta de Galicia.

- _____, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (2009): *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*. Vigo: Xerais.
- _____ e Marta Neira Rodríguez (2010): “El papel de la mujer en la literatura infantil y juvenil gallega hasta el año 2006” en Celia Vázquez (ed.) *Diálogos intertextuales 3: en busca de la voz femenina. Temas de género en la literatura infantil y juvenil de la Península Ibérica y Latinoamérica*. Frankfurt: Peter Lang GMBH, pp. 329-348.
- _____, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.) (2010): *Reescrituras do conto popular 2000-2009*, ilustración de cuberta e interiores María Jesús Agra Pardiñas. Vigo: Xerais.
- _____ (2015): *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*. Vigo: Xerais.
- _____ (ed.) (2018): *María Victoria Moreno. Nun lugar de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- Sabadell Nieto, Joana (1999): *Mosaico ibérico. Ensayos sobre poesía y diversidad*. Barcelona: Ediciones Júcar, col. Ensayos Júcar, 16.
- Silva, Maria Madalena Carlos Teixeira da (2012): “Uma escrita de transição. Contributos para uma reflexão sobre literatura juvenil” en Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.), *A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)*. Vigo: Xerais/LIJMI, pp. 13-36.
- Soto López, Isabel (2000): “Dos extremeños en la literatura gallega: M^a Victoria Moreno y Xosé Antonio Perozo” en Eloy Martos Núñez, José María Corrales Vázquez, Arturo González e Sara Moreno Valcárcel (eds.), *Actas del II Congreso de Literatura Infantil y Juvenil. Historia crítica de Literatura Infantil e Ilustración Ibéricas*. Mérida: Editora Regional de Extremadura, pp. 257-261.
- _____ e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*. Vigo: Xerais.
- Soto Meijomende, Alejandra (2007): “María Victoria Moreno. A reivindicación da Literatura Infantil e Xuvenil” en *Álbum de Mulleres*. Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega. Disponible en: <http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=60>
- Tarrío Varela, Anxo (1988): *Literatura gallega. Historia crítica de la literatura hispánica*. Madrid: Taurus.

- _____ (1994): *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*. Vigo: Xerais.
- _____ (2013): “Os premios literarios” en Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.), *Premios literarios e de ilustración na Literatura Infantil e Xuvenil*. Vigo/Santiago de Compostela: Xerais/LIJMI, pp. 15-34.
- Vilavedra, Dolores (coord.) (2000): *Diccionario da Literatura Galega*. Vigo: Galaxia.

En publicacións periódicas

Recensións

- A.S. (2005): “Últimos versos de Ma Victoria Moreno”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, 137, 26 novembro, p. 10 [Dáse conta do falecemento da escritora e tradutora de literatura infantil e xuvenil María Victoria Moreno, a cal viña de publicar *Eu conto, ti cantas*. Indícase que o ilustrador é Manuel Uhía e coméntase que o volume está composto por tres historias con forte pegada da tradición oral].
- Araguas, Vicente (1997): “Ler ou non ler”, *El Correo Gallego*, “Revista das Letras”, 182, 23 outubro, p. 10 [Sobre *¿E habrá tirón de orellas?*, con ilustracións de Carme Peris. Define o libro como unha mostra significativa de calidade e un produto logrado que supón unha achega poética para as pequenas lectoras e lectores].
- Blanco Rivas, Manuel (1997): “Costa Oeste, unha viaxe pola idade da inocencia”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, 12, 3 maio, p. 5 [Coméntase *Anagnórise*. Faise fincapé na “cálida aceptación” por parte do público e nas “decenas de miles” de exemplares vendidos].
- _____ (2005): “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, 107, 20 xaneiro, p. 7 [Sobre *Diario da luz e a sombra*, unha obra descrita como a crónica dunha enferma de cancro de mama que afronta a súa enfermidade con serenidade e coraxe].
- _____ (2006): “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, 177, 21 setembro, p. 7 [Breve comentario sobre *Elexías de luz*].
- _____ (2009): “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, 294, 11 xuño, p. 7 [Sección fixa do suplemento que acolle catro descriutores de curta extensión entre os que se atopa *Onde o aire non era brisa*].

- _____ (2009): “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, 307, 5 novembro, p. 7/*La Opinión*, “Saberes”, 258, “Letras galegas”, 14 novembro, p. 7 [Dáse conta da reedición de *Mar adiante*].
- Caneiro, Xosé Carlos (2010): “Sucio sobresaliente”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, 346, “Letras en Galego”, “Club dandi”, 2 xaneiro, p. 15 [Sobre *Onde o aire non era brisa*].
- Carballo, Francisco (2002): “Anagnórise”, *A Nosa Terra*, 1053, “Fin de Semana”, 24-30 outubro, p. 35 [Considérase que *Anagnórise* ten dúas virtualidades: a de levar da man o protagonista e a de desvelar bocados autobiográficos da autora. Indícase que esta “vella” novela, escrita cun galego á vez común e gramaticalmente correcto, conecta a paideia grega de Platón co fondo musical de David Bowie; tamén sinala que esta odisea libera do desespero o rapaz protagonista e que o acompaña na autoafirmación e na capacidade crítica do seu ambiente. Por último, considera este un ‘Libro útil, cheo de engado e conveniente para os mestres de ética na súa tarefa de desvelar valores].
- Costa Clavell, Xavier (1973): “*Mar adiante, historias de nenos e pra nenos*, por María Victoria Moreno Márquez”, *Grial*, “Libros”, 41, p. 379 [Breve comentario que dá conta da publicación de *Mar adiante*].
- Fernández, María Jesús (1998): “¿E haberá tirón de orellas?”, *CLIJ*, 105, maio, p. 57 [Destácase que a autora é unha das máis “interesantes escritoras para niños y jóvenes de la literatura actual”. Sobre a peza, indícase que está formada por versos “sencillos y al mismo tiempo llenos de riqueza expresiva”. Tamén se sinala o bo facer da ilustradora catalá Carme Peris].
- _____ (1999): “María Victoria Moreno. *A brétema*”, *Fadamorgana*, 2, “Novidades”, outubro, p. 73 [Coméntase que o relato se caracteriza polo uso dunha linguaxe de alto contido poético, con partes rimadas e coplas e cunha prosa que presenta numerosas imaxes sensoriais xunto con outros recursos como anáforas e comparacións].
- Gándara, Xosé (1999): “María Victoria Moreno. *Guedellas de seda e liño*”, *Fadamorgana*, 3, “Novidades”, decembro, p. 77 [Considera que estamos ante un libro “fascinante” e de prosa “requintada”].
- García Teijeiro, Antonio (2009): “Dous libros fascinantes”, *A Nosa Terra*, “Bule Bule”, 1.369, 23-29 xullo, p. 30 [Recensión de *Mar adiante*,

- que cualifica como “primeira novela en galego” da autora e “referencia esencial da LIX galega”].
- López, Belén (2006): “Últimas palabras de María Victoria”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 5 setembro, p. 68 [Fálase de *Elexías de luz*, o poemario inédito de María Victoria Moreno que foi publicado pola editorial Xerais postumamente. Aténdese ao contido do libro facendo fincapé na parte inédita, con materiais persoais coma cartas de amor ao seu home ou unha nana para a súa filla pequena, ademais doutras pezas nas que estaba a traballar].
- MARÉ (2006): “Pétalos de aire e paz de orballo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 outubro, p. 29 [Achéganse versos que María Victoria Moreno escribiu nun dos seus poemas publicados en *Elexías de luz*. Afirmase que Xerais nesta obra recupera dous poemarios, un dos cales lle dá título ao libro e outro que só existía en manuscrito, sendo esta a parte na que estaba a traballar a autora cando faleceu. Coméntase tamén a súa traxectoria literaria].
- Mera, Héitor (2006): “Estoupido de sentimentos”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, “Libros”, 185, 23 novembro, p. 4 [Breve aproximación á obra de María Victoria Moreno *Elexías de luz*, da que se di que se trata dun canto optimista ao vivido e ao que tocará vivir. Destácase que o amor da autora pola cultura tamén se fai notorio neste volume, que o poemario é para ler e reler pausadamente e que se atoparán distintos significados e sentimentos nos versos dependendo do estado anímico co que se lean].
- Nicolás Rodríguez, Ramón (2018): “O mellor da protagonista do Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 12 xaneiro, p. 8 [Dáse conta da edición de *O amor e as palabras* (Urco Editora), do cal se indica que incorpora seis relatos dispersos en diversas publicacións e mais un inédito conservado. Engádese que a obra é editada nun momento “oportuno” para reconsiderar o status da autora como “pioneira destacada da LIX galega, ensaísta, tradutora ou salientable novelista” e como unha “voz relevante no ámbito do relato curto”. Sobre a obra afirmase que é innovadora, cun protagonismo xuvenil e feminino que, ademais, “encerra o mellor dos seus trazos como prosista”].
- Regueira, Mario (2017): “Leonardo e os Fontaneiros”, *Sermos Galiza*, 276, “fóradeserie”, 14 decembro, p. 6 [Sobre a reedición de *Leonardo e os*

fontaneiros (il. Manuel Uhía, Galaxia). Manifestase que a homenaxe a María Victoria Moreno no Día das Letras Galegas supón “unha brisa fresca” por tratarse da primeira figura que destaca por unha obra orientada ao lectorado máis novo, por conectar diferentes sectores sociais e académicos e tamén por ser muller. Sobre a obra, achégase un breve resumo, argumento e temas e indícase que se trata dun dos libros “clásicos” da autora e “un dos mellores froitos para preparar as Letras de 2018”].

Solé, María (1986): “La niebla”, *ABC Literario*, 18 xaneiro, p. 11 [Coméntase que se trata dunha escritora descoñecida ata o momento. Achégase un breve resumo da obra e indícase que se trata dun relato metafórico e poético sobre a orixe da néboa. A peza defínese como unha bela lección de ciencias naturais e de creación literaria que convida ao sosego e silencio. No corpo do artigo tamén se inclúe un retrato a lapis da autora].

——— (1988): “Un mundo de letras para la gente menuda”, *ABC Literario*, 26 maio, p. 10 [Achégase un breve comentario sobre a nova edición de *Leonardo y los fontaneros*].

——— (1990): “Natalia”, *ABC Literario*, 25 agosto, p. 78 [Indícase que se segue con interese a traxectoria literaria de María Victoria Moreno e que as súas obras deixan ver a hipersensibilidade da escritora á hora de recrear personaxes con carencias afectivas. A seguir, coméntase de forma breve o argumento principal da obra].

Valcárcel, Marcos (2005): “Diario da luz e a sombra”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 18 febreiro, p. 56 [Indícase que a obra recolle a súa experiencia como enferma de cancro de mama. Reprodúcense os primeiros parágrafos da peza para logo referirse a outros escritos como *Anagnórise* e *Leonardo e os fontaneiros*. Remátase cun comentario sobre esta baseándose nas verbas que Manuel Bragado escribe no limiar].

Vidal Villaverde, Manuel (2004): “Da luz e a sombra”, *Atlántico Diario*, “Musas”, 19 decembro, p. 41 [Enténdese que esta obra vén ser unha crónica dunha enferma de cancro que se enfronta á enfermidade con valentía e sen medo a un desenlace amargo. Indícase que desprende optimismo moderado, sinceridade en cada liña e coraxe de vivir, todo isto adobiado de fermosura e bo estilo].

Entrevistas

- B.N. (2000): “Casalderrey e Moreno, cara a cara”, *Diario de Pontevedra*, 23 abril, pp. 12-13 [As autoras responden varias preguntas sobre aspectos da súa actividade creadora; coinciden en destacar o bo momento que está a atravesar a literatura galega malia non poderen competir en tiraxe coa española; destacan que o máis importante dun libro é o pouso que deixa e que a escrita é un modo de espirse. Esta entrevista recupérase en B.N. (2010): “É moi importante apoiar ós libreiros”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 23 abril, p. 26].
- Carballa, Xan (2004/2005): “María Victoria Moreno: Estamos ben programados, gozamos da vida, pero ao final aceptamos a morte”, *A Nosa Terra*, 1.157, 30 de decembro 2004/5 xaneiro 2005, p. 29 [Estrevístase María Victoria Moreno co gallo da súa última publicación, *Diario da luz e a sombra*. A autora comenta que este libro naceu dun momento difícil e que a través del pretendía transmitir serenidade. Declara que deixou de dar aulas só cando as súas forzas llo impediron, mais que quixo educar o seu alumnado para que comprendese que a vida é efémera e que por iso é necesario gozala. Engade que, dende o seu punto de vista, o libro non é adecuado para xente moza pola temática que trata. Por outra banda, refírese á súa experiencia como docente durante corenta anos, á evolución da mocidade e á diferenza xeracional existente. Péchase a entrevista cunha alusión á súa orixe estremeña conxugada co feito de ser unha das grandes autoras da literatura].
- Conde, M. (2002): “Moita xente en Pontevedra fala galego e leu *O Quixote* gracias a min”, *La Voz de Galicia*, 22 xuño [Entrevístase a autora co gallo da súa xubilación. Faise un breve percorrido pola súa traxectoria profesional, como docente e escritora. Indícase que ela foi das primeiras profesoras en dar aulas de galego e que o ensino é a súa paixón. Sobre os gustos literarios, decántase polo *Quixote*].
- García Mato, José Luis (1974): “María Victoria Moreno Márquez veu a Vilalba a falarnos de Galicia e do galego”, *El Progreso*, 15 abril [Coméntase a “estraña” circunstancia da autora ter nacido en Cáceres, ter estudado en Barcelona e Madrid, mais falar e escribir en galego, do cal se di que “fala i escribe en galego que dá xenio oílo e lelo”. A autora explica por que tomou esa decisión lingüística].

- Neira Cruz, Xosé Antonio (1999): “María Victoria Moreno. ‘Estou a escribir contrarreloxo’”, *Fadamorgana*, 3, “Entrevista”, decembro, pp. 12-16 [A autora lembra que non descubriu o gusto pola literatura ata o seu encontro con profesores como Rafael Lapesa ou Dámaso Alonso. Sinala que comezou a escribir para combater a dureza da vida e fai un percorrido pola súa traxectoria literaria. Desmente que primeiro escriba en castelán para logo traducir ao galego. Declara que non lle interesa escribir para adultos e comenta que nos seus libros non hai “moralina”, aínda que pensa que hai determinados valores que cómpre enxalzar a través da literatura. No tocante á literatura infantil e xuvenil galega, considera que ela debería ter dado máis de si e que unha da súas eivas está en que se faga unha literatura que dea cartos e sona. Finalmente, cita aqueles títulos aos que recorre cando quere ler boa literatura. Alúdese á súa última obra, *Guedellas de seda e liño* (1999), da cal se indica que foi escrita contra reloxo e que non achega nada máis importante ca “un exemplo de honradez, un desexo manifesto de non escribir máis da conta para non facer ler cousas que non paguen a pena”].
- Porteiro, María Xosé (1996): “María Victoria Moreno. Eu estou sempre cos perdedores”, *La Voz de Galicia*, “Revista de Cultura”, “Corte e Confección”, ano II, 78, 22 agosto, p. 5 [Coméntase que sae á luz a súa orixe cacereña e indícase que é a autora que máis vende literatura para nenas e nenos. Dáse conta dos seus inicios na literatura galega após gañar varios premios. A autora tamén alude á súa concepción sobre o éxito na sociedade actual e relata a anécdota que a impulsou a escribir en galego].
- Suárez, Martiño (2002): “Os personaxes veñen pola noite e acósanme no medio do sono”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 setembro, p. 52 [Conversa con M^a Victoria Moreno con motivo da nova edición de *Anagnórise*. A autora conta que este libro sae do seu amor polos coches, polo poder da palabra e polo trato coa xente nova. Fai mención da importancia da vida e dos problemas de saúde que nun momento concreto lle xorden e lle van marcar dun xeito a súa maneira de traballar e o seu estilo de vida. Remata destacando a importancia da calidade do libro xuvenil en Galicia fronte á cantidade. En columna á parte, relata como a súa amizade con

- Xesús Alonso Montero a leva a empezar a traballar polo idioma galego. Artigo recollido en VV.AA (2002): *Crítica e autores: artigos e entrevistas publicadas en La Voz de Galicia*, vol. II. A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, pp. 402-405].
- Varela, María (2005): “A alma de Galicia non ten outro camiño para florecer que o galego”/“Comprometinme co galego cando era lingua de pobres”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Revista-Entrevista”/“Entrevista Gente”, 2 setembro/9 setembro, pp. 2-3/p. 5 [A autora narra a súa chegada a Galicia hai trinta e oito anos e fala do compromiso adquirido coa terra e a cultura galegas. Comenta como se iniciou na escrita en galego á raíz do premio gañado nos Xogos Florais Minho-Galaicos dos anos 70, do que supuxo a publicación da súa primeira obra en galego, *Mar adiante* (1973). Reflexiona sobre a escrita, sobre a situación actual da literatura galega e sobre a súa próxima obra, da que adianta como título posible *O libro do amor e das cousas que nunca se contaron*. Das súas obras publicadas nomea *Leonardo e os fontaneiros* (1986) e *Anagnórise* (1988), o primeiro por estar pensado para nenas e nenos e o segundo para adolescentes. Tamén manifesta o seu agradecemento pola homenaxe recibida na Feira do Libro como recoñecemento ao seu labor literario, así como a súa fortaleza ante a enfermidade do cancro que padece. Remata respondendo cuestións relacionadas coa actualidade social nos centros de ensino e na sociedade en xeral. En cadro á parte, ofrécense uns apuntamentos biográficos sobre a autora e unha pequena bibliografía. Esta entrevista foi reproducida en María Varela (2017): “María Victoria Moreno, unha principiña de sal e pementa”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “Unhas Letras para María Victoria”, 18 xuño, pp. 54-55].
- Vidal Villaverde, Manuel (2003): “Guedellas de seda e liño”, *Atlántico Diario*, “Musas”, 14 setembro, p. 51 [Ademais dunha entrevista con María Victoria Moreno, tamén se inclúe nesta sección fixa de Manuel Vidal Villaverde un comentario crítico da obra, cualificada como “curiosa e conmovedora”].

Escritos varios

En revistas

- A.G.N. (1999): “A revista ‘CLIJ’ recomenda nove libros en galego, entre sesenta elixidos”/“Nove libros en galego, entre os mellores para os nenos e mozos”, *Atlántico Diario/El Progreso*, 19 xaneiro, p. 34/p. 69 [Cítase *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno].
- Agrelo, Eulalia (1999): “O Facho e a literatura infantil e xuvenil galega”, *Fadamorgana*, 2, outubro, pp. 38-41.
- Alonso Montero, Xesús (2017): “Unhas cantas observacións sobre a antoloxía da nova poesía galega preparada e publicada por María Victoria Moreno no ano 1973”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 20, pp. 231-234.
- Álvarez, José Álvaro e Isabel Soto (2006): “A literatura infantil e xuvenil galega en 2005”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*, “Panorámicas”, pp. 149-158 [Co motivo do pasamento de María Victoria Moreno].
- Bernárdez Vilar, Xoán (2005): “Visión de futuro nalgún dos nosos rotativos”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, 145, “Rolda da cultura”, pp. 91-96 [En “Decesos” inclúese a nova do pasamento de M^a Victoria Moreno].
- Casares Mouríño, Carlos (1990): “Árbore. Literatura infantil de hoy”, *CLIJ*, 23, decembro, pp. 58-59 [Sobre a colección Árbore (Galaxia), indícase que a dirixe, entre outras persoas, María Victoria Moreno, e que un dos éxitos máis “clamoroso” é *Anagnórise*].
- Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2017): “A verdadeira data de nacemento de María Victoria Moreno”, *Grial: revista galega de cultura*, vol. 55, 215, pp. 12-13.
- Casalderrey, Fina, Montse Pena, Marta Dacosta, Susana S. Aríns, Mercedes Queixas, Antonio García, Eli Ríos e Carme Vidal (2018): *María Victoria Moreno. Renacer á descuberta das palabras. De Nós. Monografías con perspectiva galega*, 2. Santiago de Compostela: Sermos Galiza [en prensa].
- CLIJ (1990): “María Victoria Moreno”, *CLIJ*, 15, marzo, p. 37.
- _____ (1990): “Natalia (anagnórisis)”, *CLIJ*, 15, marzo, p. 68.
- _____ (1991): “Lista de Honor de CLIJ 1990”, *CLIJ*, 27, abril, p. 10.

- _____ (1998): “Los mejores libros de la década (1988-1999)”, *CLIJ*, 111, decembro, pp. 41-53 [Inclúese *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno].
- _____ (1999): “Lista de Honor. CLIJ 1998” e “Los premios del 98”, *CLIJ*, 115, abril, pp. 7-9 e 11-75 [Figura *¿E habrá tirón de orellas?*, de M^a Victoria Moreno].
- _____ (2006): “Agenda”, *CLIJ*, 189, xaneiro, pp. 60-68 [Dáse noticia do falecemento de María Victoria Moreno Márquez e faise unha breve biografía da autora].
- Domínguez Pérez, Mónica (2011): “Traducciones de literatura infantil y juvenil al gallego (1968-1978)/Translations of children’s literature into Galician (1968-1978)”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 14, pp. 49-57.
- Fernández, María Jesús (1997): “Galicia: entre la tradición y la innovación”, *CLIJ*, 98, outubro, pp. 41-45 [No apartado “Literatura Juvenil en ascenso” refírese ao incremento desta produción e dá a benvida a coleccións como “Costa Oeste” na que se reedita *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno].
- _____ (1998): “Galicia: vigor e calidade”, *CLIJ*, 108, setembro, pp. 52-57 [Cítanse as obras *¿E habrá tirón de orellas?* e *¡Xa non teño medo!*].
- _____ (2000): “Galicia: vitalidad y proyectos”/“Galicia: vitalidade e proxectos”, *CLIJ*, “Panorama”, 131, outubro, p. 49/p. 57 [Sobre *Guedellas de seda e liño* afirmase que se trata dunha obra “agardada” “da veterana María Victoria Moreno que non volvera publicar para mozos despois da súa celebrada *Anagnórise*”].
- Fernández, Victoria (2006): “VII Salón de Pontevedra”, *CLIJ*, “Reportaje”, 191, marzo, p. 34-36 [Dáse conta da homenaxe que se lle rendeu a María Victoria Moreno].
- Fernández Paz, Agustín (1997): “¡Un cachiño de bica!”, *Revista Galega do Ensino*, 16, “O pracer de ler”, maio, p. 279.
- _____ (1997): “¡E habrá tirón de orellas!”, *Revista Galega do Ensino*, 17, “O pracer de ler”, novembro, p. 269.
- _____ (1999): “Os 80: tempo de abrir vieiros”, *Fadamorgana*, 2, outubro, pp. 60-64.
- _____ (2000): “Literatura infantil e xuvenil”, *Revista Galega do Ensino*, 26, “O pracer de ler”, febreiro, pp. 263-271 [Cítase *Guedellas de*

- seda e liño*, de María Victoria Moreno, e afirmase que a diversidade de ambientes recreados, a visión detallada e irónica e a solidez que acada son os factores que máis destacan da obra].
- Ferreira Boo, María del Carmen (2010): “O regreso do barco-escola Arroás”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infancia e a Juventude*, 20, “Referências”, novembro, pp. 38-41.
- Fluixà, Josep Antoni (1997): “Comunitat Valenciana: prudència i continuïtat”, “Panorama”, “Les traduccions”, *CLIJ*, 98, outubro, p. 40 [Faise referencia a *Natàlia*, a tradución ao valenciano de *Anagnórise*].
- Gándara, X. (1999): “Guedellas de seda e liño”, *Fadamorgana*, 3, decembro, p. 77
- Gaspar, Silvia (1997): “Unha exploración polo territorio xuvenil”, *Tempos Novos*, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, 2, xuño, p. 78 [Cítase *Anagnórise*, de María Victoria Moreno].
- _____. (1999): “Títulos e autores que marcan un século de LIX”, *Fadamorgana*, 2, outubro, pp. 60-64.
- González Fernández, Helena (2007): “Fórmulas de compromiso. A poesía en 2006”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, “Panorámicas”, pp. 150-155 [Panorámica da situación da poesía galega ao longo do ano 2006. Cítase *Elexías da luz*, de María Victoria Moreno].
- Gracián, Ánxela (2008): “A Thousand Springtimes More. Young People’s Literature”, *Galician books*, pp. [10]-12 [Cítase María Victoria Moreno con *Anagnórise* e indícase que é incluída na Lista de Honra do IBBY].
- Mociño González, Isabel (2017): “O traballo das mulleres na LIX. O rural e o mar en tres obras pioneiras”, *Boletín galego de literatura*, 50, pp. 35-67.
- Neira Cruz, Xosé Antonio (1998): “De vacacións polas páxinas dos libros”, *Tempos Novos*, 15, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, agosto, pp. 60-61 [Trátanse as novidades editoriais, menciónase *¿E habrá tirón de orellas?* (1997)].
- _____. (2005): “Na despedida dos amigos, sen adeuses”, *Grial*, 168, “O Rego da Cultura”, pp. 10-11 [Texto que foi lido no cemiterio de San Mauro de Pontevedra no día do soterramento de María Victoria Moreno].
- _____. (2006): “Salón do libro infantil. A natureza como fonte e como soño”, *Tempos Novos*, 106, “Cataventos”, marzo, pp. 6-8 [Refírese ao pasamento de María Victoria Moreno].

- Nogueira, María Xesús (1997): “Poesía galega dos oitenta”, *Boletín Galego de Literatura* 18, pp. 57-84.
- Pena Presas, Montse (2013): “Feminismo e xénero na literatura infantil e xuvenil galega: unha análise a partir dos personaxes de mulleres”, *Sarmiento*, 17, pp. 55-66.
- Pombal, Graciano (1997): “Onda curta”, *Revista Galega de Educación*, 28, “Literatura infantil. Libros”, p. 93 [Escríbese sobre novidades editoriais de literatura infantil en Galicia e faise referencia á reedición da obra *Anagnórise*].
- (1997): “Onda curta”, *Revista Galega de Educación*, 29, “Literatura infantil. Libros”, pp. 98-100 [Sobre as últimas novidades relacionadas coa literatura infantil en Galicia; faise referencia á reedición de *Anagnórise*].
- Queizán, María Xosé (coord.) (1988): “NENAS. Literatura infantil e xuvenil. As mulleres na literatura e nos contos populares”, *Festa da palabra silenciada*, 5, inverno. Vigo: Artes Gráficas Galicia.
- Rábade Villar, María do Cebreiro (2001): “Límites e posibilidades dun estudio tipolóxico das antoloxías poéticas: o caso galego”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2000*, pp. 205-223.
- Redacción (1989): “Libros que falan, libros que calan”, *Revista Galega de Educación*, 9, pp. 75-76 [Escríbese sobre *Anagnórise*].
- Rodríguez, Manuel (2008): “An international literature”, *Galician books*, pp. [24]-27 [Comeza o artigo cun conciso parágrafo sobre a estabilización do sector da LIX galega tras vinte e cinco anos de existencia. Inclúese unha fotografía de María Victoria Moreno].
- Romero, Marga (1998): “Poetizar o mundo como muller. Movemento poético da Festa da Palabra Silenciada: trece anos de poesía galega de mulleres”, *Grial*, 140, pp. 691-715 [Menciónase a antoloxía *Os novísimos da literatura galega* (1973)].
- Seminario de Literatura Infantil (1987): “Leonardo e os fontaneiros”, *Papeles de Literatura Infantil*, 6, decembro, p. 30.
- (1988): “Anagnórise”, *Papeles de Literatura Infantil*, 8, setembro, p. 30.
- Senín, Xavier (1989): “Galicia: el compromiso de la Administración”, *CLIJ*, 12, decembro, p. 18 [Coméntase que María Victoria Moreno aparece na lista de honra IBBY con *Anagnórise* no apartado de creación].

- Soto López, Isabel (1999): “Á beleza polo lirismo e a tenrura: achegamento á obra de María Victoria Moreno”, *Fadamorgana*, 3, decembro, pp. 17-21 [Coméntase toda a produción da autora en galego e indícase que as notas dominantes na súa obra son o lirismo, o ton de tenrura, a preocupación polo ensino, a defensa do trato digno nos animais, o amor pola natureza e a súa aproximación ao mundo das nenas e nenos dende o punto de vista da comprensión. Cítanse os trazos máis salientábeis das seguintes obras: *Mar adiante* (1973), *O cataventos* (1989), *A festa no fúiado* (1986), *¡Xa non teño medo!* (1998), *A Brétema* (1999), *Leonardo e os fontaneiros* (1986), *¿E haberá tirón de orellas?* (1997) e *Anagnórise* (1989)].
- Vidal, Engracia (1997): “Libros chegados á redacción”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, 101, 102, 103, 104, 105, pp. 108-111, pp. 211/99-214/102, pp. 311/95 312/96, pp. 443/131-448/136 e pp. 545/97-549/101 [Achéganse breves comentarios das novidades editoriais; inclúese *Anagnórise*].

En xornais

- A.F.A. (2003): “Todo listo para a entrega dos Premios ‘Irmandade do Libro’”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 6 marzo, p. 68 [Infórmase de que a Federación de Libreiros dará a coñecer o gañador do Mellor libro galego do ano 2002, na que participa tamén a catedrática de lingua e literatura, María Victoria Moreno].
- A.L. (1985): “Manuales”, *El Correo Gallego*, 3 marzo.
- A.N.T. (2006): “O VII Salón do Libro Infantil pontevedrés adicado á natureza”, *A Nosa Terra*, 1.209, “Cultura”, 2-8 febreiro, p. 25 [Anúnciase a celebración do VII Salón do Libro Infantil de Pontevedra. Apúntase que esta edición toma como eixo temático A Natureza e que homenaxeará a escritora María Victoria Moreno, recentemente finada. Saliéntase tamén a presenza de varias exposicións, entre elas “A natureza dos sentimentos”, centrada na autora].
- Abascal, María (2018): “Empeza o Ano María Victoria Moreno na web da Academia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, Ciencia, Cultura, Ocio”, 15 xaneiro, p. 24 [Dáse conta da bibliografía que asinan Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre na academia.gal].

- Abuín de Tembra, Avelino (1996): “Lorca, unha gloria de Galicia”, *El Correo Gallego*, “A lúa nos beizos”, 27 outubro, p. 2 [Indícanse nomes de persoas non galegas que empregaron ou empregan a lingua galega, entre elas, M^a Victoria Moreno].
- Acuña, X. Enrique (2002): “Sen moralinas entorpecedoras”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 25 setembro, p. 53 [Preséntase unha panorámica da situación dos institutos galegos no momento da aparición da obra *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno etapa que cualifica como oportuna para unha mocidade inserida de cheo nun proceso de cambios; remátase facendo unha loanza da obra. Artigo recollido en VV.AA (2002): *Crítica e autores: artigos e entrevistas publicadas en La Voz de Galicia*, vol. II. A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, pp. 399-400].
- Agrelo Costas, Eulalia (2010): “70”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 20 xullo, p. 48 [Saliéntanse algunhas das obras narrativas da década dos setenta, na que a produción literaria para os máis novos aínda era reducida, entre elas, *Mar adiante* (1973)].
- ____ (2011): “Insigne fazaña editorial”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 26 abril, p. 40/*Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Para ler”, 26 abril, p. 28 [Indícase que Carmen Ferreira Boo se ocupa dunha obra fundacional da Literatura Infantil e Xuvenil galega, *Mar adiante* (1973)].
- ____ (2015): “LIBROS. ‘Grandes Autores para Pequenos Leitores’, de José Antón Gómez e Blanca-Ana Roig Rechou (coords.)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 11 marzo, p. 43 [Menciónase o nome de María Victoria Moreno como parte da literatura canonizada da LIX].
- Aldán, Clara (2017): “¡Un brindis por las periodistas!”, *Diario de Pontevedra*, “A praza da verdura”, 30 decembro [Indícase que o acto central do Día das Letras Galegas 2018 será en Pontevedra].
- Alonso, Serafín (2017): “María Victoria Moreno releva a Fernández Ladreda en el callejero”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 12 setembro, p. 12.
- ____ (2018): “La cultura respalda que María Victoria Moreno tenga calle propia en la ciudad”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 marzo, p. 5 [Indícase, ademais, que a iniciativa conta co apoio da

- RAG, da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e da familia da autora, entre outros colectivos].
- Alonso Montero, Xesús (2000): “1975: Castelao en Ourense”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 28 xaneiro, p. 17 [Lembranza dos actos organizados polo Ateneo de Ourense con motivo do XXV cabodano de Castelao; coméntase que María Victoria Moreno impartiu un curso de lingua].
- (2006): “María Victoria Moreno, un alumno e a policía”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, “Beatus qui legit”, 18 febreiro, p. 149 [Coméntase que o Salón do Libro vén de homenaxear cunha mostra literaria e iconográfica a escritora María Victoria Moreno. Alonso Montero lembra que a homenaxeada impartiu clase ao alumno Xesús Rábade Paredes e tamén que lle retiraron o pasaporte por “impartir cursos gratuítos de lingua galega”].
- (2011): “O poeta Farruco Sesto Novás”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, 411, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 16 abril, p. 15 [Coméntase que a Real Academia Galega presentou en 2010 a *Obra poética reunida (1967-1995)* de Farruco Sesto Novás, editada por Yolanda Castaño. Indícase que a esta antoloxía lle faltan algúns poemas que ten o articulista e que lle proporcionou María Victoria Moreno, responsable da antoloxía *Os novísimos da poesía galega*, publicada en 1973].
- (2014): “María Victoria Moreno e os Novísimos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, 554, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 11 xaneiro, p. 10 [Lémbrese o cuadraséximo aniversario da antoloxía bilingüe *Os novísimos da poesía galega*, de María Victoria Moreno Márquez, publicada en 1973 por Akal Editor en Madrid. Coméntase a composición do libro, os motivos da escolma da estudosa e os dez escritores que a integraron].
- (2015): “Dez anos sen ela”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 20 novembro, p. 13 [Dáse conta do décimo aniversario do pasamento de María Victoria Moreno; indícase que se iniciou na Literatura Infantil e Xuvenil con *Mar adiante* (Edicións do Castro, 1973) e que o libro *Anagnórise* segue a reeditarse. Achéganse datos da súa biografía e da súa formación profesional, destacando o labor como profesora de literatura e como crítica literaria, mencionando antoloxías como *Literatura galega do século XX* ou *Os novísimos da poesía galega*].

- _____ (2016): “O primeiro *Quixote* en galego”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 22 abril, p. 13 [Indícase que foi María Victoria Moreno a persoa que asumiu a responsabilidade de traducir os poemas das dúas partes da novela].
- _____ (2017): “María Victoria Moreno, filóloga sen fronteiras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Día das Letras Galegas”, 2 xullo, p. 40 [Escríbese sobre a paixón da autora pola filoloxía e o ensino e faise un percorrido bio-bibliográfico. Cítanse os manuais *As linguas de España* e *Verso e prosa* e as obras *Anagnórise* e *Mar adiante*. Coméntase a participación da autora en cursos de lingua galega como docente, o que lle supuxo a retirada do pasaporte e as súas preferencias de cátedra por “poetas case sempre silenciados”].
- _____ (2018): “María Victoria Moreno, autófona”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 9 febreiro, p. 15 [Achégase unha breve biografía da escritora homenaxeada nas Letras Galegas 2018, explícase que non se trata dunha escritora alófona en contraste con García Lorca ou Carles Riba. Faise referencia ao relatorio “Escritora alófona eu?” e recóllense palabras da propia autora].
- Álvarez Pérez, Mónica (2011): “Literatura xuvenil. Problemáticas familiares e sociais”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 1 marzo, p. 40 [Faise referencia a aquelas obras da década dos oitenta que destacan por abordar entre as súas temáticas os conflitos familiares e sociais; cítanse *Leonardo e os fontaneiros* (1986) e *Anagnórise* (1988), de M^a Victoria Moreno].
- Araguas, Vicente (1997): “¿Poetas dos 80?”, *El Correo Gallego*, “Chineses”, 3 xaneiro, pp. 19-22 [Cuestiónase neste artigo a existencia dunha xeración de poetas galegos na década dos 80, inclúese a María Victoria Moreno como unha das fontes que deu a coñecer os novos autores].
- B.N. (2000): “Guedellas de seda e liño non é unha novela politicamente correcta”, *Diario de Pontevedra*, 28 de xaneiro.
- B.L. (2003): “A un experto en lobos e raposos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 5 febreiro, p. 76 [Faise eco da presentación de *Desventuras dun lobo namorado* (2002), de Fina Casalderrey, dentro das actividades do IV Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, e sinalase que a encargada de presentar a autora foi María Victoria Moreno, quen destacou a súa sabedoría].

- _____ (2004): “A vida é vida porque temos quen nos queira”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 14 decembro, p. 76 [Infórmase do evento que tivo lugar no Café Moderno en Pontevedra con motivo da presentación do libro da escritora residente nesa cidade María Victoria Moreno. Sinálase que en *Diario da luz e a sombra* a autora pretende amosar a súa vida dende o momento en que lle diagnosticaron un cancro de mama hai sete anos. Infórmase tamén de que o encargado de presentar o volume foi Xosé Ramón Couto Fariña, quen afirmou que a súa única enfermidade era o bo estilo e a literatura].
- _____ (2018): “Urco reedita dous contos infantís de María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, 8 xaneiro, p. 7 [Cítase o volume *Mulleres bravas da nosa historia* dedicado a María Victoria Moreno; dáse conta da reedición de dous contos infantís que foron publicados hai vinte anos, ‘A brétema’ e ‘O cataventos’. Dise que *O amor e as palabras*, contén seis relatos recuperados e un inédito que dá nome ao título].
- _____ (2018): “Urco e o Concello convocan o I Premio María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, 12 xaneiro, p. 7 [Dáse conta da aparición do novo certame literario de literatura xuvenil convocado entre Urco Editora e o Concello de Pontevedra. Indícanse as bases, a composición do xurado, a contía do premio (4000 euros e a publicación do libro en Urco Editora) e que a deliberación do xurado terá lugar en Pontevedra durante o Salón do Libro Infantil e Xuvenil. Engádesse que o certame se suma ás actividades que a editorial está a realizar, como a recuperación de contos infantís da autora como *A Brétema* e *O Cataventos*].
- Bragado, Manuel (2017): “María Victoria Moreno, Mestra”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 20 xuño, p. 24 [Dáse conta da homenaxeada nas Letras Galegas 2018].
- _____ (2017): “Mulleres no rueiro”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 26 decembro, p. 26 [Sobre a iniciativa que procura mudar o nome da rúa do franquista Fernández Ladreda polo de María Victoria Moreno].
- C.P. (2002): “Mercancía cultural, a 80 euros o kilo”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 28 abril, p. 8 [Inclúense parte dos contidos do pregón

- de María Victoria Moreno na XXI Feira do Libro de Santiago, quen sinalou que “é un luxo ter horas de lecer para ler”].
- Calvo, Ana (2002): “Pérez Varela destaca el empuje editorial gallego en la apertura de la Feira del Libro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 abril, p. 35 [Refírese ao “poético” pregón lido pola escritora María Victoria Moreno].
- Carneiro, Montse (2017): “O Día das Letras 2018 honrará á narradora, tradutora e ensaísta María Victoria Moreno”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 xuño, p. 38.
- Carou, F. (2018): “Sermos Galiza S.A. lanza a cabeceira *De Nós*”, *Sermos Galiza*, “Sociedade”, 285, 22 febreiro, p. 8 [Dáse conta da presentación da nova cabeceira, *De Nós*, e indícase que o segundo número xirará ao redor de María Vitoria Moreno con traballos de Fina Casalderrey, Marta Dacosta, Eli Ríos, Susana Sánchez Aríns, Antonio García Teijeiro, Carme Vidal, Montse Pena Presas e Mercedes Queixas].
- Casalderrey, Fina (1997): “María Victoria Moreno”, *El Correo Gallego*, “Teatro do mundo”, 27 abril, pp. 63-64 [Destácase a sensibilidade da escritora María Victoria Moreno así como a súa capacidade para contaxiar o amor pola arte da palabra; exprésase a ledicia de ter coñecido a autora de *Anagnórise* e por partillar amizade].
- _____ (2006): “A M^a Victoria Moreno, in memoriam”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 11 febreiro, p. 35 [Carta dirixida a M^a Victoria Moreno na que Fina Casalderrey lembra a autora evocando aspectos da súa personalidade e da amizade que as uniu. Destácase o seu compromiso e a importancia da autora como mestra de diferentes xeracións, así como vivencias compartidas. Explícase que se clausurou o Salón do Libro Infantil de Pontevedra, no que se lle rendeu unha homenaxe “que lle tería gustado moito, pois os nenos participantes fixérona moi entrañábel”].
- Castro Ratón, Xosé (2015): “Día das Galegas nas Letras”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, 16 maio, p. 26 [alúdese á creación do “Día das Galegas nas Letras” por parte da plataforma A Seg; indícase que “veñen de escoller a María Victoria Moreno”].
- _____ (2018): “A encantadora de palabras”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 11 xaneiro, p. 6 [Cítase *Anagnórise* como a obra

- máis relevante por difusión e *Leonardo e os fontaneiros* por ser a preferida da autora. Coméntase o termo ‘alófono’ e faise fincapé na necesidade de recuperar a obra da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas. Péchase dando conta de títulos da autora publicados recentemente por Urco Editora en colaboración ‘fundamental’ de Xavier Senín: *A brétema*, *O cataventos* e *O amor e as palabras*].
- CH.L. (2006): “Ana María Matute participará en el Salón do Libro Infantil de Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 xaneiro, p. 48 [Resumo da programación prevista para o Salón do Libro Infantil de Pontevedra, da homenaxe a María Victoria Moreno sobre cuxa obra Xosé Antonio Neira Cruz presentará unha conferencia].
- Cidrás, L. (1997): “Anagnórise”, *Boletín Editorial Galaxia*, 28, outubro, p. 3 [Indícase que *Anagnórise*, de María Victoria Moreno, tivo unha boa recepción entre os estudantes, non só en Galicia, mais tamén en Valencia, País Vasco e Cataluña; defínese a obra como un “clásico da literatura xuvenil galega” e engádese que Galaxia a publicou como primeiro volume da colección Costa Oeste].
- Costa, Xosé María (2006): “A lembranza inmóbil de Ma^a Victoria Moreno”, *A Nosa Terra*, 1.243, “Poesía”, 9-15 novembro 2006, p. 23 [Co gallo da publicación póstuma de *Elexías de luz*, a cal se define como “mostras duradeiras de dor e soidade, e versos sinceros e espídos, nos que se debuxan a angustia e a soidade cotián”].
- D.P. (1999): “Neira Cruz presentó en Marín su libro ‘Valdemuller’”, *Diario de Pontevedra*, 7 marzo, p. 14 [Indícase que María Victoria Moreno participou na presentación e que puxo de relevo a figura de Neira Cruz].
- (2000): “A escritora Victoria Moreno presentou a súa última novela”, *Diario de Pontevedra*, 29 xaneiro, p. 12 [Sucinto comentario sobre a presentación da obra *Guedellas de seda e liño* (1999), de María Victoria Moreno; destácase o “complexo mundo da mocidade e o descubrimento da vida a través da historia de dúas nenas, e un primeiro amor”; tamén se citan algunhas obras anteriores da autora como *Mar adiante* (1973), *Leonardo e os fontaneiros* (1986), *A festa no faiado* (1986), *O cataventos* (1989) e *Anagnórise* (1989)].
- E.N. (1999): “Ir Indo quere chegar ós nenos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 30 maio, p. 33 [Cítase *A Brétema*, de María Victoria Moreno].

- E.P. (2006): “Homenaxe a María Victoria Moreno no VII Salón do Libro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 febreiro, p. 34 [Alúdese á homenaxe a María Victoria Moreno que terá lugar no acto inaugural do VII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra coa lectura do pregón a cargo dun grupo de escolares de primaria do CEP A Xunqueira II].
- _____ (2006): “Versos na lembranza de Moreno”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 febreiro, p. 36 [Dáse conta da homenaxe a María Victoria Moreno que tivo lugar nesta xornada inaugural na que se recitou unha escolma dos seus poemas].
- _____ (2006): “Homenaxe a María Victoria Moreno en Pontevedra”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 12 febreiro, p. 74 [Nota na que se informa de que na clausura do VII Salón do Libro de Pontevedra se levou a cabo unha homenaxe á escritora María Victoria Moreno, na que se lle entregou unha reprodución en madeira da mascota do Salón ao compañeiro da autora, Pedro Ferriol].
- E.V.R. (2006): “A Lonxa Literaria organiza unha homenaxe á escritora Victoria Moreno”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 22 xaneiro, p. 20 [Anúnciase a celebración, o 28 de xaneiro na Casa do Mar de Moaña, dunha homenaxe, por parte da Lonxa Literaria Xuvenil, á escritora María Victoria Moreno, recentemente falecida. Lémbrese que a escritora estremeña residente en Galicia foi a primeira participante nos faladoiros que organiza este grupo de mozos. Sinálase que o acto consistirá nunha exposición bibliográfica e nunha lectura de fragmentos da obra de María Victoria Moreno].
- Eiré, Xosé Manuel (2000): “Unha excelente colleita literaria”, *A Nosa Terra*, 921, “Guieiro Cultural”, 10 febreiro, pp. 27-28 [Repertorio de obras que saíron ao longo de 1999; cítanse tres libros de LIX, entre eles *Guedellas de seda e liño*, de M^a Victoria Moreno].
- _____ (2010): “A selección para o Nadal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, p. 46/“Para ler no Nadal”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “LIX”, p. 31, 28 decembro [Escríbese sobre *Mar adiante* (1973), de María Victoria Moreno Márquez].
- _____ (2013): “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 23 xullo, p. 35 [Coméntase *Os ollos do dragón*, tradución a cargo de María Victoria Moreno].

- _____ (2014): “XV Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 20 marzo, p. 42 [Indícase que será homenaxeada María Victoria Moreno, entre outras].
- ELOS (2015): “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “2domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 16 agosto, p. 5 [Lémbrese o décimo aniversario da morte de María Victoria Moreno e destácanse varios títulos da súa obra de literatura infantil e xuvenil].
- F.V. (1996): “La cantera gallega copa los premios nacionales”, *La Voz de Galicia*, “Terras de Lemos”, “Especial”, 23 maio, p. 8 [Coméntase que a Asociación IBBY inclúe a obra de María Victoria Moreno].
- Fernández, María Jesús (2009): “Galicia: fortaleza y vitalidad”/“Galicia: fortaleza e vitalidade”, *CLIJ*, 230, “Panorama”, outubro, p.50/p.57 [Dáse conta da reedición de *Mar adiante*].
- Fernández, Paula (2006): “Contar e cantar”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, 154, “Infantil/Xuvenil”, 23 febreiro, p. 7 [Lembranza e homenaxe a María Victoria Moreno, escritora falecida pouco tempo despois da publicación do seu libro *Eu conto, ti cantas...* Despois dá conta polo miúdo dos tres relatos en verso dos que *Eu conto, ti cantas...* está composto: “Xa non teño medo”, “Can branco, can negro” e “Un cachiño de bica”].
- _____ (2009): “Obra imprescindible”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, 299, “Infantil/Xuvenil”, 19 setembro, p. 7 [Após comentar que esta obra supuxo en 1973 un grande avance na historia da literatura infantil e xuvenil en lingua galega, salienta a súa recuperación por Xerais, con ilustracións de Manuel Uhía, e cualifícaa como “obra imprescindible no corpus literario”].
- Ferreira, Carmen (2014): “EN LIBROS: *Historia Crítica de la Literatura Infantil e ilustración Ibéricas* (2000)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 17 outubro, p. 42 [Dáse conta do contido do monográfico que acolle as actas do III Congreso de Literatura Infantil y Juvenil, celebrado en Cáceres entre o 3 e o 6 de decembro de 1998, e do Precongreso, que tivo lugar o 25 e o 26 de setembro de 1998 en Rocamador/Barcarrota (Badaxoz). Indícase que Miguel Vázquez Freire e Isabel Soto realizaron un traballo sobre M^a Victoria Moreno e Marilar Aleixandre].

- Fraga, Xesús (2017): “María Victoria Moreno, un diálogo interxeracional para o Día das Letras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xuño, p. 38 [Sobre a escolla de María Victoria Moreno como figura homenaxeada co Día das Letras. Realízase unha aproximación á súa vida e obra; recóllense algunhas palabras da autora; cítanse aquelas obras que se consideran máis destacadas e inclúense afirmacións do escritor e especialista Rábade Paredes].
- Gallego, Luz (2002): “17 de maio, Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Letras infantiles”, 12 maio, p. 8 [Enuméranse algúns feitos que dan conta do próspero panorama actual da literatura infantil e xuvenil, cítase *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno].
- (2002): “La Voz entrega mañá *Anagnórise*”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 setembro, p. 53 [Indícase que *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno, é un dos maiores éxitos editoriais para a mocidade, dende a súa primeira edición na colección Árbore de Galaxia en 1988 ata a súa décimo terceira edición na colección Biblioteca Galega 120. Sinálase que é unha das obras que conta cunha maior proxección fóra das fronteiras galegas. Conclúese mencionando unha serie de cualidades propias da autora que guían os seus actos e o seu modo de escribir: o amor, a benevolencia, a xenerosidade, o compromiso etc].
- García, Mariano (1996): “Fina Casalderrey”, *El Correo Gallego*, “Teatro do Mundo”, 6 outubro, p. 88 [Engádense breves comentarios sobre María Victoria Moreno].
- Gaspar, Silva (2000): “Voces de mulleres”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 30 outubro, p. 6 [Maniféstase que o número de mulleres escritoras aumentou; cítase a María Victoria Moreno, da que se destaca a novela *Guedellas de seda e liño* (1999)].
- (2004): “Noutras linguas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, “O que le, é un león”, 22 marzo, p. 7 [Coméntase sucintamente a obra *Sopitas con canela*].
- Gómez, Chus (2017): “O IES Torrente Ballester editará un conto de María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, 25 outubro, p. 8.
- (2018): “Acrílico sobre parede para lembrar eternamente a María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra Ciudad”, 24 xaneiro, p. 4 [Indícase que o IES Torrente Ballester impulsa as

- actividades en recordo da docente e escritora homenaxeada polo Día das Letras Galegas].
- (2018): “Os ‘anaquiños da alma’ de María Victoria Moreno chegan ás aulas coa Primavera das Letras da RAG”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra Ciudad”, 23 febreiro, p. 12 [Indícase que Pontevedra acolleu o primeiro acto público dedicado á autora homenaxeada o 17 de maio, no CEP Marcos da Portela, e no cal participou Fina Casalderrey para presentar a Primavera das Letras, o proxecto web dedicado a María Victoria Moreno, destinado ao profesorado de Infantil e Primaria, ás familias e ao propio alumnado con propostas didácticas, lúdicas e parte delas interactivas, arredor do universo vital e literario da homenaxeada].
- Gómez, Cuca M. (2017): “Un brindé por María Vitoria”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 11 agosto, p. 62 [Infórmase da celebración dunha homenaxe a María Victoria Moreno pola xeración de compañeiras de Fina Casalderrey e Rosario Álvarez].
- (2017): “Noche navideña en la ópera”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a Diario”, 29 decembro 2017, p. 54 [Cítase María Victoria Moreno e coméntase que será homenaxeada no próximo Día das Letras Galegas].
- Gómez Ledo, A. (1973): “Mar adiante”, *Diario de Pontevedra*, 31 maio [Sobre *Mar adiante*].
- Gómez, Rosa (2002): “Galega por adopción”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 25 setembro, p. 53 [Destácase a figura de M^a Victoria Moreno dentro do panorama literario galego; faise mención da súa chegada ao Instituto Feminino en Pontevedra como profesora de Lingua e Literatura española, dende o seu lugar de nacemento, Estremadura; refírese á asimilación que fixo do mundo galego, da súa cultura e da súa lingua. Artigo recollido en VV.AA (2002): *Crítica e autores: artigos e entrevistas publicadas en La Voz de Galicia*, vol. II. A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, pp. 401-402].
- I.L.R. (1971): “María Victoria Moreno, primer premio y medalla de oro en los Juegos Florales Miño-Galaicos de Guimarães”, *Diario de Pontevedra*, 1 decembro.

- Jaboís, Manuel (2006): “Cuéntame un cuento”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 11 febreiro, p. 83 [VII Salón do Libro Infantil de Pontevedra: alude ademais ao acto de clausura coa homenaxe a María Victoria Moreno].
- L.G. (1973): “La conferencia de María Victoria Moreno Márquez”, *El Correo Gallego*, “Pulso de la ciudad”, 24 xaneiro.
- L.R. (1973): “María Victoria Moreno Márquez”, *El Progreso*, 6 abril.
- Larriba, Elena (2018): “A Academia entra nas escolas coa Primavera das Letras de María Victoria Moreno”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 febreiro, p. 39 [Dáse conta do primeiro acto da programación do ano dedicado a María Victoria Moreno, a Primavera das Letras, unha plataforma que fornece ao profesorado de Infantil e Primaria, aos pais e nais e ao propio alumnado mediante un enfoque multidisciplinario. Engádese que o acto se realizou no CEP Marcos da Portela e que contou coa presenza de Begoña Llácer Moreno e con Pedro Ferriol, filla e viúvo da homenaxeada].
- Liñares Giraut, Xosé Amancio (1997): “Xosé Neira Vilas (II)”, *O Norte*, “Nas veas da diáspora”, 67, do 24 ao 31 maio, p. 2 [Inclúense citas de traballos de M^a Vitoria Moreno, entre outros].
- López, Ana (2000): “Todo cabe na literatura coa condición de que estea ben tratado”, *Diario de Pontevedra*, 22 marzo, p. 11 [Dáse conta das I Xornadas dos Comités Abertos de Estudantes de Pontevedra; coméntase que a escritora M^a Victoria Moreno explicou como deben ser as bases da literatura actual, indicando que a moralidade e a moda son o que diferencian a literatura actual da de hai algúns anos; tamén afirma que moitos escritores e escritoras se deixan influenciar polas editoriais e que “dependen do politicamente correcto, é dicir, a igualdade dos sexos, os dereitos da muller, a ecoloxía... aspectos todos eles que se introducen como pastillas de moralina”].
- López, Belén (2000): “El Salón del Libro Infantil e Xuvenil se inauguró a ritmo de métrica y rimas”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 11 decembro, p. 33 [Dentro das actividades, menciónase o encontro coa escritora M^a Victoria Moreno].
- (2000): “¿E habrá tirón de orellas? no Salón do Libro de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Cultura Ocio”, 12 decembro, p. 72 [Indícase que M^a Victoria Moreno explicou como ideou o relato

¿E habrá tirón de orellas?; maniféstase a sorpresa da autora cando un grupo de alumnos representaron nun teatro de sombras a súa obra; recóllense palabras da autora nas que explica por que escribiu o conto en verso].

____ (2001): “Literatos na casa do Concello”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de CulturaOcio”, 6 abril, p. 64 [Infórmase dos actos do programa “Abril dos libros”, cítanse todas as autoras e autores galardoados durante o ano 2000, entre elas Victoria Moreno].

____ (2001): “A Feira do Libro onde os lectores son “Feras desmadradas” segundo a pregoeira”, *Diario de Pontevedra*, 15 xullo, p. 61 [Infórmase sobre a Feira do Libro de Pontevedra; coméntase que María Victoria Moreno participou e recibiu unha homenaxe pola súa carreira].

____ (2001): “¡Que bonita está hoxe Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 23 xullo, p. 44 [Faise eco das palabras que, con motivo da homenaxe que se lle tributou o último día da Feira do Libro de Pontevedra, pronunciou María Victoria Moreno, nas que denunciou o maltrato da que foi obxecto polos seus compañeiros de xeración e agradeceu o apoio actual da xente nova. Lembra tamén as intervencións de Xavier Senín e Fina Casalderrey, bos amigos da escritora, que louvaron a súa calidade humana e a loita por unha lingua que non é a súa].

____ (2005): “A vida é preciosa, é un gran privilexio”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 23 novembro, p. 81 [Recóllense uns extractos da última entrevista de María Varela á escritora María Victoria Moreno, con motivo da publicación do seu derradeiro libro *Diario da luz e a sombra*. Nesa conversa María Victoria Moreno trata temas como a súa experiencia co cancro; a mirada que dirixiu ao pasado para ver como fora a súa vida; a súa xubilación, levada a cabo porque cría que as súas forzas xa non eran as de antes e consideraba a aula como unha festa á que xa non podía ver como noutro; o amor; a escrita e finalmente da vida, “un gran privilexio”].

____ (2005): “Pasamento de María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 novembro, pp. 80-81 [Dáse conta do pasamento de María Victoria Monero o día 22 de novembro de 2005 en Pontevedra, vítima do cancro. Comézase lembrando a súa derradeira intervención pública, a presentación do seu libro *Diario da luz e a*

sombra, obra cuxa temática xira arredor da súa loita coa enfermidade. Enuméranse as condolencias oficiais que se fixeron chegar dende diferentes institucións inmediatamente despois do coñecemento do seu falecemento; entre elas cítase o pésame da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX). Ademais de anunciar o lugar e data do funeral, ofrécese unha breve biografía e faise un resumo das súas principais achegas á literatura e dos premios que acadou con elas].

____ (2005): “Escritores, políticos e libeiros asisten ao funeral de María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 24 novembro, p. 73 [Dáse conta do impacto que causou a desaparición da escritora María Victoria Moreno no seo da cultura galega e indícase que foron moitas as persoas vencelladas co mundo da literatura e da cultura en xeral: editores, libeiros, ilustradores, poetas etc. os que se persoaron nos actos litúrxicos celebrados na súa honra para darlle o último adeus. A seguir, recóllese unha biografía da escritora nada en Valencia de Alcántara (Cáceres) e noméanse algunhas das súas obras].

____ (2005): “Pintos para Pavís Pavós e Vieiros”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 22 decembro, p. 84 [Cobertura do premio Pintos na que se recolle a concesión na categoría de local do prezo ao grupo de contacontos Pavís Pavós, na categoría autonómica ao portal Vieiros e a mención de honra para María Victoria Moreno, da cal se destaca, en palabras do xurado que “non dubidou en facer da lingua galega un escudo”].

____ (2006): “María Victoria está aquí igualmente”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/domingo”, 12 febreiro, p. 74 [Comézase coas palabras de Xosé Antón Neira Cruz, dedicadas a María Victoria Moreno, no acto de clausura da sétima edición do Salón do Libro de Pontevedra].

____ (2007): “Un necesita deses ollos que o miran e, como pouco, simulan que o atenden”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, 360, “Mil primaveras máis!”, 14 outubro, pp. 6-7 [Entrevista a Fina Casalderrey na que se centra no comentario d’A Pomba e o Degolado e se referire a María Victoria Moreno].

____ (2017): “Manuel Bragado. ‘Benvidos a Cultur-dez’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “X Culturgal”, 2 decembro, p. 2 [Fálase do décimo aniversario da Feira das Industrias Culturais de Galicia,

- Culturgal, e da súa importancia para Pontevedra como cidade no ano que se homenaxea a María Victoria Moreno no Día das Letras Galegas e a Alejandro de la Sota no Día das Artes].
- _____ (2018): “A historia de amor entre María Victoria e Galicia comeza en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra Ciudad”, 16 xaneiro, p. 12 [Dáse conta da bibliografía que asinan Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre na academia.gal].
- _____ (2018): “Pequena biografía de María Victoria”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra Ciudad”, 20 xaneiro, p. 12 [Co gallo das Letras Galegas, achégase un breve comentario sobre a biografía da autora homenaxeada].
- Lorenzo, F. P. (2005): “Morre María Victoria Moreno, pioneira da narrativa de muller”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 23 novembro, p. 67 [Recóllese noticia do falecemento de María Victoria Moreno, autora da obra *Anagnórise*, un dos libros máis lidos e vendidos da literatura galega contemporánea. Coméntase que faleceu por unha enfermidade á que se achegou na obra *Diario da luz e a sombra*, a doenza do cancro de mama reflectido cunha mensaxe moi positiva. Deseguido, faise un repaso á súa biografía, cítanse as súas obras máis coñecidas e infórmase da hora e o lugar no que será soterrado o seu corpo].
- Loureiro, Ramón (2000): “Eloxio das primeiras palabras”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, 118, 7 marzo, pp. 4-5 [Panorámica da literatura infantil e xuvenil en Galicia; cítase María Victoria Moreno].
- M.F. (2001): “La biblioteca ponteareana inicia las actividades del Mes das Letras”, *Atlántico Diario*, “Condado”, 2 maio, p. 3 [Fálase do ciclo “Encuentro con autor” e indícase que asistirá Victoria Moreno].
- M.J. (2000): “Letras e escritores en Sanxenxo”, *Diario de Pontevedra*, “En portada/Día das Letras. Sanxenxo”, 10 maio, p. 7 [Nota sobre a presenza da escritora María Victoria Moreno nas aulas do colexio público O Telleiro en Noalla con motivo da celebración do Día das Letras Galegas; sinálase que os nenos e nenas asistentes realizaron numerosas preguntas á escritora xa que ao longo do curso elaboraron varios traballos sobre os seus libros].
- MARÉ (2005): “Máis luces ca sombras”, *Galicia Hoxe*, ‘Maré’, 23 novembro, p. 35 [Infórmase do falecemento de María Victoria Moreno en Pontevedra por causa dun cancro de mama. Lémbrese que a

autora relatou no seu último libro, *Diario da luz e a sombra*, a súa experiencia con esta enfermidade. A continuación, ofrécense algúns datos biográficos da escritora e noméanse algunhas das súas obras. Finalmente, infórmase de cando e onde terá lugar o funeral e soterramento].

_____ (2006): “Unha vida son mil historias”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 xaneiro, p. 36 [Escríbese sobre a desaparición de María Victoria Moreno para, a seguir, comentar que será a protagonista do Salón do Libro Infantil de Pontevedra].

Martínez, Alberto (2017): “María Victoria Moreno, a persoeira do Día das Letras do vindeiro ano”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 18 xuño, p. 37.

Martínez Bouzas, Francisco (2009): “Novela homenaxe. Retallos da vida aldeá”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, 298, “Libros”, 9 xullo, p. 6 [Infórmase da existencia da primeira novela de María Victoria Moreno, *Onde o aire non era brisa*, que quedara inédita despois de ser finalista do Premio Café Gijón en 1969. Recuperouse en 2005 e traducíuse catro anos despois por Xavier Senín. Valórase como a obra dunha neófita da escrita literaria, mais relatada dun xeito eficaz e sinxelo, cuxo tema son as vicisitudes dos habitantes da vila de Alcores de Donalvar].

Montero, Luis (2018): “A RAG presenta a web Primavera das Letras de María Victoria Moreno”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 febreiro, p. 44 [Indícase que Pontevedra acolleu o primeiro acto da programación dedicado á escritora, no CEP Marcos da Portela. Coméntase que nel se realizou a presentación dun novo proxecto web dedicado á autora homenaxeada e destinado a fornecer o profesorado de Infantil e Primaria, ás nais e pais e ao propio alumnado con recursos interdisciplinares, didácticos e lúdicos que xiran en torno á figura da autora homenaxeada].

N.P.I. (2001): “La ‘Feira do Libro de Pontevedra’, inaugurada ayer, vuelve a la plaza da Ferrería a petición de los libreros”, *El Correo Gallego*, “Vida Municipal”, 15 xullo, p. 16 [Fálase das actividades e salientase a homenaxe a Victoria Moreno, na que se conta que participan Miguel Suárez, Fina Casalderrey, Xosé Vázquez Pintor e Manuel Lourenzo].

Neira, E. (1998): “O santiagués Xosé Antonio Neira gaña o certame ‘O barco de Vapor’/“Xosé Antonio Neira gaña o certame ‘O Barco de

- Vapor' con 'A festa dos quince'", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 21 febreiro, p. 14/p. 33 [Indícase que María Victoria Moreno facía parte do xurado].
- Neira Cruz, Xosé Antonio (2005): "Na despedida dos amigos, sen adeuses", *Grial*, 168, "O Rego da Cultura", pp. 10-11 [Inclúese o texto de Xosé A. Neira Cruz que foi lido no cemiterio de San Mauro de Pontevedra no día do soterramento de María Victoria Moreno. Nel, ao xeito de misiva, diríxese á autora falecida e lembra algunha das súas conversas, nas que falaban da morte e das despedidas. Neira Cruz reitera a súa negativa a despedirse dela, posto que considera que as persoas viven mentres seguen nas lembranzas dos que as quixeron en vida. Destaca da autora a súa vocación como docente e a importancia que tivo para diferentes xeracións de alumnos. Remata dándolle as grazas polo seu maxisterio, as súas palabras e a influencia que tivo na súa vida, á que considera unha "fada madriña"].
- Neira Rodríguez, Marta (2012): "Actualización de temáticas e formas na poesía infantil", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 17 abril, p. 43 [Cítase María Victoria Moreno, *¿Un cachíño de bica?* (1994)].
- Nicolás, Ramón (2006): "Novedades", *Qué Leer*, 113, "Otras letras", setembro, p. 23 [Menciónase *Elexías de luz*, de María Victoria Moreno].
- Novo, Paulino (2003): "Parentes parte XX", *El Correo Gallego*, 'Correo das Culturas', "Borboriño biográfico", 21 setembro, p. 5 [Coméntase a anagnórise literaria, que é o coñecemento dunha persoa da que se descoñece a identidade, e cítase a novela de María Victoria Moreno que aborda o tema e leva ese termo por título].
- Obelleiro, María (2017): "Os proxectos fermosos de María Victoria Moreno", *Sermos Galiza*, 251, "fóradeserie", 22 xuño, pp. 2-3 [Realízase unha reportaxe sobre a autora co gallo da homenaxe no Día das Letras Galegas. Da man de Fina Casalderrey e de Marilar Aleixandre, lévase a cabo unha aproximación á traxectoria vital e literaria de María Victoria Moreno].
- Outeiro, Mario (2017): "María Victoria Moreno", *El Progreso*, "Opinión", "Tribuna política", 10 novembro, p. 30 [Co gallo das selección da autora para ser a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas].

- Piñeiro, Alba (2009): “O Arroás, unha escola diferente”, *A Nosa Terra*, 1.371, “Bule Bule”, 3-9 setembro, p. 26 [Anuncia a reedición da man da editorial Xerais do primeiro relato en galego de María Victoria Moreno, *Mar adiante*, que cualifica como unha das obras fundacionais da Literatura Infantil e Xuvenil galega].
- Portela, Marcos da (2000): “Tinta de lura”, *El Correo Gallego*, “Correo das Culturas”, 16, 3 marzo, p. 1 [Cítase *Guedellas de seda e liño*].
- Quintáns Suárez, M. (1987): “Un novo concepto de libro de texto”, *El Correo Gallego*, 31 maio.
- Ramil, Ana e Mar Mato (2017): “A estremeña María Victoria Moreno protagonizará as Letras Galegas do 2018”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 xuño, p. 44.
- Ramil, Ana (2017): “A estremeña María Victoria Moreno protagonizará as Letras Galegas do 2018”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura & ocio”, 18 xuño, p. 33.
- Redacción (1969): “Raul Torres, premio Café Gijón de novela corta”, *ABC*, “Vida Cultural”, 22 marzo, p. 57 [Recóllese o ditame do premio e cítase como finalista *Alcores de Donalvar*, de María Victoria Moreno].
- Redacción (1973): “[La] profesora Moreno Márquez, disertó sobre “Galicia vista y sentida por Federico García Lorca””, *Faro de Vigo*, “Pontevedra al día”, 23 xaneiro, p. 17 [Dáse conta da participación de María Victoria Moreno na segunda conferencia do ciclo sobre Nuestra Región. Recóllense palabras de Manuel Trigo Díaz, presidente do Patronato Rosalía de Castro, sobre a conferenciante, onde se afirma que é posiblemente a primeira vez que unha muller “ocupa unha cadeira nun lugar coma este nunha tarefa tan fermosa coma a de hoxe” e en galego. Afírmase que o acto foi todo un éxito pola calidade da relatora e pola temática escollida. Féchase o artigo enviando á autora “nuestra particular y expresiva enhorabuena”. Inclúe fotografía da autora].
- _____ (1973): “¿Estamos ante un Boom? Puede ser que empezándolo”, *La Región*, “Yo me enteré y se lo cuento a usted”, 22 abril [Destácase a boa acollida de *Mar adiante*].
- _____ (1974): *El Progreso*, 05-06 abril.
- _____ (1974): *El Correo Gallego*, 8 maio.
- _____ (1975): “María Victoria Moreno: A muller é a primeira desertora do galego”, *La Voz de Galicia*, 24 maio.

- _____ (1988): “Leonardo e os Fontaneiros, de María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, 14 xuño [Dáse conta da presentación de *Leonardo e os fontaneiros* no instituto Valle Inclán].
- _____ (1994): “Unha bela historia de amor ós rapaces”, *O Correo Galego*, 8 maio.
- Rivera (1973): “María Victoria Moreno presentó ayer su libro *Mar adelante*”, *El Ideal Gallego*, 8 abril [Dáse conta da presentación da obra].
- Rozas, Ramón (2015): “As pontes de Victoria”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 23 de novembro, p. 8 [Faise eco da figura de María Victoria Moreno, dez anos despois do seu pasamento, e ponse de manifesto tanto a súa faceta profesional como persoal].
- _____ (2018): “A literata e o arquitecto”/“Fotos dende o Lérez”, *El Progreso/ Diario de Pontevedra*, 10 xaneiro, p. 72 [Achégase á obra de María Victoria Moreno, pola súa homenaxe no Día das Letras Galegas].
- _____ (2018): “Cando as palabras asustan”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 marzo, p. 11 [Sobre a decisión de mudar o nome da rúa Fernández Ladreda (ministro franquista) pola da profesora e escritora María Victoria Moreno, indícase que é un motivo máis de honra para a cidade do Lérez].
- _____ (2018): “Dúas biografías e unha rúa”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 19 marzo, p. 9 [Indícase que o concello de Pontevedra aprobou un cambio no rueiro que substitúe o nome dun ministro franquista polo de María Victoria Moreno. Ademais, dáse conta da edición por parte do concello de Pontevedra dun novo libro adicado á autora, dentro do programa “Memoria das mulleres”, da man de Montse Fajardo. Tamén se achega un breve comentario de dúas biografías sobre M^a Victoria Moreno: *María Victoria Moreno: A muller que durmía pouco e soñaba moito*, de Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre, e *A voz insurrecta. M^a Victoria Moreno, entre a literatura e a vida*, de Montse Pena].
- S.R. (2000): “Pontevedra será perfecta cuando aquí manden mis alumnos”, *Faro de Vigo*, 29 de xaneiro.
- Sabarís, María (2003): “Plumas de ouro pechan a feira”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán”, 21 xullo, p. 49 [Dáse conta da XV Feira do Libro de Pontevedra, indícase que o acto foi presentado por dous homenaxeados: María Victoria Moreno e Xosé Vázquez Pintor].

- Silva, Araceli (2006): “Un adeus de poesía”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, 317, “Lecturas”, 10 setembro, p. 9 [Dáse conta da publicación de *Elexías de luz*. Indícase que a última parte era no que estaba a traballar a autora antes de falecer. Ademais das obras principais, coméntase que se incorporaron a este volume poemas soltos. Saliéntase o “Pregón da Feira do Libro de Pontevedra do 2003”, que foi ata entón o único pregón escrito en verso para este acontecemento e que a autora recitou nesa ocasión].
- Silva, R. e O. Ucha (2009): “Grandes versos e lectores cativos”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, “Novos hábitos”, 14 setembro, p. 60 [*E habrá tirón de orellas?* (1997)].
- Soage, Noelia (2015): “María Victoria Moreno protagonizará o segundo Día das Galegas nas Letras”, *Diario de Pontevedra*, “Cultural”, “Pontevedra”, 12 maio, p. 17.
- Suárez Abel, Miguel (2005): “María Victoria”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 25 novembro, p. 33 [Comézase explicando como foi para el a despedida a María Victoria Moreno á que acudiron numerosas persoas. A seguir, repásase como foron os últimos anos da escritora coa loita contra o cancro, mais co optimismo, a ilusión e a ledicia que ela tiña. Dáse conta da súa relación persoal coa autora. Finalmente, céntrase nos principais destinatarios da súa obra, os nenos e nenas].
- (2006): “Nenos e libros en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 10 febreiro, p. 35 [Menciónanse os traballos realizados polo colexio Vidal Portela dedicados á desaparecida María Victoria Moreno, así como os murais e as pinturas do alumnado doutros moitos colexios e institutos].
- Suárez, Martiño (2005): “A escritora Victoria Moreno morre tras anos de loita contra o cancro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 novembro, p. 46 [Dáse conta do pasamento de María Victoria Moreno aos sesenta e cinco anos de idade por mor dun cancro, experiencia que relatara en *Diario da luz e a sombra*. Lémbrese que, malia a súa procedencia estremeña, boa parte da súa produción foi publicada en lingua galega, decisión que tomou por influencia de Xesús Alonso Montero. Alúdese a algunhas consecuencias desta decisión, como a perda do seu pasaporte, pero tamén á recompensa co

premio O Facho en 1975. Saliéntase que unha das súas obras máis coñecida é *Anagnórise*, aínda que a autora manifestaba preferencia por *Leonardo e os fontaneiros*. Lémbrense outros títulos, entre eles o seu penúltimo libro, *Diario da luz e a sombra*, no que relatou a súa vivencia coa enfermidade. Remátase indicando o lugar e hora do funeral, así como a decisión de que a súa biblioteca, máis de cinco mil exemplares, vaia ao Instituto Torrente Ballester, no que traballaba].

T. (1974): “Os novísimos da poesía galega de María Victoria Moreno”, *La Voz de Galicia*, 16 xuño, p. 63 [Dáse conta da publicación do ensaio].

Tarrío Varela, Anxo (1999): “As burbullas da vida”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 3 maio, p. 3 [Coméntase que M^a Victoria Moreno participou no acto de presentación, na Galería Sargadelos de Santiago, da colección O Elefante Contacontos, de Ir Indo Edicións].

Valcárcel, Marcos (2004): “Unha lectura presentista de Blanco Amor”, *Galicia Hoxe*, ‘Andoliña’, 4 decembro p. 64 [Coméntase o argumento e a temática de *Xente ao lonxe* (1973) de Eduardo Blanco Amor e indícase que, como sinalan Xesús Rábade, María Victoria Moreno e Alonso Montero, pode realizarse unha lectura da novela interpretándoa como unha aposta dende o presente a favor das loitas labregas e proletarias].

——— (2005): “María Victoria Moreno/Pan por pan”, *Galicia Hoxe/La Región*, “Andoliña/Cultura”, 24 novembro, p. 48/67 [Dáse conta do pasamento de María Victoria Moreno e trae á memoria o éxito de *Anagnórise* nos institutos galegos e a súa participación, xunto con Xesús Rábade, nun dos primeiros manuais de *Literatura. Século XX*. Saliéntase a súa implicación e entrega á causa de Galicia malia a súa orixe estremeña e a afouteza que demostrou nunha das súas últimas obras, *Diario da luz e a sombra* (2004), onde reflexiona sobre a súa loita contra a enfermidade. Remátase evocando as palabras da propia autora nas que se refire ao seu afán de pervivencia mentres existan os que a amaron].

——— (2005): “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 27 novembro, p. 75 [Lémbrese o falecemento de María Victoria Moreno e céntrase na figura do tamén falecido poeta cordobés Leopoldo de Luís].

- _____ (2008): “1997: Caneiro, Fernández Paz, Borrazás”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, 699, “Cen anos de historia cultural”, 9 marzo, p. 16 [Dáse conta da reedición de *Anagnórise*, de María Victoria Moreno].
- Varela, María (2017): “O ano que dixemos ‘Basta’!”, *El Progreso*, “A lume maino”, 26 decembro, p.56 [Cítase María Victoria Moreno e coméntase que será homenaxeada no próximo Día das Letras Galegas].
- Vázquez, C. (1986): “La boira”, *Avui*, “Avui del jovent”, 19 xaneiro.
- Vázquez, Dora (2000): “Literatura no comezo do ano 2000”, *O Correo Galego/La Región*, “De paso”, 18 febreiro/9 marzo, p. 3/p. 23 [Cítanse obras de María Victoria Moreno].
- Vázquez, Karmele (2017): “A elección de Victoria Moreno para o 17-M foi tréning topic”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 xuño, p. 35.
- Vázquez, Mónica (2001): “Neira Cruz recibe de nuevo el premio Barco de Vapor”, *La Opinión*, “Cultura”, 12 xaneiro, p. 52 [Coméntase que M^a Victoria Moreno, como presidenta do xurado, o definiu como un ser con “mirada de muller”].
- Vila, Sara (2017): “Por enriba de todo, María Victoria Moreno era mestra”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra Ciudad”, 30 abril, p. 7 [Dáse conta dun coloquio organizado na UVigo con amigas da homenaxeada nas Letras Galegas, Xosé Antonio Perozo, Fina Casalderrey e Manuel Uhía. Indícase que durante as palestras realizaron un perfil da autora homenaxeada].
- _____ (2017): “Un ano para María Victoria Moreno”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 30 decembro, p. 7 [Dáse conta da reunión dos membros da RAG (Víctor Freixanes, Marilar Aleixandre e Henrique Monteagudo) co alcalde de Pontevedra (Miguel Anxo Fernández Lores). Indícase que a obra da mestra e escritora será a protagonista de 2018 cun papel destacado no Salón do Libro e máis actividades].
- Vilaseca, A. (1973): “A propósito”, *Radio Popular de Lugo*, abril.
- Vilaseca, R. (1973): “Una extremeña que habla y escribe en gallego”, *La Voz de Galicia*, 11 abril.
- Villar Janeiro, Helena (2017): “María Victoria Moreno”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 23 xuño, p. 2 [Sobre María Victoria Moreno e a súa elección como homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018].

- Volta, Curro (1996): “Presentación del libro de poemas *Ninguén de ningures*”, *Diario de Pontevedra*, 29 marzo, p. 10 [Dá conta da presentación do libro de poemas *Ninguén de ningures* (1995), acto que contou coa presenza da catedrática M^a Victoria Moreno, quen ofreceu unha charla sobre a poesía].
- X.C. (2005): “Falece María Victoria Moreno, a escritora que enfrontou a morte”, *A Nosa Terra*, 1199, ‘Cultura’, 24 novembro, p. 30 [Dáse conta da morte da escritora María Victoria Moreno, “A amante do silencio”, como a cualificaron na despedida os membros de GALIX. Saliéntase que nun traballo da autora en *A Nosa Terra* facía gala da súa felicidade como docente e a paixón que lle suscitaba traballar coa mocidade, á que consideraba o eixe do mundo e impulsora inevitable do seu cambio. Coméntase que, xa doente, tentou volver ao ensino, pero que o deixou pouco tempo despois ao sentirse sen forzas. Dáse a seguir unha pequena biografía, destacando a súa chegada a Galicia aos vinte e dous anos e a súa vinculación con esta terra, que comezou en Lugo e dende aquela ao observar como se distribuía socialmente a lingua decidiu aprender o idioma. Faise un percorrido por parte da súa obra dende *Mar adiante*, que establece para sempre o seu compromiso co galego, pasando por outros que fan que sexa especialmente querida pola xuventude, polo seu valor estético e sensibilidade. Remátase o traballo falando do libro escrito durante a súa enfermidade, *Diario da luz e a sombra*, onde mostra a súa visión ante a morte como algo inevitable].
- X.M.P. (2001): “Cen mil escolares participarán na campaña de fomento da lectura impulsada pola Xunta”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 marzo, p. 30 [Dáse conta da presentación da campaña de animación á lectura impulsada pola Xunta de Galicia baixo o lema “Os libros contan moito”; indícase que está deseñada por Manuel Uhía con textos de María Victoria Moreno].



María Victoria Moreno

Homenaxe

Palabra fértil no Tempo

acabouse de imprimir en Santiago de Compostela
o día 1 de maio do 2018

(septuaxésimo noveno aniversario do nacemento da autora)
no obradoiro de Grafisant



galicia

ISBN: 978-84-453-5294-6



XUNTA
DE GALICIA